Consello de Contas de Galicia

# INFORME DE FISCALIZACIÓN DE
# AXUDAS A
# FEDERACIÓNS E CLUBS DEPORTIVOS
# EXERCICIOS 2002 - 2005

# ÍNDICE

**I. INTRODUCIÓN ..... 1**

I.1. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN ..... 1

*I.1.1. Ámbito obxectivo ..... 1*

*I.1.2. Ámbito subxectivo ..... 5*

*I.1.3. Ámbito temporal ..... 7*

I.2. OBXECTIVOS ..... 8

I.3. MARCO XURÍDICO ..... 8

I.4. LIMITACIÓNS ..... 10

I.5. TRÁMITE DE ALEGACIÓNS ..... 12

**II. ORDES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS A FEDERACIÓNS E CLUBS DEPORTIVOS ..... 13**

II.1. INCIDENCIAS DETECTADAS NO CONTIDO E A TRAMITACIÓN DAS ORDES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS ..... 16

II.2. INCIDENCIAS DETECTADAS NA EXECUCIÓN DAS ORDES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS ..... 23

**III. CONTROL INTERNO SOBRE AS AXUDAS CONCEDIDAS A FEDERACIÓNS E CLUBS ..... 25**

III.1. ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA ..... 25

III.2. CONTROL REALIZADO POLA INTERVENCIÓN DA COMUNIDADE ..... 26

III.3. PLAN DE AUDITORÍAS ..... 27

**IV. FISCALIZACIÓN DAS AXUDAS OUTORGADAS POLA ADMINISTRACIÓN ÁS FEDERACIÓNS E AOS CLUBS DEPORTIVOS A TRAVÉS DESTAS ENTIDADES COLABORADORAS ..... 30**

IV.1. MOSTRA SELECCIONADA E CRITERIOS EMPREGADOS NA FISCALIZACIÓN ..... 30

IV.2. REQUIRIMENTOS DE DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA EFECTUADOS A TRAVÉS DA DXD. ..... 37

*IV.2.1. Solicitude de facturas e documentos orixinais correspondentes ás axudas outorgadas ás Federacións nos exercicios 2002 e 2003 ..... 37*

*IV.2.2. Solicitude dos xustificantes do gasto efectuado polos clubs en aplicación das axudas percibidas no exercicio 2005 da DXD. Xustificación do pagamento correspondente a axudas de custo e liquidacións de carácter individual sufragadas polas Federacións no exercicio 2005. ..... 38*

IV.2.2.A. Xustificación do gasto efectuado polos clubes con cargo ás axudas do 2005. ..... 38

IV.2.2.B. Xustificación do pagamento de dietas a perceptores individuais. ..... 53

*IV.2.3. Solicitude de xustificación dos pagamentos efectuados a clubs polas federacións no exercicio 2005. Xustificación de gastos e pagamentos das axudas outorgadas aos clubs nos exercicios 2002 e 2003. ..... 55*

IV.2.3.A Pagamentos das axudas a clubs no 2005 ..... 55

IV.2.3.B Pagamentos das axudas a federacións e clubs no 2002 e 2003. ..... 59

IV.2.3.C. Documentación xustificativa da aplicación polos clubs da axuda obtida en 2002 e 2003. ..... 61

IV.3. INCIDENCIAS DETECTADAS NA FISCALIZACIÓN DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS .................... 70
*IV.3.1. FG de Aeronáutica ........................................................................................................ 71*
*IV.3.2 FG de Atletismo ............................................................................................................. 84*
*IV.3.3 FG de Automobilismo .................................................................................................... 100*
*IV.3.4 FG de Boxeo ................................................................................................................. 116*
*IV.5.5 FG de Ciclismo .............................................................................................................. 121*
*IV.3.6 FG de Fútbol .................................................................................................................. 122*
*IV.3.7 FG de Hóckey ................................................................................................................ 125*
*IV.3.8 FG de Patinaxe .............................................................................................................. 133*
*IV.3.9 FG de Rugby .................................................................................................................. 134*
*IV.3.10 FG de Tenis de Mesa ................................................................................................... 144*

**V. RESULTADO DA FISCALIZACIÓN DE AXUDAS OUTORGADAS DIRECTAMENTE A CLUBS DEPORTIVOS E SOCIEDADES ANÓNIMAS DEPORTIVAS (SAD) ............................................ 154**
V.1. INCIDENCIAS DETECTADAS NO CONTIDO E A TRAMITACIÓN DA ORDE REGULADORA DO 29 DE ABRIL DE 2005 ........................................................................................................ 155
V.2. INCIDENCIAS DETECTADAS NA EXECUCIÓN DA ANTERIOR ORDE REGULADORA .................... 159
V.3. INCIDENCIAS DETECTADAS NA FISCALIZACIÓN DAS AXUDAS OUTORGADAS AOS CLUBS ...... 162
V.4 INCIDENCIAS DETECTADAS NA FISCALIZACIÓN DAS AXUDAS OUTORGADAS ÁS SOCIEDADES ANÓNIMAS DEPORTIVAS. ............................................................................................ 184

**VI. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS ................................................................ 195**
VI.1. CONCLUSIÓNS ............................................................................................................ 195
VI.2. RECOMENDACIÓNS ...................................................................................................... 209

**ANEXOS ................................................................................................................... 211**

**ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE ........................ 223**

**RÉPLICAS ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE .. 255**

# ÍNDICE DE ANEXOS

ANEXO I – AXUDAS OUTORGADAS ÁS FEDERACIÓNS - EXERCICIO 2002 .............................. 213
ANEXO II – AXUDAS OUTORGADAS ÁS FEDERACIÓNS - EXERCICIO 2003 ............................ 215
ANEXO III – AXUDAS OUTORGADAS ÁS FEDERACIÓNS - EXERCICIO 2004 ........................... 216
ANEXO IV – AXUDAS OUTORGADAS ÁS FEDERACIÓNS - EXERCICIO 2005 ........................... 219
ANEXO V – AXUDAS A CLUBS DE FÚTBOL E S.A.D. EXERCICIO 2005................................... 221

# SIGLAS

| | |
|---|---|
| **AD** | Agrupación Deportiva |
| **CA** | Comunidade Autónoma |
| **DXD** | Dirección Xeral para o Deporte |
| **FD** | Federación Deportiva |
| **FG** | Federación Galega |
| **IRPF** | Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas |
| **LXS** | Lei Xeral de Subvencións |
| **NRP** | Número de Relación de Perceptores |
| **SAD** | Sociedade Anónima Deportiva |
| **SXD** | Secretaría Xeral para o Deporte |

# I. INTRODUCIÓN

A teor da iniciativa contida no Acordo do 5 de decembro de 2006 da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, procedeuse á fiscalización dunha mostra representativa das axudas concedidas ás federacións deportivas e aos clubs profesionais por parte da Xunta de Galicia.

Este informe estrutúrase en 6 epígrafes:

- Introdución, na que se recolle o ámbito subxectivo, obxectivo e temporal da fiscalización, os obxectivos, o marco xurídico e as limitacións do traballo desenvolvido.

- Resultados da fiscalización das ordes reguladoras das subvencións outorgadas pola Administración deportiva ás federacións, onde se recollen as incidencias detectadas no contido, na tramitación e na execución das mencionadas ordes.

- Control interno sobre as axudas a federacións e clubs, onde se detalla a actividade de control desenvolvida pola Intervención da Comunidade Autónoma así como o plan de auditorías efectuado pola Administración deportiva.

- Resultados da fiscalización das axudas outorgadas ás federacións deportivas e aos clubs, por medio das anteriores.

- Resultados da fiscalización das axudas outorgadas directamente pola Administración deportiva aos clubs e sociedades anónimas deportivas.

- Conclusións e recomendacións, onde se incorporan os resultados fundamentais dos traballos desenvolvidos, e cuxo teor se formulan recomendacións e propostas de mellora.

## I.1. Ámbitos de actuación

### I.1.1. Ámbito obxectivo

O artigo 27.22 do Estatuto de Autonomía de Galicia reserva a competencia exclusiva de promoción do deporte á Comunidade Autónoma de Galicia, co alcance e atribucións que se establece nos artigos 9 a 11 da Lei 11/1997, do Deporte, a cuxo teor corresponde á Administración deportiva de Galicia a formulación dos programas de carácter xeral así como a coordinación e cooperación coa Administración do Estado e as Corporacións Locais en materia deportiva. O exercicio das devanditas competencias debe servir á consecución do libre acceso de todo cidadán, en igualdade de condicións e oportunidades, ao coñecemento e a práctica deportiva.

A maior abundamento, o artigo 11.1.c) da anterior disposición atribúe á Administración autonómica a competencia de *concesión das subvencións económicas que procedan sen prexuízo das que establezan outras administracións públicas, ás federacións e demais asociacións deportivas, garantindo a través das oportunas inspeccións que a súa actuación se axuste aos fins previstos na presente Lei e controlando e avaliando a execución dos programas subvencionados.*

As axudas sometidas a fiscalización intégranse entre as concedidas con cargo ao programa orzamentario de gasto 355A *Fomento da actividade deportiva*. No seguinte cadro recóllese a execución orzamentaria e as porcentaxes que representan os distintos capítulos de gasto do programa citado ao longo dos exercicios 2002 a 2005:

**Programa 355 A**

| Exercicio | Capítulo | Crédito Inicial | Modificacións | Crédito Definitivo | Obrigas recoñecidas | Porcentaxe (%) sobre total ob.recoñec |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2002 | I. Gastos persoal | 4.873.044,00 | 27.808,86 | 4.900.852,86 | 4.900.851,88 | 18 |
| | II. Gastos bens ctes. e servizos | 2.254.992,00 | 73.875,98 | 2.328.867,98 | 2.321.313,78 | 9 |
| | III. Gastos financeiros | 0,00 | 130.000,00 | 130.000,00 | 130.000,00 | |
| | IV. Transferencias correntes | 6.466.891,00 | 2.843.157,48 | 9.310.048,48 | 9.073.207,08 | 34 |
| | 460 | 168.284,00 | 24.040,48 | 192.324,48 | 176.395,48 | 1 |
| | 461 | 0,00 | 24.040,00 | 24.040,00 | 0,00 | |
| | 480 | 6.298.607,00 | 2.795.077,00 | 9.093.684,00 | 8.896.811,60 | 33 |
| | VI. Investimentos Reais | 10.010.856,00 | 1.211.115,02 | 11.221.971,02 | 10.185.173,57 | 38 |
| | VII.Transferencias capital | 328.794,00 | 108.990,54 | 437.784,54 | 355.839,54 | 1 |
| | 760 | 0,00 | 27.045,54 | 27.045,54 | 27.045,54 | |
| | 761 | 0 ,00 | 81.945,00 | 81.945,00 | 0,00 | |
| | 780 | 328.794,00 | 0,00 | 328.794,00 | 328.794,00 | 1 |
| **TOTAL 2002** | | **23.934.577,00** | **4.394.947,88** | **28.329.524,88** | **26.966.385,85** | **100** |
| 2003 | I. Gastos persoal | 5.061.224,00 | -147.040,35 | 4.914.183,65 | 4.859.263,19 | 19 |
| | II. Gastos bens. ctes e servizos | 2.454.992,00 | -135.254,53 | 2.319.737,47 | 2.310.887,76 | 9 |
| | III. Gastos financeiros | 0,00 | 45.697,52 | 45.697,52 | 45.691,93 | |
| | IV. Transferencias correntes | 6.616.891,00 | 1.196.013,00 | 7.812.904,00 | 7.798.904,00 | 30 |
| | 460 | 0,00 | 15.929,00 | 15.929,00 | 15.929,00 | |
| | 461 | 0,00 | 24.040,00 | 24.040,00 | 24.040,00 | |
| | 480 | 6.616.891,00 | 1.156.044,00 | 7.772.935,00 | 7.758.935,00 | 30 |
| | VI. Investimentos Reais | 9.591.043,00 | 712.887,12 | 10.303.930,12 | 9.800.496,41 | 38 |
| | VII.Transferencias capital | 1.041.000,00 | 81.944,88 | 1.122.944,88 | 1.122.944,88 | 4 |
| | 760 | 466.000,00 | -0,12 | 465.999,88 | 465.999,88 | 2 |
| | 761 | 0,00 | 81.945,00 | 81.945,00 | 81.945,00 | |
| | 780 | 275.000,00 | 0,00 | 275.000,00 | 275.000,00 | 1 |
| | 781 | 300.000,00 | 0,00 | 300.000,00 | 300.000,00 | 1 |
| **TOTAL 2003** | | **24.765.150,00** | **1.754.247,64** | **26.519.397,64** | **25.938.188,17** | **100** |

**Programa 355 A**

| Exercicio | Capítulo | Crédito Inicial | Modificacións | Crédito Definitivo | Obrigas recoñecidas | Porcentaxe (%) sobre total ob.recoñec |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2004 | I. Gastos persoal | 5.087.657,00 | -2.361.333,67 | 2.726.323,33 | 2.670.440,62 | 9 |
| | II. Gastos bens ctes. e servizos | 2.554.992,00 | -13.352,44 | 2.541.639,56 | 2.541.552,89 | 9 |
| | IV. Transferencias correntes | 8.116.891,00 | 4.285.193,25 | 12.402.084,25 | 12.401.554,25 | 42 |
| | 440 | 0,00 | 2.764.953,25 | 2.764.953,25 | 2.764.953,25 | 9 |
| | 461 | 0,00 | 24.040,00 | 24.040,00 | 24.040,00 | |
| | 470 | 0,00 | 401.000,00 | 401.000,00 | 401.000,00 | 1 |
| | 480 | 8.116.891,00 | -401.000,00 | 7.715.891,00 | 7.715.361,00 | 26 |
| | 481 | 0,00 | 1.496.200,00 | 1.496.200,00 | 1.496.200,00 | 5 |
| | VI. Investimentos Reais | 10.269.042,00 | 117.641,62 | 10.386.683,62 | 9.959.398,72 | 34 |
| | VII.Transferencias capital | 1.830.000,00 | 58.300,00 | 1.888.300,00 | 1.837.962,64 | 6 |
| | 760 | 1.000.000,00 | 0,00 | 1.000.000,00 | 961.676,93 | 3 |
| | 761 | 0,00 | 54.500,00 | 54.500,00 | 54.500,00 | |
| | 780 | 830.000,00 | 0,00 | 830.000,00 | 817.985,71 | 3 |
| | 781 | 0,00 | 3.800,00 | 3.800,00 | 3.800,00 | |
| **TOTAL 2004** | | **27.858.582,00** | **2.086.448,76** | **29.945.030,76** | **29.410.909,12** | **100** |
| 2005 | I. Gastos persoal | 2.802.755,00 | -68.262,95 | 2.734.492,05 | 2.734.492,05 | 9 |
| | II. Gastos bens. ctes e servizos | 2.523.074,00 | 57.603,80 | 2.580.677,80 | 2.516.926,44 | 8 |
| | III. Gastos financeiros | 0,00 | 10.730,00 | 10.730,00 | 0,00 | |
| | IV. Transferencias correntes | 11.450.290,00 | 1.493.870,81 | 12.944.160,81 | 12.929.160,81 | 41 |
| | 430 | 0,00 | 140.000,00 | 140.000,00 | 140.000,00 | |
| | 440 | 2.833.399,00 | 0,00 | 2.833.399,00 | 2.833.399,00 | 9 |
| | 461 | 0,00 | 15.000,00 | 15.000,00 | 0,00 | |
| | 470 | 0,00 | 245.000,00 | 245.000,00 | 245.000,00 | 1 |
| | 480 | 8.616.891,00 | -406.129,19 | 8.210.761,81 | 8.210.761,81 | 26 |
| | 481 | 0,00 | 1.500.000,00 | 1.500.000,00 | 1.500.000,00 | 5 |
| | VI. Investimentos Reais | 11.851.233,00 | -811.605,62 | 11.039.627,38 | 10.520.078,30 | 34 |
| | VII.Transferencias capital | 2.330.000,00 | 357.500,00 | 2.687.500,00 | 2.529.530,98 | 8 |
| | 760 | 1.420.000,00 | 488.000,00 | 1.908.000,00 | 1.808.821,13 | 6 |
| | 761 | 0,00 | 50.000,00 | 50.000,00 | 0,00 | |
| | 780 | 910.000,00 | -180.500,00 | 729.500,00 | 720.709,85 | 2 |
| **TOTAL 2005** | | **30.957.352,00** | **1.039.836,04** | **31.997.188,04** | **31.230.188,58** | **100** |

As subvencións outorgadas ás federacións e clubs deportivos revisten unha dobre natureza:

**a) subvencións correntes**, con destino á organización da actividade e ao gasto de competicións deportivas, que se imputan aos conceptos orzamentarios 470 (sociedades anónimas deportivas) e 480 (federacións e clubs). Sobre estas axudas, que representan unha porcentaxe que oscila entre o 27 e o 33% do total das obrigas recoñecidas con cargo ao programa 355A nos exercicios 2002 a 2005, efectuouse a fiscalización do Consello de Contas.

b) **subvencións de capital**, con destino á construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas náuticas ao longo dos exercicios 2002 a 2004 e instalacións das restantes modalidades deportivas en 2005, que se imputaron ao concepto orzamentario 780. A iso engádese, no exercicio 2003, o recoñecemento de obrigas por importe de 300.000 euros con cargo ao concepto 781, relativa á achega necesaria para o convenio de cooperación subscrito coa FG de Golf. En atención á súa escasa importancia en termos cuantitativos -representan unha porcentaxe que oscila entre o 1 e o 3% do total das obrigas recoñecidas con cargo ao programa e os exercicios citados- non foron obxecto de revisión.

As restantes axudas outorgadas con cargo aos capítulos IV e VII nos exercicios 2002 a 2005 destináronse ás corporacións locais (conceptos 460 e 760), centros de tecnificación deportiva (conceptos 461 e 761) así como á dotación económica dos convenios celebrados coa Fundación Deporte Galego e Fundación Semana Verde (conceptos 481 e 430). Estas axudas, así como as transferencias efectuadas á Universidade de A Coruña con motivo do traspaso do INEF (concepto 440), atópanse fóra do ámbito obxectivo de fiscalización.

Conforme á execución do programa orzamentario 355A, toda vez que non se certificou pola Administración deportiva unha relación detallada da totalidade das subvencións outorgadas nos exercicios 2002 a 2005, procedeuse á revisión das axudas imputadas ao concepto orzamentario 480, do que as contías totais nos exercicios citados eran as seguintes:

| Exercicio | Partida de gasto | Obrigas recoñecidas (euros) |
|---|---|---|
| 2002 | (480) Transferencias correntes a entidades, federacións e técnicos deportivos | 8.896.811,60 |
| 2003 | (480) Transferencias correntes a entidades, federacións e técnicos deportivos | 7.758.935,00 |
| 2004 | (480) Transferencias correntes a entidades, federacións e técnicos deportivos | 7.715.361,00 |
| 2005 | (480) Transferencias correntes a entidades, federacións e técnicos deportivos | 8.210.761,81 |
| **TOTAL** | | **32.581.869,41** |

Así mesmo, a resposta recibida ás circularizacións efectuadas aos distintos departamentos autonómicos evidenciou a existencia de axudas adicionais ás mencionadas, outorgadas con cargo a outros programas orzamentarios e instrumentadas, maioritariamente, por medio de convenios de colaboración. A excepción das Federacións de Caza e Pesca, para as que as axudas así percibidas representaban importes moi superiores aos outorgados en convocatoria pública, as contías individual e conxuntamente consideradas non eran significativas. Non suxeitándose a revisión, reflíctense, xunto ás percibidas polas federacións deportivas ao amparo das Ordes de

convocatoria fiscalizadas, nos cadros que integran os **Anexos I** a **IV.**

Por último, debe precisarse que a actividade subvencional da ***Fundación Deporte Galego*** nos exercicios 2004 e 2005, que se efectuou con carácter complementario á desenvolvida pola DXD, foi obxecto de informe de fiscalización por este órgano de control externo, que se elevou ao Parlamento xunto á Memoria anual correspondente ao exercicio 2006.

### I.1.2. Ámbito subxectivo

Son suxeitos implicados na actividade fiscalizada, sen prexuízo da intervención das corporacións locais e provinciais, a Administración autonómica, as federacións e os clubs deportivos, o que fai preciso unha previa caracterización dos seus respectivos ámbitos de actuación:

#### Administración autonómica

As axudas sometidas a fiscalización no presente informe son as outorgadas pola Administración deportiva, definida no artigo 9 da Lei 11/1997 como *os órganos da Comunidade Autónoma de Galicia competentes en materia de deporte*. Ao longo dos exercicios revisados, as competencias residían nos centros directivos que se reflicten a continuación:

| ANO | ÓRGANO XESTOR | ADSCRICIÓN ORGÁNICA |
|---|---|---|
| 2002 | SXD | Consellería de Presidencia, Relacións institucionais e Admón. Pública |
| 2003 | SXD | Consellería de Presidencia, Relacións institucionais e Admón. Pública |
| 2004 | DXD | Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado |
| 2005<br>(Con anterioridade ao Decreto 232/2005) | DXD | Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado |
| 2005<br>(A partir do Decreto 232/2005) | DXD | Consellería de Cultura e Deporte |

Á Administración autonómica corresponde dispoñer os sistemas de axudas económicas ás asociacións deportivas, establecendo os mecanismos de control precisos para a efectiva aplicación daquelas ao fin para o que foron concedidas. Ostenta así mesmo as funcións de tutela sobre as asociacións deportivas galegas, que alcanzan, aos efectos de garantir o cumprimento das funcións que a Lei 11/1997 lles encomenda:

- Á inspección dos seus libros e documentos nos supostos regulamentarios.

- Á convocatoria dos seus órganos colexiados cando estes non fosen estatutariamente convocados polos órganos de goberno.

- Á convocatoria de eleccións para a constitución dos seus órganos de goberno, cando ao termo do seu mandato non fosen oportunamente convocadas.

- Á suspensión e anulación dos acordos adoptados polos órganos de goberno que sexan contrarios á legalidade.

- Á suspensión motivada, preventiva e provisional, do presidente ou membros de órganos federativos cando se incoe contra eles expediente disciplinario por presuntas infraccións moi graves nos termos da Lei 11/1997 ou estean incursos en procedemento penal que leve consigo privación de liberdade.

- Á asunción das funcións dunha FD, nos casos de notoria inactividade ou abandono de funcións por parte dos seus órganos.

## Federacións deportivas

O artigo 17 da lei 11/1997 clasifica as asociacións deportivas, entidades beneficiarias das axudas, en *clubs deportivos, agrupacións deportivas escolares, federacións deportivas galegas e, se é o caso, sociedades anónimas deportivas, ligas profesionais e entidades de fomento deportivo*. Áchanse suxeitas ao réxime de presuposto e patrimonio propios e á obriga de levar unha contabilidade susceptible de xustificar a exactitude dos resultados das súas operacións económicas. Deben someter anualmente os seus estados económicos a auditoría cando a Administración autonómica o dispoña, e precisan da autorización desta última para a aprobación de presupostos deficitarios.

As federacións deportivas galegas son entidades asociativas privadas sen ánimo de lucro, dotadas de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar así como de patrimonio propio e independente dos seus asociados. No rexistro da DXD documéntase a constitución de 58 federacións deportivas. Ademais das súas propias atribucións, exercen por delegación funcións públicas de carácter administrativo, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración autonómica e local. Son así mesmo entidades de utilidade pública, o que leva consigo o recoñecemento dos beneficios que o ordenamento xurídico outorga con carácter xeral a tales entidades, que se refiren esencialmente ao desfrute de beneficios fiscais, á prioridade na obtención de recursos nos programas públicos de promoción do deporte, o acceso preferente ao crédito oficial.

Entre as competencias exclusivas que lle outorga o artigo 32 da Lei 11/1997, debe sinalarse que con carácter adicional ás estritamente deportivas (organización das competicións oficiais, a

autorización das non oficiais, a preparación dos deportistas de alto nivel, a formación de técnicos deportivos, a designación dos compoñentes das seleccións e o control disciplinario das competicións) se engade a de *exercer o control das subvencións oficiais que se asignen aos clubs deportivos que dependan destas*.

As federacións españolas deberán ser representadas polas federacións deportivas galegas no ámbito territorial da CA de Galicia ao obxecto de obter o recoñecemento, apoio e protección das autoridades e organismos públicos de Galicia. Á súa vez, estas últimas deberán formar parte das federacións deportivas españolas correspondentes á súa actividade aos efectos da súa participación en actividades e competicións deportivas de ámbito estatal ou internacional.

### Clubs deportivos e ligas profesionais

Os clubs deportivos son asociacións privadas con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integradas por persoas físicas cuxo obxecto exclusivo ou principal é a práctica dunha ou varias modalidades deportivas así como a participación en actividades e competicións oficiais, para as que a lei lles esixe a súa afiliación ás federacións correspondentes.

Os clubs deportivos dunha mesma modalidade poderán constituír ligas profesionais integradas exclusiva e obrigatoriamente pola totalidade dos clubs participantes, quen en cuxo caso deberán adoptar a forma xurídica de SAD. As ligas profesionais terán personalidade xurídica propia e poderán celebrar convenios coa FD correspondente.

## I.1.3. Ámbito temporal

A fiscalización refírese aos anos 2002, 2003, 2004 e 2005. Non obstante, cando os obxectivos establecidos o requiriron, estendeuse aos feitos acontecidos con posterioridade que tivesen causalidade ou relación cos fiscalizados. En particular cítanse os seguintes:

- A revisión dos actos e documentos de recoñecemento e pagamento de obrigas correspondentes a subvencións tramitadas no exercicio 2005 e que se produciron no exercicio posterior.

- A revisión dos informes de auditoría externa ordenados pola DXD referidos aos exercicios fiscalizados cuxa execución se concertou en exercicios posteriores a estes.

## I.2. Obxectivos

Os obxectivos pretendidos na fiscalización foron os seguintes:

1) Con respecto ao órgano xestor, a Administración deportiva, verificar o cumprimento da legalidade na elaboración das Ordes reguladoras da concesión de subvencións, así como na tramitación, adxudicación e control das axudas. Valorar o exercicio das atribucións de tutela sobre as federacións deportivas.

2) Con respecto ás entidades colaboradoras, as federacións deportivas, verificar o cumprimento das súas obrigas cando actúan na xestión das subvencións outorgadas pola Administración aos clubs deportivos.

3) Con respecto ás entidades beneficiarias, federacións e clubs deportivos, verificar o cumprimento da legalidade en relación coa aplicación e xustificación dos fondos recibidos, propoñendo, se é o caso, a realización de actuacións correctoras.

## I.3. Marco Xurídico

O marco xeral normativo aplicable está integrado polas seguintes disposicións:

• Constitución Española, do 27 de decembro de 1978.

• Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, que aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia.

• Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

• Lei 30/1992, de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

• Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia.

• Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

• Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

• Lei 40/1998, do 9 de decembro, do IRPF e outras Normas Tributarias.

• Real Decreto Lexislativo 3/2004, do 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei do IRPF.

• Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

• Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.

• Lei 11/1997, do 22 de agosto, regula o Deporte.

• Lei 30/1994, do 24 de novembro, de Fundacións e incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral.

• Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

• Real Decreto 1835/1991, do 20 de decembro, de desenvolvemento regulamentario dos capítulos III e IV do Título III da Lei 10/1990, do Deporte.

• Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro, regula o deber de expedir e entregar facturas de empresarios e profesionais.

• Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro, aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación, e modifícase o Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido.

• Lei 2/2002, do 29 de abril, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2002.

• Lei 6/2002, do 27 de decembro, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2003.

• Lei 8/2003, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004.

• Lei 13/2004, do 29 de decembro, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

• Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

• Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

• Decreto 287/2000, de 21 de novembro polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

• Decreto 228/1994, do 14 de xullo, regula as Federacións Deportivas.

• Orde do 28 de xullo de 1995, da Consellería de Presidencia e Administración Pública, que desenvolve o Decreto 14 de xullo de 1994, regulándose as Federacións Deportivas.

• Regulamento de Réxime interior do Consello de Contas de Galicia, do 17 de xullo de 1992.

A continuación concrétase a normativa reguladora da concesión de axudas ás federacións e clubs deportivos galegos obxecto de fiscalización:

• Orde do 12 de marzo de 2002, da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, reguladora do réxime de concesión de subvencións ás federacións deportivas galegas e agrupacións deportivas escolares comarcais ou de zona para o ano 2002.

• Orde de 30 de decembro de 2002, da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, pola que se regula o réxime de concesión de subvencións ás federacións deportivas galegas, clubs deportivos galegos de categoría nacional e agrupacións deportivas escolares comarcais ou de zona para o ano 2003.

• Orde do 31 de decembro de 2003, da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, pola que se regula o réxime de concesión de subvencións ás federacións deportivas galegas para 2004.

• Orde do 30 de novembro de 2004, da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, pola que se convoca e regula o réxime de concesión de subvencións ás federacións deportivas galegas para o ano 2005.

• Orde do 29 de abril de 2005, pola que se regula a concesión de subvencións a clubs deportivos galegos que participen en campionatos oficiais de liga en ámbito que exceda á CA de Galicia, clubs de fútbol galegos con equipo en terceira división nacional, agrupacións deportivas galegas coorganizadoras da campaña do deporte en idade escolar e sociedades anónimas deportivas legalmente constituídas.

## I.4. Limitacións

Os traballos de fiscalización víronse condicionados polas seguintes limitacións, coas consecuencias que se indican:

1. Pese o seu requirimento formal, a DXD non achegou a certificación da totalidade de axudas outorgadas ás federacións e clubs deportivos nos exercicios 2002 a 2005, que debía incluír unha relación das ordes de convocatoria publicadas, aplicacións orzamentarias afectadas, e contías totais outorgadas. Tampouco achegou a certificación dos convenios de colaboración subscritos pola Administración deportiva con descrición do obxecto, contías outorgadas e entidades que os subscribían.

2. Non se obtivo resposta á maior parte dos requirimentos de documentación xustificativa das axudas efectuados ás federacións e clubs deportivos a través da DXD. A colaboración deste centro directivo non revestiu un carácter dilixente nin adecuado ao particular dos fins perseguidos coa solicitude de información efectuada polo equipo fiscalizador o 28 de decembro de 2007. No exame de cada unha das axudas fiscalizadas concrétanse as insuficiencias padecidas nas xustificacións solicitadas, coas consecuencias que en cada caso se indican.

3. As carencias e insuficiencias da regulación contida nas ordes de convocatoria das axudas. Nos exercicios 2002 e 2003 as subvencións facíanse efectivas ás federacións e clubs sen soporte xustificativo adicional á mera remisión de relacións certificadas do gasto executado. Non se esixía, pois, a achega de facturas e xustificantes orixinais por parte das asociacións deportivas nin tampouco a xustificación dos pagamentos. Pese requirir por medio da DXD a presentación dos devanditos xustificantes, non se obtivo xustificación ningunha de 6 federacións deportivas.

Se ben nos exercicios 2004 e 2005 as ordes reguladoras das subvencións esixían a achega de xustificantes orixinais, non se requiría a acreditación material do pagamento dos gastos realizados. Isto supuxo unha limitación á hora de cualificar como xustificación suficiente as facturas expedidas conforme aos requisitos regulamentarios, por canto non se acompañaban nin da acreditación formal do seu pagamento con anterioridade ao termo do período de xustificación das axudas nin da evidencia da súa realización.

En ningunha das axudas fiscalizadas se requiriu pola Administración deportiva a comunicación das axudas obtidas de entidades privadas, o que impide emitir opinión sobre a corrección da totalidade das contías concedidas. Non podendo determinar a totalidade dos ingresos obtidos polas asociacións deportivas, non resulta posible coñecer se os mesmos excederon do custo da actividade subvencionada.

4. Circularizouse ao Consello Superior de Deportes así como ás catro Deputacións Provinciais solicitando información relativa á cantidades concedidas e efectivamente sufragadas ás federacións e clubs galegos nos exercicios 2002 a 2005. Unicamente se obtivo resposta dos entes provinciais. O Consello Superior de Deportes respondeu que *nos exercicios fiscalizados non se tramitou ningunha axuda económica ás devanditas entidades, xa que estas axudas son exclusivas para as Federacións españolas, con independencia das que estas puidesen conceder directamente a entidades deportivas***.** A carencia de datos relativos aos ingresos das Federacións galegas procedentes das federacións de carácter estatal, así como dos obtidos no seu caso, por parte das corporacións municipais, constitúe unha notable limitación aos efectos de verificar que nos supostos de acumulación de subvencións as mesmas non excedían do custo da actividade.

## I.5. Trámite de alegacións

En cumprimento do disposto no artigo 58 do Regulamento do Consello de Contas de Galicia, os resultados das actuacións realizadas foron remitidas á Consellería de Cultura e Deporte e á Consellería de Economía e Facenda o 3 de febreiro de 2009 (RS nº 93) concedéndolle un prazo de 20 días hábiles para que presentaran as alegacións, documentación e xustificantes que estimasen oportunos. Á solicitude da Consellería de Cultura concedéuselle a ampliación do anterior prazo en dez días hábiles, o que se comunicou mediante oficio remitido o 10 de febreiro (RS nº 571)

O 11 de marzo (RE nº 563) presentáronse as alegacións que se xuntan ao presente informe. En relación ao contido e con independencia das aclaracións e puntualizacións que en cada caso figuran na réplica, é necesario subliñar con carácter xeral o seguinte:

a) Se como consecuencia das alegacións se modifica total ou parcialmente o contido do informe, esta modificación subliñarase en nota a pé de páxina.

b) Excepto nos supostos concretos que así o requiran, o Consello de Contas non valora as alegacións que:

- Confirman deficiencias ou irregularidades subliñadas no anteproxecto de informe.
- Ofrecen criterios ou opinións sen soporte documental ou normativo.
- No rebaten o contido do anteproxecto de informe, proporcionando explicacións ou xustificacións non relevantes sobre as causas de determinados feitos ou relativas a medidas postas en practica con posterioridade ao período fiscalizado.

## II. ORDES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS A FEDERACIÓNS E CLUBS DEPORTIVOS

Neste epígrafe descríbese o réxime xurídico que configuran as distintas ordes de convocatoria das axudas, tratándose por separado as incidencias detectadas na tramitación e no contido das ordes das apreciadas na execución destas pola Administración deportiva.

Fiscalizáronse as axudas concedidas con cargo ás seguintes Ordes reguladoras:

**Orde do 12 de marzo de 2002, da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, reguladora do réxime de concesión de subvencións ás federacións deportivas galegas e agrupacións deportivas escolares comarcais ou de zona para o ano 2002:**

Dotada inicialmente con 6.010.120 euros, esta liña de axudas destínase ao financiamento dos seguintes programas de gasto:

I. *Docencia e tecnificación*, para o financiamento de concentracións técnicas, cursos de adestradores e de xuíces e detección de novos valores.

II. *Competicións e actividades*, para o financiamento das ligas e torneos organizados polas federacións, así como as actividades das seleccións galegas.

III. *Axudas a clubs*, para o financiamento dos clubs afiliados a cada modalidade deportiva.

IV. *Gastos xerais*, para o financiamento dos gastos de mantemento da estrutura organizativa da federación.

As 58 federacións deportivas galegas poden acceder, en réxime de concorrencia competitiva, aos recursos que comprenden os mencionados programas de gasto. Establécese unha comisión avaliadora das solicitudes de composición integramente funcionarial, cuxo presidente é o subdirector xeral de Deportes, os seus vogais os xefes de servizo provinciais e o seu secretario un dos xefes de sección dos servizos centrais. A devandita comisión, a través do seu presidente, encargábase de elevar as propostas de concesión ao secretario xeral para o deporte, quen formula a resolución definitiva das axudas.

En relación cos programas I, II e IV, as federacións son *beneficiarias finais*, por canto se atopan obrigadas á realización da actividade para a que reciben fondos públicos, debendo xustificar a súa aplicación. En relación co programa III, danse os requisitos para a súa caracterización como *beneficiarios intermedios*, asumindo así a obriga de transmitir os fondos recibidos da

Administración deportiva a outros beneficiarios finais -os clubs- e de achegar a aquela as xustificacións procedentes, así como a establecer un sistema de control interno que garanta a axeitada xestión dos fondos públicos.

Á cantidade inicial engádense as contías de 1.125.349 e 1.007.868 euros, recibidas respectivamente das Deputacións Provinciais de A Coruña e Pontevedra, en virtude de sendos convenios de colaboración subscritos coa Xunta de Galicia ao efecto de subvencionar en réxime de cooperación aos clubs das distintas modalidades deportivas radicados nos anteriores termos provinciais. Desta forma, a repartición do programa III segrégase do seguinte xeito, instrumentándose en tres resolucións de adxudicación:

a) axudas aos clubs deportivos das provincias de Lugo e Ourense, cuxas corporacións provinciais non subscribiron convenios de colaboración coa Xunta de Galicia, percibidas polas federacións e con destino aos clubs deportivos dos devanditos ámbitos provinciais. A súa contía, dotada integramente con fondos da Administración deportiva, ascendía a 851.579,76 euros.

b) axudas aos clubs da provincia de A Coruña, percibidas polas federacións e con destino aos clubs deportivos do citado ámbito provincial, para os que a Xunta suma 1.125.349 euros á contía achegada polo ente provincial, quen á súa vez designa dous representantes adicionais aos que compoñen a comisión de selección.

c) Axudas aos clubs da provincia de Pontevedra, en idéntica situación ás do apartado anterior, para as que a Xunta achega 1.129.263 euros.

Engádese igualmente á contía inicial da Orde unha dotación de 433.100 euros procedente do programa de *imprevistos*, que se destina ao financiamento indistinto dos programas I e II. A repartición ás federacións deportivas da contía total adxudicada, que ascendeu a 8.188.814 euros, recóllese no **Anexo I**.

**Orde do 30 de decembro de 2002, da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, pola que se regula o réxime de concesión de subvencións a federacións deportivas galegas, clubs deportivos galegos de categoría nacional e agrupacións deportivas escolares comarcais ou de zona para o ano 2003**

Dótase cun crédito inicial de 6.066.405 euros, constando de idénticos programas e tramitación á correspondente ao exercicio 2002. Non obstante, a distribución das axudas do programa III aos clubs non se efectúa na súa totalidade polas federacións en calidade de entidades colaboradoras,

encargándose directamente a administración deportiva da súa transmisión a aqueles que participen ou organicen competicións nacionais de carácter oficial.

No exercicio 2003 a Deputación de Pontevedra é o único ente provincial que convenia coa Xunta de Galicia, documentándose a repartición do programa III do seguinte xeito:

a) En concepto de axudas aos clubs deportivos con domicilio nas provincias de A Coruña, Lugo e Ourense destínanse 1.614.629,60 euros con cargo a fondos exclusivamente autonómicos, dos cales 854.928,92 euros se transmiten previamente ás federacións e a cantidade restante, 759.700,68 adxudícase nominalmente pola Administración deportiva.

b) Os clubs deportivos con domicilio en Pontevedra perciben 1.165.657,66 euros directamente da Administración deportiva, asignándose 918.321,34 euros ás federacións deportivas para á súa ulterior transferencia a aqueles. No financiamento da contía total, 2.083.997 euros, SXD e Deputación de Pontevedra achegan, respectivamente, 1.057.024 e 1.026.973 euros.

A repartición ás federacións deportivas da contía total adxudicada ao amparo desta orde, que ascendeu a 6.743.576,60 euros, recóllese no **Anexo II.**

**Orde do 31 de decembro de 2003 e a do 30 de novembro de 2004, ambas as dúas da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, polas que se regula o réxime de concesión de subvencións ás federacións deportivas galegas para 2004 e 2005, respectivamente.**

Ambas as dúas disposicións deben ser tratadas de forma conxunta, a teor das similitudes que presentan:

1) Os programas de gasto que financian difiren dos aprobados para os exercicios 2002 e 2003:

I. *Gastos xerais*, relativos ao persoal, bens correntes e servizos.

II. *Actividade ordinaria*, referida á convocatoria e organización de competicións oficiais, así como a participación en competicións ou actividades nacionais (seleccións galegas, campionatos ou actividades nacionais e internacionais)

III. *Docencia*, relativa aos cursos de técnicos deportivos, árbitros e outras actividades (seminarios, xornadas técnicas, etc.)

IV. *Tecnificación*, relativo á posta en marcha de plans detallados desta natureza

V. *Axudas a clubs*, para o que se lles solicita ás federacións propostas de baremos e das contías finais a transmitir a cada club.

VI. *Outros proxectos de especial relevancia*, relativos á organización de grandes eventos, entre outros.

2) As súas dotacións totais, 5.000.000 e 5.500.000 euros, destínanse integramente ás federacións deportivas, que non obstante seguen actuando como beneficiarios intermedios, ao asumir a entrega aos clubs (programa V) das respectivas contías de 1.150.455 e 1.245.000 euros en 2004 e 2005, respectivamente.

A repartición ás federacións das anteriores contías detállase nos **Anexos III** e **IV.** Non obstante, non inclúen, con respecto á Federación de Hípica, as contías respectivas de 37.100 e 60.000 euros, correspondentes a 2004 e 2005, xiradas mediante convenio -*Copa do Mundo de Saltos 2004 e 2005*- á marxe dos procedementos de concorrencia competitiva que regulan as ordes.

## II.1. Incidencias detectadas no contido e a tramitación das ordes reguladoras de subvencións a asociacións deportivas

Procedeuse á fiscalización das ordes reguladoras citadas, aos efectos de verificar que tanto o réxime xurídico contido no seu articulado como a tramitación seguida para a súa aprobación dan cumprimento á legalidade vixente en materia de subvencións. Observáronse as seguintes incidencias:

### 1) A configuración das Federacións como entidades colaboradoras

Como xa se indicou, o réxime xurídico aplicable ás federacións deportivas configúraas como axentes colaboradores da Administración deportiva, facendo residir nestas o exercicio de funcións públicas que alcanzan ao control das subvencións que se asignen aos clubs dependentes. Non obstante, e pese actuar de forma efectiva como entidades colaboradoras nos exercicios fiscalizados, a Administración non instituíu ás federacións deportivas como tales, vulnerándose o réxime establecido nos artigos 28 a 32 do Decreto 287/2000 para este tipo de entidades. Destácanse as seguintes incidencias:

a) Non se esixiu ás federacións a acreditación dos requisitos de eficacia e solvencia -técnica e económica- para a súa designación como entidades colaboradoras na entrega e distribución de fondos públicos. Entre outros aspectos, as federacións viñan obrigadas a xustificar que non se

achaban incursas nas circunstancias a que se refire o artigo 20 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, así como á constitución de garantías no suposto de que o seu patrimonio non superase o importe dos fondos públicos obxecto da súa xestión como entidade colaboradora. Por conseguinte, atribúese a xestión e o control de caudais públicos a entidades privadas sen que se lles esixa a acreditación dos requisitos e garantías aos que a normativa obriga.

b) Prescindiuse en absoluto de regular o réxime de dereitos e obrigas aplicable á colaboración. Non se estableceu a xustificación que as federacións debían esixir aos clubs beneficiarios, nin á súa vez a que debían render á Administración deportiva como resultado da aplicación dos fondos recibidos.

c) Non se estableceron os prazos nin a forma en que as federacións debían efectuar os pagamentos aos clubs. Non se esixiu a rendición de estados de conciliación bancaria concernentes aos devanditos pagamentos nin a remisión de informes relativos ás actuacións efectuadas en cada período.

### 2) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social

O artigo 78.4 do TRLRFP establece a obriga de acreditar, con anterioridade ao cobramento dunha subvención, que o beneficiario se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social así como de que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da comunidade autónoma. Este requisito non se esixiu nas ordes reguladoras fiscalizadas. Non obstante, o artigo 41 das leis de presupostos para 2002 (e 2005) e o artigo 42 das leis de presupostos para 2003 e 2004 estableceron *a exención de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 78 (...) para as subvencións ou axudas con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao artigo 48, familias e institucións sen fins de lucro (...)*.

A exención de acreditar formalmente, por parte das federacións e clubs, a concorrencia dos anteriores requisitos, non exime de que os mesmos sexan obxecto de estrito cumprimento. Para iso, a Administración deportiva puido instar os mecanismos que establece o artigo 18 do Decreto 287/2000, isto é:

a) prever nas bases reguladoras a emisión, a instancia da Administración deportiva e por parte dos órganos de recadación da Consellería de Economía e Facenda, das certificacións

correspondentes ás débedas coa comunidade autónoma.

b) subscrición dos oportunos convenios de colaboración cos órganos competentes da Axencia Tributaria e Seguridade Social, aos efectos de que, coa autorización dos beneficiarios, se remitan as correspondentes certificacións.

Desta forma, as axudas outorgáronse a federacións e clubs nos exercicios 2002 a 2005 sen que a Administración deportiva posúa evidencia ningunha da regularidade dos pagamentos daquelas entidades á Facenda Pública, autonómica e estatal, e Seguridade Social.

### 3) Criterios de concesión

O artigo 4.2.c) do Decreto 287/2000 establece que entre os contidos mínimos das bases reguladoras deben figurar os criterios obxectivos de adxudicación, graduados segundo a súa importancia en relación coa finalidade da axuda[1].

En relación coas federacións deportivas e as axudas *indirectas* aos clubs, as ordes correspondentes aos exercicios 2002 e 2003 mencionan unicamente catro criterios de adxudicación -*Interese do proxecto valorado da actividade; grao de cumprimento dos obxectivos técnicos do exercicio anterior, clubs federados e número de participantes nas distintas actividades e distribución de gasto para cada delegación*- para os que non se establece prelación, puntuación máxima atribuíble a cada un destes nin metodoloxía concreta para a súa ponderación en cada caso. Idéntica conclusión extráese da análise dos criterios empregados para a adxudicación directa de axudas aos clubs no exercicio 2003. Desta forma, vulnérase o contido mínimo obrigatorio das bases de convocatoria.

As ordes reguladoras dos exercicios 2004 e 2005 outorgan tratamento separado aos *criterios de carácter xeral* e aos relativos ao *proxecto de actividades*, se ben unicamente en 2005 se atribúen puntuacións globais a cada un dos anteriores bloques (40 e 60 puntos, respectivamente), detallando á súa vez a puntuación máxima atribuíble a cada un dos criterios individuais expresados naqueles. Non obstante, esta regulación repútase incompleta, ao adoecer da concreción dos ulteriores criterios empregados pola *comisión de avaliación das axudas* para a ponderación dos *méritos* acreditados en distintas solicitudes. Polo tanto, reitérase a incidencia anteriormente exposta.

---

[1] Parágrafo modificado en trámite de alegacións.

### 4) Declaración da concorrencia de axudas, supostos de acumulación de subvencións

O artigo 78.6 k) TRLRFP e o seu correlativo 4.2, j) do Decreto 287/2000, preceptúan que entre os contidos mínimos das bases reguladoras debe incluírse que *a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión*. Esta previsión trata de evitar os supostos do artigo 78.8 TRLRFP, isto é, que a través da acumulación de axudas de entidades públicas e privadas o beneficiario obteña ingresos superiores ao custo da actividade que se subvenciona.

As ordes reguladoras dos exercicios 2002, 2003 e 2004 infrinxen o citado precepto. A única referencia á obtención de axudas procedentes de entidades privadas recóllese na correspondente ao exercicio 2004, limitándose a declarar a súa compatibilidade coas axudas obtidas do sector público.

A orde reguladora das axudas ás federacións deportivas para o exercicio 2005 recolle a mencionada previsión no último parágrafo do seu artigo 1º. Non obstante, nin esta última orde nin as ditadas nos exercicios precedentes establecen a obriga formal de comunicar, en fase ningunha do procedemento, as axudas que as federacións e clubs obteñen de entidades ou patrocinadores de carácter privado. A obriga de declarar as *solicitudes efectuadas ou concedidas* a achegar no momento da solicitude, así como a de formular declaración complementaria das axudas solicitadas (*aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución*) contidas nas bases refírese exclusivamente ás axudas de carácter público.

Ao carecer de información relativa aos ingresos totais esperados e finalmente obtidos polas asociacións deportivas das entidades privadas, a Administración non coñece a proporción real da actividade que en cada caso subvenciona, sen que exista garantía de que a axuda outorgada exceda do custo da actuación do beneficiario. Esta incidencia, polo tanto, non permite garantir a racionalidade económica nin a eficiencia das decisións de gasto adoptadas pola Administración deportiva.

### 5) Medios e prazo de xustificación

Como xustificación da totalidade das axudas outorgadas nos exercicios 2002 e 2003 para o desenvolvemento das actividades das federacións e clubs deportivos, as ordes reguladoras esixían unicamente a seguinte documentación:

1) Para a realización de *pagamentos parciais*, que podían alcanzar ao 80% da contía concedida:

Unha certificación expedida polo secretario, co visto bo do presidente de cada entidade deportiva, con detalle da contía e motivo do gasto realizado, así como a identificación fiscal dos seus perceptores, na que se fixese constar a aplicación definitiva dos fondos.

2) Para a percepción da cantidade restante, idéntica certificación á expresada, comprensiva da totalidade do gasto, así como dunha memoria da actividade realizada. Os xustificantes orixinais dos gastos quedan baixo a custodia na entidade e a disposición da Administración deportiva para eventuais comprobacións.

A regulación expresada infrinxe así o artigo 15 do Decreto 287/2000, que esixe a presentación de facturas orixinais, nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social e certificacións bancarias entre outros medios preferentes para a acreditación da aplicación dos fondos públicos.

Con respecto ás ordes reguladoras das axudas concedidas en 2004 e 2005, aos documentos xa mencionados engádese a obriga de presentar facturas orixinais do gasto incorrido, de acordo coa certificación do secretario da federación.

En relación coas subvencións concedidas para o financiamento da actividade xeral dunha entidade, resulta preciso que a Administración requira a presentación dunha conta xustificativa comprensiva, con rigoroso detalle, da totalidade das partidas de gasto e as súas correlativas descritivas dos ingresos que as financian. Tal e como expresa a recomendación formulada polo Tribunal de Contas ás Cortes Xerais en materia de subvencións (Moción do 29 de xullo de 1993, BOE do 25 de xaneiro de 1994) *devén inútil, e mesmo perturbador, acompañar facturas ou documentos xustificativos ata o importe da axuda recibida, (...), porque estas só teñen sentido dentro dun conxunto*. Esta forma de acreditación non implica que o resto dos xustificantes sexa obxecto de achega, abondando con que se achen a disposición dos órganos encargados da xestión e control das axudas. Sería recomendable a achega das Contas Anuais que as federacións veñen obrigadas a elaborar, ou ben a memoria á que obriga o artigo 29 da Orde do 28 de xullo de 1995, ao teor das cales a anterior debe incluír a liquidación do presuposto.

Non obstante, esta previsión non se incluíu na normativa reguladora das subvencións ata a aprobación da LXS.

A inexistencia dunha conta xustificativa formal no sentido expresado supón unha notoria limitación, tanto para as verificacións efectuadas polos órganos xestores e de control interno como para a revisión que nos ocupa.

A orde reguladora correspondente ao exercicio 2002 non sinala unha data fixa para a presentación da xustificación final, unha vez percibidos, se é o caso, anticipos e pagamentos

parciais, establecéndose o prazo dun mes dende a finalización da actividade. Como queira que este último prazo non é obxecto de concreción, atribúese unha discrecionalidade ás federacións que prexudica á xestión ordinaria do gasto público, por canto potencialmente despraza -por vontade das devanditas entidades- a imputación orzamentaria do gasto a exercicios distintos ao da súa autorización.

Nas ordes correspondentes aos exercicios 2003, 2004 e 2005 establécese como data de xustificación a do final da actividade e en todo caso, co límite do 30 de novembro. Este criterio resulta inadecuado, dado que, con carácter xeral, o ciclo da actividade das institucións deportivas non resulta coincidente co ano. Por outra banda, déixase fóra da cobertura da axuda os gastos realizados no mes de decembro. O aconsellable, sen prexuízo de dar cumprimento ao principio de anualidade, sería adaptar o ámbito temporal das axudas a períodos coincidentes cos do ciclo de actividade das entidades deportivas.

**6) Publicidade das cantidades outorgadas ás federacións e clubs beneficiarios**

As bases contidas nas ordes reguladoras das axudas outorgadas ás federacións deportivas nos exercicios 2002 a 2005 non recollen a obriga de publicar as concesións outorgadas ás distintas federacións, o que obriga a dilucidar se se produce o incumprimento do principio de publicidade consagrado polo artigo 78.6 do Decreto Lexislativo 1/1999 e, correlativamente artigo 3 do Decreto 287/2000.

O artigo 10.4 do Decreto 287/2000 preceptúa que *as resolucións de concesión serán obxecto de publicación nos casos e forma establecidos nas normas do procedemento común,* ao teor da cal o artigo 59.6 LRXAP e PAC establece que a publicación *substituirá á notificación xurdindo os seus mesmos efectos (...) b) cando se trate de actos integrantes dun procedemento selectivo ou de concorrencia competitiva de calquera tipo*.

O artigo 11 do decreto mencionado dispón que *cando a contía da subvención supere 50.000.000 pesetas ou así o establezan as bases reguladoras, publicarase no Diario Oficial de Galicia un extracto das resolucións de concesión que deberá conter indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, cantidade concedida e finalidade da axuda ou subvención*. A diferenza da regulación introducida no artigo 78.8 TRLRFP pola Lei 14/2004, o precepto non establece con claridade se por contía da subvención debe entenderse a adxudicada individualmente a un beneficiario, ou ben, alternativamente, a global que é obxecto de

adxudicación. Non obstante, de existir conflito nesta última interpretación, entendemos que prevalece o disposto polo mencionado artigo 10.4. En todo caso, deberá de constatarse que se ben o límite indicado se supera en 15 adxudicacións individuais ao longo dos exercicios fiscalizados, en ningún destes se efectuou publicación ningunha.

De acordo co expresado, e tendo en conta de que as axudas fiscalizadas se outorgaron en réxime de concorrencia competitiva, as bases reguladoras infrinxen o principio de publicidade, privando de transparencia ao procedemento de adxudicación de axudas públicas ao deporte. Este feito, que supón menoscabo na satisfacción do interese público, impide así mesmo a cada un dos beneficiarios da axuda, individualmente considerados, coñecer as contías outorgadas aos restantes, o que puidese ter relevancia aos efectos de ulteriores impugnacións.

En relación co programa de axudas a clubs, nos exercicios 2002 e 2003 as federacións consignaban nas súas solicitudes, de acordo coas bases reguladoras, o número de clubs afiliados así como os seus equipos e licenzas desagregados por categorías. En 2004 e 2005, as bases introducen a obriga de formular as propostas de baremos de repartición das axudas entre os clubs que integran cada federación, así como unha cantidade global con destino a estes. Unha vez resoltas pola administración deportiva as contías outorgadas a cada unha das federacións, estas, en calidade de entidades colaboradoras, son as encargadas de entregar as devanditas contías aos clubs. Baixo este sistema de repartición, entregáronse aos clubs as cantidades de 5.239.588,76, 1.773.250,26, 1.150.455 e 1.245.016 euros en 2002, 2003, 2004 e 2005, respectivamente. Non obstante, a orde de convocatoria da axuda non establece os sistemas ou mecanismos de publicidade necesarios para o coñecemento das cantidades atribuídas por cada unha das federacións aos clubs da súa modalidade, nin os mecanismos para a súa impugnación por parte dos interesados, que para estes efectos son a totalidade dos clubs que integran as diferentes modalidades deportivas.

### Conclusión

A teor das observacións expostas, o contido das bases aprobadas das axudas para os exercicios 2002 a 2005 non se efectuou conforme á legalidade.

### Informes preceptivos emitidos con anterioridade á aprobación das bases reguladoras

O artigo 4.1 establece que con carácter previo á aprobación das bases reguladoras da concesión de axudas, deberán someterse a informe da *Asesoría Xurídica Xeral* -emitido pola Asesoría

Xurídica do departamento autonómico correspondente- da *Dirección Xeral de Planificación e Fondos Comunitarios* e *da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma*- emitido pola Intervención Delegada correspondente-. O segundo dos informes versa sobre a coherencia do proxecto coa planificación económica da Xunta de Galicia, así como da compatibilidade coas normas comunitarias de aplicación, concretamente as relativas a información, publicidade, transparencia e competencia. De acordo co artigo 22 do Decreto 287/2000, a Intervención Delegada debe verificar que as bases da axuda conteñen os extremos a que se refire o artigo 4.2 do Decreto, entre os que se inclúen a mención dos criterios obxectivos de adxudicación, debidamente graduados, e a relativa á posibilidade de modificar a resolución de concesión nos supostos de concorrencia de axudas públicas e privadas.

A excepción das observacións efectuadas pola Asesoría Xurídica en relación coa inclusión da prohibición relativa á acumulación de axudas públicas e privadas, incorporada ao texto definitivo da orde correspondente ao exercicio 2005, os informes emitidos nos exercicios fiscalizados polos órganos indicados non se pronunciaron en relación coas deficiencias que se puxeron de manifesto anteriormente.

## II.2. Incidencias detectadas na execución das ordes reguladoras de subvencións a asociacións deportivas

Sen prexuízo das incidencias detectadas na fiscalización da mostra seleccionada polo equipo auditor, deben destacarse os seguintes aspectos:

1) *Motivación das contías outorgadas ás federacións e clubs.*

En ningún dos exercicios fiscalizados (2002 a 2005) se especifican nin motivan os criterios empregados para a repartición da contía total da orde entre os distintos programas de gasto.

A asignación das contías concedidas ás federacións efectúase á marxe dos criterios contidos nas ordes reguladoras. Nos exercicios 2002 e 2003, a comisión de selección non tomou en conta o criterio relativo ao *grao de cumprimento dos obxectivos técnicos* do anterior exercicio pese figurar nas bases aprobadas. Así mesmo, nos exercicios 2004 e 2005 prescindiuse de valorar os *criterios xerais*, pese que en 2005 supoñían, de acordo coas bases, un 40% da valoración. Estes últimos criterios facían referencia a aspectos tales como a natureza da actividade deportiva, o presuposto global da federación, a capacidade de xerar recursos económicos, as subvencións obtidas doutras institucións, a viabilidade económica e nivel de endebedamento e o nivel de realización dos programas subvencionados nos exercicios anteriores.

En ningún dos exercicios fiscalizados figuran no expediente nin foron postos de manifesto os

criterios de valoración tidos en conta para a atribución individual das puntuacións a cada un dos programas de gastos solicitados polas federacións deportivas.

Con respecto ás axudas destinadas a clubs deportivos, tanto as satisfeitas a través das federacións deportivas como as que se outorgaron en forma directa pola Administración Deportiva, existe constancia do establecemento dun sistema interno de traballo, que en relación coas primeiras incluía a interlocución directa coas federacións deportivas, ao teor das cales se adxudicaron as contías. Non obstante, as actas da comisión de selección non conteñen motivación dos criterios empregados nin documentación que certifique a atribución individual destes aos distintos clubs. Requiridos os acordos polos que se estableceron os criterios efectivos -e a súa ponderación- empregados na valoración das instancias presentadas polas federacións e clubs no exercicio 2003, a Administración comunicou que non existía constancia documental daqueles nos expedientes.

*2)* A teor das evidencias obtidas nos procedementos fiscalizados, as axudas ás federacións deportivas non se outorgan no marco dun verdadeiro procedemento administrativo de concorrencia competitiva. As contías outorgadas a cada modalidade deportiva e aos clubs dependentes destas non son obxecto de comparación e valoración conxunta no procedemento que regulan as ordes de convocatoria. Antes ben, a partir da presentación de solicitudes polos responsables federativos, a administración estuda de forma individualizada cada un dos proxectos, o que inclúe unha interlocución máis ou menos permanente con aqueles responsables ata a fixación da contía total das axudas, que se efectúa de forma individualizada.

*3)* Pese a imposibilidade legal de efectuar o pagamento de axudas a entidades que non se atopan ao corrente dos seus pagamentos coa Facenda Pública autonómica, estatal e Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Administración fixo fronte a os mesmos sen que conste a realización de comprobación ningunha ao longo dos exercicios 2002 a 2005.

*4)* Nos exercicios 2002 e 2003 outorgáronse axudas a federacións e clubs por importe de 14.933.390,60 euros sen que, de forma contraria á norma, se esixise a achega de facturas e demais documentos orixinais probatorios. Os pagamentos efectuáronse contra a achega de certificacións dos gastos incorridos, emitidas pola secretaría e co visto bo da presidencia das entidades deportivas. Desta forma, os órganos xestores e a Intervención limitáronse a actuar como meros tramitadores de pagamentos, sen que conste nos devanditos exercicios a realización de actuacións encamiñadas á verificación do destino e aplicación dos fondos públicos. Non se efectuaron actuacións efectivas de control con respecto aos fondos entregados ás federacións con destino aos clubs deportivos.

*5)* Nos exercicios 2004 e 2005 solicitouse das federacións a achega de facturas e outros xustificantes orixinais. Sen prexuízo das incidencias que se detallan nos seguintes epígrafes, a administración aceptou como xustificación dos fondos entregados polas federacións aos clubs a achega de *recibís* subscritos polos responsables destes últimos. Non se procedeu á comprobación material do desprazamento dos devanditos fondos nin se requiriu ningunha proba da súa aplicación.

*6)* Nos exercicios 2002, 2003 e 2004 a resolución das axudas efectúase vulnerando o prazo máximo para notificar as resolucións de concesión, que se fixaba en 3 meses (4, en 2005) dende a publicación oficial das bases de convocatoria. Non consta nos expedientes nin se obtivo evidencia documental de que as resolucións de concesión de axudas a federacións e clubs fosen obxecto de notificación en ningún dos anteriores exercicios.

*7)* Pese a súa esixencia normativa, durante os exercicios 2002 a 2005 non se publicou no diario oficial concesión ningunha das axudas económicas a federacións e clubs.

# III. CONTROL INTERNO SOBRE AS AXUDAS CONCEDIDAS A FEDERACIÓNS E CLUBS

## III.1. Organización administrativa

A xestión das axudas sometidas a fiscalización no presente informe correspondeu ao centro directivo competente en materia de deporte. Tal como se indicou no punto I.1.2., a adscrición orgánica deste centro non foi a mesma durante os exercicios revisados.

No exercicio 2002 a xestión das axudas correspondía á SXD, dependente directamente da Presidencia da Xunta. Para o cumprimento dos seus fins, a Secretaría estruturábase en dúas Subdireccións Xerais: a Subdirección Xeral de Deportes cun servizo dependente, e que exercía, entre outras, as funcións de fomento e promoción deportiva e a Subdirección Xeral de Infraestrutura Deportiva, da que dependían dous servizos e que asumía, fundamentalmente, as competencias relativas á construción, equipamento e acondicionamento de instalacións deportivas e a xestión económico-administrativa da Secretaría.

No ano 2003 modifícase a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e dos seus Departamentos e as competencias en materia de deporte son asumidas pola DXD integrada na Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado. Do novo centro directivo depende unicamente unha Subdirección Xeral con dúas unidades administrativas con nivel orgánico de servizo: o Servizo de

coordinación deportiva ao que lle corresponde a xestión administrativa da actividade de fomento e promoción deportiva e o Servizo de infraestruturas deportivas ao que se lle asigna, entre outras funcións, a execución, coordinación e tramitación dos expedientes, axudas, subvencións e convenios dos programas xestionados pola Dirección Xeral, así como o control interno da xestión orzamentaria.

Finalmente, en virtude do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, a DXD intégrase na Consellería de Cultura e Deporte, se ben a estrutura orgánica deste departamento non foi desenvolvida ata o exercicio 2006 sen que se producisen cambios significativos na configuración do centro, salvo a creación dun Servizo de supervisión de proxectos.

A estrutura descrita pon de manifesto unha redución das unidades destinadas á xestión das competencias en materia de deporte durante o período fiscalizado. Por outra banda, o deseño organizativo non garante unha axeitada separación das funcións relativas á xestión e control das axudas, xa que a tramitación das subvencións se asigna á mesma unidade á que se encomenda o control interno dos programas de gasto xestionados pola Dirección Xeral.

## III.2. Control realizado pola Intervención da Comunidade

Os actos de contido económico vinculados ás axudas obxecto deste informe sometéronse á fiscalización previa da Intervención da Comunidade. O control previo realizouse baixo a modalidade de fiscalización limitada nos termos previstos no TRLRFP e no Acordo do consello da Xunta do 18 de marzo de 1999. Nesta normativa establécense de forma taxada aqueles aspectos sobre os que debe realizarse o control, sen prexuízo de que os interventores poidan formular observacións complementarias que, en ningún caso, terán efectos suspensivos na tramitación do expediente. En materia de xustificación de subvencións e segundo a normativa de referencia, a comprobación estenderase á certificación expedida polo órgano xestor acreditativa do cumprimento das actividades, sen que teña que alcanzar as facturas ou outros documentos probatorios da realización da finalidade para a que a axuda foi concedida.

Con carácter complementario ao sistema de intervención previa limitada, o artigo 97.4 TRLRFP establece unha fiscalización posterior plena sobre unha mostra representativa dos expedientes. Ademais, o Decreto 287/2000 polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade prevé a realización de controis financeiros sobre as entidades beneficiarias das axudas e sobre os sistemas de xestión de subvencións. Non obstante e a pesar destas previsións, non consta a realización de ningún tipo de control posterior desta natureza. Estas actuacións resultan necesarias para completar as comprobacións que con carácter limitado

se efectúan na fiscalización previa e conseguir, deste modo, un axeitado control dos fondos públicos cumprindo, ao mesmo tempo, o artigo 44 da Lei do Deporte de Galicia que esixe á administración autonómica o establecemento dos mecanismos de control precisos para a efectiva aplicación das axudas aos fins para as que foron concedidas.

## III.3. Plan de auditorías

O artigo 19 da Lei do Deporte de Galicia impón ás asociacións deportivas, entre as que se atopan as federacións, a levanza dunha contabilidade susceptible de xustificar a exactitude dos resultados das operacións económicas realizadas e a obriga de someter os seus estados económicos a unha auditoría, nos casos nos que así o dispoña a administración.

A DXD contratou a realización de auditorías ás federacións deportivas sobre as contas dos exercicios 2003 e 2005. Non consta a realización deste tipo de control sobre os exercicios 2002 e 2004.

As auditorías referidas ao exercicio 2003 inclúen catro federacións: Salvamento e Socorrismo, Automobilismo, Remo e Natación. Nas dúas primeiras unicamente consta informe sobre as contas anuais. Nas outras dúas figura ademais un informe especial de cumprimento sobre a aplicación da subvención concedida pola Dirección Xeral. Polo que respecta á revisión de contas anuais, en tres (Salvamento e Socorrismo, Automobilismo e Remo) das catro federacións o auditor emite informe con opinión denegada ao non se presentar contas por parte dos responsables das devanditas federacións. Non obstante, dúas federacións discrepan do criterio do auditor, sen que conste a solución ou posición adoptada pola Dirección Xeral. Pola súa banda, a Federación de Natación recibe un informe con salvidades por detectarse asentos repetidos en gastos de explotación e por non obter confirmación de saldo por parte da entidade financeira, entre outros aspectos. A revisión de cumprimento sobre as axudas concedidas á Federación de Remo e de Natación conclúe que o gasto é real e está soportado, se ben nun informe se pon de manifesto que a subvención concedida non ten en conta o importe solicitado (nalgún programa de gasto mesmo a duplica) e, na outra entidade, que a xustificación da axuda non se axusta na súa estrutura aos programas de gasto fixados na orde de convocatoria.

Respecto ao exercicio 2005, as auditorías encargadas pola Dirección Xeral alcanzan ás seguintes federacións:

- Automobilismo
- Patinaxe
- Ciclismo

- Atletismo
- Fútbol
- Baloncesto
- Fútbol Sala
- Judo e D.A.
- Vela
- Balonmán
- Tenis
- Piragüismo
- Remo

Entregouse tamén ao equipo auditor un informe sobre as contas anuais da Federación de Golf, no que non se reflicten incidencias significativas, e respecto ao que non consta que fose realizado por encarga da administración.

Os traballos contratados pola consellería abranguen unha revisión financeira sobre as contas anuais e un control sobre aspectos de legalidade, organizativos e de control interno. En calquera caso, os informes de legalidade non presentan o mesmo alcance nin unha estrutura homoxénea, o que evidencia unha deficiente programación destes por parte da administración.

Non existen informes favorables sen salvidades sobre as contas anuais destas federacións no exercicio 2005. Das 13 federacións, unha delas (Fútbol) recibe do auditor un informe desfavorable como consecuencia das debilidades detectadas. En 8 casos, non se emite opinión sobre os estados financeiros pola non formulación de contas ou pola importancia das limitacións ao alcance. Por último, nas contas anuais das 4 federacións restantes realízase un informe con salvidades.

No plano da legalidade e da revisión dos sistemas de control interno, as debilidades postas de manifesto nos traballos encargados son numerosas e, moitas delas, preséntanse de forma recorrente na maior parte das entidades revisadas. Co obxectivo de reflectir a situación organizativa das federacións expóñense, a continuación, as incidencias máis significativas e repetidas recollidas nos informes de control facilitados. Debido á falta de uniformidade dos referidos informes, as observacións agrupáronse en diferentes áreas co obxectivo de sistematizar os resultados destes traballos, sen que as debilidades descritas teñan porque afectar a todas as federacións mencionadas anteriormente.

Área contable:

- As contas anuais non se axustan á adaptación sectorial do Plan de Contabilidade ás federacións deportivas.

- Con carácter xeral, non existen inventarios de inmobilizado nin se rexistran axeitadamente as amortizacións. Tampouco adoita haber inventario de existencias.

- Existen contas correntes non incluídas en balance.

- Nalgúns supostos as persoas autorizadas nas contas correntes non gardan relación coa federación.

- Non existe libro de caixa ou, nalgún caso, non existen actas de arqueo.

- As axudas de custo por desprazamento non indican axeitadamente os motivos e o seu lugar e atópanse insuficientemente xustificadas.

- Nas federacións que posúen delegacións, con carácter xeral, non se integra a contabilidade destas coa central.

- Escaso control sobre os saldos de debedores e acredores.

Área de subvencións.

- Non todos os informes se pronuncian sobre a xustificación da axuda concedida pola Consellería. Nalgúns informes faise referencia a que non existen "*anomalías substanciais*" na xustificación; noutros indícase que o *gasto é real e está suficientemente xustificado*. Na Federación de Automobilismo ponse de manifesto unha cantidade non xustificada por importe de 22.179 € no programa de axudas a clubs, sen que conste a realización de acción ningunha por parte da administración á vista do informe. De feito a Dirección Xeral en escrito do 20 de febreiro de 2008 manifesta a inexistencia de expedientes de reintegro.

- Nalgúns supostos indícase que as federacións non ingresan o diñeiro das axudas aos clubs a pesar de que os clubs asinan os *recibís* correspondentes: A subvención compénsase con outros conceptos como licenzas e gastos diversos.

Área fiscal

- Non se aplica retención ás cantidades aboadas a determinados colaboradores.

- A pesar de existir facturas con IVE repercutido, non se presentan declaracións por este imposto.

Área laboral

- En moitos supostos o persoal colaborador non ten contrato de traballo nin emite factura coma se fose profesional.

- Existe persoal dependente que non está dado de alta na Seguridade social.

Outras incidencias

- Con carácter xeral, non se cumpre a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

- De xeito recorrente indícase que non se cumpre a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.

Polo tanto, os resultados dos traballos de auditoría encargados pola Dirección Xeral describen unha situación caracterizada por unha deficiente organización interna que non garante un axeitado control dos fondos e pola existencia de considerables incumprimentos legais na orde fiscal, laboral e contable.

# IV. FISCALIZACIÓN DAS AXUDAS OUTORGADAS POLA ADMINISTRACIÓN ÁS FEDERACIÓNS E AOS CLUBS DEPORTIVOS A TRAVÉS DESTAS ENTIDADES COLABORADORAS

Este epígrafe comprende os resultados obtidos na fiscalización das axudas outorgadas ás federacións deportivas - e aos clubs, por medio destas últimas- nos exercicios 2002 a 2005, así como as incidencias detectadas na rendición das xustificacións solicitadas ás anteriores entidades deportivas a través da DXD.

## IV.1. Mostra seleccionada e criterios empregados na fiscalización

Seleccionouse unha mostra de 10 federacións entre as beneficiarias das axudas outorgadas ao amparo das ordes de convocatoria publicadas nos exercicios 2002 a 2005. Tomáronse 6 federacións (Fútbol, Patinaxe, Atletismo, Ciclismo, Automobilismo e Hóckey) entre as 15 que percibiron as maiores contías no exercicio 2002, ás que se engadiron 4 (Aeronáutica, Boxeo, Rugby e Tenis de Mesa) de entre as que non deran resposta ao requirimento (epígrafe IV.2.1) de achega dos xustificantes correspondentes aos exercicios 2002 e 2003. A fiscalización abrangueu a totalidade dos programas de gasto subvencionados entre os exercicios 2002 e 2005 coa

excepción das disciplinas de Fútbol, Patinaxe e Ciclismo, para as cales a revisión se efectuou sobre as axudas satisfeitas, en calidade de entidades colaboradoras, aos clubs da súa respectiva modalidade.

A mostra seleccionada supón, respectivamente, o 36, 31, 24 e 25% do gasto total efectuado pola Administración deportiva a través das ordes reguladoras ao longo dos exercicios 2002 a 2005, como resulta do seguinte cadro:

| FEDERACIÓN | Contías revisadas | | | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 | |
| 1 Aeronáutica | 39.065,70 | 35.010,12 | 40.000,00 | 42.000,00 | 156.075,82 |
| 2 Atletismo | 380.831,28 | 268.682,60 | 317.237,00 | 363.768,00 | 1.330.518,88 |
| 3 Automobilismo | 191.162,48 | 151.004,00 | 137.024,00 | 159.973,00 | 639.163,48 |
| 4 Boxeo | 11.119,07 | 11.600,00 | 12.600,00 | 18.870,00 | 54.189,07 |
| 5 Ciclismo | 174.142,40 | 135.055,73 | 86.236,00 | 92.705,00 | 488.139,13 |
| 6 Fútbol | 1.373.733,36 | 664.369,08 | 405.717,00 | 435.000,00 | 2.878.819,44 |
| 7 Hóckey | 124.860,66 | 48.800,00 | 59.500,00 | 64.913,00 | 298.073,66 |
| 8 Patinaxe | 484.452,69 | 48.009,61 | 42.240,00 | 42.240,00 | 616.942,30 |
| 9 Rugby | 110.526,52 | 38.900,00 | 50.760,00 | 58.910,00 | 259.096,52 |
| 10 Tenis de Mesa | 91.624,22 | 68.972,00 | 69.940,00 | 69.940,00 | 300.476,22 |
| **TOTAL** | **2.981.518,38** | **1.470.403,14** | **1.221.254,00** | **1.348.319,00** | **7.021.494,52** |
| **TOTAL ORDE CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A FED.DEPORT.** | **8.188.814,00** | **4.818.200,26** | **5.000.000** | **5.500.000,00** | **23.507.014,26** |

Ao respecto da regulación contida nas bases de convocatoria das axudas, a normativa aplicable en materia de subvencións e preceptos vixentes na orde fiscal e contable, faise precisa a concreción dos seguintes criterios aplicados na fiscalización:

## Principio de anualidade

De acordo cos prazos de xustificación que preceptúan as ordes de convocatoria de axudas, unicamente resultan admisibles como xustificación os gastos efectuados dentro do período comprendido entre o inicio do exercicio e o termo máximo establecido naquelas, que deberán ser efectivamente sufragados.

## Gastos en bens de inmobilizado

As subvencións fiscalizadas posúen natureza corrente, polo que non poden ser destinadas á adquisición de bens de inmobilizado, entre os que se inclúen *equipos para procesos de información* (ordenadores) e *elementos de transporte.*

## Requisitos esixibles ás facturas

Constitúen xustificación válida as expedidas de conformidade co RD 2402/1985, do 18 de decembro, durante a súa vixencia e o RD 1496/2003, do 28 de novembro, isto é, as facturas normalizadas que dan cumprimento aos seguintes requisitos mínimos de carácter obrigatorio:

- Número e, no seu caso, serie.

- Lugar e data de emisión; data de realización das operacións.

- Nome e apelidos, razón ou denominación social completa e domicilio, tanto do obrigado á expedición coma do destinatario das operacións. Deben constar así mesmo os datos do provedor dos bens ou servizos.

- NIF do expedidor e, nos supostos do artigo 6.d), do destinatario das operacións.

- Descrición das operacións, consignando todos os datos necesarios para a determinación da base impoñible de IVE, incluíndo o prezo unitario sen o imposto.

O artigo 2.2 f) do RD 1496/2003 establece a obriga de expedir factura en todo caso naquelas operacións cuxos destinatarios sexan persoas xurídicas que non actúen como empresarios ou profesionais, como é o caso das federacións deportivas. Desta forma, a obriga de facturar a estas entidades non queda excepcionada mediante a expedición de tícket (operacións de importe inferior a 3.000 euros) como acontece nos supostos xerais que recolle o artigo 4.1 do anterior regulamento.

O artigo 9 do citado regulamento establece que as facturas deberán ser expedidas no momento de realizarse a operación, e en todo caso, antes do día 16 do mes seguinte ao período de liquidación do imposto no curso do cal se realizaran as operacións. Pola súa banda, o artigo 11 permite a inclusión nunha soa factura -recapitulativa- das operacións realizadas en distintas datas para un mesmo destinatario, sempre que aquelas se efectuaran dentro dun mesmo mes natural.

Mención particular requiren as facturas presentadas por axencias de viaxes que actúan como intermediarias na prestación, entre outros, de servizos de transporte e aloxamento. Na medida en que as referidas axencias actúen en nome e por conta dos provedores últimos dos servizos, unicamente constitúe facturación válida -comprensiva do IVE que grava a operación- a expedida por estes últimos, a excepción dos supostos en que a axencia se atope suxeita a Réxime Especial

de IVE, o que deberá acreditarse na propia factura, e daquelas adquisicións de billetes aéreos efectuadas ao amparo da Disposición Adicional 4ª do RD 1496/2003.

### Axudas a clubs materializadas en recibís

Como xustificación da entrega aos clubs, por parte das federacións, dos fondos públicos previamente autorizados para o devandito fin pola Administración deportiva, detectouse a práctica xeneralizada consistente na subscrición de *recibís*, polos responsables dos clubs beneficiarios, declarativos da recepción dos devanditos fondos. Non obstante, non constitúe xustificación válida do destino e a aplicación de fondos a simple acreditación do traslado destes con destino aos seus beneficiarios finais, debendo probarse, ademais dos requisitos que en cada caso impoñen as ordes de convocatoria:

- Que as contías recibidas se destinaron á actividade subvencionada e non a outra.

- Que esa actividade foi realizada, respectando as normas de acumulación de subvencións, isto é, que coa percepción de axudas públicas non se está a superar o custo da actividade subvencionada.

- Que existen xustificantes bancarios e, no seu caso, a oportuna documentación contable probatoria da realidade da percepción e de posterior aplicación dos fondos.

- Que os soportes de gasto en que se materializa a aplicación son documentos orixinais e axustados a dereito.

## *Remuneracións, compensación de gastos (axudas de custo e locomoción) dos membros dos órganos representativos das federacións deportivas e do persoal ao seu servizo*

### Órganos representativos das federacións deportivas

As remuneracións dos administradores e membros de xuntas e consellos de administración, así como dos membros dos restantes órganos representativos, atópanse suxeitas -como rendementos do traballo- ao tipo de retención do 35%. Non obstante, as anteriores vinculacións non levan aparellado o réxime de rendas exentas (axudas de custo e locomoción) aplicable ao persoal contratado por conta allea, se ben poderían incorrer en gastos para a realización das súas funcións, entre os que se atopan os necesarios para o seu desprazamento e manutención:

- Se a federación, como órgano pagador, se limita a reembolsar os gastos en que éstes incorreron, sen que poida acreditarse que estritamente veñen a compensar os realizados polo necesario desprazamento para o exercicio das súas funcións ou ben abóalles unha cantidade para que éstes decidan libremente como acudir, encontrariámonos ante auténticas retribucións, con plena suxeición ao IRPF e o sistema de retencións que preceptúa.

- Se pola contra, a federación pon a disposición daqueles os medios para que acudan ao lugar en que deben realizar as súas funcións, é dicir, proporciona o medio de transporte e, se é o caso, o aloxamento, non existirá renda para estes.

O artigo 21 da Orde do 28 de xullo de 1995 establece a prohibición de satisfacer, con cargo a subvencións públicas, compensacións económicas -mesmo as *xustificadas*- a favor dos membros da xunta directiva das federacións deportivas.

**Retribucións, axudas de custo e locomoción do persoal con relación laboral e daquel que carece desta vinculación**

O persoal vinculado á federación por un contrato laboral encóntrase suxeito aos límites e contías establecidos no artigo 8 do RD 214/1999 para a manutención e locomoción (posteriormente, RD 1778/2004, do 30 de xullo), suxeitándose a tributación os excesos que superen as cantidades autorizadas. Deben xustificarse en todo caso os gastos de aloxamento así como a realidade dos desprazamentos.

En relación aos colaboradores e profesionais que realizan traballos para as federacións, mesmo os prestados con carácter continuo e plena dedicación sen que medie relación laboral (adestradores, xuíces, árbitros, deportistas que perciben axudas para a participación en campionatos, persoal administrativo e de servizos) debe observarse o que segue:

- As súas retribucións están obrigatoriamente suxeitas a IRPF, levando aparellada a retención correspondente a actividades profesionais.

- Non existindo relación laboral por conta allea, non poden percibir axudas de custo nin locomoción no réxime anteriormente exposto. Non obstante, en función dos termos establecidos, no seu caso, na contratación externa, os gastos de locomoción, manutención e estanza en que incorra poden ser aboados directamente pola federación ou o profesional; neste último caso, encontrariámonos ante a realización dun *gasto por conta de terceiro*, cuxa reparación pola federación suporía en todo caso un maior ingreso para o profesional, permitíndolle deducir

unicamente os gastos de locomoción, manutención e estanza debidamente acreditados mediante facturas e demais xustificantes.

Nas 17 federacións relacionadas no cadro adxunto obsérvase a elevada porcentaxe que da subvención total percibida, detraídas as axudas a clubs, supón a percepción de axudas de custo e manutención por parte do persoal directivo e colaborador das federacións deportivas. Máis aínda, cando na práctica totalidade das federacións deportivas se verifica a inexistencia de vínculos contractuais de carácter laboral co persoal. Sen prexuízo das conclusións que se obteñen da análise efectuada sobre a mostra seleccionada no epígrafe IV.3, detectouse a satisfacción xeneralizada de remuneracións en forma encubrida en concepto de axudas de custo e locomoción que non figuraban debidamente acreditadas, non resultando admisible como xustificación da percepción de subvencións.

| AXUDAS OUTORGADAS POLA DXD ÁS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS- EXERCICIO 2005<br>AXUDAS DE CUSTO PERCIBIDAS POR MEMBROS DOS ÓRGANOS REPRESENTATIVOS E PERSOAL COLABORADOR DAS FG | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Federación** | **Subvención total** | **Axudas a clubs** | **Resto subvenc.(1)** | **Axudas de custo (2)** | **% (2)/(1)** |
| Federación Galega de Atletismo | 363.768,00 | 49.717,00 | 314.051,00 | 169.521,88 | 53,98% |
| Federación Galega de Xadrez | 105.310,00 | 34.000,00 | 71.310,00 | 32.515,47 | 45,60% |
| Federación Galega de Bádminton | 79.280,00 | 8.800,00 | 70.480,00 | 21.443,51 | 30,42% |
| Federación Galega de Baloncesto | 313.234,00 | 104.105,00 | 209.129,00 | 10.837,00 | 5,18% |
| Federación Galega de Billar | 35.175,00 | 0,00 | 35.175,00 | 23.562,00 | 66,99% |
| Federación Galega de Espeleoloxía | 31.402,00 | 5.002,00 | 26.400,00 | 9.016,63 | 34,15% |
| Federación Galega de Hockei | 64.913,00 | 8.063,00 | 56.850,00 | 33.133,34 | 58,28% |
| Federación Galega de Natación | 210.952,00 | 33.000,00 | 177.952,00 | 16.351,19 | 9,19% |
| Federación Galega de Patinaxe | 148.075,00 | 42.240,00 | 105.835,00 | 69.514,65 | 65,68% |
| Federación Galega de Pelota | 37.912,00 | 6.300,00 | 31.612,00 | 27.307,26 | 86,38% |
| Federación Galega de Rugby | 58.910,00 | 6.000,00 | 52.910,00 | 24.553,63 | 46,41% |
| Federación Galega de Surf | 35.745,00 | 4.945,00 | 30.800,00 | 25.326,52 | 82,23% |
| Federación Galega de Tenis | 196.105,00 | 17.488,00 | 178.617,00 | 17.284,45 | 9,68% |
| Federación Galega de Tenis de Mesa | 69.940,00 | 25.000,00 | 44.940,00 | 24.114,70 | 86,80% |
| Federación Galega de Tiro con Arco | 58.200,00 | 3.600,00 | 54.600,00 | 19.772,92 | 36,21% |
| Federación Galega de Tiro Olímpico | 58.200,00 | 2.500,00 | 55.700,00 | 6.426,96 | 11,54% |
| Federación Galega de Voleibol | 129.734,00 | 15.210,00 | 114.524,00 | 25.753,22 | 22,49% |
| **TOTAL** | **1.996.855,00** | **365.970,00** | **1.630.885,00** | **556.435,33** | **34,12%** |

Por outra banda, as federacións que se relacionan a continuación satisfacían retribucións propiamente ditas, recoñecidas con tal denominación, a diversos colaboradores -mesmo a empregados fóra de nómina- xustificadas mediante un simple *recibí* asinado polo perceptor e, nos supostos en que se indica, suxeitos a retención fiscal do 15% a conta do IRPF.

| AXUDAS OUTORGADAS POLA DXD ÁS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS<br>EXERCICIO 2005<br>RETRIBUCIÓNS DEFICIENTEMENTE XUSTIFICADAS | | |
|---|---|---|
| Federación | Importe | Retención |
| Federación Galega de Atletismo | 81.000,00 | Si |
| Federación Galega de Baloncesto | 2.975,04 | Si |
| Federación Galega de Espeleoloxía | 1.900,00 | Non |
| Federación Galega de Patinaxe | 19.139,80 | Non |
| Federación Galega de Tenis | 1.471,77 | Non |
| Federación Galega de Tiro con arco | 2.548,00 | Si |
| Federación Galega de Voleibol | 2.250,00 | Si |
| TOTAL | 111.284,61 | |

Cabe precisar que as retribucións pola prestación de servizos deben xustificarse mediante recibos salariais (nóminas) nos supostos en que medie relación laboral ou mediante factura normalizada emitida por quen os presta, se a relación é de tipo mercantil, devengarse, en ambos os dous supostos, os correspondentes impostos e cotizacións á Seguridade Social.

***Facturas expedidas por establecementos de hostalaría con motivo da celebración de comidas por causa de reunións do consello de administración, do presidente con persoas alleas ou non á organización federada***

A ausencia de regulación, nas bases de convocatoria publicadas pola Administración deportiva, da natureza concreta dos gastos de carácter subvencionable favoreceu, en determinados supostos, a existencia de excesos de carácter cuantitativo e cualitativo nos gastos financiados con cargo ás axudas públicas, tendo en conta de que o único obxecto destas é a promoción do deporte federado, razón primordial pola que o lexislador declara a súa utilidade pública.

En ningún caso entendemos que revistan carácter subvencionable cando:

- Non se evidencie a existencia dunha relación directa coa promoción da actividade deportiva. Neste sentido, a LXS considera gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

- Non se achen debidamente identificados os motivos nin os comensais participantes.

- Revistan carácter afastado das finalidades de interese público perseguidas co outorgamento de axudas.

Os devanditos gastos poderían, no seu caso, ser obxecto de imputación aos recursos propios e os procedentes de patrocinadores privados obtidos pola federación, o que estará suxeito á censura

dos órganos que validamente a exerzan na forma estatutaria.

**Gastos de telefonía fixa e móbil**

A Administración deportiva non estableceu limitación ningunha á imputación ás subvencións outorgadas dos gastos desta natureza, o que resultaría preciso, a teor tanto da necesidade de optimizar a utilización de recursos públicos escasos coma da súa dificultade de control. Con carácter xeral, non resulta posible verificar a afectación estrita do seu uso aos fins de interese público. Non obstante, ao igual que no apartado anterior, se detectou a existencia de excesos de carácter cuantitativo e cualitativo, como se pon de manifesto na análise das federacións deportivas fiscalizadas.

Naqueles supostos en que, debido á falta de identificación dos usuarios das líñas contratadas ou outras circunstancias, non se evidencia unha relación directa coa promoción da actividade deportiva, non se consideraron gastos subvencionables. Ao igual que no apartado precedente, ditos gastos deberán ser imputados a outros ingresos do presuposto federativo, sen prexuízo do seu sometemento á censura dos órganos competentes.

## IV.2. Requirimentos de documentación xustificativa efectuados a través da DXD.

Ao longo das actuacións de comprobación solicitáronse da DXD os antecedentes e demais xustificantes precisos para a fiscalización das axudas concedidas ás entidades deportivas. Con respecto á documentación relativa a estas últimas que non se encontraba nos expedientes inicialmente facilitados, o anterior centro directivo procedeu ao seu requirimento formal ás Federacións e, por medio destas, aos clubs deportivos. Os xustificantes obtidos, no seu caso, pola DXD, puxéronse a disposición do equipo de fiscalización.

### IV.2.1. Solicitude de facturas e documentos orixinais correspondentes ás axudas outorgadas ás Federacións nos exercicios 2002 e 2003

Como se expuxo con anterioridade, nos exercicios 2002 e 2003 a Administración outorgou axudas ás Federacións deportivas sen outra esixencia que a achega de meras certificacións de gasto conformadas pola secretaría e a presidencia das citadas entidades. Requiriuse a totalidade das facturas e xustificantes orixinais correspondentes ás 57 Federacións beneficiarias neses exercicios. Non obstante:

- Pese á práctica de tres requirimentos sucesivos (19 de marzo, 27 de abril e 19 de xullo de 2007) por parte da DXD, as Federacións de Aeronáutica, Esquí náutico, Rugby e Tenis de Mesa non efectuaron a rendición de xustificante ningún.

- Tras os requirimentos efectuados o 19 de marzo e 27 de abril de 2007, as Federacións de Boxeo e Salvamento e Socorrismo manifestaron a inexistencia de xustificantes relativos aos exercicios 2002 e 2003.

### Consecuencias dos anteriores incumprimentos

Os feitos expresados determinan a obrigatoriedade de instruír o oportuno procedemento de reintegro para a esixencia das axudas outorgadas, sen prexuízo da esixencia do xuro de mora e a imposicións de sancións. Os importes relativos aos anteriores exercicios e entidades detállanse nos cadros que acompañan á análise individual destas que se contén no presente epígrafe.

## IV.2.2. Solicitude dos xustificantes do gasto efectuado polos clubs en aplicación das axudas percibidas no exercicio 2005 da DXD. Xustificación do pagamento correspondente a axudas de custo e liquidacións de carácter individual sufragadas polas Federacións no exercicio 2005.

O 11 de xullo de 2007 núm. rexistro saída (732 do Consello de Contas de Galicia) o equipo de fiscalización requiriu da DXD os extremos que detallan os seguintes puntos **A)** e **B**):

### IV.2.2.A. Xustificación do gasto efectuado polos clubes con cargo ás axudas do 2005.

Facilitouse á DXD a seguinte mostra aleatoria, integrada por 36 clubs correspondentes a 18 federacións deportivas:

| Num. | Federación | Clubs | Importe (euros) |
|---|---|---|---|
| 1 | Federación Galega de Atletismo | C. Deportivo Universidade<br>Liceo Casino | 3.877,00<br>3.758,00 |
| 2 | Federación Galega de Bádminton | Club Bádminton Ás Neves<br>Club Bádminton A Estrada | 2.150,00<br>1.400,00 |
| 3 | Federación Galega de Baloncesto | A.D. Manuel Peleteiro<br>C.B. Seis do Nadal | 5.626,00<br>4.286,00 |
| 4 | Federación Galega de Ciclismo | Cambre<br>Spol | 8.965,77<br>16.196,77 |
| 5 | Federación Galega de Espeleoloxía | G.E.S. C.M. Celtas<br>E.C. Descenso de Canóns | 1.055,23<br>675,25 |
| 6 | Federación Galega de Fútbol | Noyamóvil AT Fátima<br>Pavillón Paternina CF | 6.070,00<br>6.840,00 |
| 7 | Federación Galega de Hóckey | Santo Domingo<br>Alicerces | 1.117,00<br>2.397,50 |
| 8 | Federación Galega de Natación | Club Natación Coruña<br>Club Natación Galaico | 5.107,05<br>5.902,10 |
| 9 | Federación Galega de Patinaxe | Hóckey Patín Club Coruña<br>Club Colexio Santo Domingo | 4.051,00<br>3.751,00 |
| 10 | Federación Galega de Pelota | Club Pelota La Coruña<br>Club Deportivo Vigués | 4.787,00<br>612,00 |
| 11 | Federación Galega de Rugby | A. R. Veteranos Ourense<br>Mareantes C. E. De Pontevedra | 2.057,00<br>1.543,00 |
| 12 | Federación Galega de Surf | A Lanzado Surf Clube<br>Club de Surf Grosso de Doniños | 761,91<br>700,88 |
| 13 | Federación Galega de Tenis | Club de Tenis Coruña<br>C.C. Mercantil de Vigo | 1.398,72<br>932,48 |
| 14 | Federación Galega de Tenis de Mesa | Club Cambados T.M.<br>A.D. Vincios | 5.233,00<br>2.527,00 |
| 15 | Federación Galega de Tiro con Arco | Clube Silex<br>Clube Arco Narón | 450,38<br>414,15 |
| 16 | Federación Galega de Tiro Olímpico | Clube de Tiro Cernadiñas Novas<br>Real Aeroclub de Lugo | 512,92<br>327,56 |
| 17 | Federación Galega de Voleibol | C.V. Pontevedra<br>C.V. Aldebarán | 2.440,00<br>1.825,00 |
| 18 | Federación Galega de Xadrez | Club de Xadrez Padrón<br>Círculo Ferrolano de Ajedrez | 1.234,00<br>1.234,00 |
| **TOTAL MOSTRA** | | | **112.216,67** |

A excepción das Federacións de Natación e Voleibol, para as que non existe constancia do xustificante de recepción correspondente á recepción do escrito de petición, verificouse a remisión pola DXD dos requirimentos ás federacións que reflicte o anterior cadro con data do 19 de xullo de 2007. Reiterouse exclusivamente a devandita petición ás Federacións de Bádminton (4 de setembro de 2007), Natación e Voleibol (22 de novembro de 2007), se ben non foron estas as únicas que incumpriron o deber de achega dos xustificantes inicialmente requiridos. Debido a estas carencias e as deficiencias existentes na documentación achegada, o equipo de

fiscalización requiriu, con data do 28 de decembro de 2007, novamente aos clubs, a través da DXD e nos supostos en que se fará constar:

- A xustificación formal (transferencia ou ingreso bancario) demostrativa do ingreso nas contas bancarias do club das axudas satisfeitas pola respectiva Federación.

- A xustificación formal dos gastos -e os seus pagamentos- efectuados en aplicación das axudas.

- A copia do requirimento efectuado con anterioridade (ao amparo do requirimento efectuado o 11 de xullo de 2007 polo equipo de auditoría) pola respectiva federación con carácter individual a cada un dos clubs. No suposto de que estes non recibisen o oportuno requirimento, solicitábase, por parte de cada un dos clubs, a indicación expresa desta continxencia.

Se ben do teor desta petición se evidencia a pretensión do equipo auditor de obter a documentación xustificativa directamente dos clubs, isto é, sen a intermediación -como acontecera anteriormente- da correspondente federación, a DXD volveu requirir exclusivamente ás federacións deportivas a mencionada documentación. Desta forma, non se estima que o referido centro directivo actuara coa debida dilixencia no cumprimento da obriga de colaborar co Consello de Contas de Galicia. Por outra banda, se ben o escrito establecía un prazo de 15 días hábiles para a posta a disposición do equipo de auditoría da devandita documentación, prazo que finalizaba o 17 de xaneiro de 2008, a DXD non procedeu á práctica de requirimentos ata o 22 de xaneiro, recibíndose información derivada deste ao longo do primeiro semestre do ano 2008. Verificouse así mesmo que nos requirimentos individuais efectuados ás federacións, a DXD facilitaba a estas unha copia ou extracto do escrito formulado por este ente fiscalizador, que incluía a documentación requirida ás restantes federacións, o que, por constituír entidades e procedementos separados, non se considera axeitado aos fins perseguidos con aqueles.

Sen prexuízo das incidencias que se observan a continuación, a consecuencia da análise da documentación remitida, a ausencia, nos supostos nos que se rendeu algún soporte do gasto, dunha conta xustificativa que detalle a totalidade de ingresos- propios, públicos e privados- e gastos dos clubs non permite verificar a axeitada aplicación dos fondos públicos. Nesta orde de cousas, a mera achega de facturas ata o importe da subvención recibida non constitúe xustificación suficiente da axeitada aplicación dos fondos, máis aínda cando non se acompaña da evidencia material do pagamento:

## 1. FG de Atletismo

Con respecto á petición do 11 de xullo, a FG de Atletismo non achegou os xustificantes do gasto realizado polos dous clubs seleccionados, nin existe evidencia de que estes recibisen requirimento por parte desta.

En relación coa petición efectuada o 28 de decembro de 2007, a FGA remitiu á DXD as copias de dous cheques nominativos expedidos aos clubs mostrados, acompañada de copias dos extractos bancarios que recollen a imputación dos importes de 3.877 e 3.758 euros a unha conta corrente de titularidade federativa. Non obstante, non se achegou a xustificación material do ingreso nas contas bancarias titularidade dos clubs, polo que non existe evidencia de entrada material dos fondos nas contas do club.

## 2. FG de Bádminton

Non achegou xustificante ningún, pese a reiteración nos requirimentos de xustificación. Non existe evidencia de que a federación realizara o pagamento das axudas aos clubs nin tampouco de que, no seu caso, requirira aos mesmos xustificantes de gasto.

## 3. FG de Baloncesto

### A.D. Peleteiro (5.626 euros)

Achegou 18 facturas, o importe global das cales se elevaba a 6.215,22 euros:

- As facturas 1 a 7, expedidas polo RESTAURANTE SAN CLEMENTE por importe conxunto de 1.201,94 euros, corresponden a servizos de hostalaría - *ceas de xogadores e cea de fin de tempada,* esta última por importe de 642 euros -sen que se acredite o seu pagamento material polo club. Este último concepto non resulta asimilable ás actividades deportivas ordinarias que a orde de convocatoria subvenciona. Con respecto ás restantes, resulta precisa a concreción exacta do motivo do gasto, cuestionándose noutro caso a imputación deste aos fondos públicos outorgados pola DXD.

- O obxecto das facturas 8 a 17, expedidas pola EMPRESA SEOANE, S.L. por importe conxunto de 4.122,30 euros, constitúen gasto subvencionable, non obstante, adoecen da falta de acreditación formal de pagamento. As facturas 16 e 17 detallan desprazamentos realizados no mes de decembro por importe total de 1.144,60 euros, non constituíndo xustificantes válidos ao

superar o termo temporal (30 de novembro) fixado pola orde reguladora.

- A factura 18 corresponde a material deportivo, resultando precisa a acreditación do seu pagamento polo club.

### C.B. Seis do Nadal Coia (4.286 euros)

Achegou 9 xustificantes, o importe global dos cales ascendeu a 4.319,36 euros.

- Figura un *recibí* do *Comité vigués de árbitros de baloncesto*, entidade carente de personalidade xurídica, toda vez que a identificación fiscal que se fai constar corresponde á FG de Baloncesto por importe de 1.582 euros, sen que ademais figure a identificación fiscal do Club. Non constitúe xustificante válido, debendo achegar a correspondente factura e a proba material do seu pagamento.

- Achéganse tres facturas de servizos de fisioterapia por importe de 420 euros, sen que conste a práctica da oportuna retención, proba de pagamento nin repercusión de IVE. Se ben os servizos de rehabilitación prestados por fisioterapeutas se achan exentos de IVE, a exención non alcanza os tratamentos prestados á marxe ou con independencia dun tratamento médico, o que non figura debidamente acreditado.

- Achéganse catro facturas de telefonía móbil por importe total de 2.126,10 euros (o 50% da axuda concedida), correspondentes a 4 liñas, sen que se coñeza a identidade dos seus usuarios e a súa concreta aplicación á actividade subvencionada. Resulta cuestionable a asimilación deste gasto ás actividades deportivas ordinarias que a orde de convocatoria subvenciona.

- Achégase unha factura de deseño e impresión de lonas por importe de 191,26 euros, cuxo destino e relación coa actividade subvencionada se descoñece, ao tempo que figura expedida o 27 de decembro de 2005, transcorrido o prazo máximo de xustificación das axudas.

## 4. FG de Ciclismo

### C.C.Spol (16.196,77 euros)

A FG achegou 4 facturas, por importe total de 19.715,84 euros:

- As dúas primeiras, expedidas por MARCISPORT,S.L. por contía total de 9.086,18 euros, documenta, sen que se achegue proba do seu pagamento, a adquisición de bicicletas. Este tipo

de activos posúe unha vida útil superior ao exercicio económico, o que os dota de carácter inventariable, resultando frecuente a súa venda con carácter posterior á súa utilización. Desta forma, non resulta posible o financiamento deste tipo de bens con cargo ás subvencións de carácter *corrente (capítulo IV)*, como no caso que nos ocupa. Non constitúen, polo tanto, xustificación válida.

- As restantes, expedidas por EUROPEA DE EQUIPACIONES S.L.(MAGLIASPORT) por contía total de 10.629,66 euros, fan referencia á adquisición de equipacións deportivas, concepto subvencionable con cargo á axuda. Non obstante, resulta preciso achegar a proba material do seu pagamento.

**C.C.Cambre (8.965,77 euros)**

A FG achegou 14 facturas, por importe de 9.104,47 euros, expresándose as incidencias detectadas no seguinte cadro:

| Número de factura | Perceptor | Importe xustificado polo club (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentario |
|---|---|---|---|---|
| 61, 88, 91, 159 e 214/2005 | LEÓN ARTE EN TRANSFER,S.L. | 4.677,55 | Suxeito a condición | As facturas detallan a adquisición de equipación deportiva, concepto subvencionable, non obstante, debe achegarse a proba material do seu pagamento con anterioridade ao fin do período de xustificación. |
| 143 E 205 | DEPORTES CIMANS, S.L. | 2.509,48 | Suxeito a condición | |
| 50,808 | FERRETERRÍA | 70,60 | Suxeito a condición | A factura indica unha conta corrente para a realización do ingreso, debe achegarse a proba material do seu pagamento con anterioridade á fin do período de xustificación. |
| A 503 | TALLERES FORD | 140,94 | 0,00 | Detalla a adquisición de 2 neumáticos para un vehículo tipo turismo cuxa titularidade polo club non se acredita. A natureza destes bens, pezas de recambio, cuxo período de reposición se descoñece, non se atopa inscrita na actividade ordinaria que é obxecto de axuda. |
| 168 | AMBULANCIAS APÓSTOL | 470,00 | Suxeito a condición | Debe achegarse a proba material do seu pagamento con anterioridade ao fin do período de xustificación. |
| 6518/2005 | ALBERGUE JUVENIL | 500,10 | 500,10 | |
| T3205 726 | RENAULT | 429,95 | 0,00 | Revisión, reparacións e reposición de 2 neumáticos para un automóbil cuxa titularidade polo club non se acredita. A reposición de neumáticos non se atopan inscritas na actividade ordinaria que é obxecto de axuda. |
| Recibos 14 a 25 | RENAULT FINANCIACIONES | 3.139,92 | 0,00 | Detalle de 12 cotas mensuais de 261,66 euros xiradas previsiblemente pola adquisición dun vehículo. A súa natureza de inmobilizado non o fai susceptible de ser financiado con cargo á axuda. |

### 5. FG de Espeleoloxía

Con respecto á petición do 11 de xullo, a FG de espeleoloxía non achegou os xustificantes do gasto realizado polos dous clubs seleccionados, nin existe evidencia de que estes recibisen requirimento por parte desta.

Non obstante, revisada a documentación rendida pola FG verificouse a contabilización nos libros maior e diario dos asentos relativos ao recoñecemento e pagamento (o 31 de decembro) das devanditas axudas, así como a imputación á conta corrente operativa do cobramento de dous cheques por contías coincidentes coas axudas fiscalizadas, que non incluían detalle dos seus perceptores finais.

### 6. FG de Fútbol

#### *Noyamóvil Atlético Fátima (6.070 euros)*

A federación achegou unha factura expedida por VIAXES PEILLET,S.L. o 3 de xaneiro de 2005, por importe de 8.100 euros, sen a proba material do seu pagamento e comprensiva da expresión *Desprazamentos do Club N. Atlético Fátima tempada 2004-2005, decembro, xaneiro...* Así mesmo, non se detallan as datas, os usuarios nin os motivos dos desprazamentos facturados, correspondendo en parte ao exercicio 2004, exercicio que se haxa fóra do obxecto da subvención.

A factura achegada non constitúe xustificación válida da axuda outorgada.

#### *Pavillón Paternina C.F. (6.840 euros)*

A federación achegou 25 facturas correspondentes ao desprazamento dos equipos integrantes do club expedidas por AUTOS GONZÁLEZ, S.L. coa mención da súa posta ao cobramento *ao contado.* Debe proporcionarse a evidencia material do seu pagamento.

- 7 das facturas, cuxo importe global ascende a 1.904,60 euros, refiren servizos de transportes realizados no mes de decembro de 2005, polo que non constitúen xustificación válida.

- Con respecto ás 18 restantes, cuxo importe conxunto se eleva a 4.975,50 euros, verificouse que as facturas 51.854 e 51.860, con data de expedición do 31 de outubro de 2005, detallan os desprazamentos de ida e volta do mesmo equipo, *nacional xuvenil*, a A Garda e A Coruña en idéntica data, o 22 de outubro, o que resulta contraditorio. Deberán verificarse por calquera medio de proba admisible (por exemplo, a certificación por órgano competente dos calendarios

dos desprazamentos efectuados polos distintos equipos que integran o club) os desprazamentos consignados nas facturas.

## 7. FG de Hóckey

### *C. Santo Domingo (1.117 euros) e C. Alicerces Picariños (2.397,50 euros)*

En ambos os dous supostos a Federación achegou un detalle de fichas e inscricións coa descrición *recibo de pagamentos* sen que conste a evidencia do seu pagamento material. A identificación do responsable da Federación que declara recibir as respectivas contías, o 10 e o 15 de febreiro de 2005, de 1.207,60 e 2.417,80 euros, corresponde ao seu Director técnico, á súa vez presidente do *C.H. Pabellón*, que no exercicio 2005 resultou beneficiario de axudas outorgadas directamente pola DXD. Este expediente é obxecto de análise no punto V.2.3 do presente informe.

Verificouse que a FG de Hóckey -que así mesmo integra a mostra das axudas fiscalizadas nos exercicios 2002 a 2005- non facía constar os ingresos derivados de licenzas na conta liquidativa presentada ante a DXD. Como xustificante da entrega das axudas outorgadas a estes clubs achegou 2 *recibís* sen indicación da data da súa subscrición, sen sinatura de responsable da federación nin identificación completa do responsable do club. No caso do C.S.Domingo o *recibí* carecía do selo do club.

No escrito de petición formulado o 28 de decembro de 2007 requiriuse a documentación seguinte:

- a xustificación bancaria formal do ingreso na FG dos dereitos (mutualidade e licenzas) satisfeitos polos clubs.

- a xustificación bancaria formal demostrativa do ingreso nas contas de ambos os dous clubs das axudas satisfeitas pola FG.

- a copia do requirimento efectuado con anterioridade por parte da FG a cada un dos devanditos clubs.

De acordo co expresado, non existe evidencia de que a FG de Hóckey entregara as contías procedentes da DXD aos clubs que nos ocupan, nin tampouco de que estes efectuaran o ingreso correspondente ás licenzas que a FG presentou como xustificante.

## 8. FG de Natación

### *CN Coruña (5.107,05 euros)*

Achegáronse 2 copias de facturas expedidas por HALCÓN VIAJES,S.A., polos importes de 1.950 e 3.850 euros, sen evidencia material do seu pagamento, que describían a prestación conxunta de servizos de viaxe e aloxamento sen que figure a identidade das persoas desprazadas, o medio de transporte, o prezo individual dos servizos nin as empresas provedoras destes. Non constitúe, polo tanto, xustificación válida da axuda.

### *CN Galaico Sercoysa (5.902,10 euros)*

Achegáronse as fotocopias compulsadas das facturacións que se conteñen no cadro, detectándose as seguintes incidencias:

| Número de factura | Perceptor | Importe xustificado polo club (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentario |
|---|---|---|---|---|
| ---- | PENSIÓN DALI | 3.175,00 | 0,00 | Trátase dunha factura *pro forma*, non constitúe xustificación válida. |
| 290/02/2005 | VIAJES RASCADO,S.L. | 111,72 | Suxeito a condición | Debe achegarse o motivo do desprazamento e a vinculación da persoa desprazada, así como a proba material do seu pagamento con anterioridade ao fin do período de xustificación. |
| A9/ 05 | ANTONIO GALLEGO CID | 1.457,00 | 0,00 | A factura describe a prestación de servizos de manutención sen ningún tipo de detalle. Non consta, así mesmo, a motivación do gasto e a proba material do seu pagamento con anterioridade ao fin do período de xustificación. |
| 86.524 | HOTEL CRISTAL AEROPUERTO | 1.210,17 | Suxeito a condición | Debe indicarse o motivo do desprazamento, as persoas desprazadas e achegar a evidencia do seu pagamento. |
| 5002370 | MONTE DO GOZO | 964,78 | Suxeito a condición | Debe indicarse o motivo do desprazamento, as persoas desprazadas e achegar a evidencia do seu pagamento. |
| 64/05 | VIAJES ARANY | 221,44 | Suxeito a condición | Debe indicarse o motivo de desprazamento; a factura figura pendente de pagamento, debe achegarse a súa evidencia. |
| 15995 | HOTEL PONTIÑAS | 1.326,00 | 0,00 | Non consta a identificación fiscal do destinatario nin as datas de prestación dos servizos, non constitúe unha factura normalizada. Non existe constancia dos usuarios do servizo nin do seu pagamento. |
| TOTAL | | 8.466,11 | | |

Pese requirir de forma expresa a xustificación bancaria formal dos pagamentos efectuados pola FG de Natación aos anteriores clubs, unicamente se achegaron os asentos representativos da súa imputación á contabilidade. Polo tanto, non existe evidencia da realización dos referidos pagamentos.

### 9. FG de Patinaxe

#### *Hóckey Club Patín Coruña (4.051)*

Presenta unha factura de VIAJES EL CORTE INGLÉS por importe de 6.028,38 euros, con mención da estanza do *equipo máis acompañante* no Hotel Eurostar (Madrid) entre o 5 e 8 de maio de 2005. Non obstante, non se menciona o motivo do desprazamento, o detalle individual dos servizos prestados nin os seus usuarios, nin se contén a evidencia material do seu pagamento.

#### *Club Colexio Santo Domingo (3.751)*

Presenta unha factura por importe de 11.241,42 euros, expedida o 31 de decembro de 2005 por AUTOCARES SEREN S.L. e comprensiva dunha pluralidade de desprazamentos efectuados ao longo dos meses de xaneiro a maio de 2005. Vulnérase o prazo establecido polo artigo 9.1 do RD 1496/2003 para a expedición de facturas, sen que se achegue a proba material do seu pagamento.

### 10. FG de Pelota

Non achegou xustificante ningún, pese á reiteración nos requirimentos de xustificación. Non existe evidencia de que a federación realizara o pagamento das axudas aos clubs nin tampouco de que, no seu caso, requirira aos mesmos xustificantes de gasto.

### 11.FG de Rugby

Non achegou xustificante ningún, pese á reiteración nos requirimentos de xustificación. Non existe evidencia de que a federación realizara o pagamento das axudas aos clubs nin tampouco de que, no seu caso, requirira aos mesmos xustificantes de gasto.

## 12. FG de Surf

### *A Lanzada Surf C. (761,91 euros)*

A Federación achegou como xustificación a factura núm. 1/2005, expedida o 22 de xaneiro pola propia FG, que por importe de 853,99 euros detalla a venda de táboas de surf ao club que nos ocupa. Este tipo de activos posúe unha vida útil que excede o exercicio económico, non resultando financiable con cargo á subvención, de carácter corrente, outorgada pola DXD.

Requirida posteriormente a xustificación do pagamento, verificouse o ingreso do anterior importe na conta corrente da FG o 25 de outubro de 2004, polo que a adquisición efectuada corresponde a un exercicio anterior ao da axuda outorgada, non constituíndo xustificación válida.

Noutra orde de cousas, revisada a conta liquidativa da subvención percibida pola FG de Surf no exercicio 2005, non figura no detalle dos ingresos declarados concepto ningún relativo á venda de táboas de surf ou outros activos. Esta entidade declaraba, na documentación que acompañaba á solicitude de axudas para o exercicio 2005, a existencia de beneficios de 4.874,43 euros ao peche do exercicio 2004. Este resultado contable supón que a axuda outorgada en 2004 pola DXD excede do custo das actuacións efectuadas pola Federación, o que fai improcedente, na contía indicada, a subvención outorgada con cargo a fondos de carácter público. Estes feitos deberán ser obxecto de revisión pola DXD, instruíndo, se é o caso, o oportuno procedemento de reintegro.

A FG percibiu o 29 de marzo de 2005 a metade da axuda outorgada pola DXD para o devandito exercicio (35.745 euros), ingresando a contía restante o 26 de decembro. Non obstante, non efectuou a transferencia bancaria ao club ata o 9 de febreiro de 2006, pese a constar a subscrición dun *recibí* polo presidente do A Lanzada Surf *C.* con data do 15 de xuño de 2005. Este feito determina a inconsistencia do citado recibo, que non obstante se aceptou como xustificación para o pagamento de axudas no exercicio 2005.

### *C.de Surf Grosso de Doniños (700,88 euros)*

A Federación achegou como xustificación os seguintes documentos:

- Dúas fotocopias de facturas expedidas por RILO DOPICO E RILO MAQUINARIA, S.L., polos respectivos importes de 494,40 e 530,89 euros.

-A factura núm. 4/2005, expedida o 23 de maio pola propia FG, que por importe de 210 euros

detalla os dereitos de inscrición en 2 campionatos celebrados na CA.

Requirida a xustificación formal do seu pagamento, non se achegou documentación en relación coas dúas primeiras facturacións. En relación coa expedida pola FG, achegouse un extracto bancario que relaciona o pagamento de 280 euros polo concepto de *fichas* o 1 de marzo de 2008, sen que se poida apreciar, a teor das datas sinaladas, a relación existente entre o devandito pagamento e a citada factura. A xustificación facilitada, polo tanto, non é válida.

Verificouse o ingreso, con data do 9 de febreiro de 2006, da axuda outorgada pola DXD a través da FG, pese que, ao igual que no suposto precedente, o *recibí* xustificativo achegado á Administración autonómica refírese ao 15 de xuño de 2005.

## 13. FG de Tenis

### *Club de Tenis Coruña (1.398,72 euros)*

A FG achegou 2 fotocopias de facturas correspondentes a material deportivo, expedidas por DEPORTES CIMANS, S.L. cuxa contía total se eleva a 1.440,95 euros, sen que se achegue a proba do seu pagamento. Polo tanto, non constitúen xustificación válida.

### *CC Mercantil Vigo (932,48 euros)*

Verificouse a achega de 6 facturas escaneadas expedidas por DEPORTES CARLOS MIGUEL -unha das cales, de 183,36 euros, figura expedida o 20 de decembro de 2006-, DEPORTES EL SIETE E TROFEOS JALDA, por importe conxunto de 1.144,13 euros. Non constituíndo facturas orixinais, tampouco se achegou a evidencia material do seu pagamento, polo que non constitúen xustificación válida.

## 14. FG de Tenis de Mesa

### *Club Cambados T.M. (5.233 euros)*

Pese á reiteración na súa solicitude, non se achegou ningún xustificante formal dos gastos e pagamentos efectuados en aplicación da axuda. Por outra banda, non existe constancia de que a FG efectuara ao club o pagamento da axuda percibida da DXD, nin así mesmo de que o citado club recibira o requirimento de xustificación por parte daquela.

### *A.D. Vincios (2.527 euros)*

Achegáronse 7 facturacións, por importe conxunto de 2.530,61 euros, precisándose o que segue:

- Con respecto ás 2 facturas, expedidas por HOTEL ESCUDERO, cuxa contía se eleva a 992,26 euros, non se indica o motivo do desprazamento nin a identidade dos usuarios do servizo, non achegando evidencia do seu pagamento.

- A factura correspondente ao aluguer de vehículo expedida por NACIONAL ATESA (284,07 euros) non especifica o destino do gasto nin acompaña a proba material do seu pagamento.

- As 4 facturas expedidas por DMV MADISON S.L., relativas a aprovisionamento de material deportivo, non se acompañan da evidencia formal do seu pagamento.

## 15. FG de Tiro con Arco

### *Club Silex (450,38 euros) e Club Arco Narón ( 414,15 euros)*

Ambos os dous clubs comunicaron á DXD, en escritos do 6 e 25 de agosto de 2007, non recibir ningunha subvención polos citados importes no exercicio 2005. Así mesmo, manifestaron non ter constancia de percibir ningunha subvención con cargo ao programa V da Orde do 30 de setembro de 2004, de convocatoria de subvencións a federacións deportivas.

Con data de 17 de setembro de 2007 (núm. Rexistro entrada 3312, da DXD) a FG pon de manifesto, sen achegar outra evidencia documental:

- Que como queira que as anteriores cantidades (450,38 e 414,15 euros), outorgadas ao final do ano 2005, foron obxecto de reclamación, non se abonaron ata o exercicio 2006, resoltas as mesmas.

- Que as cantidades definitivamente asignadas aos clubs foron as de 417,42 e 415,40 euros, facéndose efectivas mediante talóns cobrados, respectivamente, o 27 de outubro e o 4 de novembro de 2006.

Xunto aos xustificantes formais dos gastos efectuados, se é o caso, en aplicación da axuda, requiriuse a xustificación documental do ingreso das anteriores cantidades así como a correspondente aos ingresos que se percibisen nos exercicios posteriores. Non se verificou, neste último trámite, a achega de documentación xustificativa.

### 16. FG de Tiro Olímpico

Non se achegou, pese á súa petición reiterada, documentación relativa á xustificación formal dos gastos e pagamentos efectuados polos 2 clubs en aplicación das axudas recibidas, non existindo constancia da recepción do requirimento por parte destes.

Non obstante, verificáronse os cargos bancarios correspondentes ao pagamento das axudas aos devanditos clubs por parte da FG, cun atraso superior a 6 meses con respecto á data que constaba en *recibís* subscritos por aqueles e de máis de 10 meses con respecto á percepción do anticipo do 50% sobre o total das axudas concedidas á federación.

### 17. FG de Voleibol

#### *C.V. Pontevedra (2.440 euros)*

- A FG achegou 2 facturacións expedidas pola propia entidade federativa, sen proba formal das transferencias bancarias subseguintes, relativas ao cobramento de licenzas (1.304 euros) e Mutualidades (808 euros). Non obstante e con carácter contraditorio, na conta liquidativa presentada pola FG para o cobramento da subvención outorgada pola DXD (129.734 euros), non se recoñecen a existencia de máis ingresos que os procedentes da Administración autonómica. Este feito deberá ser revisado pola DXD, podéndose producir unha duplicación no financiamento das licenzas (percibida polos clubs, e pola propia federación, que non declara os devanditos ingresos).

- Achegouse unha factura xirada ao C.V.C. Durán -ignorándose a relación existente deste co club que nos ocupa-, por importe de 450 euros, expedida pola FG de Natación en concepto do uso das instalacións do Centro Galego de Tecnificación Deportiva. Paradóxicamente, a dita factura figura estampillada polo Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra, servindo para a xustificación dunha subvención correspondente a 2005.

De acordo co expresado, a xustificación achegada non é válida.

#### *C.V. Aldebarán (1.825 euros)*

A FG achegou as seguintes facturacións:

- Unha factura non normalizada expedida por HALCÓN VIAJES por importe de 2.648 euros, sen expresión do IVE nin do provedor que presta o servizo de aloxamento.

- Unha factura de 1.805 euros expedida por TRANSPORTES GARCÍA SECO, S.L.con detalle de desprazamentos efectuados nos meses de xaneiro e febreiro de 2005.

Sen prexuízo do sinalado, a eficacia das anteriores facturas atópase condicionada á achega da evidencia material do seu pagamento.

## 18. FG de Xadrez

### *Club de Xadrez Padrón (1.234 euros)*

A FG achegou 6 xustificantes cuxa contía conxunta se eleva a 1.295,90 euros, observándose as seguintes incidencias:

- 4 destes, por importe conxunto de 722,30 euros, consisten en *recibís* subscritos por 3 xogadores e un monitor nos respectivos conceptos de compensación por desprazamentos e servizos prestados, sen que se xustifiquen documentalmente os mesmos, constituíndo así retribucións que non se suxeitaron a retención.

- Adicionalmente achegáronse dúas facturas expedidas por importe conxunto de 573,60 euros, pola JOYERÍA RIVEIRO, relativas á adquisición de trofeos, que non incorporaban evidencia material do seu pagamento. A factura número A05/000141, expedida o 16 de decembro de 2005, sitúase fóra da anualidade subvencionable.

Polo tanto, a documentación presentada non constitúe xustificación válida.

### *Círculo Ferrolano de Ajedrez (1.234 euros)*

A FG achegou 8 facturas cuxa contía global se eleva a 1.234,95 euros, observándose as seguintes incidencias:

- As facturas expedidas por GALINFORTEL, S.L.(44 euros), BUTANO CALLAO (100 euros) e PIMANET, S.L.(PC BOX) (810,07 euros) corresponden, respectivamente, á adquisición dun teléfono móbil, unha estufa e un ordenador, polo que non revisten o carácter de subvencionables con cargo á orde de convocatoria.

- As facturas cuxo número de orde corresponde á 7ª e 8ª -referida a compoñentes dun ordenador-, cuxa suma ascende a 54,66 euros, expedíronse no mes de decembro de 2005, transcorrido o período máximo de xustificación establecido pola orde de convocatoria.

- A factura núm. orde 1, expedida por HOTEL CEMAR por importe de 207,50 euros, debe precisar o motivo e usuarios do desprazamento, sen prexuízo de que o seu pagamento non fose acreditado.

Polo tanto, non constitúen xustificación válida as anteriores facturacións, cuxa contía conxunta se eleva a 1.216,23 euros.

### Consecuencias dos anteriores incumprimentos

A teor das incidencias que se puxeron de manifesto, a DXD deberá proceder á incoación dos procedementos de reintegro de axudas nos supostos de falta de rendición ou rendición insuficiente de xustificantes. Ao amparo da regulación contida na orde e o disposto na normativa reguladora de aplicación xeral, deberán incoarse os procedementos sancionadores que procedan á vista das infraccións derivadas da falta de atención aos requirimentos de xustificación.

### IV.2.2.B. Xustificación do pagamento de dietas a perceptores individuais.

En relación cos gastos que figuraban nas relacións de perceptores achegadas polas Federacións no exercicio 2005 coa denominación de liquidacións de gastos de carácter individual, axudas de custo, colaboracións técnicas, etc..., e que non se xustificaban mediante facturas ou nóminas, solicitáronse os xustificantes de pagamento correspondentes ás seguintes federacións, que representaban as contías que se indican no seguinte cadro. Neste fanse constar as cantidades que non foron obxecto de xustificación, a teor das incidencias que se puxeron de manifesto:

| Federación | Importe (euros) | Contías non xustificadas (euros) |
|---|---|---|
| Federación Galega de Atletismo | 169.521,88 | 169.521,88 |
| Federación Galega de Espeleoloxía | 10.705,18 | 10.125,71 |
| Federación Galega de Patinaxe | 69.514,65 | 47.583,94 |
| Federación Galega de Pelota | 27.307,26 | 27.307,26 |
| Federación Galega de Surf | 25.326,52 | 25.326,52 |
| Federación Galega de Tenis de Mesa | 24.114,70 | 24.114,70 |
| **TOTAL** | **326.490,19** | **303.980,01** |

Non se verificou a rendición de xustificación ningunha por parte das Federacións de **ATLETISMO**, **PELOTA, SURF E TENIS DE MESA**, polo que non queda acreditada a realidade nin o destino último dos citados pagamentos, financiados con cargo á subvención outorgada pola DXD no exercicio 2005.

O montante total dos gastos mostrados refírese ao pagamento de retribucións encubertas, ben documentadas como compensacións pola prestación de servizos, ben mediante axudas de custo e locomoción sen a debida acreditación, os cales non se suxeitaron aos réximes de tributación obrigatoria de IRPF. polo que, ademais de non servir ao obxecto de xustificación das axudas, poderían orixinar continxencias de índole fiscal.

Con respecto aos soportes documentais facilitados pola **FG DE PATINAXE**, observáronse os seguintes feitos:

- Solicitando a xustificación de pagamentos por importe de 69.514,65 euros, achegáronse cheques por importe de 39.483,67 euros, figurando así mesmo nos extractos bancarios achegados pagamentos por importe de 41.161,99 euros. Desta forma, non se facilitou, en todo caso, a xustificación do pagamento de 28.352,66 euros.

- Consignouse na documentación achegada a práctica de retencións a colaboradores do 15% sobre a contía bruta de 37.003,64 euros, o que supón o abono de 31.453,09 euros. Non obstante, unicamente puido verificarse o pagamento material de 21.930,71 euros, o que supón unha contía líquida de 18.641,10 e unhas retencións fiscais - das que non se achega a proba da súa oportuna liquidación e ingreso- de 3.289,61 euros.

- Confrontados os conceptos de gasto que figuran nas relacións de perceptores cos extractos bancarios achegados, unicamente se identificaron os xustificantes bancarios correspondentes ao pagamento de axudas de custo e locomoción por importe de 920, 88 euros.

- Non se acreditou, polo tanto, o pagamento de colaboracións por importe de 46.663,06 euros. Para os efectos da admisibilidade como xustificación desta contía, deberán identificarse de xeito preciso as contías efectivamente sufragadas, habida conta de que algúns dos xustificantes bancarios achegados poderían agrupar o pagamento dunha pluralidade de remuneracións, sen que neste trámite resultase posible a súa axeitada identificación.

As incidencias detectadas na documentación rendida pola **FG DE ESPELEOLOXÍA** figuran no seguinte cadro:

| Programa | NRP (número da relación de preceptores) | Importe de axudas de custo e colaboracións | Comentario | Contías cuxo pagamento foi obxecto de verificación | Cantidade admisible como xustificación | Cantidade que carece de xustificación suficiente |
|---|---|---|---|---|---|---|
| I | 1 a 22; 190 e 191 | 3.793,80 | Trátase de axudas de custo, manutención e quilometraxe sen a debida xustificación, materializada en pagamentos mensuais de carácter fixo a persoal federativo | 3.793,80 | 0,00 | 3.793,80 (1) |
| | 85 a 114; 140 e 141; 145 a 147; 158 e 159;168 a 174; 184 a 189; 202 a 206; 210 a 212 | 3.381,03 | Trátase do pagamento de gastos de desprazamento (quilometraxe e autoestrada) | 647,47 | 579,47 | 2.801,56(2) |
| III | 240 a 245; 248 a 257; 263 a 268; | 2.530,35 | Pagamentos a persoas físicas por impartición de docencia, a excepción dos NRP 267 e 268, documentados en sendos *recibís*, os restantes gastos refírense a axudas de custo e locomoción sen axeitada xustificación | 900,00 | 0,00 | 2.530,35(3) |
| VI | 288 e 289 | 1.000,00 | *Recibís* que documentan anticipos a persoas físicas pola impartición de conferencias | 0,00 | 0,00 | 1.000,00(4) |
| **TOTAL** | | **10.705,18** | | **5.341,27** | **579,47** | **10.125,71** |

(1) Trátase de retribucións satisfeitas con carácter encuberto, sen que conste a oportuna retención de IRPF nin a existencia de cotización á Seguridade Social, polo que, a pesar de acharse probado o seu pagamento, non poden constituír xustificación válida para o pagamento dunha axuda con cargo a fondos públicos.
(2) Consideráronse xustificación suficiente os supostos nos que o desprazamento se acreditou e se obtivo evidencia individualizada do seu pagamento material.
(3) Non consta o pagamento material; nos dous supostos en que este consta, non se suxeitan á correspondente retención por IRPF.
(4) Non consta o pagamento material nin a suxeición a retención por IRPF.

### IV.2.3. Solicitude de xustificación dos pagamentos efectuados a clubs polas federacións no exercicio 2005. Xustificación de gastos e pagamentos das axudas outorgadas aos clubs nos exercicios 2002 e 2003.

O 28 de decembro de 2007 num. rexistro saída (1.448 do Consello de Contas de Galicia) requiriuse da DXD a documentación que se recolle nos puntos **A, B** e **C** seguintes:

#### IV.2.3.A Pagamentos das axudas a clubs no 2005.

Solicitouse a xustificación documental das transferencias ou cargos bancarios da totalidade das contías ingresadas polas federacións que se reflicten no seguinte cadro aos clubs deportivos integrados nestas, con identificación das datas dos cargos bancarios e beneficiarios no exercicio 2005.

O cadro reflicte as contías que non foron obxecto de xustificación, a teor das incidencias que se poñen de manifesto a continuación:

| Núm. | Federación | Axudas a clubs (euros) | Contías non xustificadas (euros) |
|---|---|---|---|
| 1 | Atletismo | 49.717,00 | 42.082,00 |
| 2 | Bádminton | 8.800,00 | 8.800,00 |
| 3 | Pelota | 6.300,00 | 6.300,00 |
| 4 | Rugby | 6.000,00 | 6.000,00 |
| 5 | Tenis de Mesa | 25.000,00 | 25.000,00 |
| 6 | Tiro Olímpico | 2.500,00 | |
| 7 | Surf | 4.945,00 | 2.322,18 |
| 8 | Tiro con Arco | 3.600,00 | 3.600,00 |
| 9 | Hóckey | 8.063,00 | 8.063,00 |
| 10 | Natación | 33.000,00 | 33.000,00 |
| TOTAL | | 147.925,00 | 135.167,18 |

Observáronse os seguintes feitos:

### 1. FG de Atletismo

Unicamente se achegou a copia dos talóns nominativos e a súa imputación á conta corrente da FG do C. Deportivo Universidade e C. Liceo Marítimo, por importe de 7.635 euros.

Non se facilitou xustificación ningunha que evidencie o pagamento de axudas, con cargo aos fondos percibidos da C.A., aos restantes 59 clubs por importe conxunto de 42.082 euros.

### 2. FG de Bádminton; 3. FG de Pelota; 4. FG de Rugby; 5. FG de Tenis de Mesa e 8. FG de Tiro con Arco

Ningunha das federacións anteriores respondeu ao requirimento efectuado, non verificándose polo tanto a existencia de xustificación que evidencie o pagamento de axudas a clubs, con cargo aos fondos percibidos da DXD, polo importe global de 49.700 euros.

### 6. FG de Tiro Olímpico

Verificáronse os cargos bancarios correspondentes ao pagamento das axudas polo importe total concedido (2.500 euros), percibidos cun atraso superior a 6 meses con respecto á data que constaba en *recibís* asinados polos clubs -que documentaban o cobramento do 80% da axuda- e

de máis de 10 meses con respecto á percepción do anticipo do 50% sobre o total das axudas concedidas á federación. Os citados *recibís*, presentados como xustificación para o cobramento das axudas, revisten polo tanto un carácter inconsistente.

## 7. FG de Surf

Achegáronse *recibís* subscritos por 13 clubs por importe de 4.945 euros, datados o 15 de xuño de 2005. Obsérvanse as seguintes incidencias:

- Verificouse o pagamento de axudas a 5 dos anteriores clubs, por importe de 2.622,82 euros, a través de transferencias bancarias efectuadas o 9 de febreiro de 2006. Reitérase o exposto en relación coa inconsistencia de recibís na análise de *A Lanzada Surf C. e C. de Surf Grosso Doniños*.

- Respecto aos restantes, facilitáronse 8 facturacións expedidas o 30 de decembro de 2005 pola FG aos devanditos clubs, que documentaban a compensación de licenzas e dereitos de inscrición coas contías outorgadas pola DXD. Pese que na totalidade dos casos se producía un pequeno resto a favor da FG, non se achegou a proba do seu pagamento polos clubs.

A posibilidade de efectuar compensacións non se acha expresamente considerada pola orde, polo que, nos supostos en que proceda, debe quedar correctamente documentada, o que non sucede no caso que nos ocupa. Non se coñece a data de posta a disposición ao cobramento dos recibos correspondentes aos dereitos federativos, non figura a solicitude nin a aceptación da compensación por parte dos clubs, que subscriben a percepción, o 15 de xuño de 2005, dunhas axudas que non foron efectivamente satisfeitas. Por outra banda, a achega de facturacións compensatorias, sen que exista constancia da aceptación por parte dos clubs, non constitúe proba suficiente do pagamento das axudas.

A orde de convocatoria non establece os prazos nin a forma concreta en que deben documentarse e realizarse os pagamentos das axudas aos clubs, o que favorece a actuación discrecional das federacións, tanto en relación co momento do pagamento coma en relación coas xustificacións que deben ser esixidas pola Federación aos clubs e pola propia DXD á Federación. Pese que a FG percibiu un anticipo do 50% o 29 de marzo de 2005, no que debe entenderse comprendida a contía correspondente á metade das axudas a satisfacer aos clubs, percibindo a cantidade restante o 26 de decembro do mesmo ano, non procedeu ao pagamento efectivo das axudas -en 5 únicos supostos en que se verificou- ata o 9 de febreiro de 2006. Sen prexuízo de que o artigo 19.5 LXS (publicada, aínda que non aplicable polas razóns expostas ás axudas

fiscalizadas) esixe a afectación dos intereses devengados ás actividades subvencionadas, as facultades discrecionais outorgadas ás federacións revisten un carácter excesivo e inmotivado.

### *9. FG de Hóckey*

Non se achegou xustificación que evidencie o pagamento de axudas a clubs, con cargo aos fondos percibidos da C.A, por importe conxunto de 8.063 euros, entre os que se atopaban os dous integrantes da mostra a que se fixo referencia con anterioridade. A diferenza destes supostos, nos *recibís* correspondentes aos 10 clubs restantes figura a data de recepción dos fondos, o 20 ou 21 de novembro de 2005, na totalidade dos casos. Non obstante, non consta a sinatura de responsable da FG nin a identificación completa do responsable do club que subscribe o *recibí*, que no suposto do *Club Montealegre* coincidía co secretario da FG.

### *10. FG de Natación*

Requirida a proba material do pagamento de axudas, por importe global de 33.000 euros, a un total de 34 clubs incluídos na relación de perceptores presentada como xustificación pola FG, puxéronse de manifesto as seguintes incidencias:

1) Achegáronse as copias de 4 talóns nominativos cuxas contías non coinciden, salvo no suposto do CN As Pontes, coas que a FG manifestaba entregar aos clubs na xustificación (relación de perceptores correspondente ao *capítulo V )* rendida á DXD no exercicio 2005, o que deberá ser revisado pola DXD. Se ben a FG contabilizou os pagamentos destas subvencións o 31 de decembro de 2005, as datas que figuran nos talóns e *recibís* contradín estes asentos, por canto se consignou o 27 de marzo de 2006. Por outra banda, non se achegou a evidencia documental da imputación á conta corrente da federación de ningunha das anteriores contías:

| Club | Importe que figura na relación de perceptores | Importe que figura no recibí e na copia do talón | Diferenzas | Recibí do club | Data de expedición do talón |
|---|---|---|---|---|---|
| CN As Pontes | 532,36 | 1.400,54 | 868,18 | 27/03/2006 | 27/03/2006 |
| CN Montrove | 262,88 | 262,88 | 0,00 | 27/03/2006 | 27/03/2006 |
| CN Lalín | 1.432,11 | 838,03 | -594,08 | 27/03/2006 | 27/03/2006 |
| CN Ponteareas | 379,34 | 217,16 | -162,18 | Non figura *recibí* | Non consta a data |

2) En relación cos 30 clubs restantes, aos que correspondería o cobramento de 30.281,39 euros, non se achegou ningún xustificante do seu pagamento. A única documentación achegada, consistente en listados informáticos extraidos do libro maior da entidade, evidencian a existencia

de diferenzas entre as cantidades xustificadas ante a DXD e as que se manifesta entregar os clubs.

Polo tanto, non se atopa xustificada a totalidade da contía do programa V (33.000 euros).

En relación coas consecuencias dos anteriores incumprimentos, danse por reproducidas as expresados en relación co punto **A)** do epígrafe **IV.2.2**

### IV.2.3.B Pagamentos das axudas a federacións e clubs no 2002 e 2003.

En relación cos exercicios 2002 e 2003, con respecto ás federacións que se indican no cadro adxunto solicitouse:

- a xustificación documental das transferencias bancarias polas que a Xunta de Galicia ingresou o total das axudas relativas ao programa III (axudas a clubs). Pese que a citada xustificación debía obterse dos rexistros e documentos bancarios das federacións deportivas, a DXD, sen ter instado consulta ou aclaración por parte do equipo auditor, interpretou erroneamente que esta documentación se contiña nas carpetas de documentos contables do propio centro directivo, polo que non efectuou a devandita petición ás entidades auditadas. Contrariamente ao exposto, no mesmo escrito en que se facía constar este feito indicábase que nas carpetas correspondentes a 2003 non se achaban os xustificantes de pagamento, ao ser aboados dende a Consellería de Economía.

- a xustificación documental das transferencias ou cargos bancarios da totalidade das contías ingresadas polas Federacións a cada un dos clubs subvencionados, identificando as datas dos cargos bancarios e dos seus beneficiarios. O cadro reflicte as contías que non foron obxecto de xustificación, a teor das incidencias que se poñen de manifesto a continuación:

| | Federación | Axudas a clubs do exercicio 2002 (euros) | Contías non xustificadas (euros) | Axudas a clubs do exercicio 2003 (euros) | Contías non xustificadas (euros) |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Aeronáutica | 10.517,70 | 10.517,70 | 6.010,12 | 6.010,12 |
| 2 | Atletismo | 180.173,09 | 41.891,09 | 67.162,60 | 28.909,01 |
| 3 | Boxeo | 3.606,06 | 3.606,06 | 3.600,00 | 3.600,00 |
| 4 | Hóckey | 82.789,42 | 82.789,42 | 6.800,00 | 6.800,00 |
| 5 | Patinaxe | 484.452,69 | 435.470,20 | 48.009,61 | 48.009,61 |
| 6 | Rugby | 80.475,52 | 80.475,52 | 8.400,00 | 8.400,00 |
| 7 | Tenis de Mesa | 54.061,04 | 54.061,04 | 30.972,00 | 30.972,00 |
| **TOTAL** | | **896.075,52** | **708.811,03** | **170.954,33** | **132.700,74** |

## 1. FG de Aeronáutica

### *Exercicio 2002*

De acordo coa xustificación presentada pola FG, os clubs subvencionados ao amparo do programa III da orde de convocatoria foron o *Real Aeroclub de Lugo* e o *Club Aeronáutico de Ferrol*, nas respectivas contías de 3.005,05 e 7.512,65 euros. Entre a documentación rendida o 22 de febreiro de 2008 pola FG non se atopaba a xustificación do pagamento das devanditas contías aos referidos clubs.

Non obstante, facilitouse documentación relativa a 8 clubs que percibiron axudas con cargo ás cantidades concedidas pola DXD con cargo aos programas II e IV de gastos (competicións e gastos xerais). Estes xustificantes, que se integraban entre os requiridos -e non achegados- sucesivamente pola DXD, a instancia desta entidade fiscalizadora, o 19 de marzo, 27 de abril e 19 xullo de 2007, son obxecto de tratamento na análise efectuada á FG de Aeronáutica.

### Exercicio 2003

A resposta ao requirimento achegada pola FG detalla a concesión das respectivas contías de 2.103,54, 1.803,04 e 2.103,54 aos Clubs *Cidade de Mondoñedo*, *Papaventos* e *Quiroga Chinchetos* no acordo da Asemblea Xeral Ordinaria do 8 de marzo de 2003. A FG achegou *recibís* subscritos polos anteriores clubs nas seguintes contías:

-2.000, 1.500 e 2.000 euros, respectivamente, en forma de cheques, reflectindo como datas de entrega destes o 12 de agosto (*Cidade de Mondoñedo)* e 10 de novembro de 2003 para os restantes. Non se achegou copia dos cheques entregados, facilitando extractos bancarios da imputación das contías citadas á conta corrente da FG nas respectivas datas do 12 de agosto, 12 de setembro -incongruente coa data consignada no *recibí*- e 24 de novembro de 2003. Posto que os extractos non contiñan a identidade do beneficiario dos cheques e a FG non achegou a xustificación formal do ingreso nas contas bancarias dos clubs, non se considera suficiente a xustificación achegada.

-103.54, 303,04 e 103,54 euros, declarando a súa percepción en efectivo, sen que se acompañen os libros maiores de caixa física e as contas anuais aprobadas que permitan a verificación deste extremo, polo que non se considera suficiente a xustificación achegada.

## 2. FG de Atletismo

Unicamente achegou a evidencia material do pagamento de axudas aos clubs que se detallan no cadro anexo no punto **III.C**, polo que non se achan xustificadas as contías de 41.891,09 e 28.909,01 euros correspondentes aos exercicios 2002 e 2003.

## 3. FG de Boxeo; 4. FG de Hóckey; 6. FG de Rugby;7. FG de Tenis de Mesa

As anteriores federacións non responderon ao requirimento, polo que, sen prexuízo de incoación dos oportunos procedementos, non existe evidencia de que as mesmas efectuaran os pagamentos a clubs con cargo aos fondos percibidos nos exercicios 2002 e 2003 da SXD, e que ascenderon, respectivamente, á contía global de 220.932,04 e 49.772 euros.

## 5. FG de Patinaxe

A federación comunicou, en escrito do 11 de febreiro de 2008, que os soportes bancarios das axudas satisfeitas aos clubs foran enviados á DXD xunto ao escrito que tivo entrada nesta o 17 de abril de 2007, a consecuencia da solicitude de información inicial efectuada por este centro directivo a instancia do Consello de Contas. Non obstante, revisada esta documentación, a única xustificación bancaria achegada era a copia dun cheque polo que se satisfacía a axuda (48.982,49 euros) correspondente ao club *Vigo Stick H.C.* Facilitando este club o extracto da súa conta corrente, verificouse o cobramento da devandita contía o 14 de xaneiro de 2003.

De acordo co expresado, non existe evidencia material do pagamento de axudas aos clubs, con cargo aos fondos percibidos da SXD nos exercicios 2002 e 2003, polos respectivos importes de 435.470,20 e 48.009,61 euros.

## IV.2.3.C. Documentación xustificativa da aplicación polos clubs da axuda obtida en 2002 e 2003.

En relación cos exercicios 2002 e 2003, con respecto aos clubs que se indican a continuación, a seguinte documentación:

- A xustificación formal (transferencia ou ingreso bancario) demostrativa do ingreso nas contas bancarias do club das axudas satisfeitas pola respectiva federación con cargo ao programa III.

- Os xustificantes formais dos gastos -e os seus pagamentos- efectuados en aplicación das anteriores axudas.

| | Federación | Clubs, axudas percibidas en 2002 | | Clubs, axudas percibidas en 2003 | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Aeronáutica | Real Aero Club de Lugo | 3.005,05 | Club Ciudad de Mondoñedo | 2.103,54 |
| | | Club Aeronáutico Ferrol | 7.512,65 | Club Papaventos | 1.803,04 |
| | | | | Club Quiroga Chinchetos | 2.103,54 |
| | | **Total** | **10.517,70** | **Total** | **6.010,12** |
| 2 | Atletismo | Sociedad Gimnástica de Pontevedra | 18.390,61 | Club Atlético Riazor-Coruña | 2.948,16 |
| | | Real Club Celta de Vigo | 19.189,55 | Club Deportivo Universidad | 2.150,62 |
| | | Club Deportivo Universidade | 61.285,11 | ADA Sil Montenovo | 2.992,73 |
| | | Club Ría de Ferrol | 10.673,42 | RC Celta de Vigo | 21.453,20 |
| | | Club Atletismo Narón | 9.165,11 | Club Atletismo Cuntis | 6.212,32 |
| | | C Pavillón Subita | 9.018,70 | AVA Zunfer | 2.496,56 |
| | | Grupo Academia Postal | 10.559,50 | | |
| | | **Total** | **138.282,00** | **Total** | **38.253,59** |
| 3 | Boxeo | Polideportivo Saudade | 3.606,07 | Polideportivo Saudade | 1.100,00 |
| | | **Total** | **3.606,07** | **Total** | **1.100,00** |
| 4 | Fútbol | Sporting Celanova | 2.884,86 | E.F. Luis Calvo Sanz | 1.200,00 |
| | | A.D. Villamarín | 1.622,73 | S.D. Compostela | 15.400,00 |
| | | Ural C.F. | 7.692,95 | Villagarcía, S.D. | 1.920,00 |
| | | Vizoño | 3.966,68 | C.D. Ourense | 30.800,00 |
| | | C.D. Cerceda | 18.751,58 | S.D. Conxo | 6.788,00 |
| | | U.D. Xuvenil | 1.682,83 | R.C. Celta | 69.714,00 |
| | | S.D. Compostela | 87.387,16 | A.C. A Seca | 10.212,00 |
| | | Carreira C.F. | 1.682,83 | A.J. Lérez | 7.326,00 |
| | | Español S.D. | 3.005,06 | | |
| | | Sagrado C.F. | 1.442,43 | | |
| | | E.F.B. Vilanova | 1.202,02 | | |
| | | R.C.D. Coruña | 34.137,49 | | |
| | | Imperator S.F.U.C. | 10.577,81 | | |
| | | Endesa As Pontes | 24.160,69 | | |
| | | Betanzos, C.F. | 21.035,42 | | |
| | | Flavia S.D. | 15.385,91 | | |
| | | Porriño Industrial, C.F. | 36.902,14 | | |
| | | Pontevedra,C.F. | 55.172,91 | | |
| | | C.D. Lugo | 31.853,64 | | |
| | | **Total** | **360.547,14** | **Total** | **143.360,00** |
| 5 | Hóckey | C.H.Barrocás | 6.761,39 | C.H.Barrocás | 1.200,00 |
| | | C.H. Santiago Apóstol | 6.611,13 | C.H. Santiago Apóstol | 1.200,00 |
| | | A.D. Ourense | 16.828,34 | A.D. Ourense | 1.400,00 |

| | Federación | Clubs, axudas percibidas en 2002 | | Clubs, axudas percibidas en 2003 | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | C.Pabellón Hóckey | 2.854,81 | | |
| | | C.H Adaxe | 19.893,50 | | |
| | | Junior H.C. de Vigo | 2.584,35 | | |
| | | **Total** | **55.533,52** | **Total** | **3.800,00** |
| 6 | Patinaxe | Club Let Rolling | 669,21 | Hóckey Club Liceo | 30.050,60 |
| | | Club Artístico da Coruña | 3.005,06 | AD Liceo La Paz | 2.545,10 |
| | | Club Velocidad da Coruña | 1.923,24 | Club Colexio Santo Domingo | 2.700,00 |
| | | Hóckey Club Liceo | 274.061,75 | Hóckey Patín Club Coruña | 936,00 |
| | | AD Liceo La Paz | 7.813,17 | Club Castrelos patinaxe art. | 897,87 |
| | | CH Amigos del Ovillo | 1.953,29 | Club Ánfora de Patinaxe | 3.967,34 |
| | | Club Artístico Pontevedra | 3.606,07 | | |
| | | Club Ás Rodas de Patin.Art. | 14.341,55 | | |
| | | Club P. A. Valladares | 1.317,50 | | |
| | | Vigo Stick HC | 50.184,51 | | |
| | | Club Campo de Vigo | 300,51 | | |
| | | **Total** | **359.175,86** | **Total** | **41.096,91** |
| 7 | Rugby | Campus Ourense | 1.863,14 | Universidade da Coruña | 1.200,00 |
| | | C.R Universidad Vigo | 13.582,87 | Club Rugby Ourense | 1.200,00 |
| | | CRAT Xestur Coruña | 24.942,00 | Mareantes R.C. | 2.400,00 |
| | | C.D. Zalaeta | 11.299,22 | | |
| | | **Total** | **51.687,23** | **Total** | **4.800,00** |
| 8 | Tenis de Mesa | Club Orense Tenis de Mesa | 871,49 | ClubTenis de Mesa Coruña | 1.862,00 |
| | | Club Santiago T.M. Arteal | 14.424,29 | Club Narón T.M. | 2.552,00 |
| | | Club Narón T.M. | 5.108,60 | Escola de T.M.Narón | 1.080,00 |
| | | ClubTenis de Mesa Coruña | 3.726,28 | Cambados Tenis de Mesa | 3.782,00 |
| | | Cambados Tenis de Mesa | 3.786,38 | Club APA Santa Mariña | 3.362,00 |
| | | S.C.R. Pardavila | 1.682,83 | C.T.M. Espedregada | 2.102,00 |
| | | Liceo marítimo Villagarcía | 1.262,13 | | |
| | | **Total** | **30.862,00** | **Total** | **14.740,00** |

Como se expuxo anteriormente, a ausencia - nos supostos nos que se rendeu algún soporte do gasto- dunha conta xustificativa que detalle a totalidade de ingresos e gastos por natureza dos clubs fiscalizados non permite verificar a axeitada aplicación dos fondos públicos outorgados.

## 1.FG de Aeronáutica

### Exercicio 2002

***Real Aero club de Lugo (3.005,05 euros)***

Non se achegou a evidencia do pagamento desta contía, cuxo destino era, a teor da xustificación presentada pola federación con cargo ao programa III, a organización da Volta Galaico Duriense.

Non obstante, revisado o expediente correspondente ás axudas percibidas pola FG en 2002 e a documentación rendida pola FG en resposta ao requirimento do 24 de xaneiro de 2008 detectáronse as seguintes incidencias:

- Con carácter adicional á subvención consignada no programa III (3.005 euros), a FG concedeu para idéntica finalidade 1.500 euros ao club con cargo á contía outorgada pola SXD para os programas II e IV no exercicio 2002. Verificouse a expedición dun cheque ao portador por esta contía con data do 14 de xuño de 2002, sen que se achegase a proba da súa imputación ás contas correntes federativas nin a identidade do seu perceptor último.

- Verificouse a achega dunha certificación subscrita polo presidente e o secretario do club fiscalizado o 7 de abril de 2003, na que se recoñece a concesión dunha subvención de 3.773,44 euros, aprobados na Asemblea Xeral Ordinaria da FG do 26 de xaneiro de 2002. Non existe constancia do pagamento ao club.

- Achegouse unha factura expedida por VIAJES ALMAR, S.L., descritiva dos servizos e estanza no GRAN HOTEL DE LUGO de 26 cuartos as noites do 25 e 26 de xullo e 27 cuartos as noites do 27 de xullo, con motivo da Volta Galaico Duriense, cuxo importe ascendía 4.503 euros. Esta factura, que se expediu a nome da FG e non do club, podería comprenderse no concepto de subvención en especie, substituíndo a transferencia directa de fondos ao club polo seu pagamento directo por parte da FG. Non obstante, debe precisarse que esta forma de actuación non figura autorizada na orde de convocatoria das axudas, ao tempo que non se comunicou na xustificación no seu día formalizada. Non constitúe unha factura normalizada, dado que se expediu o 29 de decembro, incumprindo o prazo establecido no 9.1 do RD 1496/2003, por quen efectuou a intermediación na prestación do servizo e non polo seu provedor último, carecendo de descrición do IVE. Por último, esta factura non detalla os servizos concretos nin a identidade dos seus beneficiarios, non achegándose así mesmo a evidencia material do seu pagamento.

### *Club Aeronáutico Ferrol (7.512,65 euros)*

Non se achegou evidencia do pagamento desta axuda por parte da FG, nin tampouco xustificante ningún de gasto.

### Exercicio 2003

A FG comunicou á DXD, con data do 21 de febreiro de 2008, a imposibilidade de achegar os xustificantes de gastos dos clubs fiscalizados, sendo a causa esgrimida os anos transcorridos dende que os clubs non tiñan actividade. Debe precisarse que este feito non exime da obriga de xustificar as axudas percibidas, polo que deberá incoarse o oportuno procedemento de reintegro.

### 2. FG de Atletismo

Se ben se achegou a evidencia do pagamento das axudas outorgadas en 2002 e 2003 aos respectivos 6 e 7 clubs detallados no cadro, non se facilitou ningún xustificante formal dos gastos e pagamentos efectuados polos clubs en aplicación das subvencións percibidas. Polo tanto, non se xustificaron gastos polos importes respectivos de 138.282 e 38.253,59 euros nos exercicios 2002 e 2003.

### 3. FG Boxeo; 7. FG de Rugby; 8. FG de Tenis de Mesa

Non se achegou documentación xustificativa da aplicación das axudas outorgadas nos exercicios 2002 e 2003 aos clubs das correspondentes modalidades deportivas que figuran no cadro anterior, cuxa contía global ascende, respectivamente, a 86.335,30 e 20.640 euros. Non existe tampouco evidencia da súa percepción por parte dos clubs.

### 4. FG de Hóckey

### *Exercicio 2002*

A excepción do C.H. Barrocás, non se achegou xustificación da aplicación das axudas outorgadas aos restantes clubs que integraban a mostra que reflicte o anterior cadro, cuxo importe ascendía a 48.772,13 euros.

Se ben a subvención outorgada ao C.H.Barrocás se elevaba a 6.761,39 euros, o club achegou 11

facturas cuxa contía global sumaba 6.721,72 euros, sen a xustificación formal requirida do seu pagamento e sen que exista constancia da conta xustificativa de gastos e ingresos totais do club. Así mesmo, 6 das anteriores facturacións, expedidas por contía global de 4.965,60 euros, correspondían a datas posteriores ao 22 de novembro de 2002, en que se verificou a presentación da xustificación á SXD por parte da FG e polo tanto data límite para a realización de gastos subvencionables. As 5 facturas restantes, cuxo importe total se eleva a 1.756,12 euros, refírense a desprazamentos efectuados por AUTOS GONZÁLEZ, S.L. (1.305,62 euros), cuxa admisibilidade condiciónase á xustificación do seu pagamento e unha estanza (450,50 euros) documentada por VIAJES YLLERA,S.A., condicionada así mesmo á presentación de factura normalizada polo provedor hoteleiro que prestou o servizo.

***Exercicio 2003***

Requirida a FG de Hóckey para a achega da xustificación dos ingresos efectuados nas contas correntes dos clubs núm. 1, 2 e 3, non se remitiu documentación xustificativa ningunha. Non existe, polo tanto, evidencia de que os fondos destinados pola DXD ás axudas a clubs de categoría inferior á nacional (6.800 euros) foran obxecto de repartición pola Federación.

### 5. FG de Fútbol

***Exercicio 2002***

A mostra seleccionada referíase ás axudas efectuadas pola FG a 19 clubs, con cargo aos fondos recibidos da SXD e pola contía global de 360.547,54 euros, solicitándose a xustificación bancaria formal dos ingresos nas contas correntes dos respectivos clubs, así como os xustificantes de gastos e pagamentos demostrativos da aplicación das axudas. A FG de Fútbol achegou a seguinte documentación:

- 16 *recibís* con data de 31 de decembro de 2002 correspondentes a clubs cuxo importe global se cifraba en 270.334,63 euros, que incluían, a excepción do *Ural C.F.*, as sinaturas do presidente e do secretario do respectivo club.

- 3 certificacións do secretario da federación, co visto bo do presidente, correspondentes á *S.D. Compostela (87.387,16 euros*), *E.F.B. Vilanova* ( 1.202,02 euros) e *A.D. Vilamarín (1.622,73 euros),* nas que se indica que revisados os arquivos federativos, os anteriores clubs recibiron as axudas *mediante abono na conta contable federativa*, non constando nos referidos arquivos *a remisión de recibís xustificantes da percepción.*

A achega de *recibís* ou *certificados de abono en conta contable federativa* non constitúe xustificación suficiente do pagamento das axudas aos clubs ao tempo que non proba a aplicación dos fondos ás actividades subvencionadas. De acordo co exposto, a xustificación presentada non é válida.

### *Exercicio 2003*

A mostra seleccionada referíase ás axudas efectuadas en 2003 a 8 clubs con cargo aos fondos recibidos da Administración deportiva e pola contía global de 360.547,54 euros, solicitándose idénticas xustificacións ás expresadas no apartado anterior. Achegáronse 7 *recibís,* con data do 31 de decembro de 2003, correspondentes a clubs cuxo importe global se cifraba en 127.960 euros, así como o *certificado de abono en conta contable federativa* correspondente á S.D. Compostela (15.400 euros), debendo terse por reproducido o expresado en relación ao exercicio 2002.

## 6. FG de Patinaxe

### *Exercicio 2002*

Non existe constancia da percepción das axudas certificadas en 2002 pola FG de Patinaxe á DXD, nin se achegou documentación xustificativa do seu cobramento por parte dos seguintes clubs, que se integraron na mostra seleccionada polo equipo auditor:

C. Let Rolling, C. Artístico de A Coruña, C. Velocidade de A Coruña, A.D. Liceo La Paz, C.H. Amigos del Novillo, C. Artístico de Pontevedra, C. As Rodas de Patinaxe e C. P.A. Valladares.

Con respecto aos restantes clubs que conformaban a citada mostra, a revisión da documentación rendida puxo de manifesto as seguintes incidencias:

### *Hóckey Club Liceo (274.061,55 euros )*

Sumadas as cantidades que figuran na relación de perceptores (núm. de orde 1, 4, 8, 9 e 11) que se certificou polos responsables federativos ante a SXD no exercicio 2002, así como un *recibí* por importe de 30.050,61 euros subscrito o 25 de agosto de 2003, aínda que relativo a axudas do exercicio anterior, a cantidade total percibida polo club ascende a 274.061,65 euros, sen que a FG nin o club achegaran a evidencia material, respectivamente, do pagamento e cobramento desta.

O club remitiu xustificantes pola contía total de 249.887,65 euros no exercicio 2002, contía inferior en 24.174 euros á que figuraba entregada pola Administración deportiva a través da Federación. Detectáronse as seguintes incidencias:

- Non existe, pese ao seu requirimento, evidencia do pagamento das facturacións. Achegáronse *recibís* que documentan o pagamento de nóminas a xogadores por importe de 58.522,42 euros sen que así mesmo exista proba da retención practicada (15%).

- Achegáronse facturacións, expedidas na súa práctica totalidade pola empresa VIAJES ORZÁN, por importe de 113.227 euros, que nalgún suposto (número de relación 40 a 42) correspondían ao exercicio 2001. Noutras ocasións, as mesmas non constituían factura normalizada, ao actuar a empresa como intermediaria en nome e por conta dos provedores dos servizos facturados sen que se achegase a factura *regular* expedida por estes últimos.

- Achéganse recibos de gasto de telefonía por importe de 2.994,75 euros, figurando algunha das facturacións a nome de conselleiros da entidade; figuran así mesmo facturas expedidas por restaurantes (p.e. número relación 57 e 221, expedidas por RESTAURANTE PLAYA CLUB, 1.140 e 173,31 euros, respectivamente) cuxo sufraxio, sen prexuízo da súa imputación aos ingresos propios obtidos polo club, carece de cobertura con cargo á subvención entregada pola Administración deportiva.

- Á limitación relativa á falta de evidencia do pagamento das facturas achegadas engádese a falta de consignación dos ingresos propios (publicidade, taquilla, socios...) e os obtidos doutras entidades públicas (Administración municipal) e privadas, no seu caso. Non resulta posible, coa información dispoñible, determinar as cantidades realmente percibidas polo club nin así mesmo as indebidamente aplicadas, o que deberá ser obxecto de análise pola DXD.

### *Vigo Stick H.C. 2001 (50.184,51 euros)*

Este club comunicou, en escrito recibido o 12 de marzo de 2008 a DXD, a perda de documentación en trámite do último traslado da súa sede. Non se achegou, pois, documentación xustificativa do gasto efectuado en aplicación da subvención percibida, polo que non existe evidencia da súa aplicación aos fins que a normativa preceptúa.

Achegouse unha copia dos movementos bancarios efectuados entre o 4 de setembro de 2001 e o 3 de febreiro da conta corrente aberta á titularidade do club, que permitiu verificar os seguintes feitos:

- O cobramento de 48.982,49 euros, o 14 de xaneiro de 2003, procedentes da axuda tramitada a través da Federación.

- Non existe constancia da percepción de 1.202,02 euros outorgados pola FG de Patinaxe, nin esta última achegou a evidencia do pagamento desta axuda, pese figurar o seu outorgamento entre os gastos certificados ante a DXD para a concesión da subvención correspondente a 2002, que se documentou en *recibí* subscrito polo Presidente do anterior club con data de decembro de 2002). Este feito deberá ser obxecto de oportuna comprobación polo anterior centro directivo.

***Club Campo de Vigo (300,51 euros)***

Non se achegou a proba material do pagamento da axuda ao citado club, non existindo evidencia da súa percepción por este. Se ben se requiriu exclusivamente a xustificación dos gastos relativos á axuda percibida no exercicio 2002, a FG achegou como xustificación das axudas outorgadas en 2002 (e 2003) 4 facturas expedidas no exercicio 2003 polo *Vigo stick H.C.* 2001 por importe conxunto *de 835 euros e de numeración correlativa.* Verificouse que a 3ª e 4ª factura, xiradas en concepto de material deportivo e servizos de Escolas de Hóckey prestados ao Club Campo de Vigo, posuían idéntica numeración (factura número 4/2003) pese tratarse como expedicións distintas.

***Exercicio 2003:***

Non se achegou documentación demostrativa do ingreso nas contas bancarias nin dos gastos efectuados, se é o caso, en aplicación da subvención en relación coa A.D. Liceo La Paz, C. Ánfora de Patinaxe e Club Castrelos Patinaxe.

Con respecto aos restantes clubs mostrados, detectáronse as seguintes incidencias a consecuencia da revisión da documentación rendida:

**Hóckey Club Liceo (30.050,60 euros )**

Pese non se incluír na relación de perceptores de axudas con cargo ao programa III do exercicio 2003 certificada pola FG de Patinaxe, figuraban no expediente do devandito exercicio dous *recibís*, polas contías de 24.040 e 6.010,12 euros coas respectivas datas do 31 de outubro e 31 de decembro de 2003, polas que a Federación facía efectivas axudas a clubs pola *tecnificación de grandes eventos*. O requirimento de documentación referíase ás devanditas percepcións e non

á de 61.200 euros percibidas directamente da Administración con cargo ao apartado 1, B) da Orde do 30 de decembro de 2002.

Non se obtivo a evidencia do ingreso das contías anteriores nas contas do club. Non obstante, achegáronse facturas por importe total de 188.855,77 euros, reiterándose - salvo en relación ás contías- idénticas incidencias e limitacións ás expostas na análise das axudas outorgadas ao club no exercicio 2002.

**Club Colexio Santo Domingo (2.700 euros)**

Presentou unha factura por importe de 3.909,78 euros expedida por AUTOCARES SEREN S.L., que detalla a realización de 21 desprazamentos nos meses de outubro a decembro de 2003, resultando que os 7 últimos descritos, cuxa contía se eleva a 1.453,06 euros, pertencen ao mes de decembro, fóra da cobertura da axuda. A validez como xustificación dos 2.456,72 euros restantes, cantidade inferior á concedida, condiciónase á proba do seu pagamento, que pese ao seu requirimento non se achegou neste trámite.

**Hóckey Club Patín Coruña (936 euros)**

Achegouse unha factura normalizada expedida por VIAJES EL CORTE INGLÉS, S.A. por importe de 5.401 euros, sen proba material do seu pagamento, na que se detallan servizos de avión e hotel prestados ao club *Compañía de María*. Este club, que posúe número de identificación fiscal propio, figura como entidade independente do H.C. Patín Coruña, resultando beneficiario de subvencións de idéntica natureza (1.202,02 euros) no exercicio 2003. Polo tanto, deberá acreditarse a procedencia da asunción deste gasto, e, no seu caso, o pagamento da factura.

## IV.3. Incidencias detectadas na fiscalización das federacións deportivas

A continuación expóñense os resultados obtidos na fiscalización das axudas outorgadas ás 13 federacións deportivas -e aos clubs, por medio destas últimas- incluídas na mostra seleccionada polo equipo auditor nos exercicios 2002 a 2005.

Como se expresou con anterioridade, a fiscalización viuse sometida ás limitacións derivadas dos seguintes feitos:

- Nos exercicios 2002 e 2003 a Administración deportiva esixía unicamente a certificación do gasto realizado para facer efectivo o pagamento das axudas ás federacións deportivas.

- En ningún dos exercicios fiscalizados as bases de convocatoria establecían a obriga de acreditar formalmente o pagamento das facturacións e recibos presentados como xustificación, se ben a normativa de aplicación xeral non impoñía este requisito. A excepción dos supostos en que, requirida de forma expresa esta evidencia documental non foi obxecto de achega, aceptáronse como xustificantes válidos as facturacións expedidas conforme á norma regulamentaria de aplicación.

- A inexistencia dunha conta xustificativa formal que detallase por natureza a totalidade de ingresos (públicos e privados) e gastos executados polas federacións en cada exercicio económico. Este feito dificultou a verificación da aplicación axeitada das cantidades outorgadas, así como a detección dos supostos de acumulación de subvencións, dos que se podería derivar a obtención de ingresos superiores ao custo da actividade financiada.

Contéñense, para cada unha das federacións e exercicios fiscalizados, os *Cadros resumo* que detallan a contía presupostada e a solicitada pola FG, así como a finalmente concedida e a que se xustificou ante a Administración deportiva. Exprésase así mesmo a estimación, efectuada polo equipo auditor, dos importes que carecen de soporte xustificativo válido.

### IV.3.1. FG de Aeronáutica

Pese á reiteración nos requirimentos efectuados -a instancia do equipo de auditoría- pola DXD a que nos referimos no epígrafe IV.2.1, nos que se solicitaba a documentación orixinal xustificativa do gasto, a FG de Aeronáutica non achegou documentación xustificativa referida aos exercicios 2002 e 2003. Unicamente, e a consecuencia da solicitude de información a que se refire o epígrafe IV.2.3, facilitouse documentación relativa á actividade efectuada nos exercicios 2002 e 2003.

Detectáronse as seguintes incidencias:

#### Exercicio 2002

#### *Cadros resumo*

| Federación de Aeronáutica Exercicio 2002 | |
|---|---|
| **Programa de gasto** | **Presuposto de gastos** |
| I | 78.987,20 |
| II | 180.786,85 |
| III | 9465,94 |
| IV | 6316,63 |
| **Total presuposto** | **275.556,62** |
| **Total solicitado** | **29.149,09** |

| Federación de Aeronáutica - Exercicio 2002 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Programa de gasto | Contía concedida pola Admón. deportiva | Contía xustificada mediante certificación expedida pola F.G. | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| Programa I e II | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Programa I | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Programas II e IV | 28.548,00 | 29.454,41 | 0,00 | 29.454,41 |
| Eventos deportivos de alto nivel | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Programa III (clubs non incluídos en convenios) | 3.005,05 | 3.005,05 | 0,00 | 3.005,05 |
| Programa III (clubs con domicilio na Coruña) | 7.512,65 | 7.512,65 | 0,00 | 7.512,65 |
| Programa III (clubs con domicilio en Pontevedra) | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| **TOTAL** | **39.065,70** | **39.972,11** | **0,00** | **39.972,11** |

Se ben a FG solicitou financiamento por importe de 29.149,02 euros, a SXD concedeulle unha contía superior, 39.065,70 euros, feito que evidencia que o outorgamento de axudas se efectuou á marxe dun procedemento de concorrencia competitiva, como se expón no punto 2) do epígrafe II.2.

O presuposto de ingresos e gastos da actividade elévase a 275.556,02 euros, establecendo como previsión a percepción de 6.010,12 euros, individualmente, das Deputacións de A Coruña e Pontevedra, ademais das licenzas e cotas das súas entidades federadas -4.657,84 euros- e 229.729,45 euros en concepto de *achega de clubs*.

Descoñécese a execución final dos ingresos e gastos realizados, o que non permite verificar a axeitada obtención dos fondos públicos. A Federación consignou na declaración de axudas presentada para a xustificación final da subvención non solicitar nin percibir outras do sector público. Non obstante, a resposta á circularización efectuada á Deputación de A Coruña detallaba a concesión de 6.366,52 euros, o que deberá ser tido en conta aos efectos de determinar a existencia do incumprimento de comunicación a que se refire o artigo 7 a) da Orde do 12 de marzo de 2002, de convocatoria das axudas.

Non se xustificou o pagamento das contías concedidas para o programa III (axudas a clubs), tal e como se expresa no epígrafe IV.2.3. En relación coa contía concedida conxuntamente para os programas II (competicións e actividades) e IV (mantemento da estrutura organizativa), 28.548 euros, observouse o seguinte:

- Non se achegou ningún xustificante de gasto relativo ao programa IV, pese certificarse pola entidade federada un total de 8.210,99 euros ( NRP 1 a 7 e 28).

- A natureza do gasto restante imputado ao programa II, que ascende a 21.333,39 euros, é plenamente coincidente co destino e finalidade do capítulo III, por canto se refire a axudas directas outorgadas aos clubs para a organización das competicións, sen que a Administración deportiva efectuase reparo ás certificacións presentadas. Achegáronse xustificantes por importe de 15.924,27 euros, detectándose as seguinte incidencias:

| Número (s) de orde da relación preceptores (NRP) definitiva | Perceptor | Xustificación presentada pola FG (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentario |
|---|---|---|---|---|
| 9 e 18 | CLUB AEROMODELISMO ESTELA | 1.803,04 | 0,00 | Consta a copia dun cheque ao portador por 1.500,00 euros, sen evidencia do seu perceptor nin da imputación á C/C federativa. Certifícase o pagamento de 300,00 euros por caixa, sen que se facilite evidencia contable. Non se achegan facturas do gasto realizado polo club. |
| 10 e 27 | SERRA DE ORIBIO PARAPENTE | 1.803,04 | 0,00 | Na relación de perceptores aparecen dúas concesións de 901,52 euros. Só figura documentación con respecto a unha, sen que exista evidencia de pagamento de ningunha. Non constan facturas do gasto que certifica ter realizado o club. |
| 12,13 e 24 | CLUB METEORO ULTRALIJEROS | 3.005,03 | 0,00 | Constan 2 copias de cheques ao portador por 1.500,00 e 1.200,00 euros, sen que exista evidencia do seu perceptor nin da súa imputación á C/C federativa. Certifícase o pagamento de 300,00 euros por caixa, sen que exista evidencia contable. Non constan facturas do gasto que certifica realizar o club. |
| 14,20,21 e 22 | CLUB DE PARACAIDISMO GALSUR | 5.108,60 | 0,00 | Achégase unha copia de cheque nominativo por 5.200,00 euros, sen proba de imputación á conta corrente. Non se achegan facturas xustificativas. |
| 15 | CLUB DE PARAPENTE FARO | 901,52 | 0,00 | Non existe evidencia do pagamento nin se achegan facturas que proben as actividades efectuadas polo club. |
| 26 | CLUB AEROMODELISMO AS GAIVOTAS | 901,52 | 0,00 | Consta a copia dun cheque nominativo por importe de 1.007,24 euros, superior ao indicado, pero non se achega proba da súa imputación á C/C federativa. |
| 29 | REAL AEROCLUB DE LUGO | 1.500,00 | 0,00 | Achegouse a copia dun cheque ao portador, non existindo evidencia do seu perceptor nin da súa imputación á C/C federativa. |
| Non figura na relación de perceptores | CIDAD DE MONDOÑEDO | 901,52 | 0,00 | Achégase unha certificación con mención ao número de cheque e o extracto de conta corrente comprensivo da imputación. Tamén figura unha factura, sen proba de pagamento, expedida ao club. Non obstante, este gasto non pode ser aceptado por canto non figuraba entre os certificados para o cobramento da subvención. |
| **TOTAL** | | **15.924,27** | **0,00** | |

## Exercicio 2003

### *Cadros resumo*

| Federación de Aeronáutica<br>Exercicio 2003 | |
|---|---|
| Programa de gasto | **Presuposto de gastos** |
| I | 71.011,00 |
| II | 157.217,00 |
| III | 10.000 |
| IV | 7.641,87 |
| **Total presuposto** | **245.869,87** |
| **Total solicitado** | **29.149,09** |

| Federación de Aeronáutica 2003 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Programa de gasto | Contía concedida pola Admón. deportiva | Contía xustificada mediante certificación expedida pola F.G. | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| Programas II e IV | 29.000,00 | 29.737,69 | 0 | 29.737,69 |
| Programa I e II | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Programa III (clubs non incluídos en convenios) | 6.010,12 | 6.010,12 | 0 | 6.010,12 |
| Programa III (clubs con domicilio en Pontevedra) | 0 | 0 | 0 | 0 |
| TOTAL | 35.010,12 | 35.747,81 | 0 | 35.747,81 |

Non se xustificou axeitadamente o pagamento das contías concedidas para o programa III (axudas a clubs), tal e como se expresa no epígrafe IV.2.3. Reitérase o exposto en relación coa identidade dos gastos imputados ao programa de axudas a clubs e aos programas II e IV de 2002, sen que neste caso se achegase ningún soporte documental xustificativo destes últimos.

## Exercicio 2004

### *Cadros resumo*

| Federación de Aeronáutica - Exercicio 2004<br>Contía solicitada: 203.158,06 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Programa de gasto | Presuposto de gastos | Contía concedida | Contía xustificada | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| I | 16.424,17 | 10.000 | 10.130,02 | 5.344,80 | 4.785,22 |
| II | 139.180,22 | 30.000 | 30.394,06 | 1.659,19 | 28.734,87 |
| III | 48.794,69 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| IV | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| V | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| VI | 5.252,02 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| **TOTAL** | **209.651,10** | **40.000** | **40.524,08** | **7.003,99** | **33.520,09** |

Se ben nos exercicios precedentes a partida máis importante -en torno ao 80%- do presuposto de ingresos era a constituída polas *axudas de clubs*, representando o financiamento solicitado á Administración deportiva o 11%, nos exercicios 2004 e 2005 solicítase, respectivamente, desta última o 97 e 92% do gasto presupostado, sen que se prevexa contía ningunha polo concepto expresado. Ignóranse as contías que, no seu caso, foron obxecto de ingreso polos clubs nos exercicios 2002 e 2003. Esta continxencia deberá ser obxecto de comprobación pola DXD, procedendo á esixencia de rendición de conta xustificativa completa do actuado pola federación, incluíndo, de existir, as contas anuais e os xustificantes bancarios dos exercicios 2002 a 2005, máis aínda a teor das seguintes incidencias:

- Pese que a FG declarou non solicitar nin percibir axudas doutras Administracións Públicas, a resposta á circularización efectuada á Deputación Provincial da Coruña evidenciou a concesión de 8.141,52 euros, o que supón infracción das bases de convocatoria, podendo dar lugar á comisión da infracción regulada no artigo 79. un.1. e) do TRLRFP. Descoñécese a concorrencia doutras axudas, públicas ou privadas.

- De acordo coa liquidación presentada pola FG, esta unicamente ingresou a subvención autonómica (40.000 euros) e os dereitos por licenzas (6.165 euros), cantidades cuxa suma coincide exactamente coa do gasto total realizado. Non obstante, o presuposto recollía os custos fixos dunha auxiliar administrativa a tempo parcial así como os de mantemento do local social,

sen que entre os gastos acreditados ante a DXD figure ningún destes gastos. Por outra banda, non se achega información sobre o número de cursos docentes realizados nin, no seu caso, da percepción de ingresos pola súa impartición.

**Programa I (Gastos Xerais)**

- A empresa AC SISTEMAS xirou facturas por importe de 2.166,73 euros, entre as cales, ademais de incluír traballos de instalación e configuración de soportes informáticos que non se concretan, describen a adquisición de caixas de folios por importe de 1.066,44 euros. Se a estas se engaden as expedidas por idéntico concepto por SERTECO -295,40 euros- supoñen un gasto total de 1.361,84 euros, o que a teor da actividade que a FG declara realizar se xulga desproporcionado, debendo esixirse a oportuna aclaración.

- Detectouse unha pluralidade de supostos -facturas por importe de 644,58 euros- en que os xustificantes correspondían a períodos anteriores e posteriores ao subvencionado, incumprindo o principio de anualidade.

- Os gastos telefónicos (1.918,66 euros) exceden nun 64% á cantidade presupostada. Xiráronse facturacións por peaxes (198,58 euros) sen que pola FG se describan os usuarios e motivo concreto dos desprazamentos.

- Declarouse a percepción de axudas de custo de manutención e locomoción polo presidente e secretario da FG -polos importes respectivos de 795,30 e 1.234,84 euros -sen a achega de proba documental ningunha, o que, ademais de non servir como xustificación da axuda, podería orixinar continxencias fiscais. Así mesmo, imputáronse 2 facturas de restaurante polo concepto de reunións de *C. Delegada* e *Comisións Técnicas*, por importe conxunto de 981,19 euros, cuxa asimilación ao obxecto da axuda resulta cuestionable, máis aínda a teor do volume de recursos declarado pola entidade.

**Programa II (actividade ordinaria)**

- O importe global consignado nas follas de compensación de gastos de carácter individual a deportistas pola participación en competicións elévase a 11.199,48 euros. Nestas fanse constar gastos de manutención, quilometraxe, hospedaxe e dereitos de inscrición en probas sen que acompañara ningún xustificante documental. Non existe, tampouco evidencia material do seu pagamento.

- A teor da documentación revisada, a organización dos 12 campionatos deportivos celebrados en 2004 efectuouse polos clubs, a través das axudas outorgadas pola FG, cuxo importe global ascendeu a 19.194,58 euros. Os expedientes de xustificación individual dos anteriores torneos integran unha relación de facturas de importe practicamente coincidente coa axuda outorgada, presentando as seguintes incidencias:

- Descoñécese a forma concreta en que se satisfán as axudas, posto que as facturas aparecen xiradas indistintamente contra a federación e os clubs, sen que exista unha soa xustificación bancaria de abono destas por parte de ningunha das anteriores entidades.

-Non figura conta xustificativa nin descrición dos gastos e ingresos asociados á realización dos campionatos, nin nos supostos que se indicarán evidencia documental da súa realización.

-O 63% do gasto total xustificouse pola federación mediante a achega de facturas expedidas pola empresa EURO DÓLAR, IMPORTACIÓN-EXPORTACIÓN, cuxa titularidade corresponde a un empresario individual. As devanditas facturas non constitúen xustificación aceptable. Pese referirse a campionatos celebrados nos meses de xuño a setembro de 2004, expedíronse, con numeración correlativa tanto de albará como factura, na mesma data, 25 de novembro de 2004, isto é, nos 6 días anteriores ao vencemento do prazo máximo de xustificación, vulnerando o prazo establecido para a expedición de facturas que preceptúa o artigo 9.1 RD 1496/2003. Así mesmo, a descrición das operacións realizadas non detalla os bens entregados con expresión do seu número e prezo individual:

| Descrición dos bens facturados | Nº Factura | Albará | Data de albará/fra. | Importe | Destinatario |
|---|---|---|---|---|---|
| Publicidade en campionato galego fun fly | 3/20400689 | 20400689 | 25-11-04 | 1.600,80 | EP Pontevedra de Ayer. |
| Publicidade e cartelería volta ibérica ultralixeiros | 3/20400690 | 20400804 | 25-11-04 | 1.586,88 | Club de ultralixeiros Meteoro |
| Publicidade para camp. galego de F5J e trofeos | 3/20400691 | 20400805 | 25-11-04 | 1.322,40 | Club aeromodelismo os Diablos |
| Campionato galego de ultralixeiros | 3/20400692 | 20400806 | 25-11-04 | 1.392,00 | Club de ultralixeiros Meteoro |
| Cartelería e trípticos do campión gall de carreiras de pilon e trofeos | 3/20400693 | 20400807 | 25-11-04 | 1.682,00 | Club aeromodelismo a pombiña |
| Publicidade campionato galego voo a motor- volta galaico-duriense | 3/20400694 | 20400808 | 25-11-04 | 2.030,00 | Real aeroclub de Lugo |
| Publicidade e trofeos para o campionato galego de paramotor | 3/20400695 | 20400809 | 25-11-04 | 1.067,20 | Club Nortada de parapente |
| Publicidade e trofeos de campionato galego de carreiras en Porriño | 3/20400696 | 20400810 | 25-11-04 | 1.392,00 | Club Furaventos |
| **TOTAL** | | | | **12.073,28** | |

No cadro que segue móstranse as incidencias detectadas na xustificación das axudas ás competicións:

| Número (s) de orde da relación perceptores (NRP) definitiva | Perceptor | Xustificación presentada pola FG (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentario |
|---|---|---|---|---|
| 1 | CLUB CHEIRANUBES | 1.345,60 | 0,00 | Presenta unha factura de combustible do mes de agosto, cando a competición se celebrou o 19 e 20 de xuño de 2004. Así mesmo se achega factura de montaxe de instalación expedida o 10 de setembro sen concreción do lugar nin a súa data. |
| 2 | CLUB AEROMODELISMO LOS DIABLOS | 1.748,54 | 0,00 | Factura 3/20400691 por importe 1.322,40 euros, non serve para os efectos de xustificación. Factura 5/ 2004, de 426,14 euros, expedida por establecemento de autoservicio sen descrición individual dos produtos subministrados, expedida directamente á FG. |
| 3 | CLUB CHEIRANUBES | 615,08 | 615,08 | |
| 4 | CLUB A POMBIÑA | 1.862,00 | 180,00 | Factura 3/20400693 por importe 1.682,00 euros, non serve para os efectos de xustificación. |
| 6 | CLUB AEROMODELISMO AS GAIVOTAS | 406,00 | 0,00 | Factura de restaurante sen numeración e con riscadura na data de expedición e factura de panadaría sen numeración. |
| 7 | CLUB AEROMODELISMO AS GAIVOTAS | 677,00 | 179,00 | Facturas de idéntico restaurante -con rascadura na data de expedición- e panadaría sen numeración. |
| 24 | CLUB METEORO ULTRALIXEIROS | 1.668,08 | 0,00 | Factura 3/20400690 por importe inferior, 1.586,88 euros, non serve para os efectos de xustificación. |
| 25 | REAL AEROCLUB DE LUGO | 5.421,00 | 685,11 | - Manifestan incorporar unha factura da imprenta GONMAR, pero achégase a 3/20400694 por importe de 2.030,00 euros.<br>- Factura de 1.870,01 € xirada extemporaneamente por VIAJES ALMAR, pese que o provedor é o GRAN HOTEL DE LUGO, suxeito pasivo obrigado a expedir a factura, non considerándose válida a achegada. Contén a descrición "estanza grupo aeroclub". Non obstante, non se detallan os usuarios dos devanditos servizos nin o custo individual.<br>- Factura expedida polo GRAND HOTEL DE LUGO, de 835,88 euros, co detalle "cea volta aérea, 24 de xullo" sen indicación dos comensais. Non resulta asimilable o devandito gasto ao obxecto da promoción do deporte, máis aínda a teor do volume de ingresos declarado pola FG. |
| 26 | CLUB NORTADA DE PARAPENTE | 1.067,20 | 0,00 | Factura 3/20400695 por importe de 1.067,20 euros, non serve para os efectos de xustificación. |
| 27 | CLUB METEORO ULTRALIXEIROS | 1.392,00 | 0,00 | Factura 3/20400692 por importe de 1.392,00 euros, non serve para os efectos de xustificación. |
| 28 | CLUB FURAVENTOS DE AEROMODELISMO | 1.392,00 | 0,00 | Factura 3/20400696 por importe de 1.392,00 euros, non serve para os efectos de xustificación. |
| 29 | E. PROVINCIAL DE PONTEVEDRA | 1.600,08 | 0,00 | Factura 3/20400689 por importe de 1.600,08 euros, non serve para os efectos de xustificación. |
| **TOTAL** | | **19.194,58** | **1.659,19** | |

## Exercicio 2005

### *Cadros resumo*

<table>
<tr><th colspan="6">Federación de Aeronáutica - Exercicio 2005<br>Contía solicitada: 138.256,00</th></tr>
<tr><th rowspan="2"></th><th rowspan="2">Presuposto de gastos</th><th rowspan="2">Contía concedida</th><th rowspan="2">Contía xustificada</th><th colspan="2">Revisión efectuada polo equipo fiscalizador</th></tr>
<tr><th>Contías admisibles como xustificación</th><th>Contías sen soportes xustificativos válidos</th></tr>
<tr><td>I</td><td>23.496,00</td><td>10.500,00</td><td>14.347,62</td><td>8.934,81</td><td>5.412,81</td></tr>
<tr><td>II</td><td>111.500,00</td><td>31.500,00</td><td>32.810,09</td><td>6.595,41</td><td>26.214,68</td></tr>
<tr><td>III</td><td>2.760,00</td><td>0,00</td><td>0,00</td><td>0,00</td><td>0,00</td></tr>
<tr><td>IV</td><td>0,00</td><td>0,00</td><td>0,00</td><td>0,00</td><td>0,00</td></tr>
<tr><td>V</td><td>0,00</td><td>0,00</td><td>0,00</td><td>0,00</td><td>0,00</td></tr>
<tr><td>VI</td><td>12.800,00</td><td>0,00</td><td>0,00</td><td>0,00</td><td>0,00</td></tr>
<tr><td>**TOTAL**</td><td>**150.556,00**</td><td>**42.000,00**</td><td>**47.157,71**</td><td>**15.530,22**</td><td>**31.627,49**</td></tr>
</table>

O presuposto prevía a subvención, por parte da DXD, do 91,8% da actividade. De acordo coa liquidación achegada, o financiamento ascendeu ao 89%, non obstante executouse o 31,3% do presupostado. Este feito, que non supuxo revogación de parte da axuda, plásmase no número de competicións a organizar (programa II): das 24 presupostadas declarouse unicamente a realización de 9. Máis cuestionable aínda resulta este feito a teor dos gastos financiados, tanto en sentido cuantitativo como cualitativo, nalgunhas das competicións celebradas, como máis adiante se detalla (REAL AEROCLUB LUGO, CLUB GALSUR PARACAIDISMO).

Con respecto aos gastos xerais (programa I), prevíase a cobertura do 28,25% por parte da Administración, non obstante, o financiamento ascendeu ao 90%, a teor do declarado pola FG, e iso pese non figurar na citada liquidación o gasto do persoal administrativo contratado. En relación aos ingresos, unicamente se declarou o derivado da axuda e unha cantidade inferior ao 50% dos dereitos por licenzas presupostados.

## Programa I (Gastos Xerais)

- Executouse un 35% máis do previsto no presuposto para os gastos de telefonía, que ascenderon a 2.550,87 euros, o que supón un 24,3% do importe outorgado para este programa de gasto. As facturacións por peaxes (390,20 euros) non se acompañan do detalle dos usuarios e motivos que xustifiquen a súa imputación á subvención outorgada.

- Verificouse o incumprimento do principio de anualidade, entre outros supostos, en gastos de material de oficina -facturados ou recibidos en 2004-, limpeza -correspondentes ao mes de decembro de 2005-, portes ou gastos telefónicos. Imputáronse gastos de carácter inmobilizado -ordenador- e de repostos de importes representativos sen descrición do valor e as unidades das pezas de recambio adquiridas, o que non permite a súa cobertura por subvencións de carácter corrente.

- Os xustificantes 72 a 75, referidos a gastos por desprazamentos a asembleas da federación española en Madrid, non se acompañan da xustificación da celebración e asistencia -(as mesmas actas da reunión comprensiva da asistencia ou certificación do secretario da federación española ao efecto)- a estas. O seu importe ascende a 1.270,28 euros. O xustificante núm. 74 -asistencia a comisión delegada o 4 de xuño de 2005 do presidente da federación- incorpora unha factura de aloxamento correspondente a un establecemento hoteleiro de Vigo, o que contradí o desprazamento a Madrid que figura na liquidación de gastos.

- O xustificante núm.76 -asistencia do presidente da FG á feira *aeronáutica en Barcelona e ao Campionato do Mundo de Voo Acrobático e voo e vela en Sevilla*- contén como única xustificación unha factura de VIAJES PACO, detallando a adquisición de dous billetes de avión que coinciden na data inicial do desprazamento (13 de xullo). Así mesmo, os referidos eventos non figuran entre as competicións detalladas no programa II (actividade ordinaria) ou nas que participa o equipo galego, o que cuestiona a súa imputación con cargo ás axudas outorgadas para a promoción do deporte.

## Programa II (actividade ordinaria)

- Os xustificantes núm. 9 a 25, a excepción dos núm. 18 e 19, consisten en follas de liquidación de axudas a deportistas para a participación en competicións, polos conceptos de dereitos de inscrición en probas, quilometraxe, manutención e aloxamento, sen que se achegue ningunha factura xustificativa de gasto. Así mesmo, tampouco se achegou a evidencia da percepción destas contías polos deportistas, que se elevan a 6.463,39 euros.

- Os xustificantes núm. 18 e 19 documentan axudas ao *Club Aeronáutico de Ferrol* (1.080 euros) e ao *Club Viravolta de Aeromodelismo* (1.240 euros) para a organización dos campionatos galegos de parapente e Fun-Fly. Como única xustificación figuran dúas facturas expedidas polo restaurante NUEVO YATE, S.A.L. aos citados clubs de contías coincidentes coas axudas expresadas, sen que se especifique a forma concreta de abono da axuda. As facturas conteñen a descrición *servizos de comidas e ceas* sen expresión do IVE nin detalle do número de comensais e servizos prestados. Sen prexuízo destas carencias documentais, non constitúe xustificación suficiente da organización e promoción dun evento deportivo o pagamento dos referidos servizos, cuestionándose que os devanditos gastos sirvan ao obxecto da promoción do deporte que persegue a axuda outorgada.

- O resto das xustificacións refírense á organización de competicións. Ao igual que no exercicio 2004, nas xustificacións presentadas non existe reflexo da forma de abono das axudas por parte da FG. Tampouco figuran ingresos relativos á realización dos campionatos, como por exemplo dereitos de inscrición, sen que se concrete, se é o caso, a entidade a que corresponde a súa percepción. De verificarse a súa existencia, deberá revisarse a conta xustificativa da totalidade das competicións. Detectáronse as seguintes incidencias:

| Número (s) de orde da relación preceptores (NRP) definitiva | Perceptor | Xustificación presentada pola FG (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentario |
|---|---|---|---|---|
| 1 | PRESIDENTE DA COMISIÓN TÉCNICA DE PARAPENTE | 3.839,23 | 814,65 | -Presenta folla de liquidación de desprazamentos, manutención e aloxamento a tanto alzado, sen xustificación ningunha pola contía total de 700,65 euros.<br>-Achégase unha factura de combustible de 42,00 euros expedida a 31 de xullo, inválida posto que a competición finaliza o día 24 do mesmo mes, e unha factura polo concepto de *bandeiras* sen numeración. |
| 2 | REAL AEROCLUB DE LUGO | 11.633,92 | 0,00 | As facturas presentadas atópanse xiradas ao Club, sen que se especifique a forma en que se efectúa o pagamento da axuda pola FG:<br>-Factura de combustible por importe de **6.121,04** euros subministrado no mes de febreiro, que carece de relación coas probas subvencionadas, celebradas entre o 14 e 17 de xullo de 2005. Non contén o NIF do destinatario.<br>-Factura expedida polo HOTEL JORGE I, que detalla a contratación de servizos de aloxamento e almorzo ao prezo diario de 58,85 e 48,15 euros de 26, 3 e 19 persoas os días 15, 16 e 17 de xullo de 2005, así como unha cea de 33 comensais por 429,00 e outra cea de clausura para 55 comensais a un custo de 30 euros o prato. O importe total ascende a **4.690,88 euros,** sen que ademais conteña o NIF do destinatario. Sen prexuízo da desproporción |

| Número (s) de orde da relación preceptores (NRP) definitiva | Perceptor | Xustificación presentada pola FG (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentario |
|---|---|---|---|---|
| | | | | existente en relación aos gastos financiados nas restantes competicións, tanto nun sentido cualitativo como cuantitativo, o emprego dado aos fondos públicos pola FG non atopa relación directa cos fins da promoción do deporte.<br>-Factura expedida o 19 de outubro de 2005 pola impresión de cartelería (**822,00 euros**), sen que conste unha data de prestación de servizos anterior, polo que non se acredita a súa relación coa actividade seleccionada. |
| 3 | CLUB AEROMODELISMO LAVANCO | 1.040,21 | 431,21 | -Facturación de maquetas de aviación (**609,00 euros)** de data 28 de novembro de 2005, xirada ao club sen que se acredite relación directa coa proba subvencionada, celebrada o 1 de outubro. |
| 4 | CLUB AEROMODELISMO LOS DIABLOS | 694,81 | 515,22 | -Albará de entrega de trofeos (**98 euros**) sen numeración, que non cumpre requisito de factura.<br>-Facturación non orixinal (fax) por importe de **81,59 euros**. |
| 5 | CLUB GALSUR DE PARACAIDISMO | 4.237,55 | 3.727,55 | -Figuran 2 ***recibís*** por importe conxunto de **670,00 euros** correspondentes a dous xuíces de competición, que presentan senllas axudas de custo por quilometraxe efectuada en idénticas datas e vehículo- duplicadas, polo tanto- sen proba ningunha do desprazamento e peaxe consignados. O importe consignado na xustificación, 510,00 euros, non coincide cos *recibís*.<br>-Sufrágase o aloxamento dos competidores, durante 4 días, nun albergue dependente da Xunta de Galicia ao prezo diario de 9,70 euros, cun custo total de 698,40 euros. Pola contra, factúrase á Federación o custo de 5 cuartos en réxime de aloxamento e almorzo ao custo diario de 62,06 euros no HOTEL RESTAURANTE JORGE I, sen que identifique, ademais do presidente, os restantes hóspedes. Por este concepto factúranse 311,91 euros.<br>-Xírase unha factura de servizos de restaurante polo REAL AEROCLUB DE LUGO, descritiva de 248 servizos de restaurante correspondentes aos 4 días de competición, que detallan un número fixo diario de 31 comensais, polo importe conxunto de 2.388,24 euros. |
| 6 | CLUB AEROMODELISMO ÁS GAIVOTAS | 1.003,60 | 0,00 | -Factura de trofeos (**174,00 euros**) que non contén outra data que a de expedición, o 24 de novembro á FG. Non se acredita relación directa co torneo de aeromodelismo, celebrado o 4 de setembro de 2005.<br>-Factura expedida á FG en concepto de pancartas, cuxo albará de entrega data do 6 de setembro, transcorrida a proba subvencionada (**125,51 euros**).<br>-2 tiques de data 24 de novembro por importe de 290,00 e 320,00 euros expedidos polo **RESTAURANTE FECHORÍAS, S.L.** |

| Número (s) de orde da relación preceptores (NRP) definitiva | Perceptor | Xustificación presentada pola FG (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentario |
|---|---|---|---|---|
| | | | | á FG en concepto de 29 e 32 caterings. Acompáñanse de 2 facturas non mecanizadas de idénticos importes, descricións e numeración dos tiques pero con datas anteriores do 26 de xuño e 4 de setembro de 2004. Non constitúen xustificación válida a teor da contradición existente nas datas, así como en relación co número de participantes (14 persoas) nas probas.<br>-Factura expedida o 30 de novembro de 2004 á FG de concesionario RENAULT de Cambre (94,09 euros), sen relación coa actividade subvencionada. |
| 7 | EQUIPO GALEGO DE F3A AERO. | 1.363,38 | 892,78 | -Achegouse o xustificante de pagamento de dereitos de inscrición de dous deportistas por importe de 210,00 -coa mención bono comida- e 120,00 euros, así como os xustificantes de aluguer dun vehículo e gastos de peaxes e gasolina. Todos eles xustificantes válidos.<br>-Faise constar o pagamento de axudas de custo a tanto alzado por manutención e aloxamento sen proba documental, por número de días superior aos do traslado e sen que se fagan constar os gastos cubertos pola cota de inscrición. O importe non xustificado ascende a 470,60 euros. |
| 8 | CLUB CHEIRANUBES DE PARAPENTE | 214,00 | 214,00 | Factura 3/20400695 por importe de 1.067,20 euros, non serve para os efectos de xustificación. |
| **TOTAL** | | **24.026,70** | **6.595,41** | |

## IV.3.2 FG de Atletismo

## Exercicio 2002

### *Cadros resumo*

| Federación de Atletismo<br>Exercicio 2002 | |
|---|---|
| Programa de gasto | Presuposto de gastos |
| I | 70.000,00 |
| II | 115.000,00 |
| III | 241.000,00 |
| IV | 145.000,00 |
| **Total presuposto** | **571.000,00** |
| **Total solicitado** | **385.000,00** |

| Federación de Atletismo - Exercicio 2002 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Programa de gasto | Contía concedida pola Admón. deportiva | Contía xustificada mediante certificación expedida pola F.G. | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| Programa I e II | 45.447,19 | 45.470,00 | | 45.470,00 |
| Programa I | 0 | 0 | | |
| Programas II e IV | 155.211 | 155.278,00 | 19.314,83 | 135.963,17 |
| Eventos deportivos de alto nivel | 0 | 0 | | |
| Programa III (clubs non incluídos en convenios) | 25.974,05 | 25.974,05 | | 25.974,05 |
| Programa III (clubs con domicilio na Coruña) | 100.078,86 | 100.078,86 | | 100.078,86 |
| Programa III (clubs con domicilio en Pontevedra) | 54.120,18 | 54.120,18 | | 54.120,18 |
| TOTAL | **380.831,28** | **380.921,09** | **19.314,83** | **361.606,26** |

A axuda solicitada á Administración deportiva equivale ao 67,4% do presuposto de ingresos presentado pola FG, ao que se sumaban os fondos obtidos do Consello Superior de Deportes a través da Federación Española de Atletismo e os procedentes das Deputacións Provinciais, sen que no citado presuposto contemplase ingresos derivados de licenzas ou outros conceptos. Non se dispón de conta xustificativa que reflicta a contía total dos ingresos finalmente obtidos polos anteriores conceptos, non resultando posible determinar a concorrencia dos supostos de acumulación de axudas.

Se ben a FG consignou nas declaracións certificadas ante a Administración non solicitar nin percibir outras do sector público, as Deputacións provinciais de A Coruña, Ourense e Pontevedra comunicaron a concesión respectiva de 5.700, 7.202,97 e 7.300 euros no devandito exercicio.

### Programas II (Competicións e actividades) e IV (Gastos xerais)

- Achegáronse 80 *recibís* de perceptores individuais, datados a 30 de decembro de 2002, isto é, con data posterior á de presentación da xustificación (4 de novembro de 2002) coa mención xenérica de *axuda para axudas de custo e desprazamentos por asistencia aos distintos campionatos, competicións, administración, organización e control que a FG de Atletismo realiza durante o exercicio 2002*. Se ben a suma das contías consignadas na relación de perceptores ascende a 81.238 euros, a correspondente aos importes que figuran nos recibís elévase a 92.566 euros. Esta diferenza -11.328 euros- débese a que as percepcións dos responsables técnicos e administrativos superan ás que recolle a relación de perceptores. Os citados recibís constitúen remuneracións encubertas sen suxeición a

retención fiscal, non existindo evidencia do pagamento das devanditas contías e sen que estes soportes sirvan aos efectos de xustificación:

| PERCEPTORES | CONTÍA TOTAL (euros) | DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE DIETA OU DESPRAZAMENTO | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|
| Persoal directivo | 52.550(RP)<br>63.787,00<br>(*recibís*) | Non | Director técnico: 12.210,00; secretaria de asistencia a campionatos: 11.930,00 euros; colaborador estatística: 8.090,00 ; administradora contable: 8.108,00; adxunto a dtor. técnico: 7.890,00; resto de colaboradores:15.650,00 euros. |
| Xuíces deportivos | 16.328,00 | Non | 26 perceptores sen concreción dos campionatos que motivan as percepcións |
| Veteranos | 4.510,00 | Non | 12 perceptores sen concreción dos campionatos que motivan as percepcións |
| Atletas | 7.850,00 | Non | 30 perceptores sen concreción dos campionatos que motivan as percepcións |
| TOTAL RP<br>TOTAL *RECIBÍS* | 81.238,00<br>92.566,00 | | |

- Con respecto ao resto dos xustificantes consignados na relación de perceptores, cuxo detalle individual se recolle nos *Anexos*[2], detectáronse as seguintes incidencias:

a) Do importe conxunto de 30.707 euros correspondente a 16 das facturas que figuran na relación, unicamente se achegaron as correspondentes á contía de 20.708,98 euros. Os importes xustificados e carentes de xustificación ascenden, respectivamente, a 19.314,83 e 11.392,17 euros.

b) Non se achegaron 12 facturacións que polo importe total de 43.333 euros figuraban na relación certificada.

c) Achegáronse 11 facturas por importe de 11.649,64 euros que non figuraban na antedita relación, polo que non serven aos efectos de xustificación.

## Programas I (Docencia e Tecnificación) e II (Competicións e actividades)

A relación recolle o pagamento individual de axudas de custo, por importe de 45.470 euros a 46 adestradores, non obstante, non se achegou ningún xustificante dos referidos gastos nin existe constancia do seu pagamento.

De acordo co exposto, o 63% da axuda recibida (126.708 euros) para o desenvolvemento da actividade federativa destínase ao pagamento de indemnizacións e retribucións, carente de toda

[2] Nos anexos VI a IX do anteproxecto de informe figuraba, aos efectos de facilitar a práctica das alegacións polo órgano xestor, o detalle individual dos preceptores relativos as FG de Atletismo (2002-03), Hockey (2002-03-04-05), Rugby (2004) e Tenis de Mesa (2004-05). Concluído o trámite de alegacións, non se incorporaron os devanditos anexos ao proxecto de informe.

xustificación no 36% da citada contía e soportada por meros ***recibís*** que non comportan proba da realización das actividades nin da percepción daqueles importes en relación coa porcentaxe restante (64%).

### Programa III (Axudas a Clubs)

Entre os xustificantes rendidos pola FG en resposta ao requirimento a que se refire o epígrafe IV.2.1 non se atopaba ningún relativo a este programa. Non obstante, a teor da documentación achegada en relación aos requirimentos relativos aos puntos **B** e **C** do epígrafe **IV.2.3** puido verificarse, cando menos, o pagamento de axudas a clubs por importe de 138.282 euros, sen que conste a existencia de soportes e xustificantes da actividade realizada polos clubs.

## Exercicio 2003

### *Cadros resumo*

| Federación de Atletismo Exercicio 2003 | |
|---|---|
| **Programa de gasto** | **Presuposto de gastos** |
| I | 76.000,00 |
| II | 150.000,00 |
| III | 240.000,00 |
| IV | 99.000,00 |
| Total presuposto | 565.000,00 |
| **Total solicitado** | **399.000,00** |

| Federación de Atletismo - Exercicio 2003 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Programa de gasto | **Contía concedida pola Admón deportiva** | **Contía xustificada mediante certificación expedida pola F.G.** | **Revisión efectuada polo equipo fiscalizador** | |
| | | | **Contías admisibles como xustificación** | **Contías sen soportes xustificativos válidos** |
| Programas II e IV | 145.520,00 | 145.599,00 | 30.133,85 | 115.465,15 |
| Programa I e II | 56.000,00 | 56.123,00 | 4.520,00 | 51.603,00 |
| Programa III (clubs non incluídos en convenios) | 20.927,44 | 20.927,44 | 0,00 | 20.927,44 |
| Programa III (clubs con domicilio en Pontevedra) | 46.235,16 | 46.235,16 | 0,00 | 46.235,16 |
| **TOTAL** | **268.682,60** | **268.884,60** | **34.653,85** | **234.230,75** |

A axuda solicitada á Administración deportiva equivale ao 70,5% do presuposto de ingresos presentado pola FG, que se completaba coas axudas obtidas do Consello Superior de Deportes a través da Federación Española de Atletismo e as procedentes das Deputacións Provinciais, sen que no citado presuposto se consignase cantidade ningunha derivada de ingresos por licenzas ou outros conceptos. Non se dispón de conta xustificativa que reflicta a contía total dos ingresos finalmente obtidos polos anteriores conceptos, non resultando posible determinar a concorrencia dos supostos de acumulación de axudas. A FG consignou nas declaracións de axudas presentadas ante a Administración non solicitar nin percibir outras do sector público. Non obstante, en ausencia de información relativa aos fondos procedentes do Consello Superior de Deportes, as Deputacións provinciais de Ourense e Pontevedra comunicaron a concesión respectiva de 7.211 e 28.000 euros no devandito exercicio.

## Programas II (Competicións e actividades) e IV (Gastos xerais)

-Achegáronse 34 *recibís* de perceptores individuais, datados a 30 de decembro de 2003, polo concepto xenérico de *axudas de custo e desprazamentos ou asistencia aos diferentes campionatos, competicións e resto de organización*, cuxo importe total ascende a 68.785 euros. Os referidos gastos, dos que non existe evidencia documental do seu pagamento, constitúen remuneracións encubertas sen suxeición a retención fiscal, non servindo aos efectos de xustificación:

| PERCEPTORES | CONTÍA TOTAL (euros) | DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE DIETA OU DESPRAZAMENTO | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|
| Persoal directivo | 55.360,00 | Non | Director técnico e secretaria xeral: 12.500,00 euros c/u; adxunto a dtor técnico, colaboradores de administración e estatística: 8.220,00 euros c/u; percepcións por representación da presidencia, 2.200,00 euros; colaborador administración : 3.500,00 euros. |
| Xuíces deportivos | 10.000,00 | Non | 9 perceptores sen concreción dos campionatos que motivan as percepcións |
| Veteranos | 3.425,00 | Non | 18 perceptores sen concreción dos campionatos que motivan as percepcións |
| **TOTAL** | **68.785,00** | | |

- Achegáronse facturacións correspondentes a 15 provedores que figuraban na relación de perceptores por importe global de 43.299 euros, na maior parte dos casos por contías distintas ás consignadas na devandita relación; non constitúen xustificación válida a contía de 13.165,15

euros. Non se facilitaron facturas correspondentes a 9 dos provedores que constaban na anterior relación por contía total de 33.515 euros. O seu detalle individual recóllese, xunto co das anteriormente referidas, no apartado de *Anexos*[3] do presente informe. Pola contra, a FG remitiu facturacións por importe de 25.614,13 euros que, ao non figurar na relación de perceptores, non foron obxecto de análise.

### Programas I (Docencia e Tecnificación) e II (Competicións e actividades)

- Se ben a relación certificada pola FG no exercicio 2003 recollía o pagamento de 45.593 euros en concepto de axudas de custo e desprazamentos de 44 adestradores, a razón das contías e perceptores individuais de 600 euros -10 destes-, 865 euros -15-, 1.140 euros -11-, 1.738 euros -7- e 1.912 euros -nun único suposto-, non se achegou documentación xustificativa ningunha dos citados gastos.

- Achegouse unha factura emitida por VIAJES ZOETROPE, S.A. por importe de 6.959,94 euros coa única mención dunha entidade hoteleira, que carecía da obrigatoria repercusión de IVE. Sen prexuízo de que a súa expedición non se axusta a dereito, non figuran os servizos prestados, os seus usuarios nin o motivo do desprazamento.

De acordo co exposto, o 57% da axuda recibida (114.378 euros) para o desenvolvemento da actividade federativa destínase ao pagamento de indemnizacións e retribucións, carente de toda xustificación no 40% da citada contía e soportada por meros ***recibís*** que non comportan proba da realización das actividades nin da percepción daqueles importes en relación coa porcentaxe restante (60%).

### Programa III (Axudas a Clubs)

Entre os xustificantes rendidos pola FG en resposta ao requirimento a que se refire o epígrafe IV.2.1 non se atopaba ningún relativo a este programa. Non obstante, a teor da documentación achegada en relación aos requirimentos relativos aos puntos **B** e **C** do epígrafe **IV.2.3** puido verificarse, cando menos, o pagamento de axudas a clubs por importe de 38.253,59 euros, sen que conste a existencia de soportes e xustificantes da actividade realizada polos clubs.

[3] Ver nota 2.

## Exercicio 2004

### *Cadros resumo*

| Federación de Atletismo - Exercicio 2004<br>Contía solicitada: 641.812,00 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Presuposto de gastos | Contía concedida | Contía xustificada | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| I | 134.128,00 | 86.000,00 | 86.233,61 | 26.217,55 | 60.016,06 |
| II | 192.619,00 | 84.525,00 | 84.727,23 | 44.264,61 | 40.462,62 |
| III | 24.092,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| IV | 122.200,00 | 58.000,00 | 58.476,40 | 1.514,12 | 56.962,28 |
| V | 150.253,00 | 46.247,00 | 46.247,25 | | 46.247,25 |
| VI | 77.121,00 | 42.465,00 | 46.610,00 | | 46.610,00 |
| **TOTAL** | **700.413,00** | **317.237,00** | **322.294,49** | **71.996,28** | **250.298,21** |

A conta xustificativa de 2004 formulada pola FG ante a DXD recolle uns **ingresos totais** de 344.272 euros, dos cales 317.237 corresponden á axuda fiscalizada e 21.035 e 6.000 euros, respectivamente, á axuda da Federación Española de Atletismo (Consello Superior de Deportes) e aos ingresos derivados de licenzas. Non obstante, as Deputacións de Ourense e Pontevedra comunicaron a concesión de subvencións en 2004 por importe de 7.213 e 6.000 euros, que non foron obxecto de declaración pola FG ante a DXD, vulnerándose o artigo 9.a) da Orde reguladora da axuda. Os **gastos totais** consignados na ante dita conta, que acompaña á memoria do exercicio 2004, ascendían a 318.177,96 euros, cantidade inferior á dos ingresos declarados. Así mesmo, os ingresos reais por licenzas do exercicio 2004, de acordo coa comunicación efectuada pola FG á DXD no exercicio 2006, ascenderon a 10.012,78 euros, cantidade sensiblemente superior á que reflectía a memoria.

Revisada a *conta de perdas e ganancias abreviada* do exercicio 2004 que figura entre as anuais do exercicio 2005 formuladas pola FG, verificouse que as contías de ingresos e gastos totais ascendían, respectivamente, a 391.494,06 e 343.862,61 euros, que difiren das consignadas na xustificación presentada ante a DXD, recoñecéndose un beneficio de 47.631,45 euros. As devanditas contas, que non foron auditadas, encóntranse sometidas a idénticas limitacións ás expostas en informe relativo ao exercicio 2005 elaborado polos auditores designados en 2006

pola DXD, dado que os devanditos estados non recollen os datos das operacións realizadas nas delegacións provinciais da federación.

De acordo co exposto, a falta de acreditación da realización de gastos no importe dos ingresos reais obtidos supón a incursión da FG nos supostos de acumulación de axudas, o que deberá ser obxecto de revisión pola DXD aos efectos de instruír o oportuno procedemento de reintegro.

Por outra banda, debe precisarse que a Intervención Delegada formulou, con data do 13 de outubro, escrito de *observacións* referido ás deficiencias detectadas na xustificación presentada pola FG para o cobramento parcial do 48,93% da axuda, pese o cal a DXD efectuou o pagamento da axuda, que o órgano fiscalizador fiscalizou favorablemente.

**Programa I (Gastos Xerais)**

O 63% da contía concedida para este programa xustificouse por medio de *recibís* que detallaban as percepcións polos conceptos de axudas de custo, locomoción e gratificacións dos responsables federativos -nos supostos dos NRP 26 e 27 os recibís consignaban cantidades inferiores ás recollidas na certificación achegada pola FG- sen que exista constancia da práctica de retencións nin documentación que soporte os desprazamentos e manutencións que se recollen a continuación:

| NRP | Perceptor | Importe RP Euros | Total percep. bruta | Axudas de custo e locomoción | Gratificación | Retención |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 12 | Director Técnico | 2.175,00 | 2.256,00 | 1.716,00 | 540,00 | 81,00 |
| 13 | Administrativo | 1.700,00 | 1.781,00 | 1.241,00 | 540,00 | 81,00 |
| 14 | Administrativo | 1.835,00 | 1.916,00 | 1.376,00 | 540,00 | 81,00 |
| 15 | Administrativo | 1.652,00 | 1.733,00 | 1.193,00 | 540,00 | 81,00 |
| 16 | Asesor contable | 696,00 | 696,00 | 696,00 | | |
| 18 | Persoal delegación Ferrol | 3.293,61 | 3.293,61 | 3.293,61 | | |
| 19 | Persoal delegación Santiago | 1.630,00 | 1.630,00 | 1.630,00 | | |
| 20 | Persoal delegación Santiago | 2.915,00 | 2.915,00 | 2.915,00 | | |
| 21 | Persoal delegación Pontevedra | 1.061,00 | 1.061,00 | 1.061,00 | | |
| 22 | Persoal delegación Pontevedra | 2.146,00 | 2.146,00 | 2.146,00 | | |
| 23 | Persoal delegación Vigo | 2.752,00 | 2.972,00 | 1.472,00 | 1.500,00 | 220,00 |
| 24 | Persoal delegación Vigo | 2.329,00 | 2.329,00 | 2.329,00 | | |
| 25 | Persoal delegación Vigo | 2.477,00 | 2.477,00 | 2.477,00 | | |
| 26 | Persoal delegación Ourense | 3.575,00 | 3.223,00 | 3.223,00 | | |
| 27 | Persoal delegación Ourense | 2.795,00 | 2.245,00 | 2.245,00 | | |
| 28 | Persoal delegación Vigo | 1.975,00 | 1.975,00 | 1.975,00 | | |
| 6 | Director Técnico | 5.429,00 | 5.618,00 | 4.358,00 | 1.260,00 | 189,00 |
| 7 | Administrativo | 3.703,00 | 3.892,00 | 2.632,00 | 1.260,00 | 189,00 |
| 8 | Administrativo | 3.760,00 | 3.949,00 | 2.689,00 | 1.260,00 | 189,00 |
| 9 | Administrativo | 3.732,00 | 3.921,00 | 2.661,00 | 1.260,00 | 189,00 |
| 10 | Asesor contable | 1.650,00 | 1.650,00 | 1.650,00 | | |
| **TOTAL** | | **53.280,61** | **53.678,61** | **44.978,61** | **8.700,00** | **1.300,00** |

Con respecto ao resto do gasto certificado pola FG, detectáronse as seguintes incidencias:

| Nun. Rel. Perceptores | Provedor | Importe Euros | Xustificado | Non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|
| 4 | J.A VEIGA OFIEXPRES | 4.402,85 | 3.350,76 | 1.052,09 | Inclúe conceptos de inmobilizado non subvencionables tales como discos duros, regravadoras, tarxetas gráficas |
| 10 | AVIS | 503,53 | | 503,53 | Non reúne requisitos de factura, o documento non se expide á FG. |
| 11 | TELEFÓNICA | 4.932,46 | 4.881,06 | 51,40 | Incumpren principio de anualidade. |
| 30 | ALLIANZ | 665,14 | | 665,14 | Non figura o NIF da FG; abrangue períodos anual, dos que unicamente o período que abrangue do 16 de outubro ao 30 de novembro de 2004 serve como xustificación. |
| 31 | QUATRO SEGUROS | 741,91 | | 741,91 | Non figura o NIF da FG; abrangue períodos anuais, dos que unicamente o período que abrangue do 25 de maio ao 30 de novembro de 2004 serve como xustificación. |
| 3 (2ª relación) | ARSYS INTERN SL | 635,10 | | 635,10 | Pese que a Intervención fixo constar que non reunía os requisitos de factura a DXD aceptou este xustificante. |
| 4 (2ª relación) | ALLIANZ | 1.111,81 | | 1.111,81 | Pese que a Intervención fixo constar que non reunía os requisitos de factura a DXD aceptou este xustificante. |
| 5 (2ª relación) | TELEFÓNICA | 3.676,31 | 3.201,84 | 474,47 | Incumprimento principio de anualidade. |
| 13 (2ª relación) | RODRÍGUEZ GIL Y AS. | 1.500,00 | | 1.500,00 | Pese que a Intervención fixo constar que non reunía os requisitos de factura a DXD aceptou este xustificante. |
| 17 (2ª relación) | J.A VEIGA OFIEXPRES | 3.104,14 | 3.104,14 | 0,00 | |
| **TOTAL** | | **21.273,25** | **14.537,80** | **6.735,45** | |

## Programa II (actividade ordinaria)

Detectáronse as seguintes incidencias:

| Nun. Rel. Perceptores | Provedor | Importe Euros | Xustificado | Non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | VIAJES ORZÁN | 8.937,48 | | 8.937,48 | En relación coas facturas de maior contía (5.278,00 e 3.325,81 euros) detéctase unha incoherencia entre a súa data de expedición e a súa numeración, atendida a numeración das restantes, nas cales non se expresa o réxime en que actúa a axencia de viaxes nin o detalle dos usuarios. |
| 2 | B. M. BECARES | 2.061,38 | | 2.061,38 | Non se detalla a identificación fiscal da FG, tal e como observou a Intervención, pese o cal a DXD aceptou este xustificante. |
| 3 (2ª relación) | VIAJES ORZÁN | 23.344,73 | | 23.344,73 | Factúrase con carácter global a asistencia a tres torneos (Madrid, Valladolid, Santiago) sen especificación de usuarios, servizos prestados, provedores dos mesmos nin IVE da operación. |
| 4 (2ª relación) | VIAJES ORZÁN | 2.992,33 | 2.913,15 | 79,18 | Non se achega a facturación do hotel provedor do servizo. |
| 5 (2ª relación) | VIAJES ORZÁN | 6.039,85 | | 6.039,85 | A numeración non correlativa das facturas non permite a súa aceptación como xustificante, sen que ademais se achegue concreción de usuarios e servizos prestados. |
| **TOTAL** | | **43.375,77** | **2.913,15** | **40.462,62** | |

Con respecto ás facturacións expedidas polas axencias de viaxes, debe precisarse que nos supostos en que as mesmas actúan por conta allea unicamente constitúe soporte válido a facturación expedida polo prestador do servizo, sen prexuízo da esixencia de detallar individualmente os usuarios e servizos prestados.

**Programa IV (Tecnificación)**

Achegáronse *recibís* das contías percibidas por adestradores e outros colaboradores pola súa asistencia a concentracións de tecnificación, ascendendo o seu importe acumulado a 53.347 euros, o que equivale ao 92% do concedido para este programa. Esta cantidade, de cuxo pagamento non se achegou proba, non constitúe xustificación válida ao carecer de soporte documental válido dos gastos que se indemnizan ou compensan:

| NRP | Perceptor | Cargo / Concepto | Importe ( Euros ) | Non xustificado |
|---|---|---|---|---|
| de 1 a 37 | Varios | Asistencia como Adestrador ao Plan Galego de Tecn. | 49.500,00 | 49.500,00 |
| de 38 a 55 | Varios | Asisten. Concentración en Ribeira | 1.065,00 | 1.065,00 |
| de 56 a 65 | Varios | Asisten. Concentración en Ribeira | 335,00 | 335,00 |
| de 68 a 87 | Varios | Asisten. Concentración en Villagarcía | 1.344,00 | 1.344,00 |
| de 92 a 94 | Varios | Asisten. Concentración en Lugo | 763,00 | 763,00 |
| de 95 a 100 | Varios | Asisten. Concentración en Pontevedra | 340,00 | 340,00 |
| **TOTAL** | | | **53.347,00** | **53.347,00** |

Os NRP 1 a 37 recollen contías que oscilan entre 700 e 2400 euros asignadas individualmente a tanto alzado a adestradores en concepto de axudas de custo e desprazamentos pola asistencia ás actividades desenvolvidas ao longo da tempada, que non son obxecto de concreción.

Os NRP 38 a 55 e 95 a 100 describen o pagamento de desprazamentos a tanto alzado efectuados por persoas físicas, sen que se concrete o seu cargo ou actuación na concentración nin se achegue proba dos desprazamentos, quilometraxe ou dos medios de transporte utilizados. Os NRP 56 a 65 corresponden ao pagamento de axudas de custo de manutención a tanto alzado sen xustificación. Os correspondentes aos NRP 68 a 87 documentan o pagamento conxunto de axudas de custo e locomoción sen soporte demostrativo de gasto nin indicación do cargo ou actividade desempeñado.

Os NRP 92 a 95 relacionan o pagamento de axudas de custo, locomoción e aloxamento a tanto alzado ao Director Técnico e dous colaboradores cuxo cargo ou relación coa FG non se especifica sen que medie a achega de xustificacións de gasto.

Con respecto ás restantes xustificacións detectáronse as incidencias que seguen:

| Nun. Rel. Perceptores | Provedor | Importe Euros | Xustificado | Non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|
| 66 | HOTEL OCA | 122,64 | | 122,64 | A factura presentada é unha fotocopia. |
| 67 | VIAJES ORZÁN | 1.776,06 | | 1.776,06 | A factura non reúne requisitos regulamentarios, non expresa IVE, facturándose pola axencia intermediaria e non polo provedor dos servizos. |
| 88 | HOTEL PRAZA | 72,01 | | 72,01 | A factura non detalla o destinatario dos servizos. |
| 89 | HOTEL CASTELAO | 1.408,12 | 1.408,12 | | Detalla o importe da pensión completa de 54 persoas, sen detalle destas. |
| 90 | TASCA MARINA | 141,57 | | 141,57 | Non detalla o destinatario dos servizos, non resultando asimilable ao obxecto perseguido coa axuda. |
| 91 | HOTEL RIAL | 106,00 | 106,00 | | Non se xira á FG, senón ao seu Director Técnico, detalla o custo de aloxamento de 2 persoas, sen que se especifique a súa identidade e vinculación coa FG. |
| 101 | SISTEM SADA | 1.503,00 | | 1.503,00 | Aluguer e mantemento de equipos informáticos, sen que se acredite a relación con este programa de gasto. |
| **TOTAL** | | **5.129,40** | **1.514,12** | **3.615,28** | |

## Programa V (Axudas a Clubs)

A totalidade da contía percibida, 46.247,45 euros, xustifícase mediante a achega de 53 *recibís* subscritos polos responsables dos clubs subvencionados, sen que exista constancia do traslado dos devanditos fondos nin, se é o caso, documentación que evidencie a realización de actuacións de control ou revisión por parte da FG.

## Programa VI (Outros proxectos de especial relevancia)

Os NRP 1 a 7 e 9 a 15, cuxo importe ascende a 37.835 euros, documentan o pagamento de desprazamento e axudas de custo a xuíces e persoal de campo a tanto alzado, sen que se achegue documentación que xustifique os desprazamentos efectuados.

Como xustificación da achega de 6000 euros (NRP 8) en concepto de subvención que a DXD outorga para a organización da *Carreira Pedestre Popular de Santiago* achégase unha certificación do seu ingreso bancario subscrita polo presidente da A.D. El Correo Gallego, o que non constitúe xustificación suficiente da aplicación nin da percepción dos fondos.

## Exercicio 2005

### *Cadros resumo*

| Federación de Atletismo - Exercicio 2005<br>Contía solicitada: 490.068,00 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Presuposto de gastos | Contía concedida | Contía xustificada | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| I | 101.014,00 | 90.300,00 | 90.911,82 | 14.676,16 | 76.235,66 |
| II | 109.932,00 | 88.751,00 | 89.851,85 | 6.350,76 | 83.501,09 |
| III | 17.860,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| IV | 129.060,00 | 105.000,00 | 105.419,98 | 3.495,98 | 101.924,00 |
| V | 60.101,00 | 49.717,00 | 49.717,00 | 7.635,00 | 42.082,00 |
| VI | 72.101,00 | 30.000,00 | 30.875,12 | 1.285,12 | 29.590,00 |
| **TOTAL** | **490.068,00** | **363.768,00** | **366.775,77** | **33.443,02** | **333.332,75** |

A conta xustificativa de 2005 rendida pola FG ante a DXD recolle uns **gastos** totais de 366.848,61 euros e un montante total de **ingresos** de 363.768 euros, isto é, a FG declarou como único ingreso a subvención concedida pola DXD. Non obstante, detectáronse os seguintes feitos:

- As Deputacións de A Coruña, Ourense e Pontevedra comunicaron a concesión de subvencións en 2005 por importe de 8.996, 7.213 e 3.000 euros, que non foron obxecto de declaración pola FG ante a DXD.

- A liquidación do Presuposto do exercicio 2005 que figura entre as contas formuladas pola federación e auditadas polos profesionais externos designados pola Administración deportiva mostra uns montantes respectivos do total de gastos e ingresos de 404.666,38 e 427.312,15 euros, o que determina un beneficio de 22.465,77 euros, que tras os axustes correctores propostos pola empresa auditora redúcese a 14.982,50 euros.

- Os ingresos reais por licenzas do exercicio 2005, de acordo coa comunicación efectuada pola FG á DXD no exercicio 2006, ascenderon a 11.351,13 euros, cantidade sensiblemente superior á que reflectía a liquidación formulada pola FG. Desta forma, o beneficio elevaríase na contía de 5.051,13 euros.

Sen prexuízo das infraccións derivadas da falta de comunicación dos ingresos, a existencia de beneficios podería determinar a incursión nos supostos de acumulación de axudas. Non obstante, estes feitos deberán ser obxecto de revisión pola DXD, por canto os estados financeiros

da FG non recollen os datos das operacións -ingresos e gastos- realizadas nas delegacións provinciais desta entidade, limitación polo cal a empresa auditora denegou a emisión de opinión sobre aqueles.

**Programa I (Gastos Xerais)**

Baixo a denominación de *axudas de custo e desprazamentos por asistencia a todos os campionatos e demais actividades da tempada 2005* compréndese o pagamento a tanto alzado de manutencións, na contía diaria de 26 euros, e desprazamentos, a 0,17 euros/Km. aos diversos responsables que figuran no cadro anexo. Estas compensacións, que carecen de soportes xustificativos, incorren nas deficiencias sinaladas nos exercicios precedentes, non constituíndo xustificación válida da axuda outorgada. Non resultan válidos, así mesmo, os recibos xirados por importe conxunto de 1.159,66 euros por Allianz, por canto, sen prexuízo de que abranguen períodos que exceden aos subvencionables, non conteñen a identificación fiscal da federación.

| Cargo / Concepto | Documentación xustificativa da axuda de custo ou desprazamento | Importe Euros |
|---|---|---|
| Delegado Lugo | Non | 2.987 |
| Director técnico | Non | 3.062 |
| Tesoureira | Non | 2.818 |
| Administrativo | Non | 3.595 |
| Estatística | Non | 2.209 |
| Asesor contable | Non | 2.492 |
| Delegado Ferrol | Non | 3.267 |
| Delegación Santiago | Non | 3.300 |
| Delegación Santiago | Non | 3.100 |
| Delegación Ferrol | Non | 3.368 |
| Delegación Ferrol | Non | 3.468 |
| Delegación Ourense | Non | 3.491 |
| Delegación Pontevedra | Non | 3.142 |
| Delegación Ourense | Non | 3.495 |
| Delegación Ourense | Non | 3.067 |
| Delegación Lugo | Non | 3.020 |
| Delegación Ourense | Non | 3.447 |
| Delegación Vigo | Non | 3.203 |
| Delegación Santiago | Non | 2.915 |
| Delegación Santiago | Non | 2.820 |
| Delegación Pontevedra | Non | 2.932 |
| Delegación Lugo | Non | 3.044 |
| Delegación Vigo | Non | 3.295 |
| Delegación Vigo | Non | 3.539 |
| **TOTAL** | | **75.076** |

## Programa II (actividade ordinaria)

Idénticas deficiencias ás expostas no anterior programa detectáronse nos seguintes *recibís* achegados como xustificación:

| Perceptor | Cargo / Concepto | Concepto | Importe Euros |
|---|---|---|---|
| 313 liquidacións individuais | Xuíz-persoal campo-Auxiliar-Secretarías | Comidas e desprazamentos | 48.940,00 |
| 21 perceptores | Atletas | Axudas por asistencia a campionatos | 5.400,00 |

Sen prexuízo de que os *recibís* non constitúen xustificación suficiente, as similitudes que se aprecian na revisión das sinaturas consignadas naqueles, pese referirse a distintos perceptores (ao que se engade a inexistencia de xustificantes formais de pagamento) cuestionan a veracidade dos devanditos documentos. Así mesmo, verificouse que 18 dos xustificantes correspondentes ás axudas satisfeitas aos atletas (NRP 325 a 342) carecían mesmo de subscrición por parte destes.

Con respecto aos restantes xustificantes apreciáronse as seguintes incidencias:

| NRP | Provedor | Importe Euros | non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| 318 | SPACE MANAGEMENT | 11.400,00 | 11.400,00 | A factura recolle o servizo de "*contactos e posta en marcha do estudo de gravación de atletas participantes na Marcha dos Cantóns*" (A Coruña) sen que figure o NIF do destinatario. |
| 320 | VIAJES ORZÁN | 17.761,09 | 15.005,50 | -Factura por importe de 14.952,00 con descrición xenérica de *desprazamento e aloxamento Badajoz e Zaragoza para campionato de España* sen expresión de IVE, usuarios, servizos nin provedores destes.<br>-Factura por importe de 53,50 euros descritiva de aloxamento en hotel, sen que se especifique o usuario do devandito servizo e sen que exista constancia do réxime de intermediación en que actúa a axencia. |
| **TOTAL** | | **29.161,09** | **26.405,50** | |

## Programa IV (Tecnificación)

O 97% do gasto correspondente a este programa xustificouse mediante a achega de *recibís*, detectándose as seguintes incidencias:

| Perceptor | Cargo / Concepto | Concepto | Importe Euros |
|---|---|---|---|
| 40 perceptores (NRP 1 a 40 ) | Colaborador do Centro Galego Tecnificación Deportiva | Adestrador | 81.000,00 |
| 175 perceptores. De 41 a 220 de relación, menos de 206 a 210) | Atletas | Axudas de custo e desprazamentos | 20.924,00 |
| **TOTAL** | | | **101.924,00** |

- Nos exercicios 2002 a 2005 unicamente existe constancia dunha traballadora de alta en nómina (2004); non obstante, a maior parte do gasto certificado refírese a pagamentos efectuados a diversos colaboradores e persoal que presta os seus servizos sen que medie relación laboral ou profesional axustada a dereito, por canto non consta a alta no réxime fiscal e de seguridade social correspondente nin estes proceden á expedición de facturas pola prestación de servizos. Os *recibís* de colaboradores a que se refire este programa detallan unha retención do 15%. Non obstante, non se achega proba material da súa retención e ingreso nas arcas públicas, nin así mesmo do pagamento das contías líquidas a estes traballadores. Pola contra, a auditoría concertada pola DXD determinou, en relación con 2 colaboradores aos que se atribuíron individualmente as contías de 9000 e 1350 euros nos respectivos conceptos de remuneración e retención, que se ben a retención (2.700 euros) foi practicada, non se produciu o seu ingreso na Facenda Pública. Este feito, cuxa eventual regularización se descoñece, podería determinar a existencia de continxencias de carácter fiscal.

- En relación coas percepcións dos atletas, entre outras deficiencias significativas verificouse que os *recibís* a que se refiren os NRP 211 a 220 carecían de sinatura por parte destes.

**Programa V (Axudas a Clubs)**

A totalidade da contía percibida, 49.717 euros, xustifícase mediante a achega de 61 *recibís* subscritos polos responsables dos clubs subvencionados. A excepción dos 2 clubs indicados en IV.2.3, dos que se achegou proba do pagamento das axudas por importe de 7.635 euros, non existe constancia do traslado dos restantes fondos nin, se é o caso, documentación que evidencie a realización de actuacións de control ou revisión por parte da FG.

**Programa VI (Outros proxectos de especial relevancia)**

Achegáronse 95 *recibís* de perceptores individuais (xuíces, persoal de campo, auxiliares) por importe global de 23.590 euros, satisfeitos polos conceptos de axudas para comidas e desprazamentos, que adoecen de soportes xustificativos válidos.

De xeito análogo ao exercicio 2005, achegouse unha certificación do presidente da *A.D. El Correo Gallego* como xustificación do pagamento de 6000 euros en concepto de axuda para a celebración da Carreira Pedestre Popular de Santiago, o que non serve para os efectos de xustificación do desprazamento de fondos públicos.

**Trámite de comprobación do pagamento material dos *recibís* que supoñen liquidacións e indemnizacións de gastos de carácter individual**

Tal e como se expresou no apartado IV.2.2.B, requiriuse a proba material do pagamento das indemnizacións a persoas físicas, práctica xeralizada nos exercicios fiscalizados e que no exercicio 2005 afectaba, por un importe global de 169.521,88 euros, aos comprobantes achegados para a xustificación dos capítulos I, II, IV e VI. Non obstante, non se rendeu documentación probatoria ningunha, o que non permite determinar o destino final outorgado aos devanditos fondos.

### IV.3.3 FG de Automobilismo

Os ingresos da federación nos exercicios fiscalizados clasifícanse como segue:

1) Ingresos procedentes de subvencións outorgadas pola DXD, distinguíndose a parte correspondente ao financiamento dos gastos xerais e de organización de competicións pola FG e os destinados aos clubs ou escudarías, en que esta última actúa como entidade colaboradora da Administración Autonómica.

2) Ingresos procedentes de competicións organizadas, que abranguen os dereitos de calendario e aprobación de Regulamentos así como a cota de observadores e comisarios técnicos das competicións, que se recadan directamente das escudarías.

3) Ingresos por servizos prestados pola FG, relativos ao cobramento de licenzas, pasaportes, ITV, certificados, aluguer de bens de equipo, taxas de autoliquidación e outros servizos, que se perciben directamente das escudarías.

4) Ingresos por incumprimento de convenio de Entidades Organizadoras.

En realidade, a organización das competicións recae nas Escudarías automobilísticas galegas integradas no seo da Federación. A contía e composición do presuposto e a liquidación final de gastos e ingresos (públicos e privados) asociados a cada unha das probas é descoñecido pola Administración. Entre estes ingresos atópase a subvención proposta pola FG para a súa aprobación pola DXD e que se contén no programa III da axuda. Unha vez outorgada, a federación, a título de entidade colaboradora, asume a obriga da súa transferencia a cada un dos clubs ou escudarías organizadores das probas deportivas. Entre os gastos destas entidades atópanse, ademais das licenzas satisfeitas á Federación, unha pluralidade de conceptos facturados polos servizos prestados por esta última, tal e como se relacionaron nos anteriores apartados (cronometraxe, observadores e xuíces das probas, aluguer de bens de equipo...).

Á súa vez, a DXD subvenciona os gastos de estrutura organizativa, publicidade e propaganda, e diversos materiais adquiridos para a produción dos servizos que a federación factura directamente ás escudarías organizadoras.

De acordo co exposto, a Administración subvenciona indistintamente á federación e ás Escudarías organizadoras para o sostemento dos gastos orixinados nas competicións, sen que exista evidencia do cumprimento dos principios de eficiencia e economía, non sendo coñecidos o custo real das competicións, os ingresos e gastos asociados ás mesmas nin o sistema de fixación de prezos ao que se facturan os servizos por parte da federación, podendo existir duplicacións de financiamento. Neste sentido, a obtención de resultados económicos positivos por parte da federación nos exercicios fiscalizados, á marxe da incursión nos supostos de acumulación de subvencións e sobrefinanciamento, pon de manifesto este extremo.

Máis cuestionables aínda, por canto se engaden á falta de transparencia indicada, resultan os seguintes extremos:

- A auditoría contratada pola DXD para a revisión da subvención concedida en 2005, puxo de manifesto, en relación coas axudas outorgadas aos clubs, suposto no que a Federación asume a obriga da súa transferencia aos distintos clubs organizadores, que *non existe un transvasamento real e efectivo de fondos a favor dos clubs, pois o importe da subvención compénsase coas licenzas federativas e gastos diversos por alugueres de equipos para participación en competicións, etc...*

- A mesma auditoría expresaba, en relación ao concepto de ingresos federativos que nos ocupa (incumprimento de convenio por parte das escudarías organizadoras), que nos supostos en que os clubs non organizaban ou celebraban as probas programadas, a federación non materializaba, nin polo mecanismo de compensación, a subvención outorgada pola DXD. Non obstante, tampouco procedía á devolución deste importe á Administración autonómica. Este concepto de ingreso, recoñecido pola propia federación nas súas liquidacións e que se fixo efectivo nos exercicios fiscalizados, devén irregular, pese o cal non se produciu a súa esixencia por parte da DXD.

## Exercicio 2002

### *Cadros resumo*

| Federación de Automobilismo<br>Exercicio 2002 | |
|---|---|
| Programa de gasto | Presuposto de gastos |
| I | 21.035,42 |
| II | 26.302,05 |
| III | 149.265,86 |
| IV | 161.121,74 |
| **Total presuposto** | **357.725,07** |
| **Total solicitado** | **184.533,36** |

| Federación de Automobilismo - Exercicio 2002 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Programa de gasto | Contía concedida pola Admón deportiva | Contía xustificada mediante certificación expedida pola F.G. | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| Programa I e II | 0 | 0 | | |
| Programa I | 7.350,64 | 8.350,00 | | 8.350,00 |
| Programas II e IV | 34.558,00 | 37.125,63 | 8.794,83 | 28.330,80 |
| Eventos deportivos de alto nivel | 0 | 0 | | |
| Programa III (clubs non incluídos en convenios) | 24.543,83 | 24.543,83 | | 24.543,83 |
| Programa III (clubs con domicilio na Coruña) | 80.144,96 | 80.144,96 | | 80.144,96 |
| Programa III (clubs con domicilio en Pontevedra) | 44.565,05 | 44.565,05 | | 44.565,05 |
| **TOTAL** | **191.162,48** | **194.729,47** | **8.794,83** | **185.934,64** |

O presuposto do exercicio 2002, que ascendía a 357.725,07 euros, prevía a realización de ingresos nas contías de 184.425,07 e 173.300 euros, respectivamente, da Xunta de Galicia (51,55%) e dos clubs-escudarías (48,45%, do que o 40,7% correspondía aos servizos prestados pola federación a estas, entre os que se inclúen as licenzas e o resto aos dereitos de calendario e cota de observadores e comisarios técnicos).

En relación cos gastos presupostados, que ascendían a 358.326,08 euros, as partidas máis significativas refírense aos seguintes capítulos:

*a) Gastos de administración* (171.122,75 euros).

- A partida de gastos de *persoal* prevista elévase a 44.000 euros, ascendendo a súa execución a 44.668,37 euros. De acordo co detalle deste capítulo, do que unicamente se contén detalle preciso nos presupostos correspondentes aos exercicios 2004 e 2005, o persoal retribuído a xornada completa configúrano a secretaria xeral, con vínculo parenteral (esposa) co presidente da FG, e un administrativo. No exercicio 2004 figura, con contrato laboral a tempo parcial, unha administrativa, que posúe así mesmo vínculo parenteral directo (irmá) coa secretaria da FG, descoñecéndose a data da súa incorporación laboral.

- A partida de publicidade, reclamos e entrega de premios ascendía a 41.800 euros. A súa execución ascendeu a 59.435,43 euros.

- A partida de aluguer do local, limpeza, reparacións, gastos telefónicos e de correspondencia ascendía a 32.771,74 euros, importando a súa execución final 42.596,27 euros, da que unicamente 6.545,70 euros correspondían ao aluguer da sede da federación.

*b) Gastos de representación, viaxes de órganos de goberno, xunta directiva, comisión delegada.*

Consignáronse 18.000 euros no Presuposto, ascendendo a súa execución definitiva a 22.299,20 euros.

A execución final dos gastos de administración e representación elevouse a 228.533,51 euros, non obstante, unicamente se someteron a revisión os certificados no expediente da subvención, que ascendían a 45.475,63 euros, entre os que non figuraban os relativos aos gastos de persoal e de representación dos órganos de goberno.

c) *Subvencións a escudarías*, o importe presupostado e aplicado de acordo coa liquidación orzamentaria a cal ascendeu respectivamente a 149.265,86 e 149.854,85 euros.

A teor da liquidación orzamentaria formulada pola FG, detectáronse as seguintes incidencias:

- O presuposto liquidouse cun superávit de 9.117,63 euros, unha vez detraída a cantidade consignada para a dotación de amortización dos elementos de inmobilizado, que ascendeu a 4.332,69 euros. A obtención de beneficios determina a obtención de axudas públicas en contía superior ao custo da actividade que se financia, o que deberá ser tido en conta pola DXD aos efectos de instar o oportuno procedemento para a redución da axuda no importe excedentario.

- Pese que a secretaria da federación certificou ante a Administración deportiva, co visto bo do Presidente, que a totalidade das axudas a clubs, 149.253,84 euros, foran satisfeitas a estes, a

liquidación recolle a contía de 52.188,15 euros en concepto de incumprimento de convenio de entidades organizadoras, sen que resulte posible determinar a procedencia dos devanditos fondos, como se sinala máis adiante.

## Programa I (Docencia e tecnificación)

De acordo coa Orde de convocatoria da subvención, este programa de gasto ten como destino o financiamento de concentracións técnicas, cursos de adestradores e xuíces e a detección de novos valores. A FG presupostara a cantidade de 21.035,42 euros no concepto de *publicacións* correspondente a este programa. Non obstante, a cantidade percibida da SXD, 8.350 euros, destinouse ao pagamento de premios a 10 pilotos pola clasificación obtida en diversas competicións, gasto cuxa contía non pode ser financiada con cargo ao programa I da axuda, sen prexuízo da posibilidade do seu encadre noutro capítulo.

Como xustificación de aplicación da contía anterior facilitáronse unicamente as ordes de transferencia dos fondos contra a conta corrente federativa, comprensivas do pagamento dos premios detraída unha retención fiscal do 18%, sen que exista constancia da aceptación e cobramento do premio polos pilotos nin evidencia do cumprimento das obrigas fiscais.

## Programas II (Competicións e actividades) e IV (Gastos xerais)

As incidencias máis significativas detállanse no cadro anexo, onde se recolle a totalidade do gasto certificado pola federación. Mención especial debe efectuarse ás facturas que por importe de 7.813,91 euros se comprenden no número 4 da relación de perceptores, por canto os feitos detectados se reiteran nos exercicios posteriores. Como soporte xustificativo do devandito gasto achegáronse 6 facturas cuxo importe superaba o consignado na certificación, coas características que recolle o seguinte cadro:

| Data fra. | Núm. fra. | Importe | Perceptor |
|---|---|---|---|
| 01/01/2002 | 42567 | 1.271,74 | Non consta imputación a conta corrente, pero figura a fotocopia dun cheque estendida persoa distinta ao titular do comercio. |
| xaneiro, febreiro (sen ano) | 2560 | 2.103,96 | |
| 30/05/2002 | 3338 | 2.728,81 | |
| 07/07/2002 | 236 | 822,5 | Titular do establecemento que figura na relación de perceptores |
| 15/07/2002 | 3987 | 886,9 | Titular do establecemento que figura na relación de perceptores |
| 07/10/2002 | 4879 | 1614,33 | Persoa física distinta ás anteriores, cuxos apelidos coinciden cos do presidente da FG. |
| **TOTAL** | | **9.428,24** | |

As anteriores facturacións non poden considerarse válidas, a teor das seguintes incidencias:

- A única descrición que se contén nas mesmas, cubertas manualmente en formato tipo de factura, é a de *selos*, sen que en ningún caso se concrete a contía e características (valor facial) destes. O establecemento expedidor, do que figura un selo, é unha expendiduría de tabacos. Se ben a expedición de selos se atopa tipificada como exención no artigo 20.uno.17 da Lei de IVE, a totalidade das facturas efectúase con repercusión de IVE ao tipo xeral (16%). Este feito permite cuestionar a natureza, se é o caso, dos bens entregados.

- A numeración das facturas fiscalizadas reviste un notorio carácter incongruente, como se pon de manifesto no anterior cadro. Se ben a expedida o 1 de xaneiro de 2002 se numera como a 42.567, a expedida o 7 de xullo figura como a 236.

- En catro dos soportes do pagamento das facturas analizadas figura como destinatario do pagamento unha persoa distinta ao titular do establecemento comercial. Na factura número 4.879 figura como titular da conta corrente unha persoa física cuxos apelidos resultan coincidentes cos da persoa que ostenta a presidencia da federación.

| NRP | Provedor | Importe RP | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| 1 | MIGUEL J.ÁLVAREZ TABOADA (MS VÍDEO) | 3.726,10 | 1.239,10 | Unicamente se presentaron facturas por importe de 2.927,30 euros, polo que restan 798,80 euros ata o total das certificadas.<br>As facturas por importe de 260 euros (13 de decembro de 2002) e 180,30 euros (2001) incumpren o principio de anualidade. |
| 2 | ANTONIO CERVIÑO (RADIO Y MÚSICA) | 1.875,80 | 1.875,80 | Nas ordes de transferencia faise referencia a material para reparar cronos. A única descrición que obra nas facturas é a de pilas e outros, sen concreción do número, natureza e prezo dos bens adquiridos, que poderían revestir natureza de inmobilizado.<br>Non existe coincidencia entre os NIF das persoas físicas que se consignan na relación de perceptores, nas facturas e nos documentos bancarios de pagamento.<br>A numeración das facturas non resulta verosímil. O 4 de novembro expídese a factura número 4, tendo en conta que as anteriores, 2 e 3, teñen igualmente como destinatario á federación os meses de xuño e agosto. |
| 3 | TELEFÓNICA | 2.595,90 | 1.644,60 | Unicamente se presentaron facturas por importe de 1.311,97 euros, polo que restan 1.283,93 euros ata o total das certificadas.<br>Achegáronse facturacións por importe de 360,67 euros correspondentes a datas (outubro a decembro de 2002) posteriores á da presentación da xustificación. |
| 4 | MILAGROS RODRÍGUEZ VÁZQUEZ (EXPENDIDURÍA TABACOS) | 7.813,91 | 7.813,91 | As anteriormente sinaladas. |
| 5 | EMILIO GONZÁLEZ GONZÁLEZ | 2.267,33 | 2.267,33 | Achegouse a proba da imputación bancaria de 3 pagamentos por importe conxunto de 2.639,33 euros, importe distinto ao da relación. Non obstante, non figura factura correspondente a estes, polo que non existe evidencia do ben ou servizo facturado, que de tratarse do indicado na relación de perceptores, a confección de maletas de madeira, tería carácter de inmobilizado, non resultando financiable con cargo a esta axuda. |
| 6 | LÓPEZ, ARTES GRÁFICAS | 3.406,22 | 543,80 | Factura expedida o 31 de decembro de 2001, polo que non resulta financiable. |

| NRP | Provedor | Importe RP | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| 7 | JAVIER GONZÁLEZ CASTRO (LIBRERÍA CASTRO) | 3.730,29 | 3.730,29 | Preséntanse dúas facturas cubertas manualmente e con selo do establecemento, por importe que supera ao consignado na relación de perceptores e con distintos tipos de letra empregados na súa cobertura. A única descrición que conteñen é a de material de oficina, sen concretar o número e natureza de bens individualmente adquiridos, o tipo de IVE aplicable, etc. |
| 8 | DEZA PUBLICIDADE S.L. | 3.366,68 | 1.340,16 | Non se presentan xustificantes pola totalidade do gasto certificado. |
| 9 | CRISANTO LOMBARDERO (ENTER INFORMÁTICA) | 3.761,80 | 3.365,32 | Non se presentan xustificantes por importe de 1.265,28 euros. As facturas expedidas por importe de 1.682,60 e 417,44 euros corresponden a inmobilizados de carácter informático, non financiables con cargo á axuda. |
| 10 | TEMPERANS- ANIMALS S.L. | 4.581,60 | 4.510,49 | Na certificación de gasto efectuada pola federación figuraba a *adquisición de impresora para a federación*, concepto non subvencionable. Achegáronse facturas por importe de 420,98 euros (cuxo soporte era un Fax, requiríndose a factura orixinal); 104,57 euros (gastos de instalación de impresora, que de acordo coa norma contable deben activarse co inmobilizado); 2.714,29 euros (o albará de entrega das cales data do 27 de decembro de 2002, transcorrido o período subvencionable); 2.886,60 euros (sen que se achegue factura, polo que se descoñece a natureza do ben ou servizo facturado). Da totalidade das facturacións achegadas, que se elevan a 6.197,55 euros, unicamente resulta subvencionable a expedida por importe de 71,11 euros. |
| **TOTAL** | | **37.125,63** | **28.330,80** | |

## Programa III (Axudas a Clubs)

A FG certificou a entrega ás escudarías-clubs das axudas que por importe de 149.253,84 euros a Administración autonómica satisfixera á entidade federativa. Pese o requirimento de xustificación a que se aludía no epígrafe IV.2.1, non se achegou documentación probatoria da realización destes pagamentos. Máis aínda, a inclusión de 52.188,15 euros en concepto de *incumprimento de convenios* supón o recoñecemento contable de que, cando menos, esta cantidade non foi obxecto de pagamento aos clubs, dispoñéndose irregularmente ao arbitrio dos responsables federativos, pese a procedencia da súa devolución ás arcas públicas.

## Exercicio 2003

Non figura no expediente a liquidación do presuposto federativo deste exercicio, o que constitúe unha limitación na súa fiscalización.

A DXD encargou, con data do 23 de decembro de 2004, a realización dunha auditoría externa das contas anuais correspondentes ao exercicio 2003, cuxa conclusión, de acordo co informe remitido o 21 de xullo de 2005 á Administración deportiva, foi a imposibilidade de auditar as contas anuais, toda vez que non resultaran formuladas polos responsables da federación nin aínda recibidas polo profesional externo á data de subscrición do seu informe. Se ben non existe constancia da práctica de actuación adicional ningunha pola DXD con respecto ao exercicio

2003, encargouse ao mesmo profesional externo a auditoría das contas anuais e das axudas autonómicas recibidas correspondentes ao exercicio 2005, ás que nos referiremos máis adiante.

## Cadros resumo

| Federación de Automobilismo Exercicio 2003 | |
|---|---|
| Programa de gasto | Presuposto de gastos |
| I | 22.406,00 |
| II | 35.325,00 |
| III | 143.578,00 |
| IV | 167.928,21 |
| **Total presuposto** | **369.237,21** |
| Total solicitado | 178.737,21 |

| Federación de Automobilismo - Exercicio 2003 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Programa de gasto | Contía concedida pola Admón deportiva | Contía xustificada mediante certificación expedida pola F.G. | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| Programas II e IV | 34.500,00 | 38.849,53 | 14.157,82 | 24.691,71 |
| Programa I e II | 0 | 0 | | |
| Programa III (clubs non incluídos en convenios) | 60.780,00 | 60.780,00 | | 60.780,00 |
| Programa III (clubs con domicilio en Pontevedra) | 55.724,00 | 55.724,00 | | 55.724,00 |
| **TOTAL** | **151.004,00** | **155.353,53** | **14.157,82** | **141.195,71** |

## Programas II (Competicións e actividades) e IV (Gastos xerais)

Detectáronse as seguintes incidencias:

- A mediados do exercicio 2003 prodúcese un cambio da sede social da federación, que se traslada dende un local arrendado en Carballiño (Ourense), cuyas rentas anuais estimadas (de acordo co presuposto formulado para o exercicio 2004) ascendían a 6.000 e 1.000 euros, respectivamente, en concepto de prezo do arrendo e mantemento á localidade de Ourense (Estrada de Vigo- O Pino). Pese o traslado da sede, o mencionado local continuou arrendado pola federación ao longo dos exercicios fiscalizados.

A nova sede social, cuxo prezo de arrendo anual ascendía a 16.227,36 euros (1.352,28 euros/mes) nos exercicios 2004 e 2005, pertence á propiedade particular do presidente e a secretaria da FG, o que puidese determinar a concorrencia de conflito de intereses entre as partes contratantes. Se ben non se imputou á subvención recibida o custo do referido arrendo, si se sufragou con cargo a esta o custo de acondicionamento do local (facturas de 3 e 6 de xuño de 2003 a que se refiren os números 2 e 16 da relación de perceptores) consistente na adquisición e instalación de persianas metálicas e ventás por importe conxunto de 4.468,32 euros. Como queira que os devanditos gastos de acondicionamento e aqueles nos que, no seu caso, se incorrese, resultan potencialmente activables en concepto de establecemento, a súa aceptación como subvencionables condiciónase -á marxe das consideracións expresadas no parágrafo seguinte- a que non se exercitara a devandita opción.

En ausencia da documentación que soporta a autorización e aprobación dos gastos de aluguer e acondicionamento por parte da Federación, así como do propio contrato de arrendamento, non resulta posible emitir opinión sobre o axuste á legalidade destas actuacións, o que condiciona a consideración como subvencionables das obras efectuadas.

- Se ben non existe constancia da mingua no gasto de telefonía fixa imputáronse á axuda os gastos de telefonía móbil correspondentes aos meses de xaneiro a agosto de 2003, cuxas facturas mostran a contratación de 7 liñas de telefonía móbil, cuxos usuarios non son obxecto de concreción no expediente de xustificación.

-Imputouse á axuda recibida un gasto de 5.203,05 euros en concepto de *selos* correspondente á expendiduría de tabacos mencionada en relación co exercicio 2002. Como xustificación remitíronse 5 facturacións por importe conxunto de 7.024,78 euros, sen detalle do número e valor facial dos selos adquiridos, comprensivas de IVE ao tipo xeral (pese a exención legalmente declarada) e cuxa numeración presenta contradicións tales como que as expedidas o 7 de xaneiro, 12 e 18 de abril de 2003 figuran cos números 4.256, 4 e 332. Á marxe de que non constitúen xustificación válida, en 4 dos 5 xustificantes bancarios de pagamento figura como beneficiario unha persoa física distinta á titular do establecemento mercantil, cuxos apelidos coinciden cos de quen ostenta a presidencia da FG.

| NRP | Provedor | Importe RP | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| 1 | MIGUEL J.ÁLVAREZ TABOADA | 4.273,76 | 271,76 | Preséntanse xustificantes en contía inferior a 150,94 euros á consignada na relación certificada. Factura de 120,06 expedida o 26 de decembro de 2003, fóra do período subvencionable. |
| 2 | GÓMEZ VISO, S.A. | 2.020,72 | condicionado | As anteriormente sinaladas. |
| 16 | PERSIANAS A LAGOA, S.L. | 2.447,60 | condicionado | As anteriormente sinaladas. |
| 3 a 8 | AXUDAS DE CUSTO A INSPECTORES PROBAS | 5.871,00 | 5.871,00 | Remuneracións encubertas satisfeitas como axudas de custo a persoas físicas, sen que medie a práctica de retencións. |
| 9 | VODAFONE | 4.849,71 | 4.849,71 | As anteriormente sinaladas. |
| 10 | MILAGROS RODRÍGUEZ VÁZQUEZ (EXPENDIDURÍA TABACOS) | 5.203,05 | 5.203,05 | As anteriormente sinaladas. |
| 11 | EPA-QUARTZ (JOSÉ OTERO OTERO) | 1.245,00 | 1.245,00 | Factura cuberta manualmente co selo dunha joyería-reloxaría, que pese expedirse o 26 de maio de 2003 se numera como 3, sen que apareza outra concreción que a de *mantemento de equipos*, sen que se describa a natureza dos mesmos e os custos individualmente aplicados. |
| 12 | LÓPEZ, ARTES GRÁFICAS | 3.021,80 | 13,11 | Achegáronse facturas por importe de 3.008,69 euros. |
| 13 | JAVIER GONZÁLEZ CASTRO | 3.168,72 | 3.168,72 | Achéganse 2 facturas cubertas manualmente, co selo do establecemento e sen outra descrición que material de oficina e varios, sen que se concrete os bens adquiridos. A primeira, que importa 1.830 euros contén contraditoriamente a denominación de IVE incluído e o seu detalle posterior. A expedida por importe de 1.338,72 carece de referencia ningunha ao IVE aplicado. |
| 14 | DEZA PUBLICIDADE | 3.558,84 | 1.070,64 | Unicamente se achegan facturas por importe de 2.488,20 euros. |
| 15 | PUBLIMUZ, INFORMÁTICA | 3.189,33 | 2.998,72 | As facturas comprenden a adquisición de bens de inmobilizado tales como unha PDA, software, escáner, etc. que non resultan subvencionables con cargo á axuda. |
| **TOTAL** | | **38.849,53** | **24.691,71** | |

## Programa III (Axudas a Clubs)

A FG certificou a entrega ás escudarías-clubs das axudas que por importe de 116.504 euros a Administración autonómica satisfixera á entidade federativa. Pese o requirimento de xustificación a que se aludía no epígrafe IV.2.1, non se achegou documentación probatoria da realización destes pagamentos.

## Exercicio 2004

### *Cadros resumo*

| Federación de Automobilismo - Exercicio 2004<br>Contía solicitada: 203.820,00 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Presuposto de gastos | Contía concedida | Contía xustificada | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| I | 225.950,00 | 15.950,00 | 17.112,47 | 9.257,00 | 7.855,47 |
| II | 30.000,00 | 23.000,00 | 23.074,88 | 8.711,60 | 14.363,28 |
| III | 0,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| IV | 0,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| V | 159.870,00 | 95.074,00 | 97.827,00 | | 95.074,00 |
| VI | 0,00 | 3.000,00 | 3.640,01 | 986,00 | 2.654,01 |
| **TOTAL** | **415.820,00** | **137.024,00** | **141.654,36** | **18.954,60** | **119.946,76** |

Non obra no expediente a liquidación do presuposto federativo de 2004, non obstante, no estado contable de perdas e ganancias correspondente a 2004 figura un beneficio da actividade, despois de amortizacións, de 10.173 euros, o que deberá ser revisado pola DXD aos efectos de determinar se coas axudas outorgadas se excede no custo da actividade subvencionada.

Detectáronse as seguintes incidencias nas xustificacións achegadas, tal e como se recolle nos cadros anexos:

## Programa I (Gastos Xerais)

| NRP | Provedor | Importe RP | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| 1 a 6 | S.E. CORREOS E TELÉGRAFOS | 3.576,97 | | |
| 7 | TELEFÓNICA | 1.203,13 | 110,71 | A facturación de xaneiro incluía conceptos correspondentes ao mes de decembro de 2003, non financiables coa axuda ao amparo do principio de anualidade. |
| 8 | UNIÓN FENOSA | 830,37 | 97,17 | Ídem. |
| 9 | MILAGROS RODRÍGUEZ VÁZQUEZ (EXPENDIDURÍA TABACOS) | 995,95 | 995,95 | Idénticas incidencias ás expresadas nos exercicios 2002 e 2003. |
| 13 | MILAGROS RODRÍGUEZ VÁZQUEZ (EXPENDIDURÍA TABACOS) | 767,00 | 767,00 | |
| 10 | MOBLECOPY,S.L. | 2.199,36 | 2.199,36 | Como única descrición nas facturas figura a expresión "material e consumibles", sen que se concrete o número e as características dos bens adquiridos. |
| 11 | MOBLECOPY,S.L. | 1.825,26 | 1.825,26 | |
| 12 | GRÁFICAS POMBA,S.L. | 3.854,41 | | |
| 14 | JAVIER GONZÁLEZ CASTRO (LIBRERÍA CASTRO) | 1.584,00 | 1.584,00 | Idénticas incidencias ás expresadas nos exercicios 2002 e 2003 |
| 15 | JOSÉ DANIEL GÓMEZ PIÑA | 276,02 | 276,02 | A factura refírese ao mantemento e reparación de material, resultando imputable ao programa II (actividade ordinaria). |
| **TOTAL** | | **17.112,47** | **7.855,47** | |

## Programa II (actividade ordinaria)

| NRP | Provedor | Importe RP | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| 1 | ORFEBRES DO ARTE, S.A. | 12.297,98 | 12.297,98 | Non se indica o número e prezo individual dos adquiridos; de xustificar axeitadamente estes extremos e a teor do presuposto aprobado, o seu financiamento debe efectuarse con cargo ao capítulo I (apartado de entregas e de premios e publicidade). |
| 2 | TEMPERANS &ANIMALS | 892,77 | | |
| 3 | LÓPEZ ARTES GRÁFICAS, S.L. | 2.291,00 | | |
| 4 e 5 | MIGUEL J.ÁLVAREZ TABOADA (MS VÍDEO) | 1.180,30 | 1.180,30 | A teor do presuposto aprobado, o seu financiamento debe efectuarse con cargo ao capítulo I (apartado de entregas e de premios e publicidade). |
| 6 | DEZA PUBLICIDADE,S.L. | 522,00 | 522,00 | A teor do presuposto aprobado, o seu financiamento debe efectuarse con cargo ao capítulo I. (apartado de entregas e de premios e publicidade). |
| 7 | AURIA EXPRESS, S.L. | 4.115,26 | | |
| 8 | DEZA PUBLICIDADE, S.L. | 772,56 | | |
| 9 | Mª ÁNGELES CERVIÑO VALDÉS | 363,00 | 363,00 | A única descrición que obra nas facturas é a de pilas e outros, sen concreción do número, natureza e prezo dos bens adquiridos, que poderían revestir natureza de inmobilizado. |
| 10 | JOSÉ TERCEIRO PENEDO | 640,01 | | |
| **TOTAL** | | **23.074,88** | **14.363,28** | |

## Programa V (Axudas a Clubs)

A federación certificou a entrega por contía global de 97.827 euros a 33 escudarías automobilísticas. Non obstante, como xustificación individual das anteriores concesións achégase un modelo tipo de declaración subscrita polo responsable de cada un dos clubs na que, aos efectos de percibir a correspondente subvención a través da federación, se declara ter a disposición desta e da administración autonómica as facturas orixinais dos gastos incorridos na organización das competicións. A totalidade destas declaracións atópanse subscritas o 23 de xullo de 2004, facendo constar que o cobramento das axudas se condiciona á súa transferencia previa por parte da DXD.

Os anteriores documentos, cualificados erroneamente de recibos, non constitúen soporte abondo da realización das actividades polas escudarías nin así mesmo da percepción dos devanditos fondos por estas.

Así mesmo, na conta de perdas e ganancias correspondente ao exercicio 2004 -obtida das contas anuais que se achegan ao informe de auditoría externa correspondente ao exercicio 2005- figura un ingreso extraordinario en concepto de *incumprimento de convenio* por importe de 10.964,08 euros, o que de acordo co expresado anteriormente supón a retención de axudas a favor dos clubs nesa contía, sen que a federación efectuase a devolución destas á DXD. Á devandita obriga compélese ás entidades colaboradoras a teor do artigo 32.2 do Decreto 287/2000, cando dispón que os fondos recibidos polas entidades colaboradoras *non se integrarán en ningún caso no patrimonio nin no presuposto da entidade colaboradora, nin poderán ser obxecto de retención ou minoración.*

## Programa VI (Outros proxectos de especial relevancia)

Se ben a federación non solicitou contía ningunha en relación con este capítulo, a resolución da DXD do 1 xuño de 2004 adxudicoulle 3.000 euros, comunicando o 4 do mesmo mes que a citada contía se refería ás actividades desenvolvidas na Olimpíada Escolar de Silleda. Verificándose que a devandita proba tivo lugar entre os días 30 de abril e 2 de maio, observáronse as seguintes incidencias na documentación xustificativa:

| NRP | Provedor | Importe RP | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| 1 | INVERSIONES FINANCIERAS DEL RIVEIRO,S.L. | 1.249,83 | 1.249,83 | A factura describe a adquisición de 2 marcadores electrónicos, que por revestir natureza de inmobilizado material non resultan subvencionables con cargo á axuda. |
| 2 | ORFEBRES DEL ARTE, S.A. | 133,98 | 133,98 | Factura expedida o 29 de xuño de 2004, sen que concrete data distinta de recepción dos bens, polo que non se pode derivar a existencia de relación entre o devandito gasto e as probas referidas, celebradas cun mes de antelación. |
| 3 | LA REAL, JOYERIA RELOJERIA | 986,00 | | |
| 4 | SISTEMAS INTEGRALES DE TELECOMUNICACIONES,S.L. | 1.270,20 | 1.270,20 | Factura expedida o 29 de xuño de 2004, sen que concrete data distinta de recepción dos bens, polo que non se pode derivar a existencia de relación entre o devandito gasto e as probas referidas, celebradas cun mes de antelación. |
| TOTAL | | 3.640,01 | 2.654,01 | |

## Exercicio 2005

### *Cadros resumo*

| Federación de Automobilismo - Exercicio 2005<br>Contía solicitada: 251.011,00 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Presuposto de gastos | Contía concedida | Contía xustificada | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| I | 231.610,00 | 16.748,00 | 16.953,90 | 7.118,19 | 9.835,71 |
| II | 30.000,00 | 24.150,00 | 26.474,47 | 11.377,85 | 15.096,62 |
| III | 36.000,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| IV | 0,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| V | 142.845,00 | 119.075,00 | 119.075,00 | | 119.075,00 |
| VI | 0,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| **TOTAL** | **440.455,00** | **159.973,00** | **162.503,37** | **18.496,04** | **144.007,33** |

Se ben a memoria xustificativa presentada pola federación para o cobramento da axuda do exercicio 2005 presenta un resumo global que cifra ingresos e gastos en idéntica contía (463.984,94 euros), a conta de perdas e ganancias formulada recolle un beneficio da actividade de 24.232,87 euros, o que deberá ser obxecto de revisión pola entidade concedinte aos efectos,

no seu caso, do oportuno axuste á baixa. Entre os anteriores ingresos figuraba un total de 9.729 euros en concepto de *incumprimento de convenios*.

O informe de auditoría externa encargada pola DXD sobre as contas anuais do exercicio 2005 (Rexistro de entrada núm.1089, do 27 de abril de 2007) menciona, a causa das limitacións ao alcance padecidas, a imposibilidade de expresar opinión sobre aquelas. Entre as anteriores recollíase a imposibilidade de *realizar probas destinadas a determinar a razonabilidade do saldo das contas de debedores, acredores a curto prazo e tesouraría*, pola negativa da *Federación a que se realizasen confirmacións a terceiros*.

Con carácter adicional ao anterior informe, encargouse ao mesmo profesional externo unha auditoría de cumprimento relativa ás subvencións outorgadas en 2005 pola DXD, que tivo entrada neste órgano administrativo en idéntica data ao relativo á revisión contable. Este último informe non detectou, salvo no relativo ao Programa V, incidencias destacables.

## Programa I (Gastos Xerais)

| NRP | Provedor | Importe RP | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| 1,13,14 | S.E. CORREOS E TELÉGRAFOS | 1.482,29 | 880,76 | Figuran 2 facturas expedidas o 27 e o 31 de decembro de 2004, cuxa imputación á axuda non é posible a teor do principio de anualidade. |
| 2 | EPA-QUARTZ(JOSÉ OTERO OTERO) | 2.959,16 | 2.959,16 | Factura cuberta manualmente co selo dunha xoiaría-reloxaría, sen que apareza outra descrición que a de reparación e revisión anual de equipos de cronometraxe, sen que, pese o elevado importe da factura, se detallen as reparacións e revisións efectuadas así como os custos individualmente aplicados a estas. |
| 3 | TELEFÓNICA | 1841,66 | 111,44 | O importe consignado corresponde a consumos correspondentes ao exercicio 2004. |
| 4 | JAVIER GONZÁLEZ CASTRO (LIBRERÍA CASTRO) | 2.714,40 | 2.714,40 | Factura con descrición xenérica de material de oficina, sen detalle concreto dos bens adquiridos. |
| 5 | UNIÓN FENOSA | 1.304,29 | 150,74 | O importe consignado corresponde a consumos correspondentes ao exercicio 2004. |
| 6 e 7 | JOSÉ DANIEL GLEZ. PIÑA | 2.251,73 | 880,84 | O importe consignado corresponde a consumos correspondentes ao exercicio 2004. |
| 8 | PUBLIMUZ,S.C. | 617,12 | 617,12 | A xustificación achegada é un albará, sendo requisito necesario a achega de factura. |
| 9 e 12 | E.C.R. 2000 S.L. | 2.262,00 | | |
| 10,11 e 15 | MILAGROS RODRÍGUEZ VÁZQUEZ (EXPENDIDURÍA TABACOS) | 1.521,25 | 1.521,25 | Achéganse 3 facturas de numeración non correlativa -a expedida o 8 de xuño é a 3247 e a xirada o 28 de xullo a 342-, coa única descrición de selos, pese o cal se xira indebidamente o tipo xeral de IVE. |
| TOTAL | | 16.953,90 | 9.835,71 | |

## Programa II (actividade ordinaria)

| NRP | Provedor | Importe RP | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| 1 | ORFEBRES DEL ARTE,S.A. | 13.896,02 | 13.896,02 | Achégase unha factura do 10 de xaneiro de 2005 coa única descrición de 58 trofeos, sen que se concrete a data da súa posta a disposición e os seus custos individuais. Como proba de pagamento achéganse 4 letras de cambio, cuxo importe total é inferior en 3.606,10 euros ao facturado, que aínda que pagadas no exercicio 2005, figuran libradas o 6 de xaneiro de 2004, polo que se presume que a adquisición corresponde ao exercicio 2004. |
| 2 | AURIA EXPRESS,S.L. | 6.679,85 | | |
| 3 | DEZA PUBLICIDADE | 2.540,40 | | |
| 4 | LÓPEZ ARTES GRÁFICAS, S.L. | 2.157,60 | | |
| 5 | MIGUEL J. ÁLVAREZ TABOADA | 1.200,60 | 1.200,60 | A teor do presuposto aprobado, o seu financiamento debe efectuarse con cargo ao capítulo I. (apartado de entregas e de premios e publicidade). |
| TOTAL | | 26.474,47 | 15.096,62 | |

## Programa V (Axudas a Clubs)

Ao igual que no exercicio 2004, a federación certificou a entrega de 119.075 euros a un total de 41 escudarías, o que xustificou mediante a achega de declaracións tipo de contido similar ao expresado na análise das axudas correspondentes a aquel exercicio. Non obstante, e a diferenza do exercicio 2004, as escudarías Rías Baixas e Ourense rexeitaron asinar as citadas declaracións.

A auditoría externa determinou que, con carácter adicional aos 9.729 euros que figuraban indebidamente retidos e recoñecidos como ingresos en contabilidade, existían adicionalmente contías por importe de 12.450 euros que, igualmente percibidas da DXD, non foran obxecto de transferencia ás escudarías deportivas. Polo tanto, as contías indebidamente retidas pola federación no exercicio ascenden a 22.179 euros.

Pese que o informe do profesional externo puxo en coñecemento da DXD estes feitos (Rexistro de entrada núm.1090, do 27 de abril de 2007), non existe constancia da realización de actuacións tendentes á devolución dos fondos indebidamente percibidos pola federación.

## IV.3.4 FG de Boxeo

### *Exercicios 2002 e 2003*

En contestación aos requirimentos efectuados pola DXD, o presidente da federación comunicou que non obraban no arquivo da entidade ningunha das xustificacións orixinais solicitadas. Desta forma, as certificacións do gasto efectuado nos citados exercicios, única documentación que obra no expediente, non constitúen xustificación suficiente das axudas percibidas pola federación.

## Exercicio 2002

### *Cadros resumo*

| Federación de Boxeo<br>Exercicio 2002 | |
|---|---|
| Programa de gasto | Presuposto de gastos |
| I | 2.554,30 |
| II | 8.414,16 |
| III | 7.212,15 |
| IV | 8.293,96 |
| **Total presuposto** | **26.474,57** |
| **Total solicitado** | **26.474,57** |

| Federación de Boxeo - Exercicio 2002 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Programa de gasto | Contía concedida pola Admón. deportiva | Contía xustificada mediante certificación expedida pola F.G. | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| Programa I e II | 0 | 0 | | |
| Programa I | 0 | 0 | | |
| Programas II e IV | 7.513,00 | 9.062,33 | | 9.062,33 |
| Eventos deportivos de alto nivel | 0 | 0 | | 0 |
| Programa III (clubs non incluídos en convenios) | 0 | 0 | | 0 |
| Programa III (clubs con domicilio na Coruña) | 0 | 0 | | 0 |
| Programa III (clubs con domicilio en Pontevedra) | 3.606,07 | 3606,07 | | 3606,07 |
| **TOTAL** | **11.119,07** | **12.668,40** | | **12.668,40** |

## Exercicio 2003

### *Cadros resumo*

| Federación de Boxeo<br>Exercicio 2003 | |
|---|---|
| Programa de gasto | Presuposto de gastos |
| I | 2.554,30 |
| II | 9.207,08 |
| III | 7.212,15 |
| IV | 5.903,04 |
| **Total presuposto** | **24.876,57** |
| **Total solicitado** | **24.876,57** |

| Federación de Boxeo - Exercicio 2003 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Programa de gasto | Contía concedida pola Admón deportiva | Contía xustificada mediante certificación expedida pola F.G. | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| Programas II e IV | 8.000,00 | 8.534,25 | | 8.534,25 |
| Programa I e II | 0 | 0 | | 0 |
| Programa III (clubs non incluídos en convenios) | 0 | 0 | | 0 |
| Programa III (clubs con domicilio en Pontevedra) | 3.600,00 | 3.600,00 | | 3.600,00 |
| **TOTAL** | **11.600,00** | **12.134,25** | | **12.134,25** |

## Exercicio 2004

### *Cadros resumo*

| Federación de Boxeo - Exercicio 2004<br>Contía solicitada: 21.785,57 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Presuposto de gastos | Contía concedida | Contía xustificada | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| I | 6.478,06 | 4.400,00 | 4.801,50 | 3.383,27 | 1.418,23 |
| II | 7.790,81 | 4.600,00 | 5.054,27 | 1.745,07 | 3.309,20 |
| III | 600,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| IV | 0,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| V | 7.813,16 | 3.600,00 | 3.600,12 | | 3.600,12 |
| VI | 2.103,54 | 0,00 | 0,00 | | |
| **TOTAL** | **24.785,57** | **12.600,00** | **13.455,89** | **5.128,34** | **8.327,55** |

Detectáronse as incidencias que se detallan nos cadros adxuntos:

## Programa I (Gastos Xerais)

| NRP | Provedor | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|
| 1 | VODAFONE | 253,37 | A factura corresponde ao exercicio 2003, polo que se incumpre o principio de anualidade. |
| 3,4 e 8 | ESTABLECEMENTOS DE EQUIPACIÓN DEPORTIVA | 905,57 | A adquisición de material deportivo debe efectuarse con cargo ao financiamento concedido no programa II. |
| 9,11,12,17 e 18 | VARIOS SERVIZOS HOSTALARÍA | 141,95 | Facturas varias sen numeración cuxo motivo, a manutención por asistencia a reunións de boxeo, se corresponde cos gastos subvencionables con cargo ao Programa II. Non se menciona ao destinatario dos servizos, polo que podería existir duplicación no cobramento de manutencións, dado que se verificou o pagamento de axudas de custo de manutención a tanto alzado pola asistencia ás referidas reunións. |
| 22 | TESOUREIRO DA FG | 117,34 | Pagamento de locomoción a tanto alzado sen que exista proba de desprazamento. |
| **TOTAL** | | **1.418,23** | |

## Programa II (actividade ordinaria)

| **NRP** | **Provedor** | **Importe non xustificado** | **Observacións** |
|---|---|---|---|
| 7 a 10;23 | Autoestradas do Atlántico, Asistencia médica en reunións e arbitraxes; Autoestradas de Galicia | 2.159,71 | Preséntase unha relación de tiques de autoestrada sen especificación do motivo concreto do gasto. Axudas de custo a tanto alzado de manutención e locomoción sen xustificación, que aínda constituíndo remuneración non se suxeitan a retención. |
| 12 a 15 | Colaboradores | 969,49 | Locomoción por asistencia a reunións e diversas xestións, a tanto alzado e sen xustificación dos desprazamentos. |
| 23 a 26 | Colaboradores | 180,00 | Axudas de custo por manutención e locomoción a tanto alzado sen xustificación documental. |
| **TOTAL** | | **3.309,20** | |

## Programa V (Axudas a Clubs)

A totalidade do programa, para o que se outorgaron 3.600 euros, xustificouse por medio de *recibís*, sen que exista constancia das actividades realizadas polos clubs nin da proba material do pagamento das contías.

# Exercicio 2005

## *Cadros resumo*

| Federación de Boxeo - Exercicio 2005<br>Contía solicitada: 28.135,00 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Presuposto de gastos | Contía concedida | Contía xustificada | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| I | 7.535,00 | 6.000,00 | 9.157,87 | 4.437,51 | 4.720,36 |
| II | 22.600,00 | 6.000,00 | 8.597,60 | 869,60 | 7.728,00 |
| III | 0,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| IV | 0,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| V | 9.000,00 | 6.870,00 | 6.882,94 | | 6.882,94 |
| VI | 0,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| **TOTAL** | **39.135,00** | **18.870,00** | **24.638,41** | **5.307,11** | **19.331,30** |

Detectáronse as seguintes incidencias:

## Programa I (Gastos Xerais)

| NRP | Provedor | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|
| 1 a 17 | AXUDAS DE CUSTO E LOCOMOCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO POR ASISTENCIA A XUNTAS | 1.139,36 | Axudas de custo de manutención e locomoción sen soporte xustificativo suficiente. |
| 18 | RESTAURANTE MARISQUERÍA SUSO 2 | 219,00 | A natureza do gasto non se inscribe no obxecto das axudas ao deporte. |
| 19 a 44 | AXUDAS DE CUSTO E LOCOMOCIÓN DE DIRECTIVOS, ADMINISTRATIVOS E TÉCNICOS | 1.367,59 | O total de axudas de custo, locomoción e aloxamento presentados ascende a 2.692,10 euros. As axudas de custo e aloxamento sufráganse a tanto alzado, sen soportes documentais, polo que non serven para os efectos de xustificación. |
| 45 e 46 | HALCÓN VIAJES | 289,44 | Non se fai constar a identidade e os motivos dos desprazados. A descrita no NRP 46 non se atopa expedida polo provedor do servizo. |
| 50 a 54 | TELEFÓNICA | 744,91 | Conceptos facturados conxuntamente coa telefonía pero que refiren a gastos por instalación de equipos informáticos así como ós tres primeiros prazos de pagamento dos devanditos equipos. Os gastos de inmobilizado ou capital non son subvencionables con cargo á axuda da DXD. |
| 76 e 78 | FERRAXARÍAS | 86,85 | Non se trata de gastos de natureza corrente, senón de inmobilizado ou capital. |
| 87 | IMPRENTA GALIZA | 203,00 | Idéntica motivación, numeración e concepto á xirada por idéntica empresa (NRP 82). Constituíndo duplicación. |
| 90 | ELECTRICISTA | 175,00 | Achégase un mero recibí de servizos profesionais que non reúne requisitos regulamentarios esixibles á factura. |
| 96 a 98 | BRICO KING | 72,31 | Os conceptos de gasto non reúnen natureza de gasto corrente. |
| 99 | MUGUET | 50,00 | Preséntase un albará, que non reúne requisitos de factura. |
| 103 | HANDEM,S.A. | 99,00 | Detalla, entre outras, a adquisición dun inmobilizado (impresora). |
| 104 | RESTAURANTE PUESTO PILOTO | 273,92 | A natureza do gasto non se inscribe no obxecto das axudas ao deporte. |
| **TOTAL** | | **4.720,36** | |

## Programa II (actividade ordinaria)

De acordo coas manifestacións que se conteñen na memoria presentada pola FG, a celebración das veladas contratouse con dous clubs, o *B.K.C.* -o presidente da cal figura como persoal técnico da federación- e o *Polideportivo Saudade*- cuxo presidente, ademais de integrar o equipo de técnicos, posúe a calidade de membro da asemblea e comisión delegada da federación-, que ao prezo de 600 euros por veladas corren cos gastos de aluguer, transporte e montaxe do ring (incluíndo son e locutor). A devanditos custos engádese o de 3.600 euros, satisfeito ao *Club B.K.C* pola organización dos campionatos, de maneira que o devandito club corre cos custos económicos das competicións (traslados e axudas de custo de púxiles, estanzas, organización de taquillaxes, seguros de responsabilidade civil e demais complementos das reunións).

A teor do exposto, e toda vez que na memoria de ingresos e gastos non figura cantidade ningunha de ingresos obtidos pola FG en relación co taquillaxe das competicións, o Club B.K.C. suma ao prezo citado (3.600 euros) os ingresos derivados das taquillas realizadas nas veladas puxilísticas, que non son obxecto de concreción na memoria formulada pola entidade federada.

Desta forma, non resulta posible coñecer o custo real de organización dos campionatos nin así mesmo os ingresos asociados a estes, feito que mingua notablemente a transparencia esixible á actividade deportiva que é obxecto de financiamento pola Administración autonómica. Máis aínda, cando a xustificación dos anteriores gastos se efectúa por medio de *recibís*, sen que medie a expedición de factura, referencia á repercusión impositiva nin proba de pagamento ningunha:

| NRP | Provedor | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|
| 1,3,4 5 e 7 | CLUB SAUDADE | 3.000,00 | Aluguer, transporte e montaxe de ring en 5 veladas. Achéganse recibís de importe unitario de 600 euros subscritos polo presidente do club, resultando preceptiva a correspondente factura.<br>A sinatura contida nos anteriores recibís difire da consignada nos recibís núm. 8 e 14 do Programa I, nos que a mesma persoa física declara a percepción de indemnizacións por asistencia a comisións delegadas da FG. |
| 2 e 6 | CLUB B.K.C. | 4.200,00 | Achéganse dous recibís en concepto de organización de campionatos e de aluguer, transporte e montaxe de ring, polos respectivos importes de 3.600 e 600 euros. |
| 8 | EKIPOS | 228,00 | Trátase dun albará relativo á adquisición de equipamento deportivo, sendo esixible a oportuna factura.. |
| 11 | CLUB SAUDADE | 300,00 | Subvención, instrumentada en *recibí*, pola celebración do campionato de Europa. |
| **TOTAL** | | **7.728,00** | |

**Programa V (Axudas a Clubs)**

As axudas a clubs, certificadas por importe de 6.882,94 euros, documentáronse mediante *recibís* outorgados por esta contía, sen que se conteña proba de pagamento. Revestían unha dobre natureza:

- Axudas *indirectas*: a federación manifesta asumir o custo do delegado das reunións a cargo do club organizador da competición, presentando como xustificación 26 *recibís* por importe global de 1.732,94 euros comprensivos do pagamento de manutención e locomoción a tanto alzado ao secretario federativo e outro colaborador. Carentes doutro soporte documental, non se estiman xustificacións válidas.

- Axudas *directas*: outórganse en contía variable a 8 clubs por importe total de 5.150 euros, entre os que figuran coa contía máxima os Clubs *B.K.C.* e *Saudade* (1.750 euros). Os citados *recibís*, subscritos polos responsables das correspondentes entidades beneficiarias, non fan proba da aplicación da subvención aos seus fins.

## IV.5.5 FG de Ciclismo

Ao longo dos exercicios 2002 a 2005, a Administración deportiva outorgou á FG, en calidade de entidade colaboradora e para a súa entrega aos clubs, as axudas que se recollen no seguinte cadro:

| Federación | Exercicio | Repartición territorial das axudas | Importe |
|---|---|---|---|
| Ciclismo | 2002 | Clubs Coruña | 57.586,18 |
| | | Clubs Pontevedra | 105.097,67 |
| | | Clubs non incluídos no convenio coa Deputación | 11.458,55 |
| | | **Total 2002** | **174.142,40** |
| | 2003 | Clubs Pontevedra | 105.852,22 |
| | | Clubs non incluídos no convenio coa Deputación | 29.203,51 |
| | | **Total 2003** | **135.055,73** |
| | 2004 | Axuda a clubs | 86.236 |
| | | **Total 2004** | **86.236** |
| | 2005 | Axuda a clubs | 92.705,00 |
| | | **Total 2005** | **92.705,00** |
| **Total Federación Ciclismo** | | | **488.139,13** |

Procedeuse á revisión da totalidade das anteriores axudas, detectándose as seguintes incidencias:

### Exercicios 2002 e 2003

Se ben nestes exercicios a orde reguladora da concesión das axudas esixía unicamente a relación certificada dos gastos efectuados, requiriuse á totalidade das federacións para a achega dos citados xustificantes (apartado IV.2.1). Non obstante, a Federación de Ciclismo non achegou os relativos ás axudas dos exercicios 2002 e 2003, que polos importes de 174.142,40 e 135.055,73 euros, se outorgaron respectivamente a 94 e 101 clubs deportivos. Desta forma, non existe evidencia da recepción das axudas pola totalidade dos clubs nestes exercicios.

### Exercicios 2004 e 2005

Como xustificación dos importes outorgados achegáronse ***recibís*** de contía coincidente coa que figuraba nas relacións de perceptores certificadas ante a Administración deportiva, o que non constitúe evidencia material do pagamento das axudas nin da aplicación dos fondos ás finalidades perseguidas coas mesmas.

Requiríronse os xustificantes de gasto correspondentes ás axudas outorgadas no exercicio 2005 ao C.C. Spol (16.196,77 euros) e C.C.Cambre (8.965,77 euros), recolléndose as incidencias no apartado IV.2.2 A do presente informe.

## IV.3.6 FG de Fútbol

Ao longo dos exercicios 2002 a 2005, a Administración deportiva outorgou á FG, en calidade de entidade colaboradora e para a súa entrega aos clubs, as axudas que se recollen no seguinte cadro:

| Federación | Exercicio | Repartición territorial das axudas | Importe |
|---|---|---|---|
| Fútbol | 2002 | Clubs Coruña | 576.490,81 |
| | | Clubs Pontevedra | 589.953,48 |
| | | Clubs non incluídos no convenio coa Deputación | 207.289,07 |
| | | **Total 2002** | **1.373.733,36** |
| | 2003 | Clubs Pontevedra | 338.904,08 |
| | | Clubs non incluídos no convenio coa Deputación | 325.465,00 |
| | | **Total 2003** | **664.369,08** |
| | 2004 | Axuda a clubs | 405.717 |
| | | **Total 2004** | **405.717** |
| | 2005 | Axuda a clubs | 435.000,00 |
| | | **Total 2005** | **435.000,00** |
| **Total Federación Fútbol** | | | **2.878.819,44** |

Procedeuse á revisión da totalidade das anteriores axudas, detectándose as seguintes incidencias:

## Exercicio 2002

Como única xustificación das axudas figuraba un *recibí* estendido para cada un dos clubs beneficiarios, subscrito polo seu respectivo presidente e tesoureiro pero sen indicación expresa do responsable federativo que facía efectiva a entrega de fondos nin constancia documental (efectivo, transferencia bancaria) da mesma. Os *recibís* correspondentes aos clubs pertencentes ás provincias de A Coruña e Lugo figuraban datados o 31 de decembro de 2002, mentres que os pertencentes a Ourense e Lugo se dataron o 23 de decembro; iso pese que a federación certificou ante a Administración a entrega das axudas en datas anteriores ás expresadas. Así mesmo, e sen prexuízo da falta de validez desta forma de xustificación, observouse que non figuraban no expediente os *recibís* nos seguintes clubs, ademais de que o correspondente ao Carreira, C.F. (1.682,83 euros) non tiña carácter orixinal:

| Clubs non incluídos en convenios coas Deputacións Provinciais | |
|---|---|
| Club | Importe |
| Antas s.d. | 240,40 |
| Baleira s.d. | 240,40 |
| Celta Barreiros | 300,51 |
| E.D. Barreiros | 120,20 |
| S.D. Castroverde | 240,40 |
| C.D. Quiroga | 240,40 |
| San Froilán | 360,01 |
| S.D. A Bóla | 20,40 |
| Atlético Arnoia | 120,20 |
| A.C.D. Cartelle | 240,40 |
| **Sporting Celanova** | **2.884,86** |
| Cualedro c.f. | 240,40 |
| C.D. Irixo | 240,40 |
| C.D. Palmes | 240,40 |
| Limigo Nocelo c.f. | 240,40 |
| C.D. Toen | 360,01 |
| **A.D. Vilamarín** | **1.622,73** |
| TOTAL | 7.952,52 |

| Clubs Coruña | |
|---|---|
| Club | Importe |
| Eiris s.d. | 240,40 |
| **Español s.d.** | **3.005,06** |
| La paz c.f. | 480,81 |
| **Oural c.f.** | **7.692,95** |
| **Vizoño** | **3.966,68** |
| **C.C.D. Cerceda** | **18.751,58** |
| Coristanco s.d. | 480,81 |
| **U.D. Juvenil** | **1.682,83** |
| A.D. Baño | 240,40 |
| Cando s.d. | 240,40 |
| Outes c.f. | 721,21 |
| Arus c.f. | 480,81 |
| **S.D. Compostela** | **87.387,16** |
| Valdoviño c.f. | 721,21 |
| TOTAL | 126.092,31 |

| Clubs Pontevedra | |
|---|---|
| Club | Importe |
| Sagrado c.f. | 1.442,43 |
| C.D. Santomé | 240,40 |
| E.F.B. Porvir | 721,21 |
| U.D. Atios | 841,42 |
| **E.F.B. Vilanova** | **1.202,02** |
| TOTAL | 4.447,48 |

Seleccionouse unha mostra, que por importe global de 360.547,14 euros, integraba aos dez clubs de maior contía que figuran no anterior cadro (en negrita), á que se engadiron, seleccionados aleatoriamente, os clubs Carreira C.F., R.C.D. A Coruña, Imperator S.F.U.C., Endesa As Pontes, Betanzos C.F., Flavia S.D., Porriño industrial,C.F., Pontevedra C.F. e C.D. Lugo. Requiridos os xustificantes formais do pagamento das subvencións así como os do gasto efectuado en aplicación da mesma non se obtivo evidencia de ningún destes extremos, como se detalla no apartado IV.2.3 C.

## Exercicio 2003

Empregando a federación o *recibí* como forma de xustificación, se verificou que a totalidade dos achegados databan do 31 de decembro de 2003, o que non resulta congruente coa circunstancia de que as certificacións presentadas ante a SXD se dataron o 24 de novembro de 2003. Detectouse a inexistencia destes xustificantes en relación cos seguintes clubs:

| Provincia | Clubs non incluídos en convenios coas Deputacións Provinciais | |
|---|---|---|
| | Club | Importe |
| Coruña | Eiris | 120 |
| | Once caballeros | 240 |
| | Cecebre | 240 |
| | **E.F. Luís Calvo Sanz** | **1200** |
| | S.D. Pontecarreira | 120 |
| | Muros | 120 |
| | Sigueiro | 420 |
| | Cando | 120 |
| | Carreira C.F. | 840 |
| | C.D. San Marcos | 120 |
| | **S.D. Compostela** | **15400** |
| Lugo | S.D. Antas | 240 |
| | S.D. Castroverde | 240 |
| | E.D. Chantada | 120 |
| | Polvorín c.f. | 840 |
| | A.D. Ferroviaria | 120 |
| | Ferreira C.F. | 240 |
| | C.D. Brollón | 300 |
| | C.D. Quiroga | 240 |
| Ourense | S.D. A Bóla | 240 |
| | Bande s.d. | 240 |
| | U.D. Lobios | 240 |
| | Arcos c.f. | 240 |
| | C.d.c. Santa Teresita | 360 |
| | C.D. Palmés | 240 |
| | Arranxar c.f. | 120 |
| | Limia Trasmiras c.f. | 240 |
| | C.D. Viana | 240 |
| | A.D. Vilamarín | 120 |
| **TOTAL** | | **23.560** |

| Provincia | Clubs Pontevedra | |
|---|---|---|
| | Club | Importe |
| Pontevedra | Estrella Dorada | 480 |
| | S.D. Cotobade | 480 |
| | Crecentense c.f. | 240 |
| | E.f.b. Porvir | 480 |
| | Lirens c.f. | 240 |
| | **Vilagarcía s.d.** | **1920** |
| | Vilanova Atlético | 480 |
| **TOTAL** | | **4.320** |

Seleccionouse unha mostra integrada polos 3 clubs do anterior cadro (en negrita) aos que se engadiron o C.D. Ourense, S.D. Conxo, R.C. Celta, A.C. A Seca e A.J. Lérez, cuxo importe total ascendía a 143.600 euros. Requirida idéntica documentación á expresada no exercicio 2002, non se obtivo evidencia probatoria ningunha, como se sinala no apartado IV.2.3 C.

### Exercicios 2004 e 2005

Nos citados exercicios seguiuse idéntica práctica á expresada na xustificación dos precedentes, se ben unicamente se detectou a inexistencia, no exercicio 2004, do *recibí* relativo ao Villalonga C.F. (2.102 euros). Non se obtivo evidencia, pois, do pagamento das axudas aos clubs nin, no seu caso, da súa ulterior aplicación ás actividades subvencionadas.

Requiríronse os xustificantes de gasto correspondentes ás axudas outorgadas no exercicio 2005 ao Noyamóvil Atlético Fátima (6.070 euros) e Pavillón Paternina C.F. (6.840 euros), recolléndose a análise das incidencias detectadas no apartado IV.2.2 A do presente informe.

### IV.3.7 FG de Hóckey

Ao longo dos exercicios fiscalizados, 2002 a 2005, observouse a reiteración dos seguintes feitos:

1) Verificouse a imputación xeneralizada aos distintos programas de gastos financiados pola Administración deportiva dun elevado número de gratificacións e indemnizacións por desprazamentos, na maior parte dos casos carentes de soporte documental. Sen prexuízo de que non se achegou en ningún caso a evidencia material do seu pagamento as mesmas evidenciaban a remuneración de auténticas retribucións, sen suxeición ao IRPF, xa sexa como rendementos do traballo dependente ou ben como rendementos de actividades de carácter profesional. O seguinte cadro reflicte as contías anuais destinadas a esta clase de indemnizacións en relación ao total da axuda, excluída a parte correspondente aos clubs:

| Exercicio | Total de axudas de custo e indemnizacións | Total de axudas (excluído programa V) | % de axudas de custo e indemnizacións sobre Total axudas (excluído Programa V) |
|---|---|---|---|
| 2002 | 24.709,97 | 42.071,40 | 58,73 |
| 2003 | 27.814,58 | 42.000,00 | 66,23 |
| 2004 | 32.168,72 | 52.000,00 | 61,86 |
| 2005 | 33.113,34 | 56.580,00 | 58,52 |
| **TOTAL** | **117.806,61** | **192.651,40** | **61,15** |

Nos exercicios 2002 e 2003, xunto aos conceptos de locomoción e manutención a tanto alzado que usualmente se incluían nas follas de liquidación de axudas de custo, o presidente da FG consignou, indistintamente, sen suxeición a tributación, as contías de 60 e 72 euros en concepto *de día de traballo.* Nos exercicios 2004 e 2005 detectouse a imputación de axudas de custo sen a anterior denominación pero de idénticas características por importe de 100 euros diarios. Se ben o artigo 17.5 RD 1835/1991 (así como o artigo 21 da Orde do 28 de xullo de 1995) recolle a posibilidade expresa, logo de acordo de Asemblea Xeral, de remunerar os servizos prestados pola

presidencia das entidades federativas, dita compensación non pode ser satisfeita con cargo ás subvencións públicas que perciba a federación.

Así mesmo, e ao longo dos exercicios 2002 a 2005, imputouse á subvención concedida o pagamento de gratificacións e axudas de custo non suxeitas a tributación dunha pluralidade de directivos e colaboradores vinculados á presidencia por razón de parentesco, entre as que se atopaba o seu cónxuxe - nos conceptos de *colaboradora* e *tesoureira*-, dous descendentes directos -nos conceptos de *administrativa* e indistintamente, *árbitro* ou *adestrador*-, dous parentes colaterais de segundo grao -nos conceptos de *presidente do comité de árbitros* e *director deportivo*, e un de terceiro grao - *seleccionadora* e *adxunta á Dirección técnica*-. Se ben as remuneracións dos anteriores profesionais non están suxeitas á restrición anteriormente descrita, presentaban idénticos defectos de xustificación. No seguinte cadro recóllense as percepcións que, correspondendo aos catro primeiros cargos citados, se imputaron ás axudas públicas nos exercicios fiscalizados:

| Perceptor | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 |
|---|---|---|---|---|
| Presidente | 1.451,88 | 1.466,63 | 1.400,29 | 2.415,96 |
| Colaboradora-tesoureira | 360,60 | 3.000,00 | 179,20 | 0,00 |
| Adestrador-árbitro | 7.585,00 | 5.906,00 | 4.611,27 | 4.223,52 |
| Administrativa | 3.627,73 | 5.400,00 | 3.132,26 | 4.869,29 |
| **TOTAL** | **13.025,21** | **15.772,63** | **9.323,02** | **11.508,77** |

2) Observouse a imputación de facturas expedidas por establecementos de hostalaría sen que se evidenciase a existencia dunha relación directa coa promoción da actividade deportiva, non podendo encadrarse o seu obxecto entre as finalidades de interese público perseguidas co outorgamento de axudas.

3) Con carácter adicional aos gastos de telefonía da sede federativa e as súas delegacións, cargáronse facturacións de telefonía móbil de contía considerable, sen que se identifique aos seus usuarios. Non se aprecia, nestes últimos supostos, a relación directa co obxecto da axuda outorgada, sen prexuízo da súa imputación a outros conceptos de ingresos.

4) Non figura, en ningún dos exercicios fiscalizados, conta xustificativa completa dos gastos e ingresos totais obtidos pola federación. Se ben esta incluía no presuposto de ingresos cantidades relativas ao cobramento de licenzas federativas e dereitos de arbitraxe, verificouse que os clubs de hóckey realizaron pagamentos á Federación por ámbolos dous conceptos. Á súa vez, eses gastos foron imputados ás axudas concedidas de forma directa pola DXD aos referidos clubs. Desta forma, non queda garantida a asignación eficiente dos recursos públicos, podendo existir

duplicacións no financiamento do mesmo gasto, excedendo así o custo da actividade subvencionada.

5) Se ben a federación efectuou declaracións negativas das axudas obtidas doutras administracións nos exercicios fiscalizados, a Deputación de Ourense comunicou a concesión de subvencións nos exercicios 2002 a 2005 polos importes de 4.941,57 (2002) e 4.958 euros (2003, 2004 e 2005).

## Exercicio 2002

### *Cadros Resumo*

| Federación de Hóckey<br>Exercicio 2002 | |
|---|---|
| Programa de gasto | Presuposto de gastos |
| I | 35.159,18 |
| II | 65.209,87 |
| III | 173.091,48 |
| IV | 71760,81 |
| **Total presuposto** | **345.221,34** |
| **Total solicitado** | **345.221,34** |

| Federación de Hóckey - Exercicio 2002 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Programa de gasto | Contía concedida pola Admón. deportiva | Contía xustificada mediante certificación expedida pola F.G. | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| Programa I e II | 0 | 0 | | |
| Programa I | 12.020,24 | 12.020,24 | | 12.020,24 |
| Programas II e IV | 30.051,00 | 30.079,10 | 4.910,21 | 25.168,89 |
| Eventos deportivos de alto nivel | 0 | 0 | | |
| Programa III (clubs non incluídos en convenios) | 55.503,47 | 55.503,47 | | 55.503,47 |
| Programa III (clubs con domicilio en Coruña) | 22.598,06 | 22.598,06 | | 22.598,06 |
| Programa III (clubs con domicilio en Pontevedra) | 4.687,89 | 4.687,89 | | 4687,89 |
| **TOTAL** | **124.860,66** | **124.888,76** | **4.910,21** | **119.978,55** |

## Programa I (Docencia e Tecnificación)

A contía total do programa correspóndese coas percepcións de 4 colaboradores, acreditadas mediante *recibí*. Con carácter adicional á carencia de validez destes documentos, observáronse defectos que cuestionan a propia veracidade dos mesmos, habida conta de que non se incorpora

a proba material do seu pagamento. Por exemplo, a sinatura do *recibí* ao núm. 3 da relación de perceptores e dos números 15 e 16 da relación correspondente aos programas II e IV presenta tres versións distintas.

### Programa II (Competicións e actividades) e IV (Gastos xerais)

O 42% (12.689,73 euros) da contía concedida para estes programas (30.051 euros) xustifícase mediante follas de liquidación de indemnizacións, das cales unicamente 446,78 euros constitúen xustificación válida.

Observouse a imputación de gastos relativos a arbitraxes, documentados nun modelo de recibí con cabeceira do *Colexio de Árbitros de Hóckey*, entidade que carece de NIF independente ao da Federación, que á súa vez son obxecto de repercusión aos clubs integrados na mesma. Non obstante, resulta cuestionable a imputación á axuda destes custos, toda vez que os ingresos obtidos directamente dos clubs non son obxecto de reflexo na memoria da actividade federada.

Con respecto aos restantes gastos, non resultaron válidos os xustificantes achegados por importe de 12.925,94 euros[4]:

- Rendéronse, entre outras, facturas expedidas en períodos anteriores ao exercicio 2002, xustificantes da adquisición de activos inmovilizables e os relativos a comidas celebradas por razón de reunións directivas, que non gardaban relación co obxecto da axuda.

- Ademais do gasto correspondente á telefonía fixa (1.815 euros) imputáronse 4.175,98 euros correspondentes a sete liñas de telefonía móbil, o que supoñía o 14,24% do total da axuda concedida (excluídas as axudas a clubs)

- Admitiuse como xustificación a imputación do abono pola subscrición anual a dous xornais (648,93 euros), pese o cal resulta cuestionable a súa relación directa co obxecto da actividade subvencionada.

### Programa III (Axudas a Clubs)

A Administración deportiva concedeu 82.789,42 euros con destino aos clubs deportivos, verificándose as seguintes incidencias:

- O expediente contiña a certificación federativa da entrega das cantidades aos clubs, así como unha pluralidade de memorias de actividade dos mesmos. Non figuraban documentos que evidencien a recepción de contías por parte dos mesmos.

[4] Ver nota 2.

- Pese efectuar requirimento expreso á federación dos xustificantes bancarios do pagamento de axudas (apartado IV.2.3 B), non se achegou documentación probatoria ningunha. Non existe, pois, garantía de que o mesmo fose realizado.

- Requiridos, por importe de 55.533,52 euros, os xustificantes de ingreso e os gastos efectuados en aplicación da axuda por parte dos clubs que se indican no apartado IV.2.3 C), unicamente se obtivo documentación dun club, as incidencias do cal se recollen no citado apartado.

## Exercicio 2003

### *Cadros Resumo*

| Federación de Hóckey Exercicio 2003 | |
|---|---|
| Programa de gasto | Presuposto de gastos |
| I | 35.159,18 |
| II | 65.209,87 |
| III | 173.091,48 |
| IV | 71.760,81 |
| **Total presuposto** | **345.221,34** |
| **Total solicitado** | **345.221,34** |

| Federación de Hóckey - Exercicio 2003 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Programa de gasto | Contía concedida pola Admón deportiva | Contía xustificada mediante certificación expedida pola F.G. | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| Programas II e IV | 30.000,00 | 30.009,95 | 5.156,53 | 24.853,42 |
| Programa I e II | 12.000,00 | 12.120,79 | 228,80 | 11.891,99 |
| Programa III (clubs non incluídos en convenios) | 6.800,00 | 6.800,00 | | 6.800,00 |
| **TOTAL** | **48.800,00** | **48.930,74** | **5.385,33** | **43.545,41** |

Se ben a memoria xustificativa da FG non recolle a obtención de ingresos derivados do cobramento de licenzas e arbitraxes, verificouse a imputación destes gastos ás subvencións obtidas directamente da Administración deportiva polos clubs Adaxe (4.767,65 euros), Atlántico (3.859,25 euros), Pabellón (4.916,55 euros), Gimnástico Cudeiro (2.607,20 euros) e Junior H.C. Vigo (3.955,45 euros).

### Programa II (Competicións e actividades) e IV (Gastos xerais)[5]

Reiteráronse as incidencias expostas no exercicio 2002, como recollen detalladamente os *Anexos*, alcanzando as facturacións non admitidas a contía de 8.819,79 euros. Dun total de 16.033,63 euros satisfeitos en concepto de indemnizacións individuais, unicamente resultan válidas as xustificacións correspondentes a 829,03 euros.

### Programa I (Docencia e Tecnificación) e II (Competicións e actividades)[6]

A excepción dunha facturación de Viaxes (228,80 euros), o programa xustificouse mediante a achega de *recibís* correspondentes ás axudas de custo e desprazamentos de tres profesionais, que constitúen remuneracións encubertas non suxeitas a tributación.

### Programa III (Axudas a clubs)

Con data de 20 de outubro de 2003, a DXD resolveu, a concesión de 6.800 euros á FG de Hóckey con destino aos clubs, efectuando o recoñecemento da obriga (fase O) o 31 de decembro. Non obstante, requirida a documentación que soporta a devandita imputación ao Presuposto, unicamente se achegou unha certificación subscrita polo secretario da FG -co Vº Bº da presidencia- cuxo rexistro de entrada databa do 1 de abril de 2004, isto é, transcorrido un trimestre dende o recoñecemento da obriga. Desta forma, non se verifica a súa imputación ao Presuposto con axuste ao preceptuado polo artigo 73.3 TRLGP.

A teor da mencionada certificación extemporánea, a federación distribuíu a axuda de 6.800 euros entre 13 clubs. Non obstante, verificouse que, con anterioridade, 4 dos mesmos resultaran beneficiarios de subvencións ao amparo do artigo 1, apartado B) *clubs que participen ou organicen competicións categoría nacional* da mesma Orde de Convocatoria (30 de decembro de 2002):

| Núm. | Club | Axudas outorgadas a través da FG (apartado a) Orde de 30/12/ 02) | Axudas outorgadas directamente pola DXD (apartado b) Orde 30/12/2002) |
|---|---|---|---|
| 1 | C.H Barrocás | 1.200,00 | 9.300,68 |
| 2 | C.H. Santiago Apóstol | 1.200,00 | 17.000,0 |
| 3 | A.D. Ourense | 1.400,00 | 17.400,00 |
| 4 | C.H.Adaxe | 1.200,00 | 8.300,00 |
| **TOTAL** | | **5.000,00** | **52.000,68** |

[5] Ver nota 2.

[6] Ver nota 2.

De acordo co exposto, a atribución pola FG de cantidades complementarias aos clubs citados supón a percepción simultánea de axudas con cargo a dúas liñas diferenciadas da Orde de convocatoria, en menoscabo da súa repartición entre os clubs que participaban en categorías inferiores ás nacionais e sen que a DXD nin a Intervención formulasen reparo ou observación.

Requirida a FG de Hóckey para a achega da xustificación dos ingresos efectuados nas contas correntes dos clubs (apartado IV.2.3 B), non rendeu documentación xustificativa ningunha. Non existe, polo tanto, evidencia de que os fondos destinados pola DXD ás axudas a clubs de categoría inferior á nacional (6.800 euros) foran obxecto de repartición pola Federación.

Na mesma orde de cousas, o ***C.H. Barrocás,*** a única entidade que -sen que fose obxecto de solicitude- respondeu ao requirimento de achega dos xustificantes de gasto demostrativos da aplicación da axuda correspondente a 2003 (apartado IV.2.3 C ), manifestou no escrito de remisión que *os xustificantes de pagamentos, ano 2003, obran en poder da DXD, segundo Orde do 30 de decembro de 2002*. Esta circunstancia permite deducir que a única axuda que o club recoñece percibir no exercicio 2003 é a outorgada directamente pola DXD (9.300,68 euros), non quedando así acreditada a recepción dos 1.200 euros adicionais certificados pola Federación.

## Exercicio 2004

### *Cadros Resumo*

| Federación de Hóckey- Exercicio 2004<br>Contía solicitada: 156.444,60 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Presuposto de gastos | Contía concedida | Contía xustificada | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| I | 89.714,60 | 17.500,00 | 17.529,39 | 5.020,13 | 12.509,26 |
| II | 48.730,00 | 19.500,00 | 19.499,27 | 2.605,06 | 16.894,21 |
| III | 0,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| IV | 18.000,00 | 15.000,00 | 15.003,62 | | 15.003,62 |
| V | 0,00 | 7.500,00 | 7.500,00 | | 7.500,00 |
| VI | 0,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| **TOTAL** | **156.444,60** | **59.500,00** | **59.532,28** | **7.625,19** | **51.907,09** |

A memoria de execución formulada pola FG no exercicio 2004 recolle exclusivamente os ingresos procedentes da DXD. As incidencias detectadas na xustificación dos programas de gasto I, II e IV revisten idéntica natureza á expresada na revisión dos exercicios precedentes, figurando o detalle

da súa cuantificación no apartado de *Anexos*[7]. Con respecto ao programa V (Axudas a clubs), verificouse a achega de 13 *recibís*, o que non constitúe proba da percepción dos fondos nin da ulterior aplicación dos mesmos.

## Exercicio 2005

### *Cadros Resumo*

| Federación de Hóckey- Exercicio 2005<br>Contía solicitada: 184.734,41 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Presuposto de gastos | Contía concedida | Contía xustificada | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| I | 91.788,30 | 18.375,00 | 18.847,57 | 8.938,38 | 9.909,19 |
| II | 55.690,00 | 20.475,00 | 20.481,29 | 4.153,95 | 16.327,34 |
| III | 1.006,11 | 0,00 | 0,00 | | |
| IV | 28.000,00 | 18.000,00 | 18.071,92 | 1.256,75 | 16.815,17 |
| V | 7.600,00 | 8.063,00 | 8.063,00 | | 8.063,00 |
| VI | 0,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| **TOTAL** | **184.084,41** | **64.913,00** | **65.463,78** | **14.349,08** | **51.114,70** |

A memoria de execución correspondente ao exercicio 2005 non recolle os ingresos obtidos pola federación. Obtívose constancia de recibos de licenzas estendidos pola federación aos clubs A.D. Ourense (6.513,25 euros), C.H. Santiago Apóstol (6.452,10 euros) e C.H. Pabellón (5.965,60 euros), que se imputaron polos devanditos clubs ás axudas concedidas directamente pola DXD. A Administración deportiva deberá esixir a rendición da conta xustificativa detallada correspondente á totalidade dos exercicios fiscalizados, con inclusión da totalidade de ingresos obtidos pola federación, aos efectos de verificar, no seu caso, a incursión nos supostos de sobrefinanciamento da actividade.

Tal e como se detalla nos *Anexos*[8] do presente informe, reiteráronse as incidencias detectadas nos exercicios precedentes. En torno ao 74% da subvención concedida, excluíndo as axudas a clubs, destináronse ao pagamento de axudas de custo, telefonía, restaurantes, subscricións a xornais e material de oficina.

[7] Ver nota 2.

[8] Ver nota 2.

### Programa V (Axudas a clubs)

A DXD outorgou 8.063 euros con destino aos clubs, detectándose as seguintes incidencias:

- O expediente contiña unicamente *recibís* comprensivos da entrega de fondos a 12 clubs, carecendo de data de recepción os referidos aos Clubs *Alicerces* (2.397,50 euros) e *Santo Domingo* (1.117 euros). Requiriuse da Federación (apartado IV.2.2 A) a documentación probatoria do ingreso destas axudas, así como a xustificación dos gastos efectuados polos clubs en aplicación das mesmas. Tal e como se expresa no citado apartado, pese reiterar novamente a solicitude de documentación non se obtivo evidencia do ingreso das citadas contías aos referidos clubs, nin tampouco a constancia documental do pagamento das xustificacións de gasto. Estes últimos xustificantes consistían en *recibís*, subscritos unicamente por un responsable federativo, correspondentes á expedición de licenzas aos citados clubs.

- Requiriuse (apartado IV.2.3 A) a proba material do pagamento da totalidade das axudas, sen que se obtivera resposta por parte dos responsables da federación.

## IV.3.8 FG de Patinaxe

Ao longo dos exercicios 2002 a 2005, a administración deportiva outorgou á FG, en calidade de entidade colaboradora e para a súa entrega aos clubs, as axudas que se recollen no seguinte cadro:

| Federación | Exercicio | Repartición territorial das axudas | Importe |
|---|---|---|---|
| Patinaxe | 2002 | Clubs Coruña | 396.795,32 |
| | | Clubs Pontevedra | 82.465,50 |
| | | Clubs non incluídos no convenio coa Deputación | 5.191,87 |
| | | **Total 2002** | **484.452,69** |
| | 2003 | Clubs Pontevedra | 15.561,22 |
| | | Clubs non incluídos no convenio coa Deputación | 32.448,39 |
| | | **Total 2003** | **48.009,61** |
| | 2004 | Axuda a clubs | 42.240 |
| | | **Total 2004** | **42.240** |
| | 2005 | Axuda a clubs | 42.240,00 |
| | | **Total 2005** | **42.240,00** |
| **Total Federación Patinaxe** | | | **616.942,30** |

Procedeuse á revisión da totalidade das anteriores axudas, detectándose as seguintes incidencias:

### Exercicios 2002 e 2003

A federación empregou o sistema de xustificación anteriormente descrito para *recibís*. Requirida (apartado IV.2.3 B) a xustificación do pagamento das axudas nos exercicios 2002 e 2003, unicamente se obtivo a evidencia do cargo dun cheque por importe de 48.982,49 euros (Club Vigo Stick H.C.). Desta forma, non existe evidencia do pagamento de axudas a clubs polas respectivas contías de 435.470,20 e 48.009,61 euros nos exercicios 2002 e 2003.

Seleccionouse unha mostra representativa dos clubs perceptores de axudas nos exercicios 2002 e 2003, as contías acumuladas dos cales, respectivamente, se elevaban a 359.175,86 e 41.096,91 euros, recolléndose as incidencias detectadas no apartado IV.2.3 C.

### Exercicios 2004 e 2005

A totalidade dos xustificantes que obran nos expedientes son meros *recibís*, sen que exista evidencia do pagamento das contías que nestes se recollen. No exercicio 2004 o subscrito polo club Ureca figura pola metade do importe certificado na relación de perceptores (150 euros).

Requiríronse os xustificantes de gasto correspondentes ás axudas outorgadas no exercicio 2005 ao Hóckey Club Patín Coruña (4.051 euros) e Club Natación Galaico (3.751 euros), recolléndose a análise das incidencias detectadas no apartado IV.2.2 A do presente informe.

## IV.3.9 FG de Rugby

### *Exercicios 2002 e 2003*

Pese a reiteración nos requirimentos efectuados -a instancia do equipo de auditoría- por parte da DXD a que nos referimos no epígrafe IV.2.1, polos que se solicitaba a documentación orixinal xustificativa do gasto, a FG de Rugby non achegou documentación xustificativa ningunha.

Así mesmo, a FG de Rugby non atendeu aos requirimentos de xustificación das axudas outorgadas aos clubs (programa III) a que se refiren os puntos IV.2.3 a) e b) do presente informe, que nos exercicios 2002 e 2003 se elevaban, respectivamente, a 80.475,52 e 8.400 euros.

# Cadros resumo

## *Exercicio 2002*

| Federación de Rugby<br>Exercicio 2002 | |
|---|---|
| Programa de gasto | Presuposto de gastos |
| I | 3.696,22 |
| II | 75.036,36 |
| III | 99.167,00 |
| IV | 19.833,40 |
| **Total presuposto** | **197.732,98** |
| **Total solicitado** | **197.732,98** |

| Federación de Rugby - Exercicio 2002 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Programa de gasto | Contía concedida pola Admón. deportiva | Contía xustificada mediante certificación expedida pola F.G. | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| Programa I e II | 0 | 0 | | 0 |
| Programa I | 0 | 0 | | 0 |
| Programas II e IV | 30.051,00 | 32.586,15 | | 32.586,15 |
| Eventos deportivos de alto nivel | 0 | 0 | | 0 |
| Programa III (clubs non incluídos en convenios) | 3.726,26 | 3.726,28 | | 3.726,28 |
| Programa III (clubs con domicilio en Coruña) | 48.802,18 | 48.802,18 | | 48.802,18 |
| Programa III (clubs con domicilio en Pontevedra) | 27.947,06 | 27.947,06 | | 27.947,06 |
| **TOTAL** | **110.526,50** | **113.061,67** | | **113.061,67** |

## Exercicio 2003

| Federación de Rugby<br>Exercicio 2003 | |
|---|---|
| Programa de gasto | Presuposto de gastos |
| I | 14.544,48 |
| II | 92.015,92 |
| III | 17.008,66 |
| IV | 23.499,56 |
| Total presuposto | 147.068,62 |
| **Total solicitado** | **147.098,62** |

| Federación de Rugby - Exercicio 2003 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Programa de gasto | Contía concedida pola Admón. deportiva | Contía xustificada mediante certificación expedida pola F.G. | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| Programas II e IV | 30.500,00 | 36.080,48 | | 36.080,48 |
| Programa I e II | 0 | 0 | | 0 |
| Programa III (clubs non incluídos en convenios) | 6.000,00 | 6.000,00 | | 6.000,00 |
| Programa III (clubs con domicilio en Pontevedra) | 2.400,00 | 2.400,00 | | 2.400,00 |
| **TOTAL** | **38.900,00** | **44.480,48** | | **44.480,48** |

## Exercicio 2004

### *Cadros resumo*

| Federación de Rugby- Exercicio 2004<br>Contía solicitada: 406.606,00 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Presuposto de gastos | Contía concedida | Contía xustificada | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| I | 30.981,00 | 13.200,00 | 13.393,98 | 6.635,22 | 6.758,76 |
| II | 105.830,00 | 21.000,00 | 50.834,07 | 12.476,82 | 38.357,25 |
| III | 3.900,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| IV | 42.158,00 | 9.000,00 | 9.901,07 | 126,96 | 9.774,11 |
| V | 203.017,00 | 7.560,00 | 7.560,00 | | 7.560,00 |
| VI | 37.125,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| **TOTAL** | **423.011,00** | **50.760,00** | **81.689,12** | **19.239,00** | **62.450,12** |

## Programa I (Gastos Xerais)

Carecen de xustificación as remuneracións encubertas formalizadas en *recibís* que se certifica satisfacer aos responsables federativos e profesionais contratados, sen que exista vinculación mercantil ou laboral:

| NRP | Responsable | Concepto | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| 57 | Contabilidade | Manutención | 600,00 | a tanto alzado, sen soporte documental |
| 56 | Administración | Manutención | 300,00 | a tanto alzado, sen soporte documental |
| 55 | Secretaria Xeral | Manutención e quilometraxe | 3.245,00 | a tanto alzado, sen soporte documental |
| 54 | Prensa e divulgación | Manutención | 450,76 | a tanto alzado, sen soporte documental |
| 53 | Asesor Xurídico externo | Manutención, quilometraxe e aloxamento | 2.163,00 | a tanto alzado, sen soporte documental |
| **TOTAL** | | | **6.758,76** | |

## Programa II (Actividade ordinaria)

Detectáronse as seguintes incidencias:

| NRP | Provedor/terceiro | Concepto | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| 14,15; 28 a 69; 71 a 80 | ÁRBITROS | Axudas de custo e locomoción | 2.782,27 | A excepción dos supostos nos que se xustifica o gasto de locomoción, páganse a tanto alzado, sen soporte xustificativo, tal e como se recolle nos anexos.[9] |
| 16,17 e 18 | VIAJES SANT YAGO | Viaxes a Sevilla, A Coruña e Barcelona | 26.800,18 | Nos tres documentos xustificativos contéñense os conceptos conxuntos de viaxe e aloxamento en pensión completa, facturados por conta dos provedores dos servizos sen detalle nin indicación dos seus custos e coa mención de acharse pendente de cobramento. |
| 20 | SIRESA NOROESTE HOTEL | Aloxamento | 2.726,50 | Non se concreta o motivo do desprazamento nin as persoas que se desprazan. Non coinciden a suma dos importes unitarios detallados co importe total consignado na factura. |
| 25 | VIAXES REYSAN S.L. | Billetes de avión, aloxamento e autocar | 2.011,00 | Se ben resulta válida a expedición dos billetes de avión pola axencia intermediaria (D.AD. 4ª RD 1496/2003), non se atopan xustificados os gastos de aloxamento e autocar, por canto deben ser facturados polos provedores dos devanditos servizos. |
| 81 a 85 | FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE RUGBY | Licenzas e cotas 2003/2004 | 4.037,30 | Achéganse certificacións, pero non as facturas expedidas pola federación española de Rugby. En calquera caso, unicamente serían gasto imputable á axuda aquelas que non fosen previamente recadadas aos asociados, isto é, que se sufraguen integramente pola federación. |
| **TOTAL** | | | **38.357,25** | |

[9] Ver nota 2.

**Programa IV (Tecnificación)**

Na memoria de actividades subscrita pola FG manifèstase que as xornadas técnicas programadas inicialmente e que constaban na solicitude da axuda non se realizaron a consecuencia das carencias no presuposto. Contando coa colaboración de adestradores de alto nivel, as súas actividades se cumprimentáronse coas concentracións das seleccións.

Non obstante, os gastos de concentracións e adestramentos das seleccións autonómicas deben ser obxecto de presupostación e financiamento con cargo ao programa II da axuda, con independencia das actividades especificamente programadas no plan de tecnificación (programa IV). Detectáronse as seguintes incidencias:

a) En relación cos gastos de manutención, aloxamento e transporte certificados:

| NRP | Provedor | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|
| 1 | RESTAURANTE RODRÍGUEZ | 207,70 | Factura non regulamentaria (sen numeración), coa única descrición de 2 comidas nun establecemento situado en Lalín, lugar de concentración da selección a teor do presuposto aprobado para o programa II. |
| 2 | RESTAURANTE RODRÍGUEZ | 250,00 | Factura non regulamentaria (sen numeración), coa única descrición de 2 comidas nun establecemento situado en Lalín, lugar de concentración da selección a teor do presuposto aprobado para o programa II. |
| 5 | CAFÉ BAR ABACO | 300,00 | Factura que detalla 30 comidas nun establecemento de Gondomar (19 de outubro de 2004) sen que se describa o motivo da reunión nin a identidade dos comensais. Non se aclara a súa correspondencia con actividades do plan de tecnificación. |
| 6 | HOSTAL RESIDENCIA CRISTALEIRO | 180,00 | Factura expedida en concepto de aloxamento en Gondomar o día 24 de setembro de 2004, descoñecendo a identidade do hóspede(s) e a relación do gasto coas actividades do plan de tecnificación. |
| 7 | ADEGA DE VIDES | 320,00 | Factura expedida o 21 de outubro de 2004 no que se detallan 32 comidas nun establecemento de Gondomar, sen que se concrete a identidade dos comensais e a relación do gasto coas actividades do plan de tecnificación. |
| 8 | AUTOCARES GALISUR | 813,20 | Desprazamento da selección galega sénior (27 e 28 de novembro de 2004). Este gasto corresponde ao programa II, sen que resulte posible o seu financiamento con cargo ao programa IV. |
| **TOTAL** | | **2.070,90** | |

b) En relación coas remuneracións e compensacións dos profesionais técnicos:

| NRP | Cargo / Concepto | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|
| 9 | Técnico deportivo | 1.087,00 | Manutención e desprazamento a tanto alzado, sen xustificación documental nin evidencia do pagamento. |
| 10 | Técnico deportivo | 1.237,80 | Manutención e desprazamento a tanto alzado, sen xustificación documental nin evidencia do pagamento. |
| 11 | Técnico deportivo | 661,51 | Manutención e desprazamento a tanto alzado, sen xustificación documental nin evidencia do pagamento. |
| 12 | Técnico deportivo | 2.125,00 | Manutención e desprazamento e aloxamento a tanto alzado, sen xustificación documental nin evidencia do pagamento. |
| 13 | Técnico deportivo | 1.979,00 | Manutención e desprazamento e aloxamento a tanto alzado, sen xustificación documental nin evidencia do pagamento. |
| 14 | Técnico deportivo | 612,90 | Manutención e desprazamento a tanto alzado, sen xustificación documental nin evidencia do pagamento. |
| **TOTAL** | | **7.703,21** | |

## Programa V (Axudas a clubs)

A totalidade do programa, para o que se concederon 7.560 euros, xustificouse mediante os *recibís* de 8 clubs, sen que exista constancia das actividades realizadas polos mesmos nin da proba material do pagamento da referida contía.

## Exercicio 2005

### *Cadros resumo*

| Federación de Rugby- Exercicio 2005<br>Contía solicitada: 240.262,76 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Presuposto de gastos | Contía concedida | Contía xustificada | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| I | 27.785,76 | 13.860,00 | 17.201,16 | 6.395,77 | 10.805,39 |
| II | 93.775,00 | 22.050,00 | 42.207,19 | 14.653,56 | 27.553,63 |
| III | 9.202,00 | 0,00 | 0,00 | | |
| IV | 18.950,00 | 13.000,00 | 14.428,50 | 389,33 | 14.039,17 |
| V | 93.750,00 | 6.000,00 | 6.000,00 | | 6.000,00 |
| VI | 17.200,00 | 4.000,00 | 4.176,73 | 1.240,05 | 2.936,68 |
| **TOTAL** | **260.662,76** | **58.910,00** | **84.013,58** | **22.678,71** | **61.334,87** |

## Programa I (Gastos Xerais)

Carecen de xustificación as remuneracións encubertas formalizadas en *recibís* que se certifica satisfacer aos responsables federativos e profesionais contratados, sen que quede probada a evidencia de vinculación mercantil ou laboral axustada a dereito:

| NRP | Responsable | Concepto | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| 45 e 48 | Profesional externo | Asesoramento contable-fiscal | 250,00 | As facturas presentadas totalizan 500 euros. Non obstante, se ben inclúen IVE non se practica a oportuna retención. |
| 69 | Prensa e divulgación | Manutención e locomoción | 2.000,00 | Indemnizacións a tanto alzado, sen soporte documental, que ademais figuran por importe inferior nas liquidacións (1.482,24 euros) |
| 70 | Asesor Xurídico externo | Manutención, locomoción e aloxamento | 2.200,00 | Indemnizacións a tanto alzado, sen soporte documental, que ademais figuran por importe superior nas liquidacións (2.641,80 euros). O prestador de servizos é un profesional independente, constituíndo estas remuneracións, de terse feito efectivas, ingresos non suxeitos irregularmente a tributación. |
| 71 | Secretario Xeral | Manutención e quilometraxe | 3.300,00 | Indemnizacións a tanto alzado, sen soporte documental. O interesado presenta follas de liquidación por desprazamentos entre Ferrol e A Coruña para a asistencia a labores federativos, que levan aparellada dieta de manutención fixa (aínda que non proba de desprazamento) por importe global de 3.329,04 euros. Non existe proba de pagamento de contía ningunha. Verificouse a duplicación de manutención e locomoción os días 10 de outubro e 2 de novembro de 2005. |
| **TOTAL** | | | **7.750,00** | |

En relación coas restantes facturas detectáronse as seguintes incidencias:

| NRP | Provedor | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|
| 1 | ANDION E MOURIÑO S.L. | 1.620,33 | A descrición contida na relación é a de ordenador, gasto que non resulta posible financiar con cargo á axuda pública. |
| 2 | MANUEL TABOADA VARELA | 936,00 | A descrición contida na relación é a de portátil, non subvencionable. Non obstante, detéctase discrepancia coa factura, por canto esta detalla a adquisición de material informático. |
| 30 | TELEFÓNICA | 107,01 | Facturación de servizos correspondentes ao exercicio 2004, polo que se incumpre o principio de anualidade. |
| 61 | MANTEMENTO WEB | 122,05 | Facturación de servizos correspondentes ao mes de decembro de 2005, polo que se incumpre o principio de anualidade. |
| 68 | CAIXA GALICIA | 270 | Gastos relativos a un empréstito cuxa natureza e destino non se concretan. |
| **TOTAL** | | **3.055,39** | |

Programa II (Actividade ordinaria)

Achegáronse *recibís*, carentes de soporte xustificativo, representativos de axudas de custo e manutención satisfeitas aos seguintes colaboradores da FG:

| Perceptor | Importe non xustificado |
|---|---|
| Director técnico 1 | 3.705,02 |
| Director técnico 2 | 1.073,62 |
| Secretario Xeral | 648,49 |
| Colaborador | 660,50 |
| Delegado | 328,40 |
| Director técnico 3 e 4 | 168,00 |
| Xogadoras | 108,90 |
| **TOTAL** | **6.692,93** |

Detectáronse as seguintes deficiencias entre as facturacións achegadas, que as invalidan para os efectos de xustificación:

| NRP | Provedor | Importe Euros | Observacións |
|---|---|---|---|
| 53 | TURARNOIA S.L. BALNEARIO | 138,46 | Non se xustifica a natureza do gasto nin a súa relación coas competicións organizadas. |
| 54 | TURARNOIA S.L. BALNEARIO | 3.338,00 | Revisada a memoria das competicións celebradas, non se atopa relación das mesmas con este gasto. |
| 57 | VIAJES SANT- YAGO | 898,80 | As facturas expídense por unha axencia intermediaria en nome e por conta dos provedores dos servizos, sen que se acompañen as facturas expedidas por estes últimos, que constitúen a xustificación válida dos servizos. A totalidade destas, que non inclúe o detalle concreto dos servizos prestados e o seu custo, figura pendente de pagamento. |
| 58 | VIAJES SANT- YAGO | 898,80 | |
| 64 | VIAJES SANT- YAGO | 898,80 | |
| 65 | VIAJES SANT- YAGO | 2.418,20 | |
| 69 | VIAJES SANT- YAGO | 898,80 | |
| 79 | VIAJES SANT- YAGO | 4.518,48 | |
| 95 | JOSÉ A. BELLO RIBAS Y OTRO, S.C. | 511,50 | As facturas describen unicamente un número de servizos, sen detalle dos comensais -sen concretar nin o seu número na primeira destas-nin vinculación do gasto ás competicións. |
| 114 | JOSÉ A. BELLO RIBAS Y OTRO, S.C. | 138,00 | |
| 115 | JOSÉ A. BELLO RIBAS Y OTRO, S.C. | 180,00 | |
| 97 | XUNTA. CENTRO RESIDENCIAL | 1.614,00 | Debe achegarse a preceptiva factura expedida polo Centro Residencial Docente |
| 118 | XUNTA. CENTRO RESIDENCIAL | 360,00 | |
| 37,83,104,112,113,117, 121 a 124 | MAJEMA, C.B. | 323,70 | As facturas achegadas carecen de numeración, polo que a súa expedición non se axusta a dereito. |
| **TOTAL** | | **17.135,54** | |

Así mesmo, pese a figurar entre as certificadas nas relacións de perceptores, non figuraban as seguintes facturacións no expediente:

| NRP | Provedor | Importe Euros |
|---|---|---|
| 6 | E. Martinez B. | 101,95 |
| 16 | J.F.C.Rodríguez | 85,30 |
| 17 | D.Suárez Gutiérrez | 36,00 |
| 18 a 26 | Varios | 768,45 |
| 38 a 52 | Varios | 1.114,77 |
| 71 a 73 | Varios | 192,57 |
| 80 | Viajes Sant-Yago | 518,47 |
| 85 a 93 | Varios | 607,65 |
| 106 a 110 | Varios | 300,00 |
| **TOTAL** | | **3.725,16** |

## Programa IV (Tecnificación)

A realización dos cursos acredítase, na súa práctica totalidade, mediante a formalización de *recibís* representativos das indemnizacións sufragadas aos responsables federativos que os coordinan e imparten, entre os que se atopan o secretario xeral e unha pluralidade de técnicos federativos que xa figuraban como perceptores en anteriores programas de gasto. Ao igual que nos mesmos, constitúen remuneracións encubertas non suxeitas a tributación sen que, por outra parte, figure no expediente a proba do pagamento de contía ningunha:

| NRP | Cargo / Concepto | Importe Euros | Importe non xustificado |
|---|---|---|---|
| 5,11,15,31 | Fisioterapeuta | 975,60 | 975,60 |
| 4,12,24,37 | Manager e avaliador | 1.833,00 | 1.833,00 |
| 3,8,13,25,29 | Organización cursos | 1.722,40 | 1.722,40 |
| 7,17,33 | Profesor curso | 1.171,85 | 1.171,85 |
| 2,10,14,18,32,34 | Profesor tecnificación | 1.925,70 | 1.925,70 |
| 26 | Avaliador plan tecnificación | 1.212,60 | 1.212,60 |
| 28 | Avaliador árbitros-xogadores | 1.367,08 | 1.367,08 |
| 6,23 | Mánager e organizador | 216,14 | 74,64 |
| 1,9,16,30 | Médico curso | 1.145,80 | 1.145,80 |
| **TOTAL** | | **11.570,17** | **11.428,67** |

Na memoria da actividade desenvolvida non se recollen as datas nin o número ou composición dos participantes nas xornadas de tecnificación, unicamente se manifesta a realización de catro sesións en Acea dá Ma (Culleredo):

| NRP | Perceptor | Cargo / Concepto | Importe Euros | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|
| 21 | JOSE A. BELLO RIVAS Y OTRO S.C. | Menú técnicos | 114,00 | 114,00 | As facturas describen unicamente un número de servizos, sen detalle nin motivación suficiente dos comensais na memoria. Figuran expedidas en días correlativos aos expresados na factura a que se refire o NRP 27. No expediente constan 6 facturas expedidas por esta empresa entre o 12 de marzo e o 15 de outubro de 2005, cuxa numeración, correlativa, abrangue os números 2 a 7. Este feito, ao que se engade a falta de proba da vinculación do gasto coa actividade subvencionada, non permite cualificar a xustificación de suficiente. A factura número 2, por importe de 528 euros carecía ata do detalle do número de comensais non figuraba na relación das certificadas. |
| 22 | JOSE A. BELLO RIVAS Y OTRO S.C. | Menú xogadores | 456,50 | 456,50 | |
| 27 | RESTAURANTE CASA RODRÍGUEZ | Menús xogadores | 2.040,00 | 2.040,00 | Factura que non contén numeración, non axustada a dereito. Recolle o servizo de catering para 83,89 e 86 persoas os meses de setembro e outubro de 2005, facturados o 12 de novembro. |
| **TOTAL** | | | **2.610,50** | **2.610,50** | |

## Programa V (Axudas a clubs)

A totalidade da contía percibida, 6.000 euros, xustifícase mediante a achega de 5 *recibís* subscritos polos responsables dos clubs beneficiarios. Como se observou no apartado IV.2.3 A, a federación non respondeu ao requirimento de xustificación do pagamento destas contías, polo que non existe proba do traslado dos fondos, nin documentación que evidencie a realización de actuacións de revisión da aplicación, no seu caso dos mesmos.

## Programa VI (Outros Proxectos)

A execución deste programa comprende, de acordo coa memoria de actividade formalizada pola federación, a organización de 2 eventos: 1) *VI CAMPIONATO DE NACIÓNS* (Ourense, 12 de febreiro de 2005) e 2) *Día do Rugby* - *SEVEN INTERNACIONAL*- (Baiona, 11 de xuño de 2005). Detectáronse as seguintes incidencias:

| NRP | Provedor/Terceiro | Importe non xustificado | Observacións |
|---|---|---|---|
| 4 e 5 | SECRETARIO XERAL E MANAGER | 93,64 | Manutención a tanto alzado. A contía restante (53,64 euros) figura cargada a persoa distinta ao perceptor, sen que se concrete natureza de gasto. |
| 6 e 7 | JUAN RODRÍGUEZ PEREIRA | 1.230,00 | Prestacións sanitarias facturadas fóra do prazo preceptuado no artigo 9 do RD 1496/2003 |
| 8 | RESTAURANTE CASA RODRÍGUEZ | 605,00 | Factura sen numeración e expedida o 10 de novembro de 2005, fóra do prazo regulamentario. |
| 9 | PAPELARÍA MARCAXE | 580,00 | Factura sen descrición do seu obxecto e expedida o 28 de novembro de 2005, fóra do prazo regulamentario. |
| 10 | MANUEL TABOADA VARELA | 428,04 | Factura sen descrición do seu obxecto e expedida o 28 de novembro de 2005, fóra do prazo regulamentario. |
| **TOTAL** | | **2.936,68** | |

## IV.3.10 FG de Tenis de Mesa

### *Exercicios 2002 e 2003*

Pese a reiteración nos requirimentos efectuados -a instancia do equipo de auditoría- por parte da DXD a que nos referimos no epígrafe IV.2.1, polos que se solicitaba a documentación orixinal xustificativa do gasto relativo á totalidade de programas subvencionados nos exercicios 2002 e 2003, a FG de Tenis de Mesa non achegou documentación xustificativa ningunha.

Non se obtivo resposta así mesmo, como se expresa no epígrafe IV.2.3.B e C, ás seguintes solicitudes de documentación:

- Proba do pagamento bancario das axudas ingresadas, en calidade de entidades colaboradoras, aos clubs subvencionados por importe de 54.061,04 e 30.972 euros, respectivamente, en 2002 e 2003.

- Documentación xustificativa do gasto realizado, en aplicación das anteriores subvencións, por unha mostra de clubs cuxas axudas globais ascendían, nos exercicios citados, a 30.862 e 14.740 euros.

## *Cadros resumo (Exercicios 2002 e 2003)*

| Federación de Tenis de Mesa<br>Exercicio 2002 | |
|---|---|
| Programa de gasto | Presuposto de gastos |
| I | 18.086,00 |
| II | 19.752,00 |
| III | 69.120,00 |
| IV | 14.250,00 |
| **Total presuposto** | **121.208,00** |
| **Total solicitado** | **104.408,00** |

| Programa de gasto | Contía concedida pola Admón. deportiva | Contía xustificada mediante certificación expedida pola F.G. | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| Programa I e II | 0 | 0 | | 0 |
| Programa I | 9.015,18 | 9.106,00 | | 9.106,00 |
| Programas II e IV | 28.548,00 | 29.149,75 | | 29.149,75 |
| Eventos deportivos de alto nivel | 0 | 0 | | 0 |
| Programa III (clubs non incluídos en convenios) | 1.833,09 | 1.833,09 | | 1.833,09 |
| Programa III (clubs con domicilio en Coruña) | 39.125,89 | 39.125,89 | | 39.125,89 |
| Programa III (clubs con domicilio en Pontevedra) | 13.102,06 | 13.102,06 | | 13.102,06 |
| **TOTAL** | **91.624,22** | **92.316,79** | | **92.316,79** |

| Federación de Tenis de Mesa<br>Exercicio 2003 | |
|---|---|
| Programa de gasto | Presuposto de gastos |
| I | 18.086,00 |
| II | 19.752,00 |
| III | 69.120,00 |
| IV | 14.250,00 |
| **Total presuposto** | **121.208,00** |
| **Total solicitado** | **71.085,00** |

| Federación de Tenis de Mesa - Exercicio 2003 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Programa de gasto | Contía concedida pola Admón deportiva | Contía xustificada mediante certificación expedida pola F.G. | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| Programas II e IV | 29.000,00 | 31.247,49 | | 31.247,49 |
| Programa I e II | 9.000,00 | 9.348,76 | | 9.348,76 |
| Programa III (clubs non incluídos en convenios) | 13.806,00 | 13.807,00 | | 13.807,00 |
| Programa III (clubs con domicilio en Pontevedra) | 17.166,00 | 17.166,00 | | 17.166,00 |
| **TOTAL** | **68.972,00** | **71.569,25** | | **71.569,25** |

## Exercicio 2004

### *Cadros resumo*

| Federación de Tenis de Mesa - Exercicio 2004<br>Contía solicitada: 85.521,00 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Presuposto de gastos | Contía concedida | Contía xustificada | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| I | 16.305,00 | 16.305,00 | 16.512,83 | 5.731,57 | 10.781,26 |
| II | 30.824,00 | 12.810,00 | 13.138,38 | 2.255,41 | 10.882,97 |
| III | 6.661,00 | 2.500,00 | 3.249,34 | | 3.249,34 |
| IV | 10.225,00 | 10.225,00 | 10.268,07 | 377,84 | 9.890,23 |
| V | 78.520,00 | 25.000,00 | 25.000,00 | | 25.000,00 |
| VI | 1.250,00 | 3.100,00 | 3.259,00 | 764,60 | 2.494,40 |
| **TOTAL** | **143.785,00** | **69.940,00** | **71.427,62** | **9.129,42** | **62.298,20** |

De acordo co presuposto presentado, a federación solicita financiamento para o 82% do gasto total da actividade, non obstante, do resumo de ingresos e gastos presentado coa xustificación da actividade resulta un financiamento do 100% da actividade a través da DXD. As seguintes incidencias permiten cuestionar a realidade da execución presentada pola federación:

- Nos documentos anexos á solicitude da axuda correspondente ao exercicio 2005 declara a obtención dun resultado positivo de 770,96 euros no exercicio 2004.

- Pese a presupostar, en concepto de licenzas e cotas, a contía de 20.014 euros, a execución non recolle ingreso ningún por estes conceptos.

- A Deputación Provincial de A Coruña comunicou a concesión en 2004 de subvencións correntes e de capital polos importes respectivos de 675 e 1.206,80 euros, sen que na declaración de concorrencia de axudas se faga referencia, cando menos, á primeira das axudas nin entre os ingresos federativos figure ningunha destas.

Debido ao elevado número de rexistros individuais correspondentes aos gastos certificados por esta federación, o detalle individual das contías non xustificadas e a súa concreta motivación recóllense no apartado de *Anexos*[10].

## Programa I (Gastos Xerais)

Dun total de 16.512,83 euros certificados como gasto do programa, 11.163,56 corresponden a remuneracións encubertas -satisfeitas mediante axudas de custo- pola prestación de servizos á federación e indemnizacións por manutención, locomoción e estanza. Verificouse a falta de xustificación de indemnizacións persoais por importe de 9.332,56 euros, como expresa o seguinte cadro:

| Perceptor | Contía certificada | Contía non xustificada |
|---|---|---|
| Presidente | 5.316,95 | 3.600,33 |
| Colaborador | 3.902,24 | 3.902,24 |
| Colaboradora | 1725,24 | 1725,24 |
| Secretario | 219,13 | 114,92 |
| **TOTAL** | **11.163,56** | **9.332,73** |

Ao longo do exercicio 2004 produciuse o traslado da sede federativa (febreiro) dende o municipio de Narón (A Coruña) ao de Vigo (Pontevedra), ao tempo que se verificou o cambio na titularidade dos cargos do presidente e secretario federativos. A pesar do referido traslado, seguíronse xirando á federación as facturacións polo servizo de *internet* e polo *indirecto de chamadas* (a través de dúas compañías, Auna e Jazztel) efectuadas en orixe a través dun número telefónico que resultaba coincidente co de dous clubs de Tenis radicados en Narón. Como responsable dos devanditos clubs, o domicilio dos cales á súa vez coincidía co sinalado inicialmente para a federación, figuraba quen ostentou sucesivamente en 2004 os cargos de

[10] Ver nota 2.

secretario e presidente da comisión xestora. Desta forma, habida conta que á axuda se imputou o custo das telecomunicacións efectuadas dende a nova sede, non resulta acreditada a natureza dos referidos gastos, que ascenderon a 936,05 euros.

**Programa II (Actividade ordinaria)**

Del total de 13.138,38 euros certificados pola federación, non constitúen xustificación válida 10.882,97, por canto:

- 8.189,23 euros corresponden a manutención e locomoción de árbitros e adestradores carentes de xustificación suficiente, entre os que se atopan cargos directivos da federación.

-Achegáronse 2 *recibís* subscritos pola Real Federación Española de Tenis de Mesa polas contías de 1.161,39 e 1.532,25 euros, en concepto de tramitación de licenzas e inscrición de xogadores nos campionatos e torneos estatais. Sen prexuízo da falta de achega de factura debidamente detallada dos conceptos sufragados, a circulares federativas consultadas revelan que a tramitación das licenzas expedidas pola federación española se efectúa a través da FG, unha vez efectuada a recadación (mediante transferencia bancaria) do seu importe aos deportistas federados. Na medida en que as contías certificadas son obxecto de ingreso previo por parte da entidade federativa -sen que por outra parte figuren entre os ingresos enumerados na memoria de actividade- non constitúen gasto real e efectivo da entidade que sirva para os efectos de xustificación.

**Programa III (Docencia)**

A totalidade do programa, que ascende a 3.249,34 euros, xustificouse mediante as liquidacións presentadas por dous monitores dedicados á impartición de cursos, que comprendían os conceptos de locomoción (diaria e sen xustificación) e a dieta de manutención a tanto alzado (52 euros/día) que o Regulamento de IRPF establece para os traballadores por conta allea nos desprazamentos que levan aparellada pasa a noite (por outra parte contraditoria cos citados desprazamentos). Os referidos monitores, que figuran como perceptores de fondos da federación por outros conceptos e programas de gasto, carecen de vínculo laboral con esta, polo que as indemnizacións así satisfeitas, de producirse, se acharíanse suxeitas ao IRPF.

## Programa IV (Tecnificación)

A DXD outorgou a totalidade da contía solicitada pola federación, que ascendía a 10.225 euros. Non obstante, revisada a memoria de execución federativa verificouse o incumprimento das actividades comprometidas no presuposto, por canto:

- Das 30 concentracións zonais previstas, unicamente consta a realización de 17.

- Das 6 concentracións provinciais e de técnicos (sen especificar) previstas non consta a realización de ningunha.

- Das 4 concentracións galegas previstas, unicamente se relacionou a realización de 2.

Pese a este incumprimento, a DXD non procedeu á revisión da contía concedida para este programa.

Como xustificación da contía outorgada, facilitáronse follas de liquidación representativas de axudas de custo de manutención e desprazamento aos técnicos que participaron nas concentracións, entre os que novamente se atopaba o persoal directivo da federación. Estas retribucións, de cuxo pagamento non existe constancia, non se suxeitaron indebidamente a tributación na contía de 9.890,23 euros. Unicamente resultan aceptables os xustificantes do pagamento de taxis (44,60 euros, número 53 da relación de perceptores) e a factura correspondente a un billete aéreo expedida por Halcón Viajes (333,24 euros, número 64 da relación de perceptores).

## Programa V (Axudas a Clubs)

Achegáronse 35 *recibís*, por importe conxunto de 25.000 euros, subscritos polos responsables dos clubs, sen que figure o NIF destes últimos, identificación de responsable federativo que outorgue os documentos nin evidencia da entrega efectiva dos fondos públicos.

## Programa VI (Outros proxectos de relevancia)

Se ben a federación solicitaba 1.250 euros en concepto de *ampliación e posta ao día de páxina web*, gasto que se imputou finalmente ao programa I, a resolución do 1 de xuño de 2004 da DXD outorga 3.259 para os conceptos de deporte escolar provincial. A notificación efectuada por este centro directivo o 4 de xuño detallaba as cantidades previstas para cada provincia. Estes feitos sublíñan novamente o carácter fraccionado das subvencións, á marxe do procedemento

regulado que as suxeitaba á concorrencia competitiva das distintas entidades federativas.

A xustificación presentada, que consistiu maioritariamente na presentación de *recibís* por servizos arbitrais (2.494,40 euros correspondentes aos números 1 a 12 da relación de perceptores), unicamente se refire á realización de actividades nas provincias de A Coruña e Pontevedra, sen que este feito ou a insuficiencia dos xustificantes motivasen actuación correctora por parte da DXD.

## Exercicio 2005

### *Cadros resumo*

| Federación de Tenis de Mesa- Exercicio 2005<br>Contía solicitada: 200.990,76 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Presuposto de gastos | Contía concedida | Contía xustificada | Revisión efectuada polo equipo fiscalizador | |
| | | | | Contías admisibles como xustificación | Contías sen soportes xustificativos válidos |
| I | 19.790,76 | 16.305,00 | 16.767,04 | 3.197,06 | 13.569,98 |
| II | 37.900,00 | 12.810,00 | 13.365,20 | 412,75 | 12.952,45 |
| III | 4.700,00 | 2.500,00 | 2.676,61 | 1.197,11 | 1.479,50 |
| IV | 24.900,00 | 10.225,00 | 10.622,94 | 5.571,30 | 5.051,64 |
| V | 94.300,00 | 25.000,00 | 25.000,00 | 0 | 25.000,00 |
| VI | 19.400,00 | 3.100,00 | 3.297,20 | 942,5 | 2.354,70 |
| **TOTAL** | **200.990,76** | **69.940,00** | **71.728,99** | **11.320,72** | **60.408,27** |

De acordo coa información que recolle a memoria do exercicio 2005, os ingresos totais (77.738,83 euros) superan ao total de gastos (73.763,40 euros), o que a DXD deberá revisar aos efectos de aplicar, se é o caso, a oportuna redución nas contías outorgadas. Por outra banda, se ben no detalle de ingresos se recolle unha subvención de capital (1.498,83 euros) procedente da Deputación Provincial de A Coruña, a resposta á circularización efectuada á entidade provincial puxo de manifesto a concesión dunha subvención corrente (700 euros) adicional á citada, sen que ningunha se recollese na *declaración de axudas* certificada ante a DXD.

Excluídas as *axudas a clubs* (25.000 euros, Programa V), o importe restante da subvención outorgada á federación (44.940 euros, Programas I a IV e VI) xustificouse, en porcentaxe superior ao 50%, mediante a achega de liquidacións de axudas de custo (locomoción, manutención e aloxamento) tal e como se mostra no seguinte cadro:

| Contías xustificadas a través de liquidacións de axudas de custo | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Contía total concedida | Importe certificado na relación de perceptores | Contías non xustificadas | Contías xustificadas |
| Programa I | 16.305,00 | 4.285,35 | 3.291,90 | 993,45 |
| Programa II | 12.810,00 | 13.365,20 | 12.952,45 | 412,75 |
| Programa III | 2.500,00 | 1.558,95 | 1.479,50 | 79,45 |
| Programa IV | 10.225,00 | 2.025,60 | 1.944,00 | 81,60 |
| Programa VI | 3.100,00 | 2.879,60 | 2.354,70 | 524,90 |
| **TOTAL** | **44.940,00** | **24.114,70** | **22.022,55** | **2.092,15** |

Revisados os conceptos consignados nas liquidacións individuais e os seus soportes documentais, verificouse que, dun total de 24.114,70 euros, unicamente figuraba debidamente acreditada a contía de 2.092,15 euros, reputándose o resto (22.022,55 euros) retribucións satisfeitas a tanto alzado, sen a debida suxeición a tributación, proba da realización dos servizos que motivaron a súa remuneración nin evidencia do seu pagamento material.

Requiriuse a entidade federativa (apartado IV.2.2.B do informe), a través da DXD, a proba material do pagamento das citadas liquidacións. Non obstante, non se obtivo resposta ningunha, o que non permite determinar o destino final outorgado aos devanditos fondos.

Os servizos que detallan as follas de xustificación de gastos refírense a unha variedade de conceptos (reunións, arbitraxe, adestramentos, monitoría das concentracións deportivas, transporte de material, etc) nos que con frecuencia se suceden os mesmos perceptores ao longo dos programas subvencionados. Como mostra do expresado, o seguinte cadro recolle as percepcións devengadas polo persoal directivo da federación:

| | Programa I | Programa II | Programa III | Programa IV | Programa VI | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Pte | 613,90 | 450,00 | | | 420,50 | 1.484,40 |
| Vicepte | 1.455,10 | 1.170,35 | 34,20 | 246,00 | 205,70 | 3.111,35 |
| Secretaria | 205,75 | 1.253,10 | 369,50 | 101,60 | 131,70 | 2.061,65 |
| Tesoureiro | 572,10 | 559,00 | | | 78,00 | 1.209,10 |
| **TOTAL** | | | | | | **7.866,50** |

Debido ao elevado número de gastos certificados, esencialmente no relativo ás anteriores indemnizacións, o detalle individual das contías non xustificadas e a súa concreta incidencia recóllense nos *Anexos*[11] do presente informe. A totalidade dos **programas II e III** (a excepción dunha única facturación) certifícanse mediante follas de liquidación de axudas de custo. Sen

[11] Ver nota 2.

prexuízo diso, en relación coa revisión dos xustificantes distintos ás indemnizacións individuais, detectáronse as seguintes incidencias.

## Programa I (Gastos Xerais)

Imputouse un recibo correspondente á Mutualidade Xeral Deportiva (285,25 euros), pese que, a teor das circulares revisadas, este se recada directamente dos clubs federados para a súa entrega á federación estatal, motivo polo que non supón gasto para a federación.

En relación co gasto telefónico, non se consideraron validados os seguintes xustificantes:

- Imputáronse facturacións correspondentes ao local federativo (Vigo) que, por importe de 221,73 euros, vulneraban o principio de anualidade.

- Detectouse a imputación de facturas xiradas a un domicilio coincidente co particular da secretaria federativa (facturas de *R cable*, que inclúe os conceptos de internet, teléfono e fax, por importe conxunto de 1.086,98 euros), que á súa vez, nalgunha das follas de liquidación figuraba como domicilio da entidade federativa, extremo que non resultou acreditado.

- Cargáronse facturas da empresa *Amena* (706,40 euros) correspondentes á facturación conxunta de 5 teléfonos móbiles, sen que se conteña detalle dos seus concretos usuarios.

Detectouse a imputación de gastos correspondentes ao inmobilizado material, que non resultan susceptibles de imputación á axuda revisada, así como a duplicación de xustificantes (números 8 e 124 da relación de perceptores, que por importe de 210 euros, detallan idéntico gasto).

Verificouse a imputación de gastos cuxo financiamento, a teor do presuposto aprobado, podería ser susceptible de encadrarse no programa II (competicións).

## Programa IV (Tecnificación)

A teor da memoria formulada pola FG, o número de actividades desenvolvidas é notoriamente inferior ao das presupostadas, sen que se detallen as datas e lugares de realización das mesmas, pese o cal a DXD non procedeu á revisión das contías concedidas.

A excepción de dúas facturacións de material deportivo expedidas por *Manuel Casas Vázquez*, que tamén resultou perceptor en concepto de adestrador (programa III), a totalidade dos xustificantes son follas de liquidacións individuais de axudas de custo. Estas dúas facturacións, por importe de 5.489,70 e 3.107,64 euros, substituían unha anterior, de 9.887,94 euros, expedida polo mesmo empresario que a DXD non aceptou como válida por referirse a conceptos

de inmobilizado material (mesas e cadeiras para concentracións). A segunda das facturas indicadas non resulta xustificación suficiente, dado que a súa data de expedición revela que o material deportivo non foi obxecto de emprego nas concentracións efectuadas no exercicio.

En todo caso, en relación cos xustificantes presentados con carácter extemporáneo, a falta de presentación destes ao tempo da presentación da xustificación inicial determina que, ou ben a totalidade dos ingresos e os gastos realizados non son obxecto de comunicación á DXD, ou ben a súa veracidade puidese resultar cuestionable. En calquera caso, recoméndase á DXD, no marco da instrución do procedemento de revisión da presente axuda, o requirimento dos xustificantes do pagamento correspondente ás anteriores facturacións.

**Programa V (Axudas a Clubs)**

Achegáronse 31 xustificantes subscritos polos responsables dos clubs, o que non constitúe proba do destino e aplicación dos fondos ao obxecto da axuda. Requirida (epígrafe IV.2.3.A do informe) a documentación xustificativa do pagamento destas axudas, non se achegou evidencia probatoria do seu pagamento por parte da FG.

**Programa VI (Outros proxectos de relevancia)**

De acordo coa memoria presentada, non se realizan as actividades proxectadas no presuposto, polo que os gastos imputados a este programa non se atopan correctamente encadrados no mesmo. Non obstante, este feito non determinou a redución da axuda por parte da DXD.

A revisión das follas de liquidación correspondentes aos números 9 e 14 da relación de perceptores evidenciou a duplicación no cobramento de axudas de custo de manutención a tanto alzado por parte do mesmo colaborador en relación coa mesma xornada.

# V. RESULTADO DA FISCALIZACIÓN DE AXUDAS OUTORGADAS DIRECTAMENTE A CLUBS DEPORTIVOS E SOCIEDADES ANÓNIMAS DEPORTIVAS (SAD)

A Orde do 29 de abril de 2005 ten por obxecto a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o desenvolvemento de actividades deportivas no exercicio 2005. O seu artigo 2º establece como beneficiarias ás seguintes entidades: a) os clubs deportivos galegos participantes en campionatos oficiais de liga en ámbito que excede ao da comunidade autónoma e os clubs de fútbol galegos con equipo en 3ª división nacional, b) as agrupacións deportivas escolares comarcais de zona e c) as SAD legalmente constituídas por todos os seus equipos ou clubs, salvo os que participan en ligas de fútbol profesional.

Para as entidades indicadas na e b) habilítase con cargo á aplicación 14 04 355 A 480.0 un crédito máximo de 2.165.000 euros. Para as SAD consígnase un crédito de 245.000 euros na aplicación 14 04 355 A 470.0.

Establécese unha comisión avaliadora das solicitudes de composición integramente funcionarial, cuxo presidente é a subdirectora xeral de Deportes, os seus vocais os xefes de servizo de deportes das delegacións da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e un técnico da DXD e o seu secretario un funcionario deste último órgano. A devandita comisión, a través do seu presidente, encargábase de elevar as propostas de concesión ao director xeral para o Deporte, quen formula a resolución definitiva das axudas. A comisión efectuou as propostas de resolución definitiva en dúas fases, posteriormente ratificadas polo director xeral:

A) O 27 de xullo de 2005, establécense as contías de 1.804.887,81 euros para 97 clubs pertencentes á categoría indicada na letra a) anterior, 135.000 euros para as agrupacións deportivas a que se refire b) e a totalidade do crédito, 245.000 euros, con destino a 5 SAD. Detállanse, así mesmo, as solicitudes de subvención denegadas e a súa motivación, cuxo número ascende a 41, 3 e 3, respectivamente, en relación ás categorías a), b) e c). Declárase deixar pendentes de resolver *aquelas solicitudes nas que, solicitándose a subsanación dalgunha documentación, esta non foi recibida ata o momento*, non obstante, non se identifican as incursas nesta situación.

B) O 14 de outubro de 2005, establécese a contía de 143.983 euros para 10 clubs pertencentes á categoría a), relacionándose, á súa vez, 6 asociacións deportivas definitivamente excluídas.

As contías outorgadas aos clubs deportivos e sociedades anónimas beneficiarios das liñas a) e c) desta axuda, sobre as cales se efectuou unha mostra para a súa posterior fiscalización,

detállanse no **Anexo V.**

## V.1. Incidencias detectadas no contido e a tramitación da orde reguladora do 29 de abril de 2005

A través dos artigos 12 e 13 da lei 14/2004, do 29 de decembro, que modificou os artigos 78 e 79 TRLRFP, produciuse a adecuación da normativa autonómica á lei 38/2003, Xeral de Subvencións (LXS). A esta adaptación viña obrigada a comunidade autónoma pola DTª 1ª, toda vez que de non se producir, a LXS sería de aplicación directa a partir do 18 de febreiro de 2005.

É preciso sinalar que se ben a modificación entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2005, non resulta de aplicación o seu réxime, ao amparo da DTª 2ª LXS, ás axudas outorgadas ás federacións para o exercicio 2005. Dado que a orde que as regula se publicou o 2 de decembro de 2004, isto é, con anterioridade á entrada en vigor da normativa de adecuación, réxense polo disposto na normativa anterior. Non obstante, si resulta de aplicación á Orde que nos ocupa, da análise da cal se puxeron de manifesto as seguintes incidencias:

### 1) Publicidade das cantidades outorgadas aos clubs beneficiarios

O artigo 78.8 TRLRFP establece a obriga de publicar no diario oficial a concesión das subvencións cando os importes das mesmas, individualmente consideradas, sexan de contía igual ou superior a 3.000 euros. Para o caso de que sexan inferiores a este importe, as bases reguladoras deben prever a utilización doutros procedementos que aseguren a publicidade.

A regulación contida na orde do 29 de abril de 2005 contempla unicamente a notificación individual da resolución da axuda aos solicitantes, polo que se infrinxe o anterior artigo citado.

### 2) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social

Na redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, o artigo 78 esixe nos seus apartados 4, c) e no último parágrafo do seu apartado 8º a acreditación do cumprimento das obrigas citadas en dous momentos procedimentales: a) con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e b) con anterioridade ao pagamento.

O artigo 4.1 e) da orde esixe aos solicitantes a achega dos certificados xunto á solicitude de axuda, o que daría cumprimento ao 78.4 c). Non obstante, en virtude do artigo 41 da lei de

presupostos para 2005, os clubs deportivos galegos non configurados como sociedades anónimas deportivas acharíanse exentos desta obriga, polo que esta previsión das bases contradí o citado precepto, ao esixir o cumprimento dun requisito que os solicitantes non estaban obrigados a cumprir. Este feito adquire relevancia, toda vez que, como se indicará máis adiante, a DXD excluíu da convocatoria a unha pluralidade de clubs que non atenderon a este requisito, exclusión que ademais non se aplicou con criterios administrativos de carácter homoxéneo.

Agora ben, a exención do citado artigo 41 non alcanza á achega dos certificados no momento anterior ao pagamento da subvención, o que paradóxicamente non se esixiu nas bases de convocatoria. Este feito constitúe un incumprimento do artigo 78 TRLRFP.

A exención citada non alcanza ás sociedades anónimas deportivas, co que a esixencia de achegar os oportunos certificados no momento de formular a solicitude de axuda resulta axeitada. Non obstante, detéctase idéntico incumprimento ao expresado no parágrafo anterior, dado que as bases non esixen o certificado esixible con anterioridade ao pagamento.

### 3) Criterios de concesión

Con respecto aos clubs que participan en campionatos nacionais e os de fútbol con equipo en 3ª división, o artigo 7 da orde establece os seguintes criterios de valoración:

1. Nivel das competicións nas que participe cada un dos equipos integrantes do club, ata 60 puntos.

2. Número de licenzas e desprazamentos a competicións oficiais, distancia percorrida en cada desprazamento e número de deportistas desprazados, ata 40 puntos.

Esta regulación reviste un carácter xenérico, sen que se conteña a táboa ou baremo que determina a puntuación concreta que se asigna a cada un dos niveis de competición e clases de licenzas das distintas modalidades deportivas, habida conta da diversa tipoloxía dos mesmos. Non se establecen regras nin baremos para o cómputo das distancias recorrido nin diferenciación ningunha en relación cos medios utilizados e o seu carácter (individual ou colectivo). Tampouco se teñen en conta *o material deportivo de utilización necesaria* nin *as persoas necesarias para a súa organización*, pese que o artigo 45 da Lei 11/1997 preceptúa que deben ser tidos en conta.

Pese requirir conxuntamente coa instancia aspectos tales como a certificación dos postos alcanzados polos equipos que integran cada club, o presuposto de ingresos e gastos ou as axudas solicitadas e obtidas, estes aspectos quedan fóra dos criterios de valoración, sen que se

precise o tratamento concreto que a Administración deportiva lles outorga.

Con respecto ás SAD, o mencionado artigo establece os seguintes *criterios*:

1. programa proposto para o ano 2005 relativo a desenvolvemento de actividades formativas e escolas deportivas dirixidas aos mozos. Ata 60 puntos.

2. Programa proposto para a promoción do deporte base, especificando número e nome dos seus equipos en categorías inferiores non profesionais, e no seu caso, detalle dos convenios de colaboración subscritos con outros clubs pertencentes ao deporte base. Ata 20 puntos.

3. Deseño e implantación dun programa de difusión dirixido a fomentar os beneficios da práctica deportiva, do xogo limpo e da erradicación da violencia. Ata 20 puntos.

Esta regulación adoece da falta de concreción dos conceptos a avaliar e dos baremos de puntuacion atribuíbles a estes no marco individual dos anteriores criterios. Por outra parte non é obxecto de valoración, nin aínda de requirimento, o presuposto de gastos e ingresos da actividade.

Polo tanto, as previsións que se especifican para clubs e SAD infrinxen o artigo 17.3 e) LXS e o 78.8 c) TRLRFP, que establecen a obrigatoriedade de que as bases conteñan os criterios obxectivos e os baremos de outorgamento da subvención.

### 4) Declaración da concorrencia axudas, supostos de acumulación de subvencións

A única referencia ás axudas obtidas de entidades privadas recóllese no último parágrafo do artigo 1 da orde, limitándose a declarar a súa compatibilidade coas obtidas das distintas administracións públicas.

Non se esixe a comunicación dos ingresos obtidos do sector privado, polo que se vulnera o artigo 78.4 e) TRLRFP- na redacción dada pola lei 14/2004- cando recolle entre as obrigas dos beneficiarios a de comunicar *á entidade concedente ou, se é o caso, á entidade colaboradora a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

Esta deficiencia supón a imposibilidade de garantir o cumprimento dos principios de igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na xestión das axudas a que obriga o artigo 78.8 TRLRFP.

### 5) Medios e prazo de xustificación

O artigo 9 da orde establece o 30 de outubro de 2005 como prazo máximo para a xustificación das axudas, debendo achegar os clubs e SAD a seguinte documentación:

1. Certificación expedida polo secretario da entidade deportiva -co visto bo do presidente- na que conste a relación detallada do gasto, a súa contía e motivo así como a identificación fiscal dos perceptores.

2. As facturas orixinais do gasto incorrido

3. Unha memoria formalmente estruturada das actividades realizadas

4. A declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das Administracións Públicas.

5. O certificado orixinal da titularidade da conta na que se solicita o ingreso.

Non obstante, achándose en plena vixencia a adaptación operada na normativa autonómica tras a aprobación da LXS, o réxime obrigatorio de xustificación contense nos artigos 30 e 31 LXS, destacándose os seguintes aspectos:

- Salvo disposición expresa en contrario nas bases reguladoras, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. Isto implica a esixencia de que a xustificación material do pagamento acompañe cada unha das facturas orixinais presentadas polos beneficiarios.

- Cando as actividades sexan financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

- A xustificación do cumprimento documentarase mediante (1) unha *conta xustificativa do gasto realizado*, nos termos a que se aludía en II.1.5, podendo así mesmo acreditarse o gasto (2) *por módulos* ou (3) *mediante a presentación de estados contables*. A falta de previsión das bases, resulta de aplicación o modelo de conta xustificativa, onde deben figurar as partidas de gastos e ingresos de toda natureza correspondentes á actividade que se subvenciona.

A falta de inclusión na orde dos aspectos mencionados provoca a vulneración do réxime de xustificación de aplicación obrigatoria ás axudas fiscalizadas. A documentación esixida pola Administración non permite verificar a axeitada aplicación e destino dos fondos públicos.

**Conclusión**

A aprobación das bases reguladoras das axudas aprobadas para as agrupacións, clubs deportivos e SAD non se efectuou con respecto á legalidade.

**Informes preceptivos emitidos con anterioridade á aprobación das bases reguladoras**

Os informes preceptivos emitidos con carácter previo á aprobación da orde por parte da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, a Asesoría Xurídica e a Intervención delegada da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado non puxeron de manifesto ningunha das deficiencias que se observaron en materia de legalidade, reiterándose o exposto no apartado II.1 do presente informe.

## V.2. Incidencias detectadas na execución da anterior orde reguladora

Sen prexuízo das incidencias que se puxeron de manifesto na análise da mostra seleccionada polo equipo auditor, deben destacarse os seguintes aspectos:

*1. Motivación das contías outorgadas:*

*a) Clubs que participan en competicións nacionais e clubs de fútbol de 3ª división*

As actas subscritas pola comisión de valoración conteñen a proposta das contías individuais asignadas aos clubs e sociedades anónimas, con detalle das puntuacións atribuídas a cada club para cada un dos criterios -*nivel das competicións* e *número de licenzas e desprazamentos*- indicados en V.2.1 3). Establécese a equivalencia de 1.000 euros por cada punto obtido, de maneira que a suma das puntuacións multiplicada por 1.000 é coincidente co importe da axuda concedida a cada entidade.

Non obstante, verificouse que as referidas puntuacións non responden á rigorosa valoración individual dos criterios establecidos nas bases, reputándose ilusorias. O único criterio utilizado para a asignación das axudas foi o dos niveis de competición en que participaban os distintos equipos integrantes de cada club, atribuíndose contías fixas preestablecer a cada un daqueles no marco que conforma cada unha das modalidades deportivas subvencionadas. Non existe constancia documental dos acordos de fixación nin da motivación concreta das referidas contías. Pese a iso aplicáronse de forma sistemática á totalidade dos clubs, determinando a axuda finalmente percibida salvo naqueles casos nos que os clubs consignaban unha cifra inferior na

solicitude de subvención. Nestes supostos, concedeuse esta última.

Por conseguinte, o outorgamento das axudas non garda relación ningunha co presuposto de ingresos e gastos, o proxecto deportivo, os postos alcanzados o número de licenzas e os desprazamentos efectuados ás competicións. Ningún dos conceptos anteriores, pese a requirirse coa solicitude, é obxecto de valoración.

*b) SAD*

Segundo a orde de convocatoria os criterios e baremo de puntuación que terá que seguir a comisión de avaliación son os seguintes:

- Programa de actividades formativas e escolas deportivas: 60%
- Programa para a promoción do deporte base: 20%
- Programa de difusión dirixido a fomentar os beneficios da práctica deportiva, do xogo limpo e de erradicación da violencia: 20%

A comisión de valoración para cada unha das sociedades beneficiarias asigna unha puntuación a cada un dos apartados, que posteriormente se multiplica por 1.000 para a cuantificación da axuda. Non obstante, non constan os motivos que fundamentan a atribución de puntuación a cada un dos criterios fixados pola orde. Na análise da documentación presentada non se aprecia unha relación coherente entre a valoración realizada pola comisión e os programas presentados polas sociedades, xa que mesmo se asigna puntuación a programas que non figuran no expediente. Documentación facilitada polo xestor permite comprobar como o importe concedida parte dun nivel preestablecer no que se ten en conta o nivel da competición no que participan os equipos (excluídos os de liga de fútbol profesional). Polo tanto, a concesión das axudas non segue os criterios de valoración recollidos nas bases da convocatoria.

*2.* Pese a que a totalidade das axudas outorgadas aos clubs deportivos e SAD superan en termos individuais a contía de 3.000 euros, non se efectuou a publicación das adxudicacións no Diario Oficial de Galicia, vulnerando os artigos 78.8 TRLRFP e 18 LXS. O importe conxunto destas axudas ascendeu a 2.193.870,71 euros, excluídas as agrupacións deportivas escolares. Esta incidencia afecta á consecución do principio de transparencia consagrado polo artigo 8.3a) LXS.

*3.* Non se esixiu a formación polas entidades deportivas de conta xustificativa ningunha nin se efectuaron actuacións de comprobación dos ingresos e gastos efectivamente realizados, o que,

sen prexuízo da vulneración destas esixencias legais, resulta preciso para asegurar a eficacia e eficiencia na aplicación dos fondos públicos.

Non se esixiu a declaración dos ingresos obtidos dos recursos propios nin os procedentes das entidades de carácter privado. A resposta ás circularizacións efectuadas ás Deputacións Provinciais evidenciou, en determinados supostos, o incumprimento do deber de comunicación dos ingresos de carácter público por parte dos clubs deportivos.

Non tendo implantando a DXD un sistema de validación e estampillado de xustificantes de gasto, non existe garantía de que os mesmos xustificantes sexan obxecto de achega a outras Administracións Públicas (provincial e local). Esta carencia dificulta notablemente o control efectivo da concorrencia de subvencións.

Desta forma, a DXD carece de constancia da proporción real da actividade financiada, sen que exista garantía de que coa totalidade dos ingresos obtidos se supere o custo da actividade subvencionada. Neste último suposto, a Administración estaría a financiar -de xeito contrario á legalidade- a obtención de beneficios, o que suporía unha asignación deficiente dos recursos públicos.

*4.* Non se esixiu a acreditación do pagamento das facturas e xustificantes presentados, o que non permite obter evidencia de que o mesmo se efectuara nin de que, no seu caso, se formalizara con anterioridade á fin do período de xustificación. Nos traballos realizados sobre a mostra de clubs seleccionados detectouse unha pluralidade de facturas comprensivas da mención *pendente de pagamento*, que non obstante foron aceptados como xustificación.

*5.* A interpretación efectuada pola Administración do cumprimento do requisito de achega dos certificados de inexistencia de débeda resulta discutible, ao tempo que non se efectuou con criterios de homoxeneidade, o que puidese supoñer a vulneración do principio de non discriminación entre os distintos clubs solicitantes. Así mesmo se detectaron incumprimentos en materia de procedemento administrativo de notificación e na relativa á concesión de prazos de subsanación. Estas incidencias recóllense no apartado V.2.3 do presente informe.

6. A notificación das resolucións de concesión outorgadas por proposta da comisión de avaliación o 14 de outubro de 2005 efectuouse fóra do prazo de 4 meses establecido no artigo 8 da orde, e nos supostos seleccionados na mostra, transcorrido o prazo máximo para a xustificación das axudas.

## V.3. Incidencias detectadas na fiscalización das axudas outorgadas aos clubs

Seleccionouse unha mostra das entidades beneficiarias ao amparo da Orde do 29 de abril de 2005, o importe total das cales ascendeu a 534.493,64 euros, o que representa un 23% da contía total adxudicada. Atendendo a criterios de carácter cuantitativo seleccionáronse 10 clubs entre os beneficiarios a que se refire o apartado 2 a) da orde. Agregouse, como se mostra no seguinte cadro, a totalidade dos expedientes relativos ás S.A.D e o correspondente á AD que resultou beneficiaria da maior contía entre as adxudicadas ao amparo do apartado 2 b):

| Modalidade | Entidade deportiva | Importe (euros) |
|---|---|---|
| Hóckey | Asoc. Deportiva Ourense H.C.(Our. Bule Bule) | 20.347,70 |
| Hóckey | C.H. Santiago Apóstol (Apóstol Bule Bule) | 18.718,12 |
| Hóckey | C.H. Pabellón | 8.684,82 |
| Baloncesto | Club Instituto Rosalía de Castro | 37.910,00 |
| Atletismo | Club Atletismo Ría de Ferrol | 13.668,00 |
| Fútbol sala | Leis 26 F.S. (Leis s. Construcuatro) | 20.935,00 |
| Fútbol sala | Ourense F.S. | 20.000,00 |
| Fútbol | Pontevedra C.F. | 10.040,00 |
| Balonmán | Club Balonmán Cangas (Frigorif. Morrazo) | 72.885,00 |
| Voleibol | Club Vigo de Voleibol (Valery Karpin) | 46.305,00 |
| Agr.Dep.Escolar | AD " As Rías" | 20.000,00 |
| SAD | Leche Río Breogán SAD | 90.000,00 |
| SAD | C.D. Ourense SAD | 55.000,00 |
| SAD | R.C. Celta de Vigo SAD | 50.000,00 |
| SAD | áacing C. Ferrol SAD | 30.000,00 |
| SAD | Ponte Ourense SAD | 20.000,00 |
| **TOTAL** | | **534.493,64** |

A inexistencia, na totalidade dos expedientes do exercicio 2005, dunha conta xustificativa axustada á LXS así como a falta de esixencia de acreditación de pagamento das facturas presentadas supón unha limitación ao alcance da comprobación efectuada por este órgano de fiscalización. O sistema de xustificación aplicado pola Administración deportiva, caracterizado pola achega de facturas por contía similar ou un pouco superior á concedida non permite emitir opinión sobre a axeitada obtención e aplicación dos fondos públicos, mesmo no suposto que as achegadas reunisen os requisitos que esixe a legalidade. Resulta preciso dispoñer da declaración completa da actividade que se financia co detalle por natureza da totalidade dos gastos e os ingresos efectuados polos clubs en relación coa totalidade dos recursos propios, de índole privada ou pública.

## Solicitudes denegadas pola comisión de avaliación

Verificouse o axuste a dereito da exclusión de 4 clubs a causa da presentación extemporánea das solicitudes de axuda.

Analizáronse os supostos de exclusión de solicitudes motivados pola falta de acreditación, mediante a oportuna certificación, da inexistencia de débedas coa Seguridade Social, Facenda autonómica e Facenda Pública, que afectaron a 6 clubs deportivos e 1 SAD, de acordo coa proposta de resolución efectuada o 27 de xullo de 2005 (1º proposta) e 3 clubs, a teor da ditada o 14 de outubro do mesmo exercicio (2ª proposta).

Revisados os expedientes relativos aos clubs excluídos na 1ª proposta, observouse que a Administración validaba o cumprimento do requisito de presentación das certificacións no suposto en que os clubs acreditasen presentar, dentro do prazo de subsanación da instancia, solicitude para a súa expedición nas oficinas competentes. Este criterio, de cuxa adopción formal non existe constancia - nin así mesmo do límite temporal para a achega definitiva da correspondente certificación-, non figura nas bases de convocatoria nin foi obxecto de comunicación aos clubs no trámite de subsanación das solicitudes. Se ben a súa aplicación resulta discutible, - non a autoriza o Regulamento 887/2006, de desenvolvemento da LXS, aínda que esta norma non se achaba en vigor- de ser acordado deberá aplicarse con carácter homoxéneo á totalidade das asociacións deportivas incursas en idéntico suposto. Non obstante, detectáronse as seguintes incidencias:

Na 1ª proposta da comisión de avaliación excluíuse as seguintes entidades:

- *Club Baloncesto Galicia*, que se ben remitiu dentro do prazo de subsanación as correspondentes solicitudes de certificación presentadas ante a Axencia Tributaria e Seguridade Social, non achegaba a relativa á Facenda autonómica

- *Club Deportivo Narón*, que efectuou dentro do prazo de subsanación a solicitude de certificación ante a Facenda autonómica, pese o cal resultou excluído por esta causa. Verificouse a presentación, con atraso de 2 días, da documentación requirida para a subsanación da solicitude, entre a que atopaba o anterior documento. Pese a este incumprimento de prazo, que constitúe causa determinante de exclusión, a Administración admitiu a documentación remitida con carácter extemporáneo.

- *Club Troula Fútbol Sala*, que a pesar de achegar no prazo de subsanación a solicitude de certificación ante a Facenda Autonómica, resultou excluído.

- *Club O Parrulo Ferrol Fútbol Sala*, que remite a documentación transcorrido o prazo de subsanación, pese o cal é admitida, resultando denegada a súa instancia por non acreditar a certificación da Facenda autonómica e da estatal, para a que solicitou un prazo adicional a causa da renegociación dunha débeda coa Axencia Tributaria correspondente a 2002.

*Real Club Deportivo de A Coruña SAD*, que dentro do prazo de subsanación presentou un escrito manifestando que os certificados acreditativos foran obxecto de petición ás oficinas competentes, polo que solicitaba a ampliación de prazo para a súa achega.

De acordo co exposto, a denegación das solicitudes dos anteriores clubs axústase a dereito, agás no suposto do *Club Troula Fútbol Sala, cuxa exclusión carece* de motivación. Non obstante, si resulta cuestionable:

- A falta de comunicación ás entidades do carácter dos documentos acreditativos e o prazo admisibles para a subsanación do trámite de achega dos certificados.

- A admisión de documentación presentada fóra do prazo outorgado para a subsanación.

- A exclusión en virtude da falta de achega duns certificados que, a teor da remisión normativa efectuada polo artigo 78.4 c) TRLRFP á Disposición Adicional 18ª LRXAP e PAC - en vigor ata a aprobación da Lei 11/2007, do 22 de xuño- poderían substituírse pola cesión dos correspondentes datos por parte das Entidades Competentes, de contarse co consentimento expreso dos interesados. Máis cuestionable resulta aínda, a teor da excepción considerada polo artigo 41 da Lei de Presupostos para 2005, que eximía aos clubs da presentación destes certificados no momento da solicitude, como se menciona no epígrafe V.2.1 3).

Máis aínda, revisado o expediente relativo ao *Club Balonmán Cangas,* que resultou beneficiario a teor da 1ª proposta, non existe constancia - pese o seu requirimento pola DXD no prazo de subsanación -a achega do certificado de inexistencia de débedas coa Facenda autonómica.

Na mesma reunión na que se acordaron as anteriores exclusións, decidiuse non resolver unha pluralidade de expedientes *á espera de que remitisen a documentación complementaria correspondente por acharse aínda en prazo*. Analizáronse algúns destes expedientes, obtendo as seguintes conclusións:

-O *Club Atlético Arteixo* achegou no trámite de subsanación unha declaración de efectuar as peticións de certificación nas oficinas competentes, acreditando as solicitudes presentadas ante a Facenda autonómica e estatal, pero non ante a Seguridade Social.

- Ao termo do prazo de subsanación de solicitudes, non consta a presentación dos certificados de inexistencia de débedas ou da súa solicitude nas oficinas competentes por arte do *Club Fútbol Sala Boandanza.*

- A *Agrupación Feminina Val do Ulla C.F.* non acredita, á finalización do prazo de subsanación, a certificación da inexistencia de débedas coa Facenda autonómica nin a petición efectuada ante o órgano competente.

Se ben os anteriores clubs resultaron excluídos na resolución do 14 de outubro por non achegar no devandito prazo a totalidade da documentación requirida, son obxecto dun tratamento máis beneficioso que os excluídos na 1ª proposta, dado que pese atoparse en situacións similares, se lles concede un prazo adicional para a subsanación do que estes últimos non dispuxeron.

- O *Club Atletismo Ría Ferrol*, que non achegou a totalidade da documentación requirida para a subsanación da solicitude, achega unha solicitude de certificación de inexistencia de débedas carente de selo de presentación no rexistro, pese o cal foi admitida, sen prexuízo de que o certificado se achegase posteriormente.

- *Club Instituto Rosalía de Castro*. Requiridos pola DXD o 21 de xuño ao efecto de emendar as deficiencias da solicitude entre as que se incluían os certificados de inexistencia de débeda, os responsables da entidade non recollen a notificación efectuada a través do servizo postal nin a retiran no prazo regulamentario no que se se atopaba á súa disposición na respectiva oficina. Se ben o artigo 59.5 LRXAP e PAC determina para estes supostos obriga de practicar a notificación por medio de anuncio no Diario oficial da Comunidade Autónoma, a DXD volveu practicar notificación por medio de servizo de correos, vulnerando o citado artigo.

No escrito de resposta á segunda notificación o club mencionaba achegar o certificado de inexistencia de débedas coa Seguridade Social non obstante o único que figuraba no expediente data do 6 de outubro de 2005, polo que, sen prexuízo do exposto, non se pode entender cumprido o requisito ao termo do trámite de subsanación.

Estas dúas últimas entidades resultaron beneficiarias das axudas, achándose incluída na mostra obxecto de fiscalización.

## Club de Hóckey Santiago Apóstol (Apóstol Bule Bule) e Asociación Deportiva Ourense Hóckey Club (Ourense Bule Bule)

A análise conxunta destes clubs, cuxos equipos integrantes participan respectivamente en competicións de carácter masculino e feminino, atópase motivada polas seguintes características:

- Ambos os dous clubs radican o seu domicilio en idéntico inmoble, un piso situado na cidade de Ourense, que a teor da información obrante na páxina web da Federación Española de Hóckey constitúe o domicilio particular da presidenta da A.D. Ourense. Na documentación revisada figura así mesmo idéntico teléfono *fixo*. A presidencia de ambos os dous clubs exércese por quen presumiblemente ostentan a relación de cónxuxes, recaendo a secretaría nas que se atopan ligadas cos anteriores por razón de descendencia.

- O presidente e a secretaria do C.H. Santiago Apóstol perciben compensacións económicas nos respectivos conceptos de adestrador e xogadora e con cargo á subvención outorgada ao A.D. Ourense no exercicio 2005. Á súa vez, no mesmo exercicio ambos os dous percibiron remuneracións en concepto de *axudas de custo* con cargo á subvención outorgada pola DXD á FG de Hóckey. O presidente desta entidade atópase ligado ao presidente do C.H. Santiago Apóstol por un vínculo colateral de parentesco. Este último figura como Director deportivo (programa I) e técnico (programa IV) da FG, ao tempo que percibiu axudas de custo en concepto de asistencia aos adestramentos da escola de hóckey integrada no club que preside e con cargo á súa respectiva subvención. Pola súa parte, a secretaria do C.H. Santiago Apóstol figura nos presupostos da FG como persoal técnico deportivo contratado a tempo parcial e á súa vez como seleccionadora, cuns custos considerados respectivos de 6.000 e 7.000 euros, verificándose adicionalmente o cobramento de axudas de custo en concepto de arbitraxe.

Da información obrante nos expedientes de ambos os dous clubs e a que se contiña no expediente da FG de Hóckey en relación co exercicio 2005, derívase a percepción, por parte do presidente do Club Apóstol, de axudas de custo, de quilometraxe e manutención sen xustificación ao longo do primeiro semestre de acordo co seguinte cadro:

| MES | AD. OURENSE H.C. | C.H.SANTIAGO APÓSTOL | PROGRAMA II FED.G. HÓCKEY | PROGRAMA IV FED.G. HÓCKEY | TOTAL DÍAS |
|---|---|---|---|---|---|
| Xaneiro | 15 | 14 | 1 | 4 | 34 |
| Febreiro | 18 | | | 4 | 22 |
| Marzo | 24 | | | 5 | 29 |
| Abril | 23 | | 3 | 5 | 31 |
| Maio | 24 | | | 6 | 30 |
| Xuño | 18 | | 2 | 10 | 30 |

Ademais das duplicacións que se evidencian nos meses de xaneiro e abril, con cargo ao programa IV consignouse o pagamento de axudas de custo por servizos prestados en días inexistentes no calendario (31 de xuño).

Sen prexuízo de que os gastos así efectuados non sirvan para os efectos de xustificación das axudas públicas, a falta de cotización ao réxime de Seguridade Social así como a inexistencia da oportuna retención en concepto de IRPF podería orixinar continxencias nas expresados ordes.

- Faise patente a confusión existente no exercicio material dos cargos executivos dos clubs fiscalizados. Sen prexuízo de que a documentación remitida pola Administración deportiva a ambos os dous clubs se recepciona indistintamente por ambos os dous presidentes no citado domicilio, verificouse que a relación de perceptores xirada á Administración polo Club Santiago Apóstol como xustificación de axudas se atopa subscrita pola secretaria de A.D. Ourense. Así mesmo, detectouse a conformación dun cheque sufragado con cargo ao presuposto desta última entidade por parte do presidente do Club Santiago Apóstol.

- Os dous clubs presentan idéntico formulario e conceptos esperados de gastos e ingresos nos seus presupostos, que ascenden a 92.575 e 117.500 euros, respectivamente, para as agrupacións masculina e feminina. A excepción da contía de 500 euros que a A.D. Ourense prevía obter de entidades privadas, os ingresos consignados correspondían exclusivamente á Xunta de Galicia, Deputación Provincial e Concello de Ourense e os federativos, non recolléndose cantidade ningunha en concepto de subscritores, publicidade ou taquilla. Unicamente se obtivo confirmación dos outorgados pola Xunta e Deputación Provincial, que contestou á circularización efectuada. Xunto cos que os anteriores clubs declararon percibir da corporación local, ascenderon en 2005 a un global de 129.765,32 euros, que se analizan no seguinte cadro:

| ADMINISTRACIÓN PÚBLICA | A.D. OURENSE | APÓSTOL SANTIAGO |
|---|---|---|
| Concello de Ourense | 23.000 | 22.700 |
| Deputación Provincial Ourense | 15.000 | 30.000 |
| Dirección Xeral para o Deporte | 20.347,20 | 18.718,12 |
| **TOTAL** | **58.347,20** | **71.418,12** |

As partidas de gasto máis relevantes que recollen os presupostos dos clubs Club Santiago Apóstol e A.D. Ourense refírense aos de transporte (47.000 e 60.000 euros, respectivamente), e ao persoal e honorarios técnicos (24.000 e 30.000 euros), a pesar de que en 2005 ningunha das entidades *ten nin tivo asignado código de cotización en ningún réxime do sistema de Seguridade Social.*

A teor da limitación ao alcance anteriormente indicada, e como queira que ambos os dous clubs remitiron xustificantes por contía similar á outorgada, non se puido verificar a composición e contía dos gastos e ingresos totais finalmente obtidos polas entidades fiscalizadas.

### Club de Hóckey Santiago Apóstol -Apóstol Bule Bule- (18.718,12 euros)

O 24 de outubro de 2005 a DXD procede á devolución da relación de perceptores e os xustificantes inicialmente achegados polo club, desestimados a causa de que as axudas de custo non indicaban detalle das datas e os motivos dos desprazamentos, e as facturas de empresas de transporte ben referíanse ao exercicio 2004 ou ben correspondíanse coa A.D. Ourense H.C. Pese a que o prazo aplicado á práctica totalidade dos clubs para a práctica de rectificacións era de 10 días hábiles, a dirección xeral unicamente dispuxo a remisión *o antes posible* destas correccións, polo que se infrinxe o artigo 76.2 LRXAP e PAC. Finalmente, a nova documentación xustificativa remitiuse o 21 de novembro, destacando as seguintes incidencias:

| Número (s) de orde da relación preceptores (NRP) | Perceptor | Importe xustificado polo club (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentario |
|---|---|---|---|---|
| 1 | FEDERACIÓN GALLEGA DE HÓCKEY | 6.452,10 | 0,00 | Preséntase un detalle de fichas e inscricións coa descrición "*recibo de pagamentos*" sen que conste a proba do pagamento material nin o responsable da Federación que o subscribe. A Federación non fai constar estes ingresos na súa conta liquidativa. |
| 2,3,4,5,12 | TELEFÓNICA | 283,11 | 0,00 | Son facturas do teléfono fixo correspondente ao domicilio de 2 clubs e posiblemente, un domicilio particular, sen que exista constancia dos criterios para a correcta imputación da axuda ao presente club. |
| 6,7,8,13 | UNIÓN FENOSA | 450.,70 | 0,00 | Trátase do recibo eléctrico correspondente a un inmoble arrendado pola A.D. Ourense, sen que consten as razóns polas que proceda a súa imputación ao Club Santiago Apóstol. Unha das facturas- NRP 8- comprende gasto correspondente a 2004. |
| 9,10 | FARMACIA | 12,87 | 6,41 | O NRP 10 corresponde a gasto efectuado en 2004, incumprindo o principio de anualidade. |
| 11,14 | ÁREA DE SERVIZO SERRANO Y PIZZERÍA ROMÁNTICA | 85,05 | 0,00 | O NRP 11 non contén descrición nin motivo do gasto nin numeración. O NRP 14 recolle 3 ceas correspondentes ao 27 de agosto de 2005, descoñecéndose os comensais, o motivo do gasto realizado e a súa relación coa actividade subvencionada. |
| 15 | AUTOS ALFER,S.A. | 508,25 | 0.00 | 315,65 euros corresponden a un servizo de autocar, debendo achegarse polo club a proba do pagamento material para a súa aceptación; 192,60 euros corresponden a unha comida realizada na Coruña, sen que conste o seu provedor nin que a empresa de autocares actúe en nome propio fronte ao club. |
| 16 | AUTOS ALFER,S.A | 9.705,70 | 0,00 | 5.831.50 euros corresponden a servizos de autocar, debendo achegarse polo club a proba do pagamento material para a súa aceptación; 3.874,20 euros corresponden a aloxamento e manutención sen que conste o provedor nin que Autos Alfer, S.A. actúe en nome propio fronte ao club. Esta empresa posúe o mesmo domicilio que Bule Bule, coa cal, a teor da denominación do club, podería existir unha relación de patrocinio. |
| 17 | PRESIDENTE DO CLUB SANTIAGO | 837.20 | 0,00 | Medias axudas de custo e quilometraxes por desprazamento de Ourense a Verín para adestramentos coa escola de hóckey, durante 14 días do mes de |

| Número (s) de orde da relación preceptores (NRP) | Perceptor | Importe xustificado polo club (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentario |
|---|---|---|---|---|
| | APÓSTOL | | | xaneiro de 2005. Non se achega proba ningunha nin se determinan os días do desprazamento, nin facturas relativas á de manutención, pola que pasa unha cantidade fixa de 36 euros. |
| 18 | XOGADOR | 432,00 | 0,00 | 12 medias axudas de custo por asistencia a adestramentos coa escola de hóckey sen que se concreten días nin se acheguen facturas de gasto. |
| **TOTAL** | | **18.766,98** | **6,41** | |

A subvención concedida debe ser obxecto de revisión, o que requirirá a esixencia dunha conta xustificativa, a comprobación da realidade dos pagamentos efectuados e da legalidade dos soportes que os amparan. De non se acreditar debidamente pola entidade os anteriores extremos, procederase á esixencia do reintegro dos fondos percibidos indebidamente xunto cos intereses legalmente esixibles, sen prexuízo de instar do oportuno procedemento sancionador.

### Asociación Deportiva Ourense Hóckey Club -Ourense Bule Bule- (20.347,20 euros)

O club remite unha primeira xustificación por importe global de 20.348,60 euros, que non é aceptada pola dirección xeral na contía de 10.150 euros. Os xustificantes devoltos consisten en meras follas de liquidación a tanto alzado de axudas de custo e locomoción de carácter mensual e fixo, sen proba de pagamento e analizadas como segue:

| Perceptor | Importe (euros) | Comentarios |
|---|---|---|
| Xogadora 1 | 500 | Axudas de custo de manutención mensuais fixas de 100 euros, sen documentación xustificativa |
| Xogadora 2 | 700 | Axudas de custo de manutención mensuais fixas de 100 euros, sen documentación xustificativa |
| Xogadora 3 | 1.500 | 900 corresponden a manutención e desprazamentos sen xustificación; 600 refírense a gastos de avión sen que se achegue billete ou xustificación ningunha |
| Xogadora 4 | 500 | Axudas de custo de manutención por 300 euros e de desprazamento por 200 correspondentes a xaneiro, sen xustificar. |
| Xogadora 5 | 2.450 | Secretaria do Club Santiago Apóstol; axudas de custo e locomoción mensuais fixas de 350 euros sen xustificación |
| Adestrador | 4.200 | Presidente do Club Santiago Apóstol; axudas de custo e locomoción mensuais fixas de 600 euros sen xustificación |
| Dtor.técnico | 300 | Axudas de custo de manutención correspondentes a 30 días, sen xustificación |
| **TOTAL** | **10.150** | |

Posteriormente envíase unha nova xustificación, substituíndo a documentación mencionada pola que se indica a continuación:

| Perceptor | Importe (euros) | Comentarios |
|---|---|---|
| Xogadora 1 | 537,14 | En concepto de adestradora, desprazamento a Madrid con motivo dun curso de planificación para detección de talentos. Consta unha folla de liquidación comprensiva de quilometraxe e axudas de custo completas sen xustificación ningunha de desprazamento, estanza, aloxamento. Non consta o pagamento á interesada. |
| Xogadora 2 | 709,18 | En concepto de adestradora, desprazamento a Barcelona con motivo dun curso de planificación de escolas de hóckey. Consta unha folla de liquidación comprensiva de quilometraxe e axudas de custo completas sen xustificación ningunha de desprazamento, estanza, aloxamento. Non consta o pagamento á interesada. |
| Xogadora 3 | 1.577,92 | En concepto de adestradora, asistencia aos cursos anteriormente mencionados en Madrid e Barcelona, e adicionalmente, a outro celebrado en Gijón. Idénticas carencias de documentación xustificativa. |
| Xogadora 4 | 537,14 | En concepto de adestradora, desprazamento a Madrid con motivo dun curso de planificación para detección de talentos. Consta unha folla de liquidación comprensiva de quilometraxe e axudas de custo completas sen xustificación ningunha de desprazamento, estanza, aloxamento. Non consta o pagamento á interesada. |
| Xogadora 5 | 1.695,24 | Secretaria do Club Santiago Apóstol; figuran 10 follas de quilometraxe de cantidade variable, aínda que 6 de idéntica contía, representativos de desprazamentos efectuados dende Madrid a distintas localidades con motivo da celebración de encontros deportivos nos meses de febreiro a abril. Achégase unha certificación subscrita pola Presidenta do Club, manifestando que a interesada cursa estudos de doutorado na anterior cidade. Non se achega documentación xustificativa válida dos desprazamentos. |
| Adestrador | 5.420 | Presidente do Club apóstolo; axudas de custo e locomoción mensuais por contías variables sen xustificación ningunha. |
| Dtor.técnico | 300 | Axudas de custo de manutención correspondentes a 4 días, sen xustificación. Achégase a copia cheque nominativo, subscrito polo presidente do Club Santiago Apóstol. |
| **TOTAL** | **10.776,62** | |

A anterior contía carece de xustificación válida, pese ao cal foi obxecto de aceptación pola dirección xeral, sen que conste a interposición de reparo pola Intervención. Con respecto aos restantes gastos que integraban xa a primeira relación remitida polo club detállase o que segue:

| Número (s) de orde da relación preceptores (NRP) definitiva | Perceptor | Importe xustificado polo club (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentario |
|---|---|---|---|---|
| 24 | FEDERACIÓN GALLEGA DE HÓCKEY | 6.513,25 | 0,00 | Preséntase un detalle de fichas e inscricións coa descrición "*recibo de pagamentos*" sen que conste a proba do pagamento material nin o responsable da Federación que o subscribe. A Federación non fai constar estes ingresos na súa conta liquidativa. |
| 25 a 29 | MOVISTAR-TELEFÓNICA | 1.150,22 | 0,00 | De acordo coa descrición das facturas, abóase o contrato "*módulo en familia*", ao que se atopan adscritos 4 teléfonos sen que, a teor das continxencias xa indicadas, poida determinarse qué parte concreta do gasto corresponde a cada club e se atopa en relación directa coa actividade subvencionada. |
| 30 a 33 | WANADOO | 78,21 | 0,00 | Trátase dun gasto xeral para o que, a teor das circunstancias expresadas, debe acreditarse a relación co club e a actividade subvencionada. |
| 34,35 | FARMACIA | 46,15 | 46,15 | |
| 37 a 40, 42 | INMOBILIARIA | 1409,38 | 0,00 | Incorpóranse recibís dunha axencia inmobiliaria polo aluguer dun inmoble arrendado á A.D. Ourense cuxa factura de electricidade se aplica ao Club Apóstolo. De constituír residencia de xogadores dun ou outro club, debe acreditarse este extremo para a súa axeitada imputación, así como o pagamento efectivo. Figura a copia dun cheque ao portador subscrito polo presidente do Club Santiago Apóstol, club distinto ao que nos ocupa, que non constitúe proba suficiente de pagamento ao non constar o seu perceptor final nin a súa imputación a contas bancarias. |
| 41 | GASTOS DE PROCURADORA-TRIBUNAIS | 501,39 | 0,00 | Non son subvencionables os gastos de procedementos xudiciais (artigo 31.7.c) LXS). Trátase dun *recibí* ao que acompaña un cheque ao portador conformado polo presidente do Club Santiago Apóstol, que ademais non constitúe proba de pagamento. |
| **TOTAL** | | **9.698,60** | **46,15** | |

Do importe total de 20.475,22 euros presentados como xustificación polo club, unicamente se achan debidamente acreditados gastos por importe de 46,14 euros. Non obstante, de emendar as deficiencias expresadas, poderían validarse nalgún caso os gastos efectuados, sempre que se achegue a oportuna conta xustificativa e a proba dos pagamentos realizados.

### Asociación Club Hóckey Pavellón (8.684,82 euros)

O club achega coa solicitude un presuposto de 24.301,29 euros cuxo detalle de ingresos contempla unicamente financiamento público (Xunta e Concello de Ourense) e unha pequena partida procedente da Federación española de Hóckey. Coa xustificación remitida declara percibir da entidade local a contía de 14.424,29 euros. Non obstante, e debido ás limitacións xa expostas, descoñécese a natureza, contía e aplicación dos fondos obtidos e aplicados pola entidade.

Con respecto á xustificación presentada, a Dirección Xeral devolveu unicamente un *recibí* de 340 euros, por non constituír factura normalizada, comprensivo do pagamento de dereitos arbitrais á FG de Hóckey. Na remisión deste escrito detéctase novamente a concesión dun prazo indeterminado, distinto do outorgado aos restantes clubs. Detectáronse as seguinte incidencias:

| Número (s) de orde da relación preceptores (NRP) definitiva | Perceptor | Importe xustificado polo club (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentario |
|---|---|---|---|---|
| 1 | RESTAURANTE VARADERO | 220,00 | 0,00 | Achégase unha factura que non contén mención á data das operacións (6. 1 b) e i) do RD 1496/2003, do 28 de novembro) motivo concreto do gasto nin proba de pagamento. |
| 2 | FEDERACIÓN GALLEGA DE HÓCKEY | 5.965,60 | 0,00 | Preséntase un detalle de fichas e inscricións coa descrición "*recibo de pagamentos*" sen que conste a proba do pagamento material nin o responsable da Federación que o subscribe. A Federación non fai constar estes ingresos na súa conta liquidativa. |
| 3 | RANJITS SPORTS | 2.425,00 | 0,00 | Achégase unha factura que contén descrición xenérica (complementos deportivos), ignorándose a natureza concreta dos bens adquiridos. Non se achega proba de pagamento. |
| 4 E 5 | VODAFONE | 74,78 | 74,78 | Trátase dun gasto de carácter xeral para o que debe acreditarse de forma indubidable a relación directa coa actividade subvencionada, o desenvolvemento de actividades deportivas. Non resulta posible determinar este último extremo nin así mesmo pode rexeitarse de plano, toda vez que as bases de convocatoria non especifican concretamente a concreta natureza do gasto subvencionable. Ao non resultar significativa a súa contía, optouse pola súa aceptación para os efectos de xustificación. |
| **TOTAL** | | **8.685,38** | **74,78** | |

## Club Instituto Rosalía de Castro (37.910 euros)

Ademais da axuda da DXD, este club declara obter, como consecuencia de sendos convenios co Concello de Santiago e Deputación da Coruña, as contías respectivas de 150.000 e 25.000 euros no exercicio 2005. Descoñécese a totalidade dos ingresos propios e os obtidos de entidades de carácter privado, así como a súa aplicación.

Como xustificación da axuda outorgada o club achega 23 facturas de axencias de viaxes, 22 destas corresponden á empresa *VIAJES SANT YAGO, S.A* (NRP 1 a 22) e a restante (NRP 23), que foi obxecto de devolución pola DXD e nova remisión polo club, expediuse por *VIAJES PEILLET, S.L*. Observáronse as seguintes incidencias:

- A factura correspondente ao NRP 1 refire uns *gastos extras de hotel* cuxo obxecto e destino non se concreta, polo que non resulta posible determinar a súa relación coa natureza da actividade subvencionada.

- As facturas correspondentes aos NRP 2 e 3 son idénticas, constituíndo unha duplicación.

- As anteriores facturas e as correspondentes aos NRP 4, 5 ,6, 7, 8, 10, 11, 13, 14, 15, 17, 18, 20, 21 e 22 refírense a gastos de desprazamentos aéreos, aluguer de vehículos sen condutor e aloxamentos en hoteis facturados por *VIAJES SANT YAGO,* sen que se concreten de forma individual os usuarios finais dos servizos. Esta sociedade actúa en nome e por conta dos provedores dos servizos, isto é, as compañías aéreas, hoteleiras e de aluguer de vehículos. Se ben estas facturas son expedidas en concepto de *suplido* pola axencia intermediaria do provedor, recae non obstante neste último o cumprimento da obriga de documentar a operación para os efectos de IVE. Desta forma, a repercusión do IVE e a súa documentación en factura debe ser efectuada polas empresas provedoras (hoteis, etc) e remitida aos clientes finais (Club Instituto Rosalía de Castro), constituíndo esta a xustificación válida das operacións e non a achegada polo club. O total das anteriores facturas importa 24.914,25 euros.

- As facturas relativas aos NRP 9, 12, 16 e 19, cuxo importe total ascende a 932,80 euros, corresponden á adquisición de billetes aéreos e son emitidas ao amparo de DA 4ª RD 1496/2003, polo que constitúen soporte xustificativo válido, sen prexuízo de que non se acheguen os billetes expedidos e do que se indica a continuación.

- A totalidade das facturas relativas aos NRP 1 a 22, cuxa contía global ascende a 25.847,05 euros, figura coa denominación "pendente de cobramento". En ausencia de previsión contraria nas bases, como é o caso que nos ocupa, só pode considerarse *gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao fin do período de xustificación* (artigo 37.1 LXS ), polo que, en ausencia da xustificación do pagamento, non pode aceptarse como xustificación ningún dos documentos achegados.

- A factura correspondente ao NRP 23, emitida o 26 de outubro de 2005 por importe de 13.910 euros, contiña inicialmente a descrición *desprazamentos equipo LEB-2 e categorías base*, sendo rexeitada pola DXD ao carecer do detalle das viaxes efectuadas e as súas respectivas datas de realización. Posteriormente o club remitiu o mesmo soporte material que lle fora obxecto devolto, que nesta ocasión contiña sobrescribidas 8 localidades e as súas correlativas datas. A modificación operada na factura incumpre o réxime establecido no artigo 13 do RD 1496/2003, polo que non resulta xustificación suficiente, sen que ademais se achegara proba do seu pagamento. Por outra parte, pese figurar expedida a finais de outubro, inclúe desprazamentos -sen detalle do seu custo unitario- efectuados nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril, o que infrinxe o prazo de expedición que preceptúa o artigo 9.1 do anterior regulamento.

De non se emendar as anteriores deficiencias no procedemento que se incoe, e sen prexuízo da achega de conta xustificativa adaptada á LXS, procederase á esixencia da totalidade da axuda outorgada.

**Club Atletismo Ría de Ferrol (13.668 euros)**

O presuposto de ingresos do club elévase a 127.000 euros, onde figuran previsións de obtención de axudas procedentes do Concello de Ferrol (90.000 euros, o que supón o 71% do presuposto), Xunta de Galicia (9.000 euros, 7%) e Deputación Provincial de A Coruña (3.000 euros, 2%) entre outras achegadas pola Federación Española de Atletismo e entidades colaboradoras privadas. Non obstante, nin na declaración responsable de *axudas solicitadas e concedidas* achegada coa instancia nin na subscrita o 28 de outubro de 2005 que acompañaba á remisión da documentación xustificativa se manifesta percibir outras axudas de carácter público para o mesmo proxecto de actividade.

A resposta á circularización efectuada á Deputación de A Coruña confirmou a concesión ao *Club Atletismo Ría de Ferrol*, por medio de resolución do 27 de outubro de 2005, dunha *subvención para a actividade xeral* por importe de 11.966,98 euros, sen que achegase maior concreción. Esta incidencia e as que puidesen derivarse da obtención doutras axudas, públicas e privadas, deberá ser obxecto de comprobación pola DXD ao obxecto de determinar o posible incumprimento por parte do beneficiario das obrigas preceptuadas no artigo 10º da orde de convocatoria, así como o de verificar a axeitada obtención e aplicación dos fondos.

No expediente de xustificación figuran 11 facturas, ascendendo o seu importe global a 18.498,43 euros. Detectáronse as seguintes incidencias:

- As facturas relativas aos NRP 3 e 5, expedidas por *Autos Paco,* elévanse conxuntamente a 1.663,85 euros e comprenden a utilización de servizos de autocar para o desprazamento a competicións. Non obstante, non existe acreditación do seu pagamento, o que resulta preciso para a súa aceptación como xustificación válida.

- As facturas relativas aos NRP 1, 7, 8 e 10 ascenden globalmente a 6.678,14 euros e comprenden, ao amparo da D. A. 4ª RD 1496/2003, a adquisición de billetes aéreos. Non obstante, non se achega como proba os referidos billetes nin a acreditación do seu pagamento. Tampouco se detalla -salvo na primeira factura- o número dos adquiridos nin os usuarios que efectúan o desprazamento.

- As facturas a que se refiren os NRP 2, 4, 6, 9 e 11, o importe da cal totaliza 10.156,44 euros,

expídense en nome e por conta de diversos provedores de servizos (hoteis, compañías de ferrocarril e transporte aéreo) e non conteñen acreditación do pagamento do seu importe, dándose por reproducido o expresado para estas facturacións na análise do Club Instituto Rosalía de Castro.

### *Leis 26 Pontevedra Fútbol Sala (20.935 euros)*

O presuposto de ingresos do club elévase 259.600 euros, onde se figuran previsións de obtención de axudas procedentes das Administracións Públicas por 50.000 euros, correspondendo a parte restante a patrocinadores (120.000 euros), publicidade estática (53.500) e ingresos propios. Nas declaracións responsables de *axudas solicitadas e concedidas* achegadas coa instancia e no trámite de xustificación manifesta solicitar axudas ao Instituto Municipal de Deportes (Concello Pontevedra) e á Deputación Provincial de Pontevedra, sen que se estableza contía ningunha.

A resposta á circularización efectuada á Deputación Provincial non achegou o detalle sobre as datas dos acordos de concesión e o período temporal ao que referían as axudas, non obstante, consignou, con cargo ao *programa de axuda ao deporte federado* (capítulo IV) 25.000 euros a favor do club con cargo a partidas orzamentarias de 2005, e así mesmo 40.000 euros imputados ás do exercicio 2006. En relación coas axudas de capital, figuraba unha axuda para a compra de *porterías* de 1.195 euros. Estas axudas e as obtidas do Instituto Municipal de Deportes, que non foron obxecto de comunicación á DXD, deberán ser obxecto de comprobación xunto coa axeitada conta xustificativa adaptada á LXS. Apreciáronse as seguintes incidencias na xustificación achegada:

| Número (s) de orde da relación preceptores (NRP) definitiva | Perceptor | Importe xustificado polo club (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentario |
|---|---|---|---|---|
| 1 | REHAB DIRECT, S.L. | 768,96 | 0,00 | A factura detalla a adquisición de produtos de medicina deportiva, achándose dentro do obxecto da actividade subvencionada, pero debe achegarse a proba material do seu pagamento con anterioridade ao fin do período de xustificación. |
| 2 a 17; 23 | AUTOCARES RÍAS BAIXAS, S.L. | 10.670,35 | 0,00 | A factura detalla os servizos de autocar prestados, presumiblemente, para o desprazamento ás competicións, non obstante debe achegarse a proba material do seu pagamento con anterioridade ao fin do período de xustificación. |
| 18 a 21 | LIGA NACIONAL DE FÚTBOL SALA | 7.878,72 | 0,00 | Cotas percibidas polos servizos de arbitraxe; debe achegarse a proba material do seu pagamento con anterioridade ao fin do período de xustificación. |
| 22 | CASA JUANITO | 2.182,59 | 0,00 | Servizos de aloxamento e restauración relacionados presumiblemente coa participación en competicións, debendo achegarse a proba do seu pagamento con anterioridade ao fin do período de xustificación. |
| **TOTAL** | | 21.500,62 | 0,00 | |

O 10 de novembro de 2005 requiriuse ao club para a subsanación dos erros relativos á xustificación, solicitando así mesmo a achega da memoria da actividade realizada. Non existe constancia documental no expediente da data de presentación da documentación remitida polo club nin figura tampouco a anterior memoria requirida.

### *Ourense Fútbol Sala (20.000 euros)*

O club presenta un presuposto inicial para o exercicio 2004/2005 de 312.767,00 euros, deixando constancia na documentación presentada que as achegas da Xunta de Galicia, Deputación Provincial e Concello de Ourense supoñen respectivamente, o 6,34 e 32% do total dos ingresos, correspondendo a parte restante a ingresos propios e os obtidos de patrocinadores privados. Na declaración de axudas solicitadas e concedidas polos entes públicos consignaron a achega de 108.000 e 93.156 euros por parte da Deputación e Concello de Ourense. A circularización efectuada ao ente provincial confirmou a contía indicada.

Non se dispón de conta xustificativa final, non obstante, a previsión do peche contable da tempada 2004/2005 subscrita polo presidente e vicepresidente económico a 6 de xuño de 2005 estima un beneficio da actividade de 43.119,77 euros a 30 de xuño de 2005. De producirse este superávit a axuda outorgada vulneraría o artigo 19.3 LXS cando preceptúa que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. Este feito deberá ser verificado pola DXD mediante o requirimento ao club das contas anuais debidamente aprobadas e demais documentación que se considere procedente.

Como xustificación das axudas outorgadas achegáronse facturas por importe similar á axuda concedida, correspondendo o 70% do seu importe, cuxo pagamento material non se acreditou, aos seguintes provedores de bens e servizos:

- *Autos González, S.L.*, dedicada ao transporte por estrada, que na web oficial do club figura como empresa colaboradora do club xunto a outros patrocinadores públicos e privados, descoñecéndose os termos concretos da súa colaboración.

- *Nito Publicidad*, que a título de empresario individual subministrou material deportivo ao club. A persoa física responsable da anterior marca figura na documentación achegada polo club como 2º responsable técnico do primeiro equipo na tempada 2004/2005. Na web oficial do club consultada ao tempo de efectuar as actuacións (1er trimestre 2008) figuraba como adestrador.

Detectáronse as seguintes incidencias:

| Número (s) de orde da relación preceptores (NRP) definitiva | Preceptor | Importe xustificado polo club (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentario |
|---|---|---|---|---|
| 1 A 17 | AUTOS GONZÁLEZ,S.L. | 9.030,80 | 0 | Esta empresa figura como colaborador do club, xunto a outros patrocinadores públicos e privados.<br>Nas facturas non consta o motivo concreto do desprazamento nin do equipo, se é o caso, que se despraza. Non existe evidencia material do pagamento de ningunha das facturas presentadas. Debe xustificarse mediante a achega dos cheques ou transferencias e os oportunos cargos en conta corrente. De efectuar o pagamento dalgunha destas ao contado, deberán achegarse os libros diario, maior e as contas anuais debidamente aprobadas e certificadas. |
| 18,19 | LIGA NACIONAL DE FÚTBOL SALA | 4.924,20 | 0 | Debe achegarse a evidencia material de pagamento. |
| 20 | VIAJES COMPOSTELA | 2.042,06 | 0 | Debe achegarse a evidencia material de pagamento. A factura contén 4 conceptos:<br>1) 373,93 euros relativos a gastos, intereses, timbres... relativos á liquidación dunha obriga de pagamento de vencemento a 184 días que se refire a un gasto correspondente ao exercicio 2004, cuxa natureza se descoñece. Non serve para os efectos de xustificación.<br>2) 12,84 euros; facturación dunha persoa a maiores por comida en Lugo o 9 de xaneiro 2005. Ignórase a súa vinculación coa axuda sufragada.<br>3) e 4) 1.655,29 euros; Estanza en pensión completa en Hotel Galaico de Collado-Villalba e comidas varias en data posterior: non existe constancia de que a axencia actúe en nome e por conta propia na prestación dos devanditos servizos, debendo acreditarse a realización dos devanditos servizos mediante a factura emitida polos seus provedores efectivos. |
| 21 A 24 | NITO PUBLICIDADE | 6.906,48 | 0 | O titular da empresa, empresario individual, figura vinculado ao club. Debe acreditarse a evidencia material do pagamento destas facturacións. |
| **TOTAL** | | **22.903,54** | **0,00** | |

## Pontevedra Club de Fútbol (10.040 euros)

O club presenta un presuposto inicial con superávit, por canto os ingresos previstos, que ascenden a 2.315.654,69 euros, entre os que se inclúen 345.987 procedentes de subvencións públicas, superan aos gastos previstos, que se elevaban a 2.303.169,69 euros. De producirse este superávit na liquidación do presuposto, o que se descoñece, posto que non é obxecto de petición pola DXD a conta xustificativa, non procedería, polo importe excedentario, o outorgamento de axudas públicas.

Tanto na declaración de axudas solicitadas e percibidas que se achega coa solicitude coma na que acompaña á xustificación -subscrita o 29 de setembro de 2005-, o club fai constar que non se solicitou nin concedeu ningunha axuda para o mesmo proxecto. Non obstante, a Deputación Provincial de Pontevedra comunicou a concesión de subvencións para a actividade federada por importe de 58.500 e 50.000 euros, respectivamente, con cargo aos presupostos corporativos de

2005 e 2006, sen que detallase os exercicios concretos que financian destas. Revisadas no Boletín Oficial da Provincia as bases de convocatoria correspondentes a estas axudas non se obtivo confirmación das anualidades que se financiaban. Antes ben, as axudas outorgábanse pola participación dos clubs nas competicións das tempadas 2004-2005 e 2005-2006, polo que ambas as dúas poderían financiar gastos efectuados no exercicio 2005. Así mesmo, con cargo ao exercicio 2005 a entidade provincial subscribiu un convenio co Pontevedra C.F. polo que se concederon 180.000 euros. Estes feitos, toda vez que se verificou que o prazo de presentación de solicitudes ante a Deputación finalizaba o 15 de xuño de 2005 para as axudas do devandito exercicio, supoñen o incumprimento do artigo 10º b) da Orde de convocatoria, o que o correlativo 79.Uno 2.a) TRLRFP tipifica como infracción grave.

Como xustificación final achegáronse 3 facturacións correctamente detalladas, expedidas por *Transfer competición, S.L.*, relativas á adquisición de material deportivo, cuxo importe acumulado se eleva 11.941,39 euros. Non obstante, non se achegou a proba material do seu pagamento, polo que este feito e os anteriormente mencionados deberán ser obxecto de comprobación, procedendo, se é o caso, á práctica do reintegro das cantidades procedentes, sen prexuízo, da interposición das oportunas sancións.

**Club Balonmán Cangas Frigoríficos Morrazo (72.885 euros)**

Como se indicou anteriormente, non existe constancia documental da achega do certificado de inexistencia de débedas coa Facenda autonómica, pese ao cal a entidade resultou beneficiaria das axudas.

O club presenta un presuposto inicial de 697.000 euros, que contén a previsión de recadar 180.000 euros con cargo a subvencións oficiais (Xunta de Galicia e o Concello de Cangas), correspondendo a contía restante a ingresos derivados de *actividades* propias, taquillaxe e cotas de asociados (160.000 euros), os de carácter publicitario (70.000 euros) e os outorgados pola liga ASOBAL (70.000 euros), os procedentes da retransmisión de eventos pola TVG (20.000 euros) e os de patrocinadoras (230.000 euros).

Nas declaracións de axudas solicitadas e percibidas das Administracións Públicas que se achegan coa solicitude e no trámite de xustificación da axuda, subscritas respectivamente o 1 de xuño e o 10 de outubro de 2005, o club fai constar que non solicitou nin se lle concederon axudas. A Deputación Provincial comunicou a concesión de subvencións con cargo aos presupostos de 2005 e 2006 polos respectivos importes de 62.000 e 90.000 euros para o exercicio da actividade

federada, así como 1.097 euros con cargo ao capítulo VII do Presuposto de 2005 para a adquisición de conos, balóns medicinais e colchonetas, entre outros. Polo tanto, dáse por reproducido o expresado na análise do expediente correspondente ao ***Pontevedra Club de Fútbol.*** Carecendo de conta xustificativa e de información relativa aos recursos definitivamente obtidos pola entidade fiscalizada, non procede emitir opinión en relación coa existencia de supostos de acumulación de subvencións.

A totalidade das facturas que figuran no expediente son copias compulsadas, sen que a Dirección Xeral establecera un sistema de estampillado da documentación orixinal, polo que non queda garantido que os mesmos soportes serviran para a xustificación doutras axudas outorgadas con cargo ás Administracións Públicas. Observáronse as seguintes incidencias na xustificación presentada:

| Número de orde relación perceptores NRP | Perceptor | Importe (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentarios |
|---|---|---|---|---|
| 1 a 8 | ASICS LEADER, S.L. | 12.456,90 | 0 | As dúas primeiras facturas son copias, mencionándose o extravío da orixinal. Da documentación obrante no expediente dedúcese que a sociedade sponsoriza ao club, debendo achegarse no procedemento que se incoe a proba material do pagamento destas facturas para a súa consideración como xustificantes válidos. |
| 9 | LA REGIONAL VSA | 1.082,84 | 0 | Debe achegarse a proba material do pagamento da factura. Se se efectuou ao contado, soporte contable do asento efectuado no libro diario, maior da conta representativa da saída de fondos e balance oficialmente aprobado. |
| 10 | HOTEL ERDELAND | 240,00 | 0 | Non consta detalle ou mención ao IVE; non consta evidencia material do pagamento. |
| 11 | HOTEL CAMIÑO REAL | 385,20 | 0 | Debe achegarse a proba material do pagamento da factura. |
| 12 | BODEGA LOS TARANTOS | 1.010,08 | 0 | Trátase dunha factura de restaurante, sen que se identifiquen os comensais, cuxo número (30) excede notoriamente ao dos deportistas comunmente desprazados aos partidos de competición. Así mesmo, a teor do prezo individual do cuberto, así como da descrición dos produtos adicionalmente facturados, non existe evidencia de que o gasto efectuado se axuste ao obxecto e natureza da subvención concedida. |
| 13 | HOTEL GRANOLLERS | 856,00 | 0 | A factura carece de numeración, a factura carece de proba material de pagamento e a data consignada (16 e 17 de marzo de 2005) non coincide coa que figura no detalle de desprazamentos consignado na solicitude (12 de marzo de 2005). |
| 14 | HOTEL GRANOLLERS | 978,52 | 0 | Debe achegarse a proba material do pagamento da factura. |
| 15 | HOTEL JUAN DE AUSTRIA | 1.070,54 | 0 | Debe achegarse a proba material do pagamento da factura. |
| 16 | HOTEL ARRATE | 1.088,19 | 0 | Falta o detalle do número de cuartos sufragados e os seus ocupantes.Debe achegarse a proba material do pagamento da factura. Se se efectuou ao contado, soporte contable do asento efectuado no libro diario, maior da conta representativa da saída de fondos e balance oficialmente aprobado. |
| 17 | HOTEL TRYP URDANIBIA | 1.354,62 | 0 | Falta o detalle do número de cuartos sufragados e os seus ocupantes. Debe achegarse a proba material do pagamento da factura. |
| 18 | HALCÓN VIAJES | 6.580,00 | 0 | A relación de perceptores menciona a realización dunha viaxe para a celebración dun Torneo en Téramo (Italia). A única descrición da factura é "Viaxe de competición a Roma". Non existe detalle dos gastos efectuados, os beneficiarios do desprazamento nin proba ningunha deste. Non se achega evidencia do pagamento material. |
| 19,20,21 | AUTOBUSES CERQUEIRO, S.L. | 870,00 | 0 | Debe achegarse motivo do desprazamento e evidencia material do pagamento. |

| Número de orde relación perceptores NRP | Perceptor | Importe (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentarios |
|---|---|---|---|---|
| 22 | HEREDEROS J.POUSADA, S.L. | 240,86 | 0 | A descrición da relación de perceptores corresponde a compras de material sala de prensa, autoridades,... A factura detalla a adquisición de bebidas refrescantes, non obstante, non está acreditado o seu destino, podendo dispoñer o club de establecemento ou cantina que subministre os devanditos produtos durante os partidos. Nun ou outro suposto, non existe evidencia de que o gasto efectuado se axuste ao obxecto e natureza da subvención concedida. |
| 23 | REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE BALONMANO | 15.220,00 | 0 | A xustificación consiste nunha certificación do abono dun fondo arbitral por 8 e 3 encontros correspondentes ás tempadas 04/05 e 05/06. Resulta preciso achegar as facturas normalizadas correspondentes con detalle das datas dos partidos e a evidencia material do pagamento. |
| 24 | REDONTUR,S.L. | 1.068,88 | 0 | A factura describe :1) Un paquete turístico a Túnez, 15 días, con detalle de cuarto dobre en réxime de media pendión 2) os billetes de avión do presidente do club e o seu acompañante co desprazamento Vigo-Madrid, o 23 de xaneiro de 2005 e Madrid-Vigo, o 7 de febreiro de 2005. A relación de perceptores menciona un desprazamento ao Mundial de Túnez.<br>A natureza deste gasto carece EN ABSOLUTO de relación coas actividades obxecto de subvención. |
| 26 | REDONTUR,S.L. | 50,00 | 0 | A factura describe o aloxamento en cuarto dobre no Sercotel Auditorium, a data (6 a 7 de febreiro de 2005) da cal permite establecer a súa conexión co NRP 24.<br>A factura contén a mención de acharse emitida ao amparo de DÁA 4ª do RD 1496/2003. Non obstante, a referida disposición refírese exclusivamente á facturación, mediante sistema taxado na norma, de billetes aéreos. |
| 25 | REDONTUR,S.L. | 2.263,04 | 0 | Facturación de billetes de avión de ida e volta para desprazamentos a competicións. Previsiblemente vinculado co NRP 13, deben esixírselle idénticos requisitos para a súa aceptación. |
| 27 | REDONTUR,S.L. | 370,00 | 0 | Aluguer de vehículos vinculado cos NRP 13 e 25.<br>A factura contén a mención de acharse emitida ao amparo de DÁA 4ª do RD 1496/2003. Non obstante, a dita disposición refírese exclusivamente á facturación, mediante o sistema BSP-IATA, de billetes aéreos. Non existe constancia do provedor que presta o servizo de aluguer. |
| 28 | REDONTUR,S.L. | 390,00 | 0 | A factura menciona o aloxamento de dúas persoas en cuarto dobre no Hotel Atenea de Barcelona entre os días 3 e 9 de abril de 2005. A relación de perceptores menciona o motivo de "desprazamentos de equipo liga asobal".<br>Ignórase a natureza e beneficiarios deste gasto, non obstante carece de relación coas actividades obxecto de subvención. |
| 29 | REDONTUR,S.L. | 4.010,64 | 0 | A factura, que contén a mención de acharse emitida ao amparo de DÁA 4 ªdo Regulamento citado, detalla os conceptos de hotel, aluguer de vehículos e transporte aéreo, podendo acollerse unicamente ao citado réxime o último dos servizos citados.<br>Non existindo constancia de que a axencia de viaxes actúa en nome e por conta propia fronte ao club, debe achegarse factura dos provedores de servizos de hotel e aluguer de vehículos, ademais da evidencia material do pagamento con anterioridade ao fin do período de xustificación. |
| 30, 31, 32,33 | REDONTUR,S.L. | 1.461,42 | 0 | A relación de perceptores menciona a viaxe de xogadores e desprazamento liga, sen que conste a causa dos desprazamentos. Os NRP 31 e 32 figuran pendentes de pagamento na propia factura.<br>Deberán acreditarse os motivos dos desprazamentos así como a evidencia material do seu pagamento polo club con anterioridade á fin do período de xustificación. |

| Número de orde relación perceptores NRP | Perceptor | Importe (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentarios |
|---|---|---|---|---|
| 34 a 40 | REDONTUR,S.L. | 10.280,79 | 0 | Debe achegarse a evidencia material do pagamento das referidas facturas.<br>A factura correspondente ao NRP 36 detalla a realización de viaxes aéreas en idéntico día e voo que os recollidos no NRP 35 con respecto aos xogadores *Dimas Carrasco e Víctor García*, constituíndo unha duplicación. Tamén se producen duplicacións, aínda que en distintos voos, nas facturas correspondentes aos NRP 34 e 37 en relación cos xogadores *Venio Loser e Marc Amargan*. Resulta cuestionable a imputación dos sobrecostes producidos ás axudas públicas recibidas.<br>A factura correspondente ao NRP 38 recolle conxuntamente, por importe de 3.810,00 euros, gastos de hotel e billetes aéreos, figura incorrectamente emitida -con respecto ao primeiro concepto- ao amparo de DÁA 4ª anteriormente mencionada e non consta o provedor dos devanditos servizos.<br>A correspondente ao NRP 39 non especifica o motivo do desprazamento do xogador.<br>A factura correspondente ao NRP 40 detalla o billete aéreo satisfeito para o desprazamento do presidente do club á Gala da Liga, cuestionándose a relación directa do gasto coa natureza da subvención. |
| 41 | REDONTUR,S.L. | 1.120,00 | 0 | Unicamente consta a descrición "viaxe a Zaragoza", sen que se concrete a data, o motivo, as persoas desprazadas, os servizos facturados e a empresa(s) provedoras de servizos. A factura, expedida a 1 de outubro, consta pendente de pagamento. |
| 42 | REDONTUR,S.L. | 9.683,55 | 0 | Desprazamento aéreo para competición a Frankfurt efectuado entre os días 4 e 6 de novembro de 2005, isto é, transcorrido o termo máximo (31 de outubro) fixado nas bases da convocatoria. O devandito gasto non ten cobertura con cargo ás axudas. |
| 43 | LIGA ASOBAL | 5.000,00 | 0 | Trátase dun Recibí non válido ao carecer de sinatura. A xustificación válida é a factura orixinal con detalle dos respectivos conceptos e acompañada da proba do seu pagamento. |
| **TOTAL** | | 79.132,07 | 0 | |

## Club Vigo Voleibol -Valery Karpin- (46.305 euros)

O presuposto de ingresos achegado coa solicitude ascende a 236.000 euros, dos cales 124.000 proceden das Administracións Públicas: 41.000 da DXD, 45.000 e 41.000, respectivamente do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra. Estas últimas axudas foron confirmadas polo club con anterioridade ao outorgamento da subvención que nos ocupa. Os restantes ingresos corresponden a patrocinadores privados e ingresos propios.

A Deputación Provincial comunicou a concesión de subvencións con cargo aos Presupostos de 2005 e 2006 por importe respectivo de 42.000 e 40.000 euros. Como queira que as devanditas axudas se outorgaban pola participación dos clubs nas competicións das tempadas 2004-2005 e 2005-2006, ambas as dúas poderían financiar gastos correspondentes ao exercicio 2005. O expediente fiscalizado non contén conta xustificativa, liquidación do presuposto nin documentación relativa aos ingresos e gastos obtidos, polo que non resulta posible emitir opinión en relación coa axeitada aplicación dos fondos públicos.

Detectáronse as seguintes incidencias na xustificación presentada:

| Número (s) de orde da relación preceptores (NRP) definitiva | Perceptor | Importe xustificado polo club (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentario |
|---|---|---|---|---|
| 1 | FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE VOLEIBOL | 3.000,00 | 0 | A factura detalla a cota de inscrición na superliga masculina 2005/0, concepto subvencionable, non obstante debe achegarse a proba material do seu pagamento con anterioridade ao fin do período de xustificación. |
| 2 a 13 | REDONTUR, S.L. | 46.270,00 | 0,00 | Preséntanse 12 facturacións numeradas correlativamente ao longo de distintas datas entre o 8 de xaneiro e o 14 de maio de 2005 nas que se describen de forma exigua desprazamentos a distintas localidades:<br>- Menciónase a prestación conxunta de servizos de hotel, coches de aluguer, avión ou autobús sen que conste detalle o prezo individual dos servizos prestados, as persoas desprazadas nin as datas dos desprazamentos.<br>- Non figuran as empresas provedoras dos servizos facturados nin existe constancia de que a axencia de viaxes actúe en nome e por conta propia fronte ao club.<br>- Non se achega evidencia material do pagamento de ningunha das facturas. |
| **TOTAL** | | **49.270,00** | **0,00** | |

## AD Escolar "As Rías"(20.000 euros)

A entidade declara a obtención exclusiva de ingresos con cargo á axuda outorgada pola DXD, presupostando uns gastos de 44.000 euros que se detallan en 5 conceptos: 1) desprazamentos, 15.000; 2) Arbitraxes: 16.000; 3) Control de probas: 3.000 ;4) Aloxamento e Alimentación: 8.000; Adquisición de trofeos e pequeno material: 2.000.

Non obstante o anterior, presentan en prazo unha xustificación inicial de 20.000 euros cuxos conceptos non se axustan aos presupostados, dado que non figura ningún gasto relativo a aloxamento ou manutención e si en conceptos non autorizados, como a adquisición dun ordenador (899 euros). A DXD efectúa un requirimento para a subsanación de deficiencias o 10 de outubro de 2005, sen que se lles concrete o prazo máximo para a remisión da documentación, a diferenza doutros clubs. No expediente figuran os xustificantes corrixidos sen que se acredite a data en que foi presentada a nova documentación. A factura mencionada fora substituída por outra de igual importe, expedida por unha empresa de transportes.

Observáronse as seguintes incidencias:

| Número de orde relación perceptores NRP | Perceptor | Importe (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentarios |
|---|---|---|---|---|
| 5 | MEMBRO A.D. AS RÍAS | 2.413,30 | 0,00 | Figuran 4 *recibís* en concepto de compensación dos gastos ocasionados pola organización de probas e reunións das competicións deportivas en idade escolar. Consta unha relación de días aos que se asocia unha quilometraxe variable e unha dieta de manutención fixa de 15 euros. Non obstante non se indica o medio de desprazamento empregado nin se achega proba dos traslados nin facturación ningunha de manutención. Non consta así mesmo proba do pagamento realizado. Trátase de remuneracións encubertas non suxeitas a tributación. |
| 8 | SECRETARÍA A.D. AS RÍAS | 2.204,72 | 0,00 | |
| 19 | PRESIDENTE A.D. AS RÍAS | 2.325,50 | 0,00 | |
| 22 | MEMBRO A.D. AS RÍAS | 1.358,26 | 0,00 | |
| 1 | COLABORADOR | 214,00 | 0,00 | *Recibí* en concepto de compensación de gastos pola organización dunha competición, sen que se especifiquen os gastos que se compensan nin exista proba do seu pagamento. Non consta suxeición a tributación. |
| 11 | ÁRBITROS | 980,00 | 0,00 | *Recibí* en concepto de compensación de gastos ocasionados por arbitraxes nas distintas competicións, sen que se citen as datas concretas e encontros. Esta factura foi inicialmente facturada por Brétema S.L. e devolta pola DXD por non constituír o documento factura normalizada. Non consta suxeición a tributación nin evidencia de pagamento. |
| 24 | ÁRBITRO | 462,00 | 0,00 | *Recibí* en concepto de compensación por arbitraxes e coordinación das ligas de fútbol sala no Concello de Muros. Non consta suxeición a tributación nin evidencia de pagamento. |
| 27 | COLABORADOR | 50,70 | 0,00 | *Recibí* en concepto de compensación por 2 viaxes, sen proba de realización, data de realización ou pagamento. |
| 21 | C.B. SANTA BAIA | 330,00 | 0 | Non figuran as datas dos servizos prestados, debendo achegarse así mesmo evidencia do pagamento. |
| 23 | A.D. DUBRATAMBRE | 75,60 | 0 | Pagamento pola asistencia desta agrupación á Olimpíada escolar de Silleda, figurando unha quilometraxe en que debe acreditarse, non figurando o vehículo empregado así como o pagamento. Non figura o NIF do perceptor. |
| 26 | ASOCIACIÓN DE ATLETISMO Y DEPORTES DEL BARBANNZA | 760,00 | 0 | *Recibí* en concepto de compensación de gastos polo control e organización da Fase Intercomarcal de campo a través o 14/1/2005. Non se especifican os gastos que se compensan, non se trata dunha factura normalizada nin existe evidencia do pagamento |
| 6 | COLEGIO MANUELA RIAL MOUZO | 250,00 | 0 | *Recibís* asinados por responsables de centros escolares e un club deportivo en concepto de compensación dos gastos ocasionados pola participación do centro nas competicións deportivas en idade escolar. Non se concretan os gastos que son obxecto de compensación,non existe evidencia do pagamento. O NRP 13 atópase asinado por un membro da A.D. "Ás Rías", sen que se concrete a súa relación con CLUB IROITE.<br>Existindo 223 entidades participantes, non se establecen as causas polas que as mesmas non perciben esta natureza de entregas, que poderían constituír unha subvención concedida con cargo ás axudas recibidas ou ben unha contraprestación pola prestación de servizos. |
| 13 | CLUB IROTE | 300,00 | | |
| 15 | CEIP SALUSTIANO REI EIRAS | 250,00 | | |
| 25 | IES CAMPO DE SAN ALBERTO | 300,00 | | |
| 28 | COLEXIO JAIME BALMES | 250,00 | | |
| 12, 16, 18, 20, 30 a 34 | AUTOS DOSIL, S.L; AUTOS OUTEIRAL,S.L; EMPRESA FLORA;AMADEO M.CAAMAÑO AGUIAR E OUTROS, S.L. | 4.494,44 | 0 | Desprazamento de equipos escolares sen que en ningún caso se concreten as datas dos desprazamentos e sen que se achegue a evidencia material do pagamento dos devanditos servizos. |

| Número de orde relación perceptores NRP | Perceptor | Importe (euros) | Importe que constitúe xustificación válida | Comentarios |
|---|---|---|---|---|
| 2,4,7,9 | TELEFÓNICA | 570,31 | 570,31 | |
| 10,14 | DEPORTES CASAIS LADO, S.L.; CANEDA DEPORTES,S.L | 1.333,50 | 0 | NRP 10: falta o detalle e prezo individual dos trofeos, así como a proba material do pagamento; NRP 14: falta a evidencia material do pagamento. |
| 29 | INFORMATICA NOIA,S.C. | 29,00 | 29,00 | |
| 3 | INFORMATICA NOIA,S.C. | 59,00 | 0,00 | A tarxeta de memoria detallada na factura non é un ben consumible, senón un inmobilizado, polo que a súa adquisición non resulta subvencionable. |
| 17 | LIBRERÍA CORREDOIRA | 989,97 | 0 | Entre outros conceptos, detalla a realización de 17.523 fotocopias. Debe proporcionarse a evidencia material do pagamento. |
| **TOTAL** | | **20.000,00** | **599,31** | |

## V.4 Incidencias detectadas na fiscalización das axudas outorgadas ás Sociedades Anónimas Deportivas.

A Lei 10/1990, do 15 de outubro, esixe que os clubs, ou os seus equipos profesionais, que participen en competicións deportivas oficiais de carácter profesional e ámbito estatal adopten a forma de SAD, coas excepcións previstas na propia lei. Estas competicións oficiais constituiranse como ligas profesionais, tendo esta consideración a primeira e segunda división A de fútbol e a liga ACB de baloncesto.

O obxecto social das SAD debe ser a participación en competicións deportivas de carácter profesional e, no seu caso, a promoción e o desenvolvemento de actividades deportivas, así como outras actividades relacionadas ou derivadas da devandita práctica. Unicamente poderán participar en competicións oficiais profesionais dunha soa modalidade deportiva. Por outra banda, calquera club deportivo, ainda que non participe en competicións profesionais, poderá acordar a súa transformación voluntaria en SAD, se ben, só poderán constituírse SAD cando o seu obxecto social principal resulte legalmente posible en España, por existir competición profesional nesa modalidade deportiva.

As axudas concedidas pola DXD ás SAD foron xestionadas de xeito distinto nos exercicios 2004 e 2005. Así, mentres no ano 2004 se materializaron a través da formalización de convenios de colaboración, no ano 2005 concedéronse en réxime de concorrencia competitiva mediante convocatoria pública.

No exercicio 2004, as SAD estaban incluídas inicialmente no proxecto da orde de subvencións a entidades deportivas. Non obstante, a Dirección Xeral de planificación económica e fondos comunitarios emitiu informe no que consideraba axuda de Estado as previstas para estas sociedades, polo que non se podería conceder a axuda ata que se obtivese a autorización expresa ou o silencio positivo da Comisión Europea. No informe indicábase tamén que non se consideran axudas estatais as concedidas a clubs profesionais cando teñan obxecto educativo. Finalmente, na convocatoria das axudas realizada en 2004 non se incluíron as SAD. Non obstante, a principios de novembro dese mesmo ano asinháronse convenios de colaboración coas sete SAD existentes en Galicia. Os beneficiarios e os importes concedidos foron os seguintes:

| SAD | IMPORTE (€) |
|---|---|
| Club baloncesto Breogán | 66.000 |
| Club deportivo Ourense | 50.000 |
| Club Ourense Baloncesto | 46.000 |
| Ponte Ourense Club de Fútbol | 16.000 |
| Racing club de Ferrol | 32.000 |
| Real club Celta de Vigo | 46.000 |
| Real club Deportivo da Coruña | 30.000 |
| **TOTAL** | **286.000** |

Na documentación facilitada non consta a xustificación dos distintos importes concedidos aos clubs, descoñecéndose os criterios de distribución empregados.

O obxecto común a todos os convenios era o de establecer as bases de colaboración entre a Xunta e as SAD para a realización de actividades formativas dirixidas aos mozos. Para iso os beneficiarios comprometíanse a crear e manter escolas deportivas, así como organizar e participar en actividades deportivas que garantan a formación e especialización dos novos deportistas. Deste xeito, o obxecto das axudas (actividade formativa) evitaba, a priori, a súa consideración como axuda estatal.

As SAD debían presentar a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade do convenio antes do 30 de novembro. Con carácter xeral, nesta documentación apréciase, por outra banda, un deficiente contido das memorias que non permite coñecer cáles foron as actividades desenvolvidas e, por outra banda a existencia de facturas xustificativas de gastos non vinculadas de forma directa co obxecto dos convenios. As debilidades apreciadas na xustificación das axudas concedidas en 2004 son coincidentes, en moitos casos, coas que se producen no

exercicio seguinte e que serán obxecto de análise individualizada a continuación.

No ano 2005, dentro dos beneficiarios da orde do 29 de abril de 2005 figuraban nun apartado específico as sociedades anónimas deportivas legalmente constituídas por todos os seus equipos ou clubs, coa salvidade dos que participan en ligas de fútbol profesional.

Segundo a exposición de motivos da orde estas entidades contribúen ao desenvolvemento, promoción e formación deportiva, cumprindo un importante papel na formación educativa entre os mozos nas distintas disciplinas na que desenvolven a súa actividade. Nesta liña, a memoria que acompaña á orde de convocatoria indica que a finalidade perseguida é apoiar ás SAD na súa vertente formativa polo efecto dinamizador que posúen como difusores dos valores propios da identidade rexional e a través de accións encamiñadas a este fin: escolas deportivas, cursos de formación, simposios, clinic, actividades de participación deportiva de novos deportistas, etc. A importancia do obxecto e finalidade destas subvencións radica no feito de que, tal como indica a asesoría xurídica da Xunta no informe sobre as bases da convocatoria e como xa expresara a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios no informe anteriormente citado, "*as axudas destinadas ás SAD constitúen axudas de Estado e, polo tanto, débense tratar de acordo co establecido nos artigos 87 e 88 do Tratado da CE, agás cando teñan un obxecto educativo".* Segundo a letrada *"dunha mera lectura do articulado da orde parece que nos atopariamos ante este suposto".* Este informe unido á documentación antes sinalada indican que a finalidade da subvención é contribuír ao financiamento das actividades formativas e de promoción do deporte. Noutro caso, non tería sentido a fixación dun apartado específico na orde para as SAD esixíndose unha documentación diferente á dos restantes clubs deportivos e fixándose uns criterios de valoración distintos baseados nos programas formativos e de promoción do deporte presentados.

En relación á consideración coma axuda de estado das subvencións concedidas ás SAD, cómpre efectuar unha serie de precisións á luz da xurisprudencia e ás contestacións da Comisión Europea a diversas cuestións nesta materia. En primeiro lugar, o determinante non é a forma xurídica do beneficiario senón a actividade que desenvolva. O concepto de empresa utilizado nos mencionados artigos do Tratado está baseado en criterios económicos e funcionais máis que estritamente xurídicos. Así, o feito de que un club se constituíra con forma de sociedade anónima non implica, automaticamente, que as axudas que reciba teñan unha consideración diferente en termos de dereito comunitario. *A sensu contrario*, o feito de que un club non se constituíra como SAD, como sucede con algún dos máis importantes equipos de fútbol español, non impide que as axudas que reciba poidan ser cualificadas como axuda de Estado. Neste sentido, a Comisión emprega o termo *clubs deportivos profesionais*. Por outra banda, a función social que cumpre o

deporte provoca que as axudas concedidas a estes clubs que persigan un obxecto formativo ou educativo non se inclúan no ámbito do artigo 87 e 88 do Tratado da CE. En supostos específicos, as axudas á construción de estadios tamén estarán excluídas ao ser consideradas como financiamento de infraestruturas. Por último, unha subvención concedida a un club deportivo profesional que non repercuta no comercio entre os Estados membros tampouco está suxeita ao disposto no artigo 87 do Tratado.

As subvencións concedidas no exercicio 2005 reflíctense no cadro que segue:

| SAD | IMPORTE |
|---|---|
| Leite Río Breogán | 90.000 |
| Racing C. Ferrol | 30.000 |
| R.C. Celta de Vigo | 50.000 |
| Ponte Ourense | 20.000 |
| C.D. Ourense | 55.000 |
| **TOTAL** | **245.000** |

As incidencias detectadas na fiscalización de cada unha destas axudas son as seguintes:

## C.B. BREOGÁN SAD

O C.B. Breogán S.A.D solicitou unha subvención por importe de 120.200 €, resultando beneficiario por 90.000 €. Da documentación facilitada pola DXD dedúcese que é o nivel da competición na que participa o equipo (Liga ACB) o criterio utilizado para cuantificar a axuda. Polo tanto, a subvención concedida non responde á valoración dos criterios fixados na orde de convocatoria.

A sociedade presenta a documentación esixida na convocatoria para a solicitude da subvención, se ben os programas presentados -de actividades formativas e escolas deportivas, de promoción do deporte base e de difusión dos beneficios da práctica deportiva- non inclúen información sobre o custo das actividades programadas o que impide coñecer -ao equipo auditor e á propia DXD- a razonabilidade da contía outorgada e a importancia da axuda pública no financiamento das devanditas actividades. Ademais os programas de promoción e de difusión adoecen de falta de concreción.

Por outra banda, convén resaltar que moitas das actividades programadas xa estaban realizadas antes da presentación da solicitude, cuestión non prohibida polas bases da convocatoria. Esta circunstancia vén propiciada pola estreita marxe temporal entre convocatoria, concesión e

xustificación da axuda e polo feito de que este esquema procedimental non estea compasado coa tempada deportiva. Estes dous factores dificultan unha planificación máis coherente das axudas, na que o club presente un programa para un período determinado, a administración o supervise e, no seu caso, o aprobe e, finalmente, o club xustifique a axuda unha vez levado a cabo o proxecto acordado.

Polo que respecta á xustificación da axuda, a sociedade presenta en prazo a documentación esixida pola orde. Non obstante, como memoria das actividades desenvolvidas figuran os mesmos programas presentados na solicitude nos que conviven actividades levadas a cabo con anterioridade á convocatoria con outras accións que se prevé desenvolver. Polo tanto, na xustificación da axuda non se informa fielmente sobre as actividades finalmente executadas.

Por outra banda, a sociedade manifesta recibir axudas da Deputación e Concello de Lugo por importe de 1.200.000 e 21.000 €, respectivamente. No expediente figura unha certificación na que se declara que o conxunto de subvencións recibidas non supera o custo do proxecto subvencionado. A ausencia de información relativa ao custo total do proxecto e aos restantes recursos que o financian impide afirmar que o importe total recibido non exceda do custo da actividade que se subvenciona, descoñecéndose a base sobre a que se emite a devandita certificación.

Na documentación xustificativa da axuda detectáronse as seguintes incidencias:

| Nº relación | Perceptor | Concepto segundo relación detallada de gastos | Importe Euros |
|---|---|---|---|
| 1 | LUGO CREACIÓN S.L. | XESTIÓN PUBLICITARIA | 49.480,07 |
| 2 | ASOCIACIÓN CLUBS DE BALONCESTO | COTA ASOCIADO TEMPADA 2004/2005 | 4.357,34 |
| 3 | ASOCIACIÓN CLUBS DE BALONCESTO | COTA DE INSCRICIÓN CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2005/2006 | 4.461,92 |
| 4 | ASOCIACIÓN CLUBS DE BALONCESTO | RATEO COLABORACIÓNS ARBITRAIS | 15.113,45 |
| 5 | ASOCIACIÓN CLUBS DE BALONCESTO | PROXECTO SCOUTING TEMP.2004/2005 | 8.442,22 |
| 6 | ASOCIACIÓN BALONCESTISTAS PROFESIONALES | CONVENIO ACB-ABP | 12.744,14 |
| 7 | FEDERACIÓN ESPAÑOLA BALONCESTO | COTA INSCRICIÓN TEMP. 04-05 | 11.184,42 |
| 8 | ASOCIACIÓN CLUBS DE BALONCESTO | RATEO GASTOS ASEMBLEA TEMP.2004/2005 | 4.195,40 |
| 9 | ASOCIACIÓN CLUBS DE BALONCESTO | RATEO BONUS ARBITRAXES PLAY-OFF TEMP. 2004/2005 | 2.208,29 |
| **TOTAL** | | | **112.187,25** |

Agás a primeira factura, o resto de gastos non están acompañados de proba material de pagamento. En calquera caso, os xustificantes achegados non gardan ningunha relación cos

programas formativos, de promoción de deporte e de difusión achegados. Os gastos que serven de soporte á xustificación correspóndense, en liñas xerais, cos gastos orixinados pola participación do club na liga profesional -ACB- e coa comisión da empresa que xestiona a publicidade da sociedade. Polo tanto, os gastos subvencionados non están vinculados á actividade educativa levada a cabo pola sociedade.

En conclusión, a imposibilidade de comprobar a existencia de sobrefinanciación, a deficiente información sobre a actividade realmente realizada, a natureza dos gastos achegados na xustificación e a ausencia xeneralizada de proba de pagamento impide afirmar que se cumprise o obxectivo para o cal a axuda foi outorgada, incumpríndose a obriga de xustificar a subvención nos termos legalmente establecidos.

### PONTE OURENSE CLUB DE FÚTBOL SAD

O Ponte Ourense Club de Fútbol S.A.D. solicitou unha subvención de 36.000 €. Resultou beneficiario por un importe de 20.000 €. Na documentación presentada pola sociedade para a solicitude da subvención non constan os programas formativos, de promoción do deporte e de difusión esixidos pola convocatoria. No seu lugar figura unha memoria e proxecto deportivo de actividades para o ano 2005 que a convocatoria establece dentro da documentación a presentar polos clubs deportivos galegos que non sexan sociedades anónimas deportivas. Ao non se presentar os programas sinalados, non se puideron respectar os criterios de valoración fixados na orde. A pesar diso, na acta da comisión de valoración figura unha puntuación para cada un dos programas propostos, sen que se teña coñecemento da base e motivación que sustenta a baremación realizada.

Debe facerse notar que o primeiro equipo do Ponte Ourense, SAD na tempada 2004/2005 militaba na Liga Rexional Preferente. Polo tanto, a súa inclusión dentro do apartado das SAD propiciou que obtivese unhas axudas claramente superiores aos clubs de fútbol, non configurados como SAD; da súa mesma categoría e mesmo de categorías superiores. Este feito reforza a idea de que estes clubs non deben ter un tratamento distinto pola sua mera personificación como sociedade anónima.

O club manifesta recibir subvencións da Deputación de Ourense e do Consello Municipal de Deportes por importe de 60.000 e 54.000 €, respectivamente. Ademais achega, a pesar de non se esixir como documentación solicitada ás SAD aínda que sí aos clubs deportivos, un presuposto de ingresos e gastos. Agora ben, a ausencia de información relativa aos recursos e gastos

realmente obtidos asociados ao proxecto financiado impide garantir que o importe total recibido non exceda o custo da actividade que se subvenciona, descoñecéndose a base sobre a que se emite a certificación que consta no expediente sobre a non acumulación de subvencións.

Na xustificación da axuda e como memoria da actividade realizada a sociedade volve presentar a mesma documentación que na solicitude. Os documentos de gasto presentados para a xustificación da axuda son os seguintes:

| Nº relación | Perceptor | Concepto segundo relación detallada de gastos | Importe Euros |
|---|---|---|---|
| 1 | AUTOCARES ALFER,S.A. | TRANSPORTE EQUIPOS CATEGORÍA BASE PONTE-OURENSE 2005 | 5.992,00 |
| 2 | CONSTANTINO RODRÍGUEZ ALVARADO | MANTEMENTO INSTALACIÓNS E EQUIPACIÓNS 2005 | 4.292,00 |
| 3 | RODRÍGUEZ PIÑEIRO ASESORES S.L. | ASESORAMENTO E TRAMITACIÓN EXPEDIENTES 2005 | 2.920,00 |
| 4 | COMITÉ TÉCNICO GALLEGO ÁRBITROS FÚTBOL | ARBITRAXES AFICIONADOS E CATEGORÍAS BASE 2005 | 6.432,10 |
| 5 | PROINDEX S.L. | PRODUTOS LIMPEZA EQUIPAXES 2005 | 256,97 |
| 6 | TELEFÓNICA ESPAÑA S.A. | TELÉFONO E FAX AGOSTO 2005 | 162,85 |
| **TOTAL** | | | **20.055,92** |

Unicamente os xustificantes 1 e 4 están vinculados de forma directa ás actividades de promoción de deporte base realizadas polo club. No resto de supostos atopámonos con gastos xerais da sociedade que non están relacionados de xeito inequívoco coa actividade educativa. Os documentos achegados non acompañan proba material do pagamento.

En conclusión, a imposibilidade de comprobar a existencia de sobrefinanciación, a deficiente información sobre a actividade realmente realizada, a natureza dos gastos achegados na xustificación e a ausencia xeralizada de proba de pagamento, impide afirmar que se cumprise o obxectivo para o cal a axuda foi outorgada, incumpríndose a obriga de xustificar a subvención nos termos legalmente establecidos.

## RACING CLUB DE FERROL SAD

O Racing Club de Ferrol solicitou unha subvención de 100.000 € e resultou beneficiario por importe de 30.000 €. A sociedade presenta os documentos esixidos para a solicitude da axuda,

se ben o programa de difusión non contén actuacións específicas. Ningún dos programas contén información económica que permita coñecer o custo das accións programadas e a importancia da subvención no seu financiamento.

A ausencia de información relativa aos recursos e gastos realmente obtidos vinculados ao proxecto subvencionado impide coñecer a porcentaxe de financiamento público e non garante que o importe total recibido non exceda o custo da actividade. A sociedade manifesta non recibir outras axudas para a mesma finalidade. Na circularización realizada, unicamente consta un importe de 5.995 € concedidos pola Deputación de A Coruña á Fundación Racing de Ferrol, sen que figure cantidade algunha en favor da SAD.

Para a xustificación da axuda preséntase unha factura de reparacións nos campos de fútbol e vestiarios que se devolve por entender que os gastos corresponden a infraestruturas e non son subvencionables. A sociedade achega nova factura no prazo concedido que xustifica o importe total da subvención. A factura correspóndese coa subministración de 189 equipacións deportivas e roupa de adestramento. Non se achega proba material de pagamento. Ademais, a factura ten data posterior á finalización do período de xustificación. A factura ten data do 10 de novembro, 5 días despois de recibir a petición de subsanación por parte da DXD.

En conclusión, a imposibilidade de comprobar a existencia de sobrefinanciación, a natureza do gasto achegado na xustificación e a ausencia de proba de pagamento, impide afirmar que se cumprise o obxectivo para o cal a axuda foi outorgada, incumpríndose a obriga de xustificar a subvención nos termos legalmente establecidos.

## C.D. OURENSE SAD

A sociedade solicitou unha subvención de 100.000 € e resultou beneficiaria por un importe de 55.000 €. Presenta toda a documentación esixida nas bases, se ben os programas que acompañan a solicitude son excesivamente xenéricos non identificando as actividades específicas que se prevén levar a cabo e sen inclusión de información económica que permita coñecer o seu custo. Ademais, os certificados de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria teñen no momento da súa presentación unha antigüidade superior a 6 meses.

A sociedade manifesta recibir subvencións da Deputación de Ourense e do Concello de Ourense para a promoción do Fútbol base de 180.000 € cada unha. Na circularización realizada a Deputación sinala que no ano 2005 outorgou axudas á sociedade por importe de 210.000 €. En calquera caso, a ausencia dunha conta na que se identifiquen os recursos e gastos do club

relativos á actividade subvencionada impide garantir que o importe total recibido non exceda do custo da actividade que se subvenciona, descoñecéndose a base sobre a que se emite a certificación sobre non acumulación de axudas que consta no expediente.

Os documentos xustificativos da axuda correspóndense con varias facturas expedidas por Viajes Compostela, S.A. e Autos González, S.L por importe de 57.174,91 € e 2.990,65 €, respectivamente. En liñas xerais, as primeiras correspóndense con gastos de desprazamento e aloxamento do primeiro equipo de fútbol e o equipo de fútbol sala feminino e as segundas con desprazamentos dos equipos inferiores. Ningún dos xustificantes de gasto acompaña proba de pagamento. A memoria achegada en xustificación da axuda refírese basicamente á programación da tempada seguinte (2005/2006) e non informa das actividades formativas, de promoción e difusión realmente realizadas.

En consecuencia, non se pode afirmar que se dera cumprimento á finalidade para a cal a axuda foi outorgada e que a axuda estea xustificada nos termos legalmente esixibles.

## REAL CLUB CELTA SAD

A sociedade solicitou unha subvención de 180.000 € e resultou beneficiaria por importe de 50.000 €. En relación á documentación presentada, os programas achegados adoecen de falta de concreción e non conteñen información de carácter económico o que impide coñecer o seu custo e a contribución da subvención ao seu financiamento. En relación a estes, non consta a motivación que sustenta a súa valoración aos efectos de cuantificación da axuda. Documentación facilitada pola DXD permite observar como a categoría na que militaban varios equipos da sociedade, excluído o profesional, foron tidos en conta na cuantificación da axuda, sen que esta forma de puntuación se corresponda co establecido nas bases da convocatoria.

A sociedade manifesta non ter recibido outras subvencións para a mesma finalidade. Como resultado da circularización realizada, a Deputación de Pontevedra indica que outorgou nos exercicios 2004 e 2005 á Fundación Celta de Vigo 218.000 € e 198.000 €, respectivamente. O club presenta, a pesar de non estar obrigado pola orde, un presuposto de ingresos e gastos para a tempada 2004/2005. A ausencia de información sobre os recursos e gastos relacionados co proxecto subvencionado impide afirmar que o importe total recibido non exceda do custo da actividade que se subvenciona.

Na xustificación da axuda, a memoria presentada informa de xeito vago sobre a realización de actividades formativas e de promoción do deporte. En canto aos documentos xustificativos do

custo, o club presenta ata tres relacións distintas. Na primeira delas, inclúense fundamentalmente desprazamentos dos equipos inferiores e as bolsas aboadas aos monitores desas categorías. Os xustificantes de gasto figuran a nome da Fundación Celta de Vigo e non da sociedade. Por este motivo, entre outros, a relación de xustificantes é devolta pola DXD para a súa subsanación concedéndose un prazo de 10 días. Convén neste punto destacar que é a Fundación Celta de Vigo a que se encarga de desenvolver e financiar as bolsas de formación deportiva das categorías inferiores e as escolas deportivas sufragando, ademais, os desprazamentos destes equipos. Así se desprende do convenio asinado entre a SAD e a Fundación. Polo tanto, é a Fundación e non a SAD a que desenvolve as actividades educativas directamente relacionadas coa finalidade da axuda, aínda que paradoxalmente é a sociedade a beneficiaria das axudas. Na segunda relación xustificativa achegada, exclúense unha serie de gastos que se correspondían co exercicio anterior. A relación definitiva remítese o 22 de decembro de 2005. A pesar diso a obriga xa se atopaba recoñecida contablemente dende o 29 de novembro. Os documentos que serven de base á xustificación son os seguintes:

| Nº relación | Perceptor | Concepto segundo relación detallada de gastos | Importe Euros |
|---|---|---|---|
| 1 | VDA. J. DOMÍNGUEZ | DESPRAZAMENTOS VARIOS DO CLUB CELTA B | 7.708,21 |
| 2 | RIO CASTRO S.A. | COMIDAS DESPRAZAMENTOS | 1.777,18 |
| 3 | HOTEL PALACIO DEL MAR | ALOXAMENTO DESPRAZAMENTO | 1.410,26 |
| 4 | NH ZURBANO | ALOXAMENTOS VARIOS DESPRAZAMENTOS | 7.978,99 |
| 5 | HOTEL GALAICO S.L. | COMIDAS DESPRAZAMENTOS VARIOS | 1.991,05 |
| 6 | RESTAURANTE LA CAMPANA S.A. | COMIDAS DESPRAZAMENTOS VARIOS | 314,58 |
| 7 | A TABERNA DO VALECO | COMIDAS DESPRAZAMENTOS VARIOS | 40,50 |
| 8 | UMBRO S.A. | MATERIAL DEPORTIVO EQUIPACIÓNS | 71.317,47 |
| **TOTAL** | | | **92.538,24** |

As facturas correspóndense cos gastos de desprazamento, aloxamento e manutención asociados aos partidos disputados polo Celta B que militaba en segunda división B e coa adquisición de material deportivo sen que se identifique os equipos destinatarios destas, se ben polo número de unidades podería corresponderse coa totalidade dos equipos. Os xustificantes asociados aos números 1 e 8 non acompañan proba de pagamento. Na maioría dos restantes documentos, unicamente consta nas facturas que o pagamento se realiza en efectivo.

Polo tanto a xustificación achegada (memoria de actividades deficiente, gastos non vinculados de xeito directo á actividade educativa e ausencia xeneralizada de proba material de pagamento) impide afirmar que se dera cumprimento ao obxectivo para o que a axuda foi outorgada e que a subvención fose xustificada nos termos legalmente esixibles.

# VI. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

## VI.1. CONCLUSIÓNS

**Ordes reguladoras das axudas outorgadas ás federacións e clubs deportivos nos exercicios 2002 a 2005**

No exercicio 2002, a dotación total das axudas integrábase polos fondos propios da administración autonómica (6.010.000 euros), aos que se sumaron, en virtude da subscrición de sendos convenios, os procedentes das deputacións provinciais de A Coruña (1.125.349 euros) e Pontevedra (1.007.868 euros). A orde de convocatoria prevía a adxudicación ás federacións, en réxime de concorrencia competitiva, de dous conceptos diferenciados, sometidos á posterior xustificación:

a) Una contía parcial, segregada en programas de gasto de diferente natureza, para o financiamento dos custos producidos polo mantemento da organización e o desenvolvemento das súas actividades (competicións, tecnificación,etc.).

b) A contía restante, con destino aos clubs integrados na federación, que sería obxecto de repartición en virtude dos baremos propostos, suxeitos á aprobación da Administración deportiva.

Desta forma, a totalidade dos fondos (exceptuando ás agrupacións deportivas escolares) transferíanse ás federacións deportivas, que os recibían indistintamente a título de *beneficiarios finais* (para o financiamento dos seus gastos de funcionamento) e *intermedios* (para a súa transmisión ulterior aos clubs). Neste último suposto actuaban a título de entidades colaboradoras.

Este sistema de repartición das axudas aplicouse na totalidade dos exercicios fiscalizados (2002 a 2005), se ben nos exercicios posteriores a 2002 presentou as seguintes particularidades:

- No exercicio 2003, a dotación total das axudas sofre unha redución, dado que unicamente se conveniou a repartición de axudas coa Deputación Provincial de Pontevedra. Por outra banda, a distribución material dos fondos aos clubs non se efectúa na súa totalidade polas federacións, encargándose directamente a Secretaría Xeral para o Deporte da súa asignación e entrega aos que participaban en competicións nacionais de carácter oficial.

-Nos exercicios 2004 e 2005 non se subscribiron convenios de colaboración coas entidades provinciais, procedendo estas á repartición independente dos fondos propios destinados á actividade deportiva. A Dirección Xeral para o Deporte aprobou convocatorias separadas para a repartición de axudas entre as distintas categorías de clubs deportivos. Non obstante, as federacións seguiron exercendo (en contía netamente inferior aos exercicios 2002 e 2003) as funcións de entidade colaboradora.

O contido das bases de convocatoria aprobadas pola Administración ao longo dos exercicios 2002 a 2005 non se axustou á legalidade, incumpríndose os seguintes extremos:

1) A pesar de que as federacións actuaron como entidades colaboradoras, non se estableceu o réxime de dereitos e obrigas aplicable ás mesmas. Atribuíuselles o manexo, control e a xestión de fondos públicos sen mediar a esixencia de acreditar os requisitos de eficacia e solvencia (técnica e económica). Non se estableceron os prazos nin a forma en que as federacións debían efectuar os pagamentos aos clubs, o tipo de xustificación que debían esixir a estes nin a que á súa vez debían render á Administración como resultado da aplicación dos fondos recibidos.

2) As bases correspondentes aos exercicios 2002 e 2003 non establecían graduación dos criterios obxectivos de adxudicación das axudas; as dos dous exercicios posteriores contemplábanos, pero sen especificar os ulteriores criterios empregados pola comisión de avaliación para a ponderación dos méritos contemplados na convocatoria.

3) Non se estableceu a obriga de comunicar as axudas obtidas de entidades privadas. Este feito impide que a Administración coñeza a proporción real da actividade que subvenciona, sen que exista garantía de que a axuda outorgada supere o custo das actuacións desenvolvidas.

4) Para o cobramento das axudas outorgadas en 2002 e 2003 unicamente se esixía como xustificación unha certificación do gasto expedida polo secretario, co visto bo do presidente da federación. Esta regulación vulnera o artigo 15 do Decreto 287/2000, que require a achega dos xustificantes orixinais dos gastos (facturas, nóminas, boletíns de cotización, etc). Nas convocatorias de 2004 e 2005 esixíase documentación xustificativa de carácter orixinal; non obstante, non se incluíron previsións relativas á acreditación dos pagamentos efectuados nin á achega dunha conta xustificativa de carácter completo, polo que o sistema de xustificación careceu de efectividade.

5) As subvencións outorgábanse en réxime de concorrencia competitiva, non obstante, as bases non estableceron a obriga de publicar as contías e beneficiarios das axudas. Desta forma, o procedemento de adxudicación de axudas públicas ao deporte resultou privado de transparencia.

Esta circunstancia supón un menoscabo na satisfacción do interese público, impedindo así mesmo a cada un dos beneficiarios da axuda, individualmente considerados, o coñecemento das contías outorgadas aos restantes, o que puidese ter relevancia aos efectos, no seu caso, de ulteriores impugnacións.

Os informes emitidos con carácter previo á aprobación das bases pola Dirección Xeral de Planificación e Fondos Comunitarios, a Asesoría Xurídica e a Intervención Delegada dos respectivos departamentos autonómicos non se pronunciaron en relación coas deficiencias expresadas.

Na execución das convocatorias de subvencións puxéronse de manifesto os seguintes feitos:

- A asignación das contías concedidas ás federacións efectuouse á marxe dos criterios contidos nas ordes reguladoras. As axudas ás federacións deportivas non se outorgan no marco dun verdadeiro procedemento administrativo de concorrencia competitiva. As contías concedidas a cada modalidade deportiva e aos clubs dependentes destas non son obxecto de comparación e valoración conxunta no procedemento que regulan as ordes de convocatoria. Antes ben, a partir da presentación de solicitudes polos responsables federativos, a administración estuda de forma individualizada cada un dos proxectos, o que inclúe unha interlocución máis ou menos permanente con aqueles responsables ata a fixación da contía total das axudas, que se efectúa de forma individualizada. Por outra parte, durante os exercicios 2002 a 2005 non se publicou no diario oficial concesión ningunha das axudas económicas a federacións e clubs.

- Nos exercicios 2002 e 2003 outorgáronse axudas a federacións e clubs por importe de 14.933.390,60 euros sen que se esixise a achega de facturas e demais documentos orixinais probatorios, en infracción da propia normativa autonómica. Os pagamentos efectuáronse contra a mera achega de certificacións dos gastos incorridos. Desta forma, os órganos xestores e a Intervención limitáronse a actuar como meros tramitadores de pagamentos, sen que conste nos devanditos exercicios a realización de actuacións encamiñadas á verificación do destino e aplicación dos fondos públicos. Tampouco se efectuaron actuacións efectivas de control con respecto aos fondos entregados ás federacións con destino aos clubs deportivos.

- Nos exercicios 2004 e 2005 solicitouse das federacións a remisión de facturas e outros xustificantes orixinais, non obstante, a administración aceptou como xustificación dos fondos entregados polas federacións aos clubs a achega de *recibís* subscritos polos responsables destes últimos. Non se procedeu á comprobación material do desprazamento dos devanditos fondos nin se requiriu proba ningunha da súa aplicación.

**Requirimentos de xustificación efectuados a federacións e clubs deportivos pola Dirección Xeral para o Deporte a instancia do equipo de fiscalización**

**I.** Requiriuse a totalidade das facturas e xustificantes orixinais correspondentes ás Federacións beneficiarias de axudas nos exercicios 2002 e 2003, posto que nos seus expedientes unicamente figuraban certificacións dos gastos realizados. Non obstante:

- Pese a práctica de tres requirimentos sucesivos (19 de marzo, 27 de abril e 19 de xullo de 2007) por parte da Dirección Xeral para o Deporte, as Federacións de Aeronáutica, Esquí náutico, Rugby e Tenis de Mesa non efectuaron a rendición de xustificante ningún.

- Tras os requirimentos efectuados o 19 de marzo e 27 de abril de 2007, as Federacións de Boxeo e Salvamento e Socorrismo manifestaron a inexistencia de xustificantes relativos aos exercicios 2002 e 2003.

**II.** O 11 de xullo de 2007 requiríronse os extremos que detallan os seguintes puntos **A)** e **B**):

**A)** En relación coas axudas outorgadas no exercicio 2005 aos clubs deportivos a través das súas correspondentes federacións, os xustificantes do gasto efectuado polos clubs con cargo ás devanditas axudas. Para iso facilitouse á Dirección Xeral para o Deporte unha mostra integrada por 36 clubs correspondentes a 18 federacións deportivas. Reiterouse exclusivamente a devandita petición ás Federacións de Bádminton (4 de setembro de 2007), Natación e Voleibol (22 de novembro de 2007), se ben non foron estas as únicas que incumpriron o deber de achega dos xustificantes inicialmente requiridos. Debido a estas carencias e as deficiencias existentes na documentación achegada, o equipo de fiscalización efectuou, con data de 28 de decembro de 2007, un novo requirimento de documentación solicitando os seguintes extremos nos supostos que detalla o texto do informe:

- A xustificación formal (transferencia ou ingreso bancario) demostrativa do ingreso nas contas bancarias do club das axudas satisfeitas pola respectiva Federación.

- A xustificación formal dos gastos -e os seus pagamentos- efectuados en aplicación das axudas.

Se ben do teor desta petición se evidenciaba a pretensión do equipo auditor de obter a documentación xustificativa directamente dos clubs, isto é, sen a intermediación- como acontecera anteriormente- da correspondente federación, a Dirección Xeral para o Deporte

volveu requirir exclusivamente ás federacións deportivas a mencionada documentación. Este feito non permite acreditar, naqueles supostos en que non se obtivo resposta dos clubs, que a súa totalidade tivera coñecemento do requirimento.

Observáronse as seguintes incidencias:

- Non se obtivo resposta nin se achegou xustificación ningunha por parte das Federacións de **Bádminton**, **Pelota** e **Rugby.**

**-** Non se obtivo evidencia material do pagamento das axudas aos clubs, achegándose documentación relativa aos gastos con defectos que a invalidan como xustificación por parte das Federacións de **Ciclismo**, **Fútbol**, **Hóckey**, **Natación**, **Patinaxe**, **Surf**, **Tenis**, **Tenis de Mesa**, **Voleibol** e **Xadrez**.

- Obtívose evidencia do pagamento de axudas aos clubs que integraban a mostra seleccionada, aínda que non documentación xustificativa dos gastos efectuados en aplicación desta por parte das Federacións de **Atletismo**, **Espeleoloxía** e **Tiro Olímpico**. Neste último suposto, verificouse o pagamento das axudas cun atraso superior a 6 meses respecto da data que constaba nos *recibís* subscritos polos clubs e que excedía en máis de 10 respecto da percepción, por parte da federación, do anticipo do 50% sobre o total da axuda concedida pola Dirección Xeral para o Deporte .

- Os clubs Silex e Arco Narón, integrados na Federación de **Tiro con Arco** comunicaron non percibir axudas no exercicio 2005. Se ben os responsables federativos manifestaron facer efectivas, mediante talóns bancarios, as correspondentes axudas no último trimestre do exercicio 2006, non se obtivo evidencia material destes extremos.

- En relación co C.V. Pontevedra, A Federación de Voleibol **achegou** 2 facturacións expedidas pola propia entidade federativa, sen proba formal das transferencias bancarias subseguintes, relativas ao cobramento de licenzas (1.304 euros) e Mutualidade (808 euros). Non obstante e con carácter contraditorio, na conta liquidativa presentada por esta federación para o cobramento da subvención outorgada pola Dirección Xeral para o Deporte (129.734 euros) non se recoñece a existencia de máis ingresos que os procedentes da Administración autonómica. Esta circunstancia deberá ser revisada pola Dirección Xeral para o Deporte, podéndose producir unha duplicación no financiamento das licenzas.

**B)** Debido ao elevado número de gastos que coa denominación de *liquidacións individuais*, *axudas de custo* e *colaboracións técnicas* non se xustificaban polas federacións mediante as oportunas facturas ou recibos de nómina, requiriuse ás seguintes entidades en relación coas

axudas outorgadas no exercicio 2005:

| Federación | Importe (euros) | Contías non xustificadas (euros) |
|---|---|---|
| Atletismo | 169.521,88 | 169.521,88 |
| Espeleoloxía | 10.705,18 | 10.125,71 |
| Patinaxe | 69.514,65 | 46.663,06 |
| Pelota | 27.307,26 | 27.307,26 |
| Surf | 25.326,52 | 25.326,52 |
| Tenis de Mesa | 24.078,00 | 24.078,00 |
| **TOTAL** | **326.453,49** | **303.022,43** |

O montante total dos gastos mostrados refírese ao pagamento de retribucións encubertas, ben documentadas como compensacións pola prestación de servizos, ben mediante axudas de custo e locomoción sen a debida acreditación, os cales non se suxeitaron aos réximes de tributación obrigatoria de Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, polo que ademais de non servir ao obxecto de xustificación das axudas, poderían orixinar continxencias de índole fiscal.

Debe precisarse que non se verificou a rendición de xustificación ningunha por parte das Federacións de **Atletismo**, **Pelota, Surf e Tenis de mesa**, polo que non queda acreditado a realidade nin o destino último dos citados pagamentos.

**III.** O 28 de decembro de 2007 requiriuse das federacións e clubs -a través da Dirección Xeral para o Deporte- a documentación que se recolle nos puntos **A**, **B** e **C** seguintes:

A xustificación documental das transferencias bancarias correspondentes ás contías ingresadas en 2005 por parte das federacións que se recollen no seguinte cadro aos clubs deportivos integrados nestas:

| Núm. | Federación | Axudas a clubs (euros) | Contías non xustificadas (euros) |
|---|---|---|---|
| 1 | Atletismo | 49.717,00 | 42.082,00 |
| 2 | Bádminton | 8.800,00 | 8.800,00 |
| 3 | Pelota | 6.300,00 | 6.300,00 |
| 4 | Rugby | 6.000,00 | 6.000,00 |
| 5 | Tenis de Mesa | 25.000,00 | 25.000,00 |
| 6 | Tiro Olímpico | 2.500,00 | |
| 7 | Surf | 4.945,00 | 2.322,18 |
| 8 | Tiro con Arco | 3.600,00 | 3.600,00 |
| 9 | Hóckey | 8.063,00 | 8.063,00 |
| 10 | Natación | 33.000,00 | 33.000,00 |
| | **TOTAL** | **147.925,00** | **135.167,18** |

Non se obtivo resposta das Federacións de **Bádminton**, **Pelota**, **Rugby**, **Tenis de Mesa** e **Tiro con Arco**, polo que non existe evidencia do pagamento das correspondentes cantidades aos clubs.

**B)** Idéntica documentación á expresada no punto anterior, con relación aos exercicios 2002 e 2003 con respecto ás federacións que recolle o seguinte cadro:

| | Federación | Axudas a clubs do exercicio 2002 (euros) | Contías non xustificadas (euros) | Axudas a clubs do exercicio 2003 (euros) | Contías non xustificadas (euros) |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Aeronáutica | 10.517,70 | 10.517,70 | 6.010,12 | 6.010,12 |
| 2 | Atletismo | 180.173,09 | 41.891,09 | 67.162,60 | 28.909,01 |
| 3 | Boxeo | 3.606,06 | 3.606,06 | 3.600,00 | 3.600,00 |
| 4 | Hóckey | 82.789,42 | 82.789,42 | 6.800,00 | 6.800,00 |
| 5 | Patinaxe | 484.452,69 | 435.470,20 | 48.009,61 | 48.009,61 |
| 6 | Rugby | 80.475,52 | 80.475,52 | 8.400,00 | 8.400,00 |
| 7 | Tenis de Mesa | 54.061,04 | 54.061,04 | 30.972,00 | 30.972,00 |
| **TOTAL** | | **896.075,52** | **708.811,03** | **170.954,33** | **132.700,74** |

Non se obtivo resposta das Federacións de **Boxeo**, **Hóckey, Rugby** e **Tenis de Mesa**, polo que non existe constancia da entrega aos clubs dos fondos percibidos da Administración autonómica.

**C)** En relación cos exercicios 2002 e 2003, requiríronse os xustificantes formais do ingreso das axudas nas contas bancarias dunha pluralidade de clubs deportivos integrados nas Federacións de Aeronáutica, Atletismo, Boxeo, Fútbol, Hóckey, Patinaxe, Rugby e Tenis de Mesa, ademais da xustificación dos gastos efectuados por aqueles en aplicación das axudas:

- As Federacións de **Boxeo**, **Rugby** e **Tenis de Mesa** non contestaron ao requirimento efectuado.

- A contestación remitida polas Federacións de **Aeronáutica**, **Fútbol** e **Hóckey** non achegou evidencia do pagamento das axudas aos clubs que se relacionaban no requirimento.

- Obtívose a evidencia do pagamento dunha parte das axudas aos clubs en relación coa Federación de **Atletismo** os exercicios 2002 e 2003, aínda que ningún xustificante da aplicación destas por parte dos clubs perceptores.

- Respecto á Federación de **Patinaxe,** unicamente se obtivo a evidencia do pagamento de 48.982,49 euros ao club Vigo Stick H.C. Esta entidade, aludindo á perda dos xustificantes, non remitiu documentación probatoria do gasto.

**Fiscalización das axudas outorgadas ás federacións deportivas nos exercicios 2002 a 2005**

Sen prexuízo das incidencias que con carácter individual se detectaron nas federacións que integran a mostra seleccionada, que determinan a necesidade de actuación por parte da Administración deportiva aos efectos da satisfacción do interese público, observouse a reiteración dos seguintes incumprimentos:

***1) Falta de declaración dos ingresos obtidos***

Pese que nas memorias formuladas polas distintas federacións se recollía un volume de ingresos equivalente ao dos gastos realizados, verificouse a falta de comunicación á Administración deportiva das subvencións obtidas doutras administracións, ocultación que trae como consecuencia a incoación do oportuno procedemento de reintegro. Este feito púxose de manifesto como consecuencia da resposta das Deputacións Provinciais ao requirimento efectuado polo Consello de Contas de Galicia, que non se estendeu aos Concellos. Non se dispuxo, pola contra, de información relativa ás axudas que as federacións perciben de entidades de carácter privado nin a procedente, se é o caso, das Federacións de carácter nacional nas que se integran. Naqueles supostos en que resultou posible a revisión das contas anuais, observouse a presenza de resultados positivos na conta de perdas e ganancias das federacións, o que evidencia a obtención de recursos por importe superior ao custo da actividade desenvolvida.

***2) Axudas a clubs materializadas en recibís***

Como xustificación da entrega aos clubs, por parte das federacións, dos fondos públicos previamente autorizados para o devandito fin pola Administración deportiva, detectouse a práctica xeneralizada consistente na subscrición de *recibís*, polos responsables dos clubs beneficiarios, declarativos da recepción dos devanditos fondos. Non obstante, non constitúe xustificación válida do destino e a aplicación de fondos a simple acreditación do seu traslado con destino aos seus beneficiarios finais.

***3) Remuneracións, compensación de gastos (axudas de custo e locomoción) dos membros dos órganos representativos das federacións deportivas e do persoal ao seu servizo***

As retribucións pola prestación de servizos deben xustificarse mediante recibos salariais (nóminas) nos supostos en que medie relación laboral ou mediante factura normalizada emitida

por quen os presta, se a relación é de tipo profesional, devengarse, en ambos os dous supostos, os correspondentes impostos e cotizacións á Seguridade Social.

Detectouse a satisfacción xeneralizada de remuneracións en forma encubrida en concepto de axudas de custo e locomoción que non figuraban debidamente acreditadas, o que ademais de non resultar admisible como xustificación da percepción de subvencións podería determinar a existencia de continxencias na orde fiscal e social.

***4) Gastos de telefonía fixa e móbil e facturas expedidas por establecementos de hostalaría con motivo da celebración de comidas por causa de reunións do consello de administración, do presidente con persoas alleas ou non á organización federada***

Verificouse a existencia de excesos, tanto nun sentido cuantitativo como cualitativo, en relación cos gastos imputados ás axudas públicas polos anteriores conceptos. Sen prexuízo da imputación destes gastos a outra natureza de ingresos (propios ou os obtidos de entidades privadas), o que se achará suxeito á censura dos correspondentes órganos federativos, a súa satisfacción con cargo a axudas públicas non resulta compatible co cumprimento dos principios de eficiencia e economía do gasto público.

***5) Incumprimento do principio de anualidade, gastos en bens de inmobilizado e presentación de facturacións non axustadas a dereito.***

No cadro seguinte reflíctense as contías revisadas, as que se presentaron como xustificación e as que, a teor do expresado no texto do informe, carecían de documentación xustificativa suficiente. Con respecto ás Federacións de Ciclismo, Fútbol e Patinaxe unicamente se revisaron as axudas destinadas aos clubs destas modalidades.

| FEDERACIÓN | 2002 | | | 2003 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Contías outorgadas | Contía total da xustificación achegada | Contías sen xustificación válida | Contías outorgadas | Contía total da xustificación achegada | Contías sen xustificación válida |
| 1 Aeronáutica | 39.065,70 | 39.972,11 | 39.972,11 | 35.010,12 | 35.747,81 | 35.747,81 |
| 2 Atletismo | 380.831,28 | 380.921,09 | 361.606,26 | 268.682,60 | 268.884,60 | 234.230,75 |
| 3 Automobilismo | 191.162,48 | 194.729,47 | 185.934,64 | 151.004,00 | 155.353,53 | 141.195,71 |
| 4 Boxeo | 11.119,07 | 12.668,40 | 12.668,40 | 11.600,00 | 12.134,25 | 12.134,25 |
| 5 Ciclismo | 174.142,40 | 174.142,40 | 174.142,40 | 135.055,73 | 135.055,73 | 135.055,73 |
| 6 Fútbol | 1.373.733,36 | 1.373.733,36 | 1.373.733,36 | 664.369,08 | 664.369,08 | 664.369,08 |
| 7 Hóckey | 124.860,66 | 124.888,76 | 119.978,55 | 48.800,00 | 48.930,74 | 43.545,41 |
| 8 Patinaxe | 484.452,69 | 484.452,69 | 435.470,20 | 48.009,61 | 48.009,61 | 48.009,61 |
| 9 Rugby | 110.526,52 | 113.061,67 | 113.061,67 | 38.900,00 | 44.480,48 | 44.480,48 |
| 10 Tenis de Mesa | 91.624,22 | 92.316,79 | 91.624,22 | 68.972,00 | 71.569,25 | 71.569,25 |
| **TOTAL** | **2.981.518,38** | **2.990.886,74** | **2.908.191,81** | **1.470.403,14** | **1.484.535,08** | **1.430.338,08** |

| FEDERACIÓN | 2004 | | | 2005 | | | CONTÍA TOTAL REVISADA | CONTÍA NON XUSTIFICADA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Contías outorgadas | Contía total da xustificación achegada | Contías sen xustificación válida | Contías outorgadas | Contía total da xustificación achegada | Contías sen xustificación válida | | |
| 1 Aeronáutica | 40.000,00 | 40.524,08 | 33.520,09 | 42.000,00 | 47.157,71 | 31.627,49 | 156.075,82 | 140.867,50 |
| 2 Atletismo | 317.237,00 | 322.294,49 | 250.298,21 | 363.768,00 | 366.775,77 | 333.332,75 | 1.330.518,88 | 1.179.467,97 |
| 3 Automobilismo | 137.024,00 | 141.654,36 | 119.946,76 | 159.973,00 | 162.503,37 | 144.007,53 | 639.163,48 | 591.084,64 |
| 4 Boxeo | 12.600,00 | 13.455,89 | 8.327,55 | 18.870,00 | 24.638,41 | 19.331,30 | 54.189,07 | 52.461,50 |
| 5 Ciclismo | 86.236,00 | 86.236,00 | 86.236,00 | 92.705,00 | 92.705,00 | 92.705,00 | 488.139,13 | 488.139,13 |
| 6 Fútbol | 405.717,00 | 405.717,00 | 405.717,00 | 435.000,00 | 435.000,00 | 435.000,00 | 2.878.819,44 | 2.878.819,44 |
| 7 Hóckey | 59.500,00 | 59.532,28 | 51.907,09 | 64.913,00 | 65.463,78 | 51.114,70 | 298.073,66 | 266.545,75 |
| 8 Patinaxe | 42.240,00 | 42.240,00 | 42.240,00 | 42.240,00 | 42.240,00 | 42.240,00 | 616.942,30 | 567.959,81 |
| 9 Rugby | 50.760,00 | 81.689,12 | 62.540,12 | 58.910,00 | 84.013,58 | 61.334,87 | 259.096,52 | 281.417,14 |
| 10 Tenis de Mesa | 69.940,00 | 71.427,62 | 62.298,20 | 69.940,00 | 71.728,99 | 60.408,27 | 300.476,22 | 285.899,94 |
| **TOTAL** | **1.221.254,00** | **1.264.770,84** | **1.123.031,02** | **1.348.319,00** | **1.392.226,61** | **1.271.101,91** | **7.021.494,52** | **6.732.662,82** |

**Fiscalización das axudas outorgadas a clubs deportivos e SAD no exercicio 2005**

O contido das bases de convocatoria, aprobadas xa durante a vixencia da Lei Xeral de Subvencións, non se axustou á legalidade. Non obstante, os informes evacuados pola Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, Asesoría Xurídica e Intervención Delegada da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado non se puxeron de manifesto as seguintes deficiencias:

- Non se esixiu a obriga de publicar as concesións no Diario Oficial de Galicia.

- Non se esixiu a obriga de acreditar, mediante certificado, o cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social con anterioridade ao pagamento das axudas. Paradoxicamente requiriuse a achega de presentación destes certificados no momento de presentación a solicitude, circunstancia da que estaban exentos en virtude do artigo 41 da Lei de Presupostos para 2005.

- Os criterios de concesión revestían carácter xenérico, sen especificar os baremos de valoración.

- Non se requiría a comunicación das axudas obtidas do sector privado.

- Non se requiría a xustificación do pagamento das facturas presentadas nin modelo de conta xustificativa axustada aos previstos na Lei Xeral de Subvencións.

Na execución da convocatoria puxéronse de manifesto os seguintes feitos:

- Non se atendeu aos criterios de concesión establecidos nas bases, pese que as actas subscritas pola comisión de selección contiñan puntuacións relativas a estes. O único criterio utilizado para a asignación das axudas foi o dos niveis de competición en que participaban os distintos equipos integrantes de cada club, atribuíndose contías fixas preestablecidas a cada un daqueles no marco que conforma cada unha das modalidades deportivas subvencionadas. Por conseguinte, o outorgamento das axudas non gardou relación ningunha co presuposto de ingresos e gastos, o proxecto deportivo, os postos alcanzados, o número de licenzas e os desprazamentos efectuados ás competicións. Ningún dos conceptos anteriores, pese requirirse coa solicitude, é obxecto de valoración.

- Pese que a totalidade das axudas outorgadas aos clubs deportivos e Sociedade Anónima Deportiva superan en termos individuais a contía de 3000 euros, non se efectuou a publicación das adxudicacións no Diario Oficial de Galicia.

- Non se esixiu a acreditación do pagamento das facturas e xustificantes presentados, o que non permite obter evidencia de que o mesmo se efectuara nin de que, no seu caso, se formalizara con anterioridade ao fin do período de xustificación.

- Non se esixiu a formación polas entidades deportivas de conta xustificativa ningunha nin se efectuaron actuacións de comprobación dos ingresos e gastos efectivamente realizados. A Dirección Xeral para o Deporte carecía de constancia da proporción real da actividade financiada, sen que exista garantía de que coa totalidade dos ingresos obtidos se supere o custo da actividade subvencionada.

- A interpretación efectuada pola Administración do cumprimento do requisito de achega dos certificados de inexistencia de débeda resulta discutible, ao tempo que non se efectuou con criterios de homoxeneidade, o que puidese supoñer a vulneración do principio de non discriminación entre os distintos clubs solicitantes. Así mesmo, detectáronse incumprimentos en materia de procedemento administrativo de notificación e na relativa á concesión de prazos de subsanación.

No exercicio 2005 concédense axudas a cinco sociedades anónimas deportivas por importe total 245.000 euros coa finalidade de fomentar e desenvolver actividades formativas e educativas. A repartición da contía total entre as sociedades beneficiarias non segue os criterios de valoración recollidos nas bases da convocatoria. As xustificacións das subvencións caracterízanse pola achega de memorias que non informan sobre as actividades realmente executadas, pola inclusión de xustificantes de gasto non vinculados á actividade formativa e pola ausencia xeneralizada de proba material de pagamento. Estas incidencias, unidas á imposibilidade de comprobar a existencia de supostos de sobrefinanciación ou acumulación de axudas, impiden afirmar que se dese cumprimento ao obxectivo para o cal as axudas foron outorgadas e que as xustificacións fosen realizadas nos termos legalmente establecidos.

No cadro II recóllense as contías revisadas, as que se presentaron como xustificación e as que, a teor do expresado no texto do informe, carecían de documentación xustificativa suficiente. Na revisión destas por parte da Dirección Xeral para o Deporte deberá esixirse a proba material do pagamento das facturas, así como a achega de conta xustificativa axustada á norma:

| Modalidade | Entidade deportiva | Importe concedido(euros) | Importe xustificado | Importe validamente xustificado |
|---|---|---|---|---|
| Hóckey | Asoc. Deportiva Ourense H.C.(Our. Bule Bule) | 20.347,70 | 20.475,22 | 46,14 |
| Hóckey | C.H. Santiago Apóstol (Apóstol Bule Bule) | 18.718,12 | 19.766,98 | 6,41 |
| Hóckey | C.H. Pavillón | 8.684,82 | 8.685,38 | 74,78 |
| Baloncesto | Club Instituto Rosalía de Castro | 37.910,00 | 39.757,05 | 0,00 |
| Atletismo | Club atletismo Ría de Ferrol | 13.668,00 | 18.498,43 | 0,00 |
| Fútbol sala | Leis 26 F.S. (Leis s. Constucuatro) | 20.935,00 | 21.500,62 | 0,00 |
| Fútbol sala | Ourense F.S. | 20.000,00 | 22.903,54 | 0,00 |
| Fútbol | Pontevedra C.F. | 10.040,00 | 11.941,39 | 0,00 |
| Balonmán | Club Balonmán Cangas (Frigorif. Morrazo) | 72.885,00 | 79.132,07 | 0,00 |
| Voleibol | Club Vigo de Voleibol (Valery Karpin) | 46.305,00 | 49.270,00 | 0,00 |
| Agr.Dep.Escolar | AD "Ás Rías" | 20.000,00 | 20.000,00 | 599,31 |
| SAD | Leite Río Breogán SAD | 90.000,00 | 112.187,25 | 0,00 |
| SAD | C.D. Ourense SAD | 55.000,00 | 60.165,56 | 0,00 |
| SAD | R.C. Celta de Vigo SAD | 50.000,00 | 92.538,24 | 11.420,80 |
| SAD | Racing C. Ferrol SAD | 30.000,00 | 34.848,20 | 0,00 |
| SAD | Ponte Ourense SAD | 20.000,00 | 20.055,92 | 0,00 |
| **TOTAL** | | **534.493,64** | **631.725,85** | **12.147,44** |

## Actuación dos suxeitos intervenientes na concesión das axudas públicas ao deporte

1) En relación coa actuación da *Administración deportiva* detectáronse graves deficiencias nas distintas fases do procedemento de concesión de subvencións:

- A regulación das bases non é conforme a dereito, non quedando salvagardada a integridade dos fondos públicos. Os filtros de control establecidos polo Decreto 287/2000 evidenciaron serias debilidades.

- En relación coa fase de xestión das axudas, no 2002 e 2003 as mesmas foron satisfeitas contra a presentación de meras certificacións de gasto, sen que a súa adxudicación se axustara á concorrencia competitiva. Nos posteriores, 2004 e 2005, non se requiriu a proba de pagamento das facturas. Na totalidade dos exercicios aceptáronse *recibís* como xustificación válida dos pagamentos realizados ao persoal directivo e colaborador das Federacións, así como dos pagamentos das axudas aos clubs. Non se verificou a esixencia de rendición dunha conta xustificativa da actividade global de federacións e clubs deportivos. Non se efectuou a publicación das axudas concedidas, en menoscabo do interese público e da transparencia esixible aos procedementos de concorrencia competitiva. A participación do órgano xestor na fase de xustificación das axudas vaise reducida á mera tramitación dos pagamentos. Pola súa banda, a Intervención realiza os seus controis baixo a modalidade de *fiscalización limitada*. Sen que exista

constancia do exercicio, por parte do control interno, da *fiscalización plena de carácter posterior* en ningún dos exercicios fiscalizados.

- En relación coa fase posterior á xustificación, a Dirección Xeral para o Deporte ordenou a realización de auditorías externas. Non obstante, pese verificarse a retención irregular de subvencións no patrimonio dalgunha federación (auditoría das subvencións outorgadas á FG de Automobilismo no exercicio 2005) non se produciu actuación correctora nin sancionadora ningunha.

2) Detectáronse graves deficiencias en relación coa actuación das *federacións* a título de *entidades colaboradoras* na xestión das axudas outorgadas aos clubs. A falta de resposta aos requirimentos efectuados pola Dirección Xeral para o Deporte a instancia do Consello de Contas de Galicia, así como as carencias da documentación remitida non permitiron obter evidencia, na maior parte dos casos, de que os fondos públicos foran obxecto de entrega aos seus destinatarios.

3) En relación coa actuación de *federacións e clubs* a título de *beneficiarios*, a fiscalización puxo de manifesto unha xustificación deficiente das súas actividades, particularmente no relativo aos pagamentos efectuados aos seus directivos e colaboradores. Non se verificou o cumprimento na obriga de comunicar os ingresos obtidos no exercicio da súa actividade, o que non permite garantir que a adxudicación das axudas públicas se efectuou conforme aos principios de igualdade, transparencia, eficacia, eficiencia e economía.

En materia de rendición dos xustificantes solicitados pola Dirección Xeral para o Deporte a instancia do Consello de Contas de Galicia, non se verificou a debida colaboración das federacións deportivas.

## VI.2. RECOMENDACIÓNS

Sobre a base dos traballos desenvolvidos e dos seus resultados, formúlanse as seguintes recomendacións:

- Cómpre facer efectivo o principio de cooperación e coordinación (artigo 9 da lei 11/1997 do Deporte) entre as distintas administracións públicas -autonómica, provincial e municipal- aos efectos de distribuír os fondos destinados ao deporte con criterios de eficiencia, equidade e economía, procurando unha distribución equitativa das axudas e clubs domiciliados no territorio da C.A. En particular, implementar un sistema de garantías aos efectos de evitar os supostos de sobrefinaciación dunhas entidades deportivas, federacións ou clubs deportivos, en prexuízo das restantes.

-Deberíase efectuar unha análise detallada para a repartición global dos recursos dispoñibles entre os distintos programas de gasto e as distintas federacións deportivas, ao efecto da asignación racional e equitativa dos recursos públicos. Neste sentido, deben reformularse as necesidades reais de financiamento destas entidades á vista do volume de recursos (propios e os de patrocinadores públicos e privados) de que dispoñen.

-Terase que adecuar á legalidade o contido das convocatorias de concesión de axudas que se suxeiten a concorrencia competitiva, dando cumprimento, cando resulte preceptivo, á obriga de publicar as contías adxudicadas e os seus beneficiarios.

- Deberase establecer de forma precisa o marco xurídico de actuación das federacións deportivas como entidades colaboradoras na xestión das axudas públicas.

- Cómpre reforzar os mecanismos de control interno en relación coas actuacións dos órganos xestores e interventores da axuda, favorecendo a implantación de sistemas de control financeiros de carácter posterior. Implementar, no seu caso, as actuacións correctoras que se deriven das irregularidades detectadas con motivo dos citados controis.

- Deberase establecer, con carácter detallado, os medios de xustificación das axudas, efectuando comprobacións relativas ao axuste e realidade das actividades executadas en relación coas presupostadas. Debe procederse á implantación da esixencia dos modelos de xustificación (conta xustificativa, gasto por módulos, presentación de estados contables) recollidos no artigo 30.1 Lei Xeral de Subvencións. Pode establecerse, por razón de contía, unha conta xustificativa simplificada na que de xeito agregado se informe das actuacións desenvolvidas e dos ingresos e gastos vinculados á actividade subvencional. Esta opción debe completarse cun axeitado sistema de control mediante as técnicas de mostraxe. Debe requirirse, en todo caso, a proba material do

pagamento das facturas, recomendándose a práctica do seu estampillado aos efectos de evitar a presentación dos mesmos gastos en máis dunha entidade pública.

- Debe ser obxecto de regulación detallada a natureza dos gastos que revisten carácter subvencionable, limitándoos, ao efecto de optimizar a aplicación dos recursos, aos estritamente afectados á consecución de finalidades públicas.

- Debe verificarse en todo caso o cumprimento das obrigas de achega dos certificados de débeda coa Facenda Pública e a Seguridade Social, implementar as posibilidades que a normativa aplicable ofrece, e que esixe a mellora dos mecanismos de coordinación interadministrativa.

- En relación cos supostos nos que se detectou a falta de xustificación das axudas por parte das federacións e clubs, a Dirección Xeral para o Deporte deberá instar destas entidades a debida rendición destas, procedendo, no seu caso, ao reintegro das contías insuficientemente xustificadas. O anterior debe entenderse sen prexuízo do exercicio da potestade sancionadora nos termos establecidos na normativa das axudas.

# ANEXOS

# ANEXO I – AXUDAS OUTORGADAS ÁS FEDERACIÓNS - EXERCICIO 2002

| | FEDERACIÓN GALEGA | EXERCICIO 2002 | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Sub. 480.1 | Subconcepto 480.0 | | | | | Total Orde 2002 |
| | | I Y II | I | II Y IV | III Resto Clubs | III Clubs Coruña | III Clubs Pontevedra | |
| 1 | ACTIV. SUBACUÁT. | | | 21.637,00 | 418,39 | 4.588,63 | 2.988,76 | 29.632,78 |
| 2 | AERONÁUTICA | | | 28.548,00 | 3.005,05 | 7.512,65 | | 39.065,70 |
| 3 | ATLETISMO | 45.447,19 | | 155.211,00 | 25.974,05 | 100.078,86 | 54.120,18 | 380.831,28 |
| 4 | AUTOMOBILISMO | | 7.350,64 | 34.558,00 | 24.543,83 | 80.144,96 | 44.565,05 | 191.162,48 |
| 5 | BÁDMINTON | | 12.020,24 | 33.056,00 | 1.412,38 | 8.714,68 | 7.332,35 | 62.535,65 |
| 6 | BALONCESTO | | 21.035,42 | 145.746,00 | 215.943,65 | 378.878,03 | 383.824,95 | 1.145.428,05 |
| 7 | BALONMÁN | | 6.611,13 | 82.639,00 | 1.803,04 | 37.863,76 | 433.630,23 | 562.547,16 |
| 8 | BÉISBOL | | | 10.518,00 | 1.667,81 | 8.714,68 | 601,01 | 21.501,50 |
| 9 | BILLAR | 42.070,85 | | 12.020,00 | | | | 54.090,85 |
| 10 | BOLOS | | | 12.020,00 | | | 3.606,07 | 15.626,07 |
| 11 | BOXEO | | | 7.513,00 | | | 3.606,07 | 11.119,07 |
| 12 | CAZA | | | 36.061,00 | | | | 36.061,00 |
| 13 | CICLISMO | 81.136,63 | | 63.106,00 | 11.458,55 | 57.586,18 | 105.097,67 | 318.385,03 |
| 14 | COLOMBOFILIA | | | 10.217,00 | | | | 10.217,00 |
| 15 | COLUMBICULTURA | | | 3.606,00 | | | | 3.606,00 |
| 16 | CHAVE | | | 6.010,00 | | | | 6.010,00 |
| 17 | DEPORTES INVERNO | | 3.005,06 | 13.523,00 | | | | 16.528,06 |
| 18 | DEPORTES M. FÍSICOS | | | 18.030,00 | | 10.464,00 | 18.384,12 | 46.878,12 |
| 19 | DEPORTES M. PSÍQ. | | | 22.538,00 | | 1.971,09 | 5.843,59 | 30.352,68 |
| 20 | DEPORTES XORDOS | | | 6.611,00 | | 3.005,06 | | 9.616,06 |
| 21 | ESGRIMA | | 6.010,12 | 22.538,00 | | 9.736,40 | 406,96 | 38.691,48 |
| 22 | ESPELEOLOXÍA | | | 21.035,00 | 2.545,62 | 1.964,60 | 2.485,56 | 28.030,78 |
| 23 | ESQUÍ NÁUTICO | | | 9.015,00 | | | | 9.015,00 |
| 24 | FÚTBOL | | | 60.101,00 | 207.289,07 | 576.490,81 | 589.953,48 | 1.433.834,36 |
| 25 | FÚTBOL SALA | | 6.010,12 | 131.321,00 | 210.053,73 | 157.765,68 | 91.654,35 | 596.804,88 |
| 26 | GOLF | | | 24.041,00 | | 2.404,05 | 2.404,05 | 28.849,10 |
| 27 | HALTEROFILIA | | 10.517,71 | 27.046,00 | 1.188,80 | 6.675,45 | 2.366,18 | 47.794,14 |
| 28 | HÍPICA | 36.060,73 | | 39.066,00 | 3.459,06 | 48.709,75 | 12.587,01 | 139.882,55 |
| 29 | HÓCKEY | | 12.020,24 | 30.051,00 | 55.503,47 | 22.598,06 | 4.687,89 | 124.860,66 |
| 30 | JUDO E D.A. | | 39.065,79 | 45.076,00 | 371,00 | 23.002,60 | 6.310,00 | 113.825,39 |
| 31 | KARATE E D.A. | | 27.045,54 | 24.041,00 | | | | 51.086,54 |
| 32 | KUNG-FU | | | 21.636,00 | | | | 21.636,00 |
| 33 | LOITA | | 27.045,54 | 42.071,00 | 1.870,00 | 9.210,12 | 10.900,00 | 91.096,66 |
| 34 | MONTAÑISMO | | 6.010,12 | 42.071,00 | 901,52 | 3.005,07 | 10.217,21 | 62.204,92 |
| 35 | MOTOCICLISMO | | 10.517,71 | 33.056,00 | 1.940,00 | 25.486,00 | 36.748,00 | 107.747,71 |
| 36 | MOTONÁUTICA | | | 18.030,00 | 240,42 | 3.245,46 | 8.293,94 | 29.809,82 |
| 37 | NATACIÓN | 39.065,79 | | 57.096,00 | 10.516,49 | 33.550,14 | 15.878,87 | 156.107,29 |
| 38 | PATINAXE | | 46.578,44 | 49.584,00 | 5.191,87 | 396.795,32 | 82.465,50 | 580.615,13 |
| 39 | PELOTA | | | 28.548,00 | | 3.005,06 | | 31.553,06 |
| 40 | PÉNTATLON E TRIA. | | 27.045,54 | 21.035,00 | 3.982,62 | 1.327,03 | 682,27 | 54.072,46 |
| 41 | PESCA E CASTING | | | 7.212,00 | | | | 7.212,00 |
| 42 | PETANCA | | | 15.025,00 | | | 4.808,10 | 19.833,10 |
| 43 | PIRAGüISMO | | 51.086,03 | 94.659,00 | | | | 145.745,03 |
| 44 | REMO | 63.106,27 | | 60.101,00 | | | | 123.207,27 |
| 45 | RUGBY | | | 30.051,00 | 3.726,28 | 48.802,18 | 27.947,06 | 110.526,52 |
| 46 | SALVAMENTO E SOC. | | | 12.621,00 | | | | 12.621,00 |
| 47 | SQUASH | | 9.015,18 | 22.538,00 | 420,00 | 2.488,00 | 1.480,00 | 35.941,18 |
| 48 | SURF | | | 9.015,00 | | 3.860,00 | 2.150,00 | 15.025,00 |
| 49 | TAEKWONDO | | 12.020,24 | 34.558,00 | | 7.512,65 | | 54.090,89 |
| 50 | TENIS | 78.131,57 | | 60.101,00 | 1.045,76 | 12.761,49 | 24.580,33 | 176.620,15 |
| 51 | TENIS DE MESA | | 9.015,18 | 28.548,00 | 1.833,09 | 39.125,89 | 13.102,06 | 91.624,22 |
| 52 | TIRO CON ARCO | | 9.015,18 | 22.538,00 | | | | 31.553,18 |
| 53 | TIRO OLÍMPICO | | 3.005,06 | 40.568,00 | 1.200,00 | 2.100,00 | 300,00 | 47.173,06 |
| 54 | VELA | 48.080,97 | | 72.122,00 | | | | 120.202,97 |
| 55 | VOLEIBOL | | 10.517,71 | 69.116,00 | 43.212,77 | 72.992,92 | 92.826,32 | 288.665,72 |
| 56 | XADREZ | | 3.005,06 | 45.076,00 | 6.310,63 | 29.509,69 | 24.401,09 | 108.302,47 |
| 57 | XIMNASIA | | 12.020,24 | 36.061,00 | 2.730,81 | 7.051,00 | 3.894,72 | 61.757,77 |
| | **TOTAL** | **433.100,00** | **386.589,24** | **2.129.536,00** | **851.759,76** | **2.250.698,00** | **2.137.131,00** | **8.188.814,00** |

| | | EXERCICIO 2002 OUTRAS APLICACIÓNS | | | | | | | | | TOTAL Orde 2002 + out. Aplic. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | FEDERACIÓN GALEGA | 0403355A 22610 | 0403355A 7800 | 1005751A 6400 | 1304231A 6400 | 1401211A 214 | 14041241B 4751 | 14042241B 4750 | 14045241B 4751 | 1503342A 7802 | |
| 1 | ACTIV. SUBACUÁT. | | | | | | | | | | **29.632,78** |
| 2 | AERONÁUTICA | | | | | | | | | | **39.065,70** |
| 3 | ATLETISMO | 3.311,81 | | | | | | | | | **384.143,09** |
| 4 | AUTOMOBILISMO | | | | | | | | | | **191.162,48** |
| 5 | BÁDMINTON | | | | | | | | | | **62.535,65** |
| 6 | BALONCESTO | 1.312,08 | | | | | 1.803,04 | | | | **1.148.543,17** |
| 7 | BALONMÁN | | | | | | | | | | **562.547,16** |
| 8 | BÉISBOL | | | | | | | | | | **21.501,50** |
| 9 | BILLAR | | | | | | | | | | **54.090,85** |
| 10 | BOLOS | | | | | | | | | | **15.626,07** |
| 11 | BOXEO | | | | | | | | | | **11.119,07** |
| 12 | CAZA | | | | | | | | | 244.960,00 | **281.021,00** |
| 13 | CICLISMO | | | | | | | | | | **318.385,03** |
| 14 | COLOMBOFILIA | | | | | | | | | | **10.217,00** |
| 15 | COLUMBICULTURA | | | | | | | | | | **3.606,00** |
| 16 | CHAVE | | | | | | | | | | **6.010,00** |
| 17 | DEPORTES DE INVERNO | | | | | | | | | | **16.528,06** |
| 18 | DEPORTES M.INUS. FÍS. | | | | | | | | | | **46.878,12** |
| 19 | DEPORTES M. PSÍQ. | | | | | | | | | | **30.352,68** |
| 20 | DEPORTES XORDOS | | | | | | | | | | **9.616,06** |
| 21 | ESGRIMA | | | | | | | | | | **38.691,48** |
| 22 | ESPELEOLOXÍA | | | | 2.500,00 | | | | | | **30.530,78** |
| 23 | ESQUÍ NÁUTICO | | | | | | | | | | **9.015,00** |
| 24 | FÚTBOL | | | | | | | | | | **1.433.834,36** |
| 25 | FÚTBOL SALA | | | | | | | | | | **596.804,88** |
| 26 | GOLF | | | | | | | | | | **28.849,10** |
| 27 | HALTEROFILIA | | | | | | | | | | **47.794,14** |
| 28 | HÍPICA | | | | | | | | | | **139.882,55** |
| 29 | HÓCKEY | | | | | | | | | | **124.860,66** |
| 30 | JUDO E D.A. | | | | | | | | | | **113.825,39** |
| 31 | KARATE E D.A. | | | | | | | | | | **51.086,54** |
| 32 | KUNG-FU | | | | | | | | | | **21.636,00** |
| 33 | LOITA | | | | | | | | | | **91.096,66** |
| 34 | MONTAÑISMO | | | | 2.500,00 | | | | | | **64.704,92** |
| 35 | MOTOCICLISMO | | | | | | | | | | **107.747,71** |
| 36 | MOTONÁUTICA | | | | | | | | | | **29.809,82** |
| 37 | NATACIÓN | | | | | | | | | | **156.107,29** |
| 38 | PATINAXE | | | | | | | | | | **580.615,13** |
| 39 | PELOTA | | | | | | | | | | **31.553,06** |
| 40 | PÉNTATLON E TRIA | | | | | | | 3.005,06 | | | **57.077,52** |
| 41 | PESCA E CASTING | | | | | | | | | 101.520,12 | **108.732,12** |
| 42 | PETANCA | | | | | | | | | | **19.833,10** |
| 43 | PIRAGüISMO | | 30.000,00 | 36.060,73 | | | | | 6.010,12 | | **217.815,88** |
| 44 | REMO | | 30.000,00 | | | | | | | | **153.207,27** |
| 45 | RUGBY | | | | | | | | | | **110.526,52** |
| 46 | SALVAMENTO E S. | | | | | | | | | | **12.621,00** |
| 47 | SQUASH | | | | | | | | | | **35.941,18** |
| 48 | SURF | | | | | | | | | | **15.025,00** |
| 49 | TAEKWONDO | | | | | | | | | | **54.090,89** |
| 50 | TENIS | | | | | | | | | | **176.620,15** |
| 51 | TENIS DE MESA | | | | | | | | | | **91.624,22** |
| 52 | TIRO CON ARCO | | | | | | | | | | **31.553,18** |
| 53 | TIRO OLÍMPICO | | | | | | | | | | **47.173,06** |
| 54 | VELA | | 30.000,00 | 21.000,00 | | 5.600,00 | | | | | **176.802,97** |
| 55 | VOLEIBOL | | | | | | | | | | **288.665,72** |
| 56 | XADREZ | | | | | | | | | | **108.302,47** |
| 57 | XIMNASIA | | | | | | | | | | **61.757,77** |
| | **TOTAL** | **4.623,89** | **90.000,00** | **57.060,73** | **5.000,00** | **5.600,00** | **1.803,04** | **3.005,06** | **6.010,12** | **346.480,12** | **8.708.396,96** |

# ANEXO II – AXUDAS OUTORGADAS ÁS FEDERACIÓNS - EXERCICIO 2003

| | EXERCICIO 2003 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | FEDERACIÓN GALEGA | II e IV | I e II | III Clubs non incluídos Convenio,pago a Federacións | III Clubs con domicilio Pontevedra | Total Orde 2003 |
| 1 | ACTIVIDADES SUBAC. | 21.500,00 | 0,00 | 2.627,07 | 3.159,86 | 27.286,93 |
| 2 | AERONÁUTICA | 29.000,00 | | 6.010,12 | | 35.010,12 |
| 3 | ATLETISMO | 145.520,00 | 56.000,00 | 20.927,44 | 46.235,16 | 268.682,60 |
| 4 | AUTOMOBILISMO | 34.500,00 | 0,00 | 60.780,00 | 55.724,00 | 151.004,00 |
| 5 | BÁDMINTON | 33.500,00 | 15.000,00 | 4.266,00 | 7.330,00 | 60.096,00 |
| 6 | BALONCESTO | 146.091,00 | 25.000,00 | 133.438,00 | 90.966,00 | 395.495,00 |
| 7 | BALONMÁN | 82.930,00 | 10.000,00 | 9.607,00 | 21.616,00 | 124.153,00 |
| 8 | BÉISBOL | 11.000,00 | | 6.093,00 | 700,00 | 17.793,00 |
| 9 | BILLAR | 12.500,00 | | | | 12.500,00 |
| 10 | BOLOS | 12.500,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 12.500,00 |
| 11 | BOXEO | 8.000,00 | | | 3.600,00 | 11.600,00 |
| 12 | CAZA | 39.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 39.000,00 |
| 13 | CICLISMO | 63.500,00 | 90.000,00 | 29.203,51 | 105.852,22 | 288.555,73 |
| 14 | COLOMBOFILIA | 10.200,00 | 6.000,00 | | | 16.200,00 |
| 15 | COLUMBICULTURA | 3.600,00 | | | | 3.600,00 |
| 16 | CHAVE | 6.500,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 6.500,00 |
| 17 | DEPORTES INVERNO | 15.000,00 | | | | 15.000,00 |
| 18 | DEPORTES D. FÍSICOS | 18.500,00 | | 4.651,20 | 4.867,20 | 28.018,40 |
| 19 | DEPORTES M. PSÍQ. | 23.000,00 | 0,00 | 749,11 | 6.316,46 | 30.065,57 |
| 20 | DEPORTES XORDOS | 7.500,00 | | | | 7.500,00 |
| 21 | ESGRIMA | 23.000,00 | 9.000,00 | 4.868,18 | 406,96 | 37.275,14 |
| 22 | ESPELEOLOXÍA | 21.000,00 | 0,00 | 2.946,50 | 3.635,40 | 27.581,90 |
| 23 | ESQUÍ NÁUTICO | 9.500,00 | | | | 9.500,00 |
| 24 | FÚTBOL | 70.000,00 | | 325.465,00 | 338.904,08 | 734.369,08 |
| 25 | FÚTBOL SALA | 123.061,00 | 9.000,00 | 51.607,80 | 35.624,00 | 219.292,80 |
| 26 | GOLF | 24.500,00 | 0 | 1.400,00 | 2.000,00 | 27.900,00 |
| 27 | HALTEROFILIA | 27.500,00 | 12.000,00 | 4.526,52 | 2.366,16 | 46.392,68 |
| 28 | HÍPICA | 39.500,00 | 49.500,00 | 12.740,98 | 12.682,04 | 114.423,02 |
| 29 | HÓCKEY | 30.000,00 | 12.000,00 | 6.800,00 | | 48.800,00 |
| 30 | JUDO E D.A. | 45.500,00 | 42.000,00 | 9.758,62 | 7.118,30 | 104.376,92 |
| 31 | KARATE E D.A. | 24.500,00 | 27.500,00 | | | 52.000,00 |
| 32 | KUNG-FU | 22.000,00 | | | | 22.000,00 |
| 33 | LOITA | 39.500,00 | 36.000,00 | 3.470,00 | 10.900,00 | 89.870,00 |
| 34 | MONTAÑISMO | 33.500,00 | 15.000,00 | 2.920,00 | 6.180,00 | 57.600,00 |
| 35 | MOTOCICLISMO | 33.500,00 | 10.500,00 | 16.386,00 | 33.342,00 | 93.728,00 |
| 36 | MOTONÁUTICA | 18.500,00 | | 1.840,00 | 8.200,00 | 28.540,00 |
| 37 | NATACIÓN | 57.500,00 | 40.000,00 | 22.129,98 | 14.879,08 | 134.509,06 |
| 38 | PATINAXE | 49.500,00 | 60.000,00 | 32.448,39 | 15.561,22 | 157.509,61 |
| 39 | PELOTA | 28.500,00 | | | | 28.500,00 |
| 40 | PÉNTATLON E TRIA. | 22.500,00 | 30.000,00 | 1.087,00 | 766,00 | 54.353,00 |
| 41 | PESCA E CASTING | 8.500,00 | | | | 8.500,00 |
| 42 | PETANCA | 13.000,00 | | | 4.808,00 | 17.808,00 |
| 43 | PIRAGüISMO | 95.000,00 | 51.000,00 | | | 146.000,00 |
| 44 | REMO | 60.500,00 | 82.000,00 | | | 142.500,00 |
| 45 | RUGBY | 30.500,00 | | 6.000,00 | 2.400,00 | 38.900,00 |
| 46 | SALVAMENTO E SOC. | 13.500,00 | | | | 13.500,00 |
| 47 | SQUASH | 23.000,00 | 9.000,00 | 1.552,00 | 1.704,00 | 35.256,00 |
| 48 | SURF | 10.000,00 | | 2.500,00 | 3.300,00 | 15.800,00 |
| 49 | TAEKWONDO | 34.500,00 | 20.000,00 | | | 54.500,00 |
| 50 | TENIS | 60.500,00 | 79.000,00 | 8.130,50 | 14.727,20 | 162.357,70 |
| 51 | TENIS DE MESA | 29.000,00 | 9.000,00 | 13.806,00 | 17.166,00 | 68.972,00 |
| 52 | TIRO CON ARCO | 23.500,00 | 12.000,00 | | | 35.500,00 |
| 53 | TIRO OLÍMPICO | 41.000,00 | 3.000,00 | 1.800,00 | 1.200,00 | 47.000,00 |
| 54 | VELA | 73.000,00 | 62.000,00 | | | 135.000,00 |
| 55 | VOLEIBOL | 70.030,00 | 15.000,00 | 15.788,00 | 6.390,00 | 107.208,00 |
| 56 | XADREZ | 45.018,00 | 3.000,00 | 20.370,00 | 23.760,00 | 92.148,00 |
| 57 | XIMNASIA | 36.000,00 | 12.000,00 | 6.235,00 | 3.934,00 | 58.169,00 |
| | TOTAL | 2.133.450,00 | 911.500,00 | 854.928,92 | 918.321,34 | 4.818.200,26 |

# ANEXO III – AXUDAS OUTORGADAS ÁS FEDERACIÓNS - EXERCICIO 2004

| | | EXERCICIO 2003 OUTRAS APLICACIÓNS | | | | | | | | TOTAL Orde 2003 + out. Aplic. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | FEDERACIÓN GALEGA | 0706 353E4800 | 1005 751A6400 | 1304 231A6400 | 1406 355A22610 | 1406 355A7800 | 1406 355A7810 | 1503 342A7802 | 1503 342A7803 | |
| 1 | ACTIVIDADES SUBAC. | | | | | | | | | 27.286,93 |
| 2 | AERONÁUTICA | | | | | | | | | 35.010,12 |
| 3 | ATLETISMO | | | | | | | | | 268.682,60 |
| 4 | AUTOMOBILISMO | | | | | | | | | 151.004,00 |
| 5 | BÁDMINTON | | | | | | | | | 60.096,00 |
| 6 | BALONCESTO | | | | 2.074,00 | | | | | 397.569,00 |
| 7 | BALONMÁN | | | | 220,00 | | | | | 124.373,00 |
| 8 | BÉISBOL | | | | | | | | | 17.793,00 |
| 9 | BILLAR | | | | | | | | | 12.500,00 |
| 10 | BOLOS | | | | | | | | | 12.500,00 |
| 11 | BOXEO | | | | | | | | | 11.600,00 |
| 12 | CAZA | | | | | | | 42.500,00 | 43.725,00 | 125.225,00 |
| 13 | CICLISMO | | | | | | | | | 288.555,73 |
| 14 | COLOMBOFILIA | | | | | | | | | 16.200,00 |
| 15 | COLUMBICULTURA | | | | | | | | | 3.600,00 |
| 16 | CHAVE | | | | | | | | | 6.500,00 |
| 17 | DEPORTES INVERNO | | | | | | | | | 15.000,00 |
| 18 | DEPORTES D. FÍSICOS | | | | | | | | | 28.018,40 |
| 19 | DEPORTES M. PSÍQ. | | | | | | | | | 30.065,57 |
| 20 | DEPORTES XORDOS | | | | | | | | | 7.500,00 |
| 21 | ESGRIMA | | | | | | | | | 37.275,14 |
| 22 | ESPELEOLOXÍA | 480,00 | | 3.000,00 | | | | | | 31.061,90 |
| 23 | ESQUÍ NÁUTICO | | | | | | | | | 9.500,00 |
| 24 | FÚTBOL | | | | | | | | | 734.369,08 |
| 25 | FÚTBOL SALA | | | | 403,02 | | | | | 219.695,82 |
| 26 | GOLF | | | | | | 300.000,00 | | | 327.900,00 |
| 27 | HALTEROFILIA | | | | | | | | | 46.392,68 |
| 28 | HÍPICA | | | | | | | | | 114.423,02 |
| 29 | HÓCKEY | | | | | | | | | 48.800,00 |
| 30 | JUDO E D.A. | | | | | | | | | 104.376,92 |
| 31 | KARATE E D.A. | | | | | | | | | 52.000,00 |
| 32 | KUNG-FU | | | | | | | | | 22.000,00 |
| 33 | LOITA | | | | | | | | | 89.870,00 |
| 34 | MONTAÑISMO | | | 3.500,00 | | | | | | 61.100,00 |
| 35 | MOTOCICLISMO | 790,00 | | | | | | | | 94.518,00 |
| 36 | MOTONÁUTICA | | | | | | | | | 28.540,00 |
| 37 | NATACIÓN | | | | | | | | | 134.509,06 |
| 38 | PATINAXE | | | | | | | | | 157.509,61 |
| 39 | PELOTA | | | | | | | | | 28.500,00 |
| 40 | PÉNTATLON E TRIA . | | | | | | | | | 54.353,00 |
| 41 | PESCA E CASTING | | | | | | | 36.000,00 | | 44.500,00 |
| 42 | PETANCA | | | | | | | | | 17.808,00 |
| 43 | PIRAGüISMO | | 18.030,00 | | | | | | | 164.030,00 |
| 44 | REMO | | | | | | | | | 142.500,00 |
| 45 | RUGBY | | | | | | | | | 38.900,00 |
| 46 | SALVAMENTO E SOC. | 1.220,00 | | 3.500,00 | | | | | | 18.220,00 |
| 47 | SQUASH | | | | | | | | | 35.256,00 |
| 48 | SURF | | | | | | | | | 15.800,00 |
| 49 | TAEKWONDO | | | | | | | | | 54.500,00 |
| 50 | TENIS | | | | | | | | | 162.357,70 |
| 51 | TENIS DE MESA | | | | | | | | | 68.972,00 |
| 52 | TIRO CON ARCO | | | | | | | | | 35.500,00 |
| 53 | TIRO OLÍMPICO | | | | | | | | | 47.000,00 |
| 54 | VELA | | 21.000,00 | | | 31.000,00 | | | | 187.000,00 |
| 55 | VOLEIBOL | | | | | | | | | 107.208,00 |
| 56 | XADREZ | | | | | | | | | 92.148,00 |
| 57 | XIMNASIA | | | | | | | | | 58.169,00 |
| | TOTAL | 2.490,00 | 39.030,00 | 10.000,00 | 2.697,02 | 31.000,00 | 300.000,00 | 78.500,00 | 43.725,00 | 5.325.642,28 |

| | FEDERACIÓN GALEGA | EXERCICIO 2004 | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | PROGRAMAS | | | | | | Total Orde 2004 |
| | | I | II | III | IV | V | VI | |
| 1 | ACT. SUBACUÁTICAS | 4.000,00 | 21.000,00 | 0,00 | 3.000,00 | 4.500,00 | 0,00 | 32.500,00 |
| 2 | AERONÁUTICA | 10.000,00 | 30.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 40.000,00 |
| 3 | ATLETISMO | 86.000,00 | 84.525,00 | 0,00 | 58.000,00 | 46.247,00 | 42.465,00 | 317.237,00 |
| 4 | AUTOMOBILISMO | 15.950,00 | 23.000,00 | 0,00 | 0,00 | 95.074,00 | 3.000,00 | 137.024,00 |
| 5 | BÁDMINTON | 17.600,00 | 20.000,00 | 0,00 | 24.000,00 | 8.300,00 | 8.275,00 | 78.175,00 |
| 6 | BALONCESTO | 61.600,00 | 41.400,00 | 0,00 | 40.000,00 | 96.842,00 | 65.444,00 | 305.286,00 |
| 7 | BALONMÁN | 36.190,00 | 36.500,00 | 0,00 | 20.000,00 | 21.500,00 | 21.786,00 | 135.976,00 |
| 9 | BILLAR | 6.000,00 | 11.500,00 | 0,00 | 9.000,00 | 0,00 | 6.000,00 | 32.500,00 |
| 10 | BOLOS | 1.500,00 | 15.000,00 | 0,00 | 0,00 | 2.000,00 | 0,00 | 18.500,00 |
| 11 | BOXEO | 4.400,00 | 4.600,00 | 0,00 | 0,00 | 3.600,00 | 0,00 | 12.600,00 |
| 12 | CAZA | 13.200,00 | 29.700,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 42.900,00 |
| 13 | CHAVE | 3.000,00 | 6.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 9.000,00 |
| 14 | CICLISMO | 25.850,00 | 44.000,00 | 2.200,00 | 48.000,00 | 86.236,00 | 60.000,00 | 266.286,00 |
| 15 | COLOMBOFILIA | 2.500,00 | 12.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 12.000,00 | 26.500,00 |
| 16 | COLUMBICULTURA | 2.500,00 | 3.500,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 6.000,00 |
| 17 | DEPOR. DE INVERNO | 7.800,00 | 11.000,00 | 0,00 | 0,00 | 1.200,00 | 0,00 | 20.000,00 |
| 18 | DEP.MINUS. FÍSICOS | 10.500,00 | 10.500,00 | 0,00 | 0,00 | 7.500,00 | 0,00 | 28.500,00 |
| 19 | DEP.MIN. PSÍQUICOS | 10.800,00 | 16.800,00 | 0,00 | 3.000,00 | 4.492,00 | 0,00 | 35.092,00 |
| 20 | DEPORTES XORDOS | 5.000,00 | 10.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 15.000,00 |
| 21 | ESGRIMA | 8.800,00 | 17.250,00 | 0,00 | 18.000,00 | 5.275,00 | 2.500,00 | 51.825,00 |
| 22 | ESPELEOLOXÍA | 12.500,00 | 5.500,00 | 5.500,00 | 0,00 | 5.002,00 | | 28.502,00 |
| 23 | ESQUÍ NÁUTICO | 4.000,00 | 6.500,00 | 1.500,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 12.000,00 |
| 24 | FÚTBOL | 40.000,00 | 40.500,00 | 0,00 | 0,00 | 405.717,00 | 4.000,00 | 490.217,00 |
| 25 | FÚTBOL SALA | 40.000,00 | 56.000,00 | 0,00 | 12.000,00 | 45.480,00 | 57.737,00 | 211.217,00 |
| 26 | GOLF | 6.000,00 | 23.000,00 | 0,00 | 9.000,00 | 0,00 | 0,00 | 38.000,00 |
| 27 | HALTEROFILIA | 13.750,00 | 17.000,00 | 0,00 | 19.200,00 | 6.000,00 | 2.000,00 | 57.950,00 |
| 28 | HÍPICA | 15.950,00 | 28.600,00 | 0,00 | 18.000,00 | 20.036,00 | | 82.586,00 |
| 29 | HÓCKEY | 17.500,00 | 19.500,00 | 0,00 | 15.000,00 | 7.500,00 | 0,00 | 59.500,00 |
| 30 | JUDO E D.A. | 28.050,00 | 23.000,00 | 0,00 | 67.200,00 | 13.984,00 | 10.596,00 | 142.830,00 |
| 31 | KARATE E D.A. | 14.200,00 | 14.250,00 | 0,00 | 36.000,00 | 0,00 | 2.500,00 | 66.950,00 |
| 32 | KUNG-FU | 10.000,00 | 15.000,00 | 0,00 | 6.000,00 | 0,00 | 600,00 | 31.600,00 |
| 33 | LOITA | 16.500,00 | 34.000,00 | 0,00 | 44.000,00 | 9.366,00 | 4.500,00 | 108.366,00 |
| 34 | MONTAÑISMO | 16.500,00 | 21.000,00 | 0,00 | 3.000,00 | 6.311,00 | 0,00 | 46.811,00 |
| 35 | MOTOCICLISMO | 13.200,00 | 24.500,00 | 0,00 | 13.650,00 | 34.700,00 | 0,00 | 86.050,00 |
| 36 | MOTONÁUTICA | 9.000,00 | 12.000,00 | 0,00 | 3.000,00 | 6.200,00 | 0,00 | 30.200,00 |
| 37 | NATACIÓN | 22.000,00 | 43.000,00 | 0,00 | 95.000,00 | 31.048,00 | 8.876,00 | 199.924,00 |
| 38 | PATINAXE | 18.700,00 | 37.000,00 | 0,00 | 39.000,00 | 42.240,00 | 0,00 | 136.940,00 |
| 39 | PELOTA | 2.728,00 | 25.000,00 | 0,00 | 0,00 | 6.000,00 | 0,00 | 33.728,00 |
| 40 | PÉNTATLON E TRIA. | 23.550,00 | 13.200,00 | 0,00 | 60.000,00 | 1.544,00 | 9.420,00 | 107.714,00 |
| 41 | PESCA E CASTING | 5.000,00 | 8.000,00 | 0,00 | 0,00 | 3.000,00 | 0,00 | 16.000,00 |
| 42 | PETANCA | 0,00 | 14.000,00 | 0,00 | 0,00 | 2.500,00 | 0,00 | 16.500,00 |
| 43 | PIRAGüISMO | 60.500,00 | 46.000,00 | 0,00 | 76.000,00 | 0,00 | 0,00 | 182.500,00 |
| 44 | REMO | 20.500,00 | 40.000,00 | 0,00 | 40.000,00 | 0,00 | 48.000,00 | 148.500,00 |
| 45 | RUGBY | 13.200,00 | 21.000,00 | 0,00 | 9.000,00 | 7.560,00 | 0,00 | 50.760,00 |
| 46 | SALVAM. E SOCORR. | 7.150,00 | 8.500,00 | 0,00 | 6.000,00 | 0,00 | 0,00 | 21.650,00 |
| 47 | SQUASH | 4.750,00 | 17.400,00 | 500,00 | 14.000,00 | 2.500,00 | 2.000,00 | 41.150,00 |
| 48 | SURF | 10.000,00 | 5.000,00 | 0,00 | 9.000,00 | 4.600,00 | 2.000,00 | 30.600,00 |
| 49 | TAEKWONDO | 9.500,00 | 25.000,00 | 5.000,00 | 40.000,00 | 0,00 | 3.000,00 | 82.500,00 |
| 50 | TENIS | 33.000,00 | 33.550,00 | 0,00 | 90.000,00 | 16.269,00 | 10.000,00 | 182.819,00 |
| 51 | TENIS DE MESA | 16.305,00 | 12.810,00 | 2.500,00 | 10.225,00 | 25.000,00 | 3.100,00 | 69.940,00 |
| 52 | TIRO CON ARCO | 11.000,00 | 17.000,00 | 0,00 | 19.200,00 | 0,00 | 1.000,00 | 48.200,00 |
| 53 | TIRO OLÍMPICO | 16.500,00 | 29.500,00 | 0,00 | 6.000,00 | 2.520,00 | 1.500,00 | 56.020,00 |
| 54 | VELA | 15.000,00 | 78.800,00 | 0,00 | 75.000,00 | 0,00 | 0,00 | 168.800,00 |
| 55 | VOLEIBOL | 22.000,00 | 37.000,00 | 0,00 | 25.000,00 | 20.000,00 | 22.840,00 | 126.840,00 |
| 56 | XADREZ | 20.000,00 | 18.000,00 | 1.100,00 | 9.000,00 | 34.000,00 | 14.548,00 | 96.648,00 |
| 57 | XIMNASIA | 12.100,00 | 27.500,00 | 1.375,00 | 24.000,00 | 8.612,00 | 5.000,00 | 78.587,00 |
| | **TOTAL** | **933.823,00** | **1.345.885,00** | **19.675,00** | **1.115.475,00** | **1.150.455,00** | **434.687,00** | **5.000.000,00** |

| | EXERCICIO 2004<br>OUTRAS APLICACIÓNS | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | FEDERACIÓN GALEGA | 0706<br>353E4800 | 1005<br>651A6400 | 1203<br>721B6400 | 1303<br>231A6400 | 1404<br>355A22610 | 1404<br>355A227<br>06 | 1404<br>355A780 | 1404<br>355A7801 | 1503<br>342A6402 | 1503<br>342A7801 | 16041<br>241A4702 | 16041<br>241B4751 | TOTAL<br>Orde 2004<br>+ out. Aplic. |
| 1 | ACT. SUBACUÁT. | | | | | | | | | | | | | 32.500,00 |
| 2 | AERONÁUTICA | | | | | | | | | | | | | 40.000,00 |
| 3 | ATLETISMO | | | | | 7.495,90 | | | | | | | | 324.732,90 |
| 4 | AUTOMOBILISMO | | | | | | | | | | | | | 137.024,00 |
| 5 | BÁDMINTON | | | | | | | 9.000,00 | | | | | | 87.175,00 |
| 6 | BALONCESTO | | | | | 6.547,40 | | | | | | | | 311.833,40 |
| 7 | BALONMÁN | | | | | 3.715,48 | | | | | | | | 139.691,48 |
| 9 | BILLAR | | | | | | | | | | | | | 32.500,00 |
| 10 | BOLOS | | | | | | | | | | | | | 18.500,00 |
| 11 | BOXEO | | | | | | | | | | | | | 12.600,00 |
| 12 | CAZA | | | | | | | 15.000,00 | | 35.848,08 | 41.900,00 | | 2.400,00 | 138.048,08 |
| 13 | CHAVE | | | | | | | | | | | | | 9.000,00 |
| 14 | CICLISMO | | | | | | | | | | | | | 266.286,00 |
| 15 | COLOMBOFILIA | | | | | | | | | | | | | 26.500,00 |
| 16 | COLUMBICUL. | | | | | | | | | | | | | 6.000,00 |
| 17 | DEPOR. INVERNO | | | | | | | | | | | | | 20.000,00 |
| 18 | DEP.MINUS. FÍS. | | | | | | | | | | | | | 28.500,00 |
| 19 | DEP.M. PSÍQUICOS | | | | | | | | | | | | | 35.092,00 |
| 20 | DEPORTES XOR. | | | | | | | | | | | | | 15.000,00 |
| 21 | ESGRIMA | | | | | | | 18.000,00 | | | | | | 69.825,00 |
| 22 | ESPELEOLOXÍA | 480,00 | | | 4.000,00 | | | 8.000,00 | | | | | | 40.982,00 |
| 23 | ESQUÍ NÁUTICO | | | | | | | | | | | | | 12.000,00 |
| 24 | FÚTBOL | | | | | | | | | | | | | 490.217,00 |
| 25 | FÚTBOL SALA | | | | | 5.107,60 | | | | | | | | 216.324,60 |
| 26 | GOLF | | | | | | | | | | | | | 38.000,00 |
| 27 | HALTEROFILIA | | | | | | | 3.000,00 | | | | 3.907,00 | | 64.857,00 |
| 28 | HÍPICA | | | | | | | | | | | | | 82.586,00 |
| 29 | HÓCKEY | | | | | | | | | | | | | 59.500,00 |
| 30 | JUDO E D.A. | | | | | | | 4.000,00 | | | | | | 146.830,00 |
| 31 | KARATE E D.A. | | | | | | | | | | | | | 66.950,00 |
| 32 | KUNG-FU | | | | | | | | | | | | | 31.600,00 |
| 33 | LOITA | | | | | 3.012,00 | | | | | | | | 111.378,00 |
| 34 | MONTAÑISMO | | | | 4.000,00 | | | 5.000,00 | | | | | | 55.811,00 |
| 35 | MOTOCICLISMO | 670,00 | | | | | | | | | | | | 86.720,00 |
| 36 | MOTONÁUTICA | | | | | | | | | | | | | 30.200,00 |
| 37 | NATACIÓN | | | | | 3.000,00 | | | | | | | | 202.924,00 |
| 38 | PATINAXE | | | | | | | | | | | | | 136.940,00 |
| 39 | PELOTA | | | | | | | | | | | | | 33.728,00 |
| 40 | PÉNTATLON E TRI. | | | | | | | | | | | | | 107.714,00 |
| 41 | PESCA E CASTING | | | | | | | | | | | | | 16.000,00 |
| 42 | PETANCA | | | | | | | | | | | | | 16.500,00 |
| 43 | PIRAGüISMO | | 30.000,00 | 15.000,00 | | | | | 25.000,00 | | | | | 252.500,00 |
| 44 | REMO | | | | | | | | | | | | | 148.500,00 |
| 45 | RUGBY | | | | | | | | | | | | | 50.760,00 |
| 46 | SALVAM. E SOCOR. | 1.490,00 | | | | | | | | | | | | 23.140,00 |
| 47 | SQUASH | | | | | | | | | | | | | 41.150,00 |
| 48 | SURF | | | | | | | | | | | | | 30.600,00 |
| 49 | TAEKWONDO | | | | | | | | | | | | | 82.500,00 |
| 50 | TENIS | | | | | | 696,00 | | | | | | | 183.515,00 |
| 51 | TENIS DE MESA | | | | | | | | | | | | | 69.940,00 |
| 52 | TIRO CON ARCO | | | | | | | | | | | | | 48.200,00 |
| 53 | TIRO OLÍMPICO | | | | | | | 15.000,00 | | | | | | 71.020,00 |
| 54 | VELA | | 24.000,00 | | | | | | 35.000,00 | | | | | 227.800,00 |
| 55 | VOLEIBOL | | | | | 5.751,00 | | | | | | | | 132.591,00 |
| 56 | XADREZ | | | | | | | 7.500,00 | | | | | | 104.148,00 |
| 57 | XIMNASIA | | | | | | | | | | | | | 78.587,00 |
| | TOTAL | 2.640,00 | 54.000,00 | 15.000,00 | 8.000,00 | 34.629,38 | 696,00 | 84.500,00 | 60.000,00 | 35.848,08 | 41.900,00 | 3.907,00 | 2.400,00 | 5.343.520,46 |

# ANEXO IV – AXUDAS OUTORGADAS ÁS FEDERACIÓNS - EXERCICIO 2005

| EXERCICIO 2005 | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FEDERACIÓN GALEGA | | PROGRAMAS | | | | | | Total Orde 2005 |
| | | I | II | III | IV | V | VI | |
| 1 | ACTIV. SUBACUÁTICAS | 6.000,00 | 22.050,00 | 0,00 | 4.000,00 | 4.725,00 | 3.000,00 | 39.775,00 |
| 2 | AERONÁUTICA | 10.500,00 | 31.500,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 42.000,00 |
| 3 | ATLETISMO | 90.300,00 | 88.751,00 | 0,00 | 105.000,00 | 49.717,00 | 30.000,00 | 363.768,00 |
| 4 | AUTOMOBILISMO | 16.748,00 | 24.150,00 | 0,00 | 0,00 | 119.075,00 | 0,00 | 159.973,00 |
| 5 | BÁDMINTON | 18.480,00 | 28.000,00 | 0,00 | 24.000,00 | 8.800,00 | 0,00 | 79.280,00 |
| 6 | BALONCESTO | 64.680,00 | 42.449,00 | 0,00 | 48.000,00 | 104.105,00 | 54.000,00 | 313.234,00 |
| 7 | BALONMÁN | 37.999,00 | 38.325,00 | 0,00 | 24.000,00 | 23.113,00 | 18.000,00 | 141.437,00 |
| 9 | BILLAR | 6.300,00 | 12.075,00 | 0,00 | 10.800,00 | 0,00 | 6.000,00 | 35.175,00 |
| 10 | BOLOS | 4.000,00 | 18.000,00 | 0,00 | 0,00 | 2.150,00 | 3.000,00 | 27.150,00 |
| 11 | BOXEO | 6.000,00 | 6.000,00 | 0,00 | 0,00 | 6.870,00 | 0,00 | 18.870,00 |
| 12 | CAZA | 13.860,00 | 31.185,00 | 3.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 48.045,00 |
| 13 | CHAVE | 6.000,00 | 6.300,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 12.300,00 |
| 14 | CICLISMO | 33.000,00 | 46.200,00 | 2.200,00 | 49.631,00 | 92.705,00 | 60.000,00 | 283.736,00 |
| 15 | COLOMBOFILIA | 3.881,00 | 14.500,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 3.000,00 | 21.381,00 |
| 16 | COLUMBICULTURA | 4.900,00 | 4.800,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 9.700,00 |
| 17 | DEPORTES DE INVERNO | 9.000,00 | 11.000,00 | 0,00 | 0,00 | 1.290,00 | 0,00 | 21.290,00 |
| 18 | DEP. MINUS. FÍSICOS | 11.100,00 | 11.100,00 | 0,00 | 0,00 | 7.500,00 | 1.300,00 | 31.000,00 |
| 19 | DEP. MINUS. PSÍQUICOS | 12.000,00 | 16.800,00 | 0,00 | 3.600,00 | 4.717,00 | 0,00 | 37.117,00 |
| 20 | DEP. PARA XORDOS | 6.000,00 | 10.500,00 | 0,00 | 0,00 | 2.000,00 | | 18.500,00 |
| 21 | ESGRIMA | 10.000,00 | 19.000,00 | 0,00 | 20.900,00 | 6.014,00 | 0,00 | 55.914,00 |
| 22 | ESPELEOLOXÍA | 13.125,00 | 5.775,00 | 5.500,00 | 0,00 | 5.002,00 | 2.000,00 | 31.402,00 |
| 23 | ESQUÍ NÁUTICO | 6.000,00 | 6.825,00 | 1.500,00 | 3.000,00 | | | 17.325,00 |
| 24 | FÚTBOL | 42.000,00 | 42.000,00 | 0,00 | 0,00 | 435.000,00 | 0,00 | 519.000,00 |
| 25 | FÚTBOL SALA | 40.800,00 | 60.000,00 | 0,00 | 14.400,00 | 48.891,00 | 44.000,00 | 208.091,00 |
| 26 | GOLF | 6.000,00 | 24.350,00 | 0,00 | 10.800,00 | 0,00 | 0,00 | 41.150,00 |
| 27 | HALTEROFILIA | 15.000,00 | 19.000,00 | 0,00 | 21.800,00 | 6.300,00 | 0,00 | 62.100,00 |
| 28 | HÍPICA | 18.000,00 | 27.000,00 | 1.934,00 | 17.000,00 | 24.000,00 | 9.000,00 | 96.934,00 |
| 29 | HÓCKEY | 18.375,00 | 20.475,00 | 0,00 | 18.000,00 | 8.063,00 | 0,00 | 64.913,00 |
| 30 | JUDO E D.A. | 31.000,00 | 33.000,00 | 0,00 | 74.500,00 | 15.000,00 | 0,00 | 153.500,00 |
| 31 | KARATE E D.A. | 14.911,00 | 14.962,00 | 0,00 | 43.200,00 | 0,00 | 0,00 | 73.073,00 |
| 32 | KUNG-FU | 10.500,00 | 15.750,00 | 0,00 | 9.750,00 | 0,00 | 0,00 | 36.000,00 |
| 33 | LOITA | 17.325,00 | 35.700,00 | 0,00 | 50.000,00 | 10.068,00 | 3.000,00 | 116.093,00 |
| 34 | MONTAÑISMO | 17.325,00 | 22.050,00 | 3.600,00 | 3.000,00 | 6.310,00 | 0,00 | 52.285,00 |
| 35 | MOTOCICLISMO | 17.360,00 | 28.540,00 | 0,00 | 13.650,00 | 34.700,00 | 0,00 | 94.250,00 |
| 36 | MOTONÁUTICA | 9.450,00 | 12.600,00 | 0,00 | 4.000,00 | 6.665,00 | 0,00 | 32.715,00 |
| 37 | NATACIÓN | 27.500,00 | 39.452,00 | 0,00 | 105.000,00 | 33.000,00 | 6.000,00 | 210.952,00 |
| 38 | PATINAXE | 19.635,00 | 45.000,00 | 0,00 | 41.200,00 | 42.240,00 | 0,00 | 148.075,00 |
| 39 | PELOTA | 5.362,00 | 26.250,00 | 0,00 | 0,00 | 6.300,00 | 0,00 | 37.912,00 |
| 40 | PÉNTATLON E TRIAT. | 28.260,00 | 15.840,00 | 0,00 | 72.000,00 | 1.853,00 | 0,00 | 117.953,00 |
| 41 | PESCA E CASTING | 6.000,00 | 11.000,00 | 0,00 | 0,00 | 3.000,00 | 0,00 | 20.000,00 |
| 42 | PETANCA | 6.000,00 | 14.700,00 | 0,00 | 0,00 | 2.500,00 | 0,00 | 23.200,00 |
| 43 | PIRAGüISMO | 64.500,00 | 70.000,00 | 7.542,00 | 113.300,00 | 0,00 | 13.000,00 | 268.342,00 |
| 44 | REMO | 21.525,00 | 42.000,00 | 0,00 | 40.000,00 | 0,00 | 48.000,00 | 151.525,00 |
| 45 | RUGBY | 13.860,00 | 22.050,00 | 0,00 | 13.000,00 | 6.000,00 | 4.000,00 | 58.910,00 |
| 46 | SALVAMENTO E SOC. | 7.507,00 | 10.000,00 | 0,00 | 6.300,00 | 0,00 | 0,00 | 23.807,00 |
| 47 | SQUASH | 5.100,00 | 19.800,00 | 800,00 | 16.000,00 | 2.600,00 | 0,00 | 44.300,00 |
| 48 | SURF | 12.000,00 | 6.000,00 | 0,00 | 10.800,00 | 4.945,00 | 2.000,00 | 35.745,00 |
| 49 | TAEKWONDO | 10.000,00 | 28.875,00 | 5.700,00 | 50.000,00 | 0,00 | 4.754,00 | 99.329,00 |
| 50 | TENIS | 34.650,00 | 34.967,00 | 0,00 | 100.000,00 | 17.488,00 | 9.000,00 | 196.105,00 |
| 51 | TENIS DE MESA | 16.305,00 | 12.810,00 | 2.500,00 | 10.225,00 | 25.000,00 | 3.100,00 | 69.940,00 |
| 52 | TIRO CON ARCO | 11.000,00 | 20.700,00 | 2.440,00 | 15.000,00 | 3.600,00 | 0,00 | 52.740,00 |
| 53 | TIRO OLÍMPICO | 18.000,00 | 28.700,00 | 3.000,00 | 6.000,00 | 2.500,00 | 0,00 | 58.200,00 |
| 54 | VELA | 15.750,00 | 82.740,00 | 0,00 | 100.000,00 | 0,00 | 5.000,00 | 203.490,00 |
| 55 | VOLEIBOL | 23.100,00 | 45.000,00 | 0,00 | 28.424,00 | 15.210,00 | 18.000,00 | 129.734,00 |
| 56 | XADREZ | 21.500,00 | 20.000,00 | 2.420,00 | 14.390,00 | 34.000,00 | 13.000,00 | 105.310,00 |
| 57 | XIMNASIA | 12.705,00 | 28.875,00 | 1.375,00 | 31.000,00 | 12.000,00 | 0,00 | 85.955,00 |
| TOTAL | | 1.028.178,00 | 1.475.471,00 | 43.511,00 | 1.345.670,00 | 1.245.016,00 | 362.154,00 | 5.500.000,00 |

| | FEDERACIÓN GALEGA | EXERCICIO 2005 OUTRAS APLICACIÓNS 1203 721B6400 | 1404 355A22610 | 1503 342A6402 | 1503 342A7801 | 55131 212D4800 | 5207 231A6400 | 5260 353E4800 | 5606 651A7801 | 5804 355A7800 | 62021 241B4701 | TOTAL Orde 2005 + out. Aplic. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | ACTIV. SUBACUÁT. | | | | | | | | | | | 39.775,00 |
| 2 | AERONÁUTICA | | | | | | | | | | | 42.000,00 |
| 3 | ATLETISMO | | | | | | | | | | | 363.768,00 |
| 4 | AUTOMOBILISMO | | | | | | | | | | | 159.973,00 |
| 5 | BÁDMINTON | | | | | | | | | | | 79.280,00 |
| 6 | BALONCESTO | | | | | | | | | | | 313.234,00 |
| 7 | BALONMÁN | | | | | | | | | | | 141.437,00 |
| 9 | BILLAR | | | | | | | | | | | 35.175,00 |
| 10 | BOLOS | | | | | | | | | | | 27.150,00 |
| 11 | BOXEO | | | | | | | | | 6.000,00 | | 24.870,00 |
| 12 | CAZA | | | | 43.000,00 | | | | | | | 91.045,00 |
| 13 | CHAVE | | | | | | | | | | | 12.300,00 |
| 14 | CICLISMO | | | | | | | | | | | 283.736,00 |
| 15 | COLOMBOFILIA | | | | | | | | | | | 21.381,00 |
| 16 | COLUMBICULTURA | | | | | | | | | | | 9.700,00 |
| 17 | DEPORTES INVERNO | | | | | | | | | | | 21.290,00 |
| 18 | DEP. MINUS. FÍSICOS | | | | | 2.000,00 | | | | | | 33.000,00 |
| 19 | DEP. MIN. PSÍQUICOS | | | | | | | | | | | 37.117,00 |
| 20 | DEP. PARA XORDOS | | | | | | | | | | | 18.500,00 |
| 21 | ESGRIMA | | | | | | | | | | | 55.914,00 |
| 22 | ESPELEOLOXÍA | | | | | | 5.000,00 | 670,00 | | 3.600,00 | | 40.672,00 |
| 23 | ESQUÍ NÁUTICO | | | | | | | | | | | 17.325,00 |
| 24 | FÚTBOL | | | | | | | | | | 3.700,00 | 522.700,00 |
| 25 | FÚTBOL SALA | | | | | | | | | | | 208.091,00 |
| 26 | GOLF | | | | | | | | | | | 41.150,00 |
| 27 | HALTEROFILIA | | 2.000,00 | | | | | | | 2.230,00 | | 66.330,00 |
| 28 | HÍPICA | | | | | | | | | | | 96.934,00 |
| 29 | HÓCKEY | | | | | | | | | | | 64.913,00 |
| 30 | JUDO E D.A. | | | | | | | | | 6.000,00 | | 159.500,00 |
| 31 | KARATE E D.A. | | | | | | | | | | | 73.073,00 |
| 32 | KUNG-FU | | 600,00 | | | | | | | | | 36.600,00 |
| 33 | LOITA | | 1.508,00 | | | | | | | | | 117.601,00 |
| 34 | MONTAÑISMO | | | | | | | | | | | 52.285,00 |
| 35 | MOTOCICLISMO | | | | | | | | | | | 94.250,00 |
| 36 | MOTONÁUTICA | | | | | | | | | | | 32.715,00 |
| 37 | NATACIÓN | | | | | | | | | | | 210.952,00 |
| 38 | PATINAXE | | | | | | | | | | | 148.075,00 |
| 39 | PELOTA | | | | | | | | | | | 37.912,00 |
| 40 | PÉNTATLON E TRIAT. | | 1.980,00 | | | | | | | | | 119.933,00 |
| 41 | PESCA E CASTING | | | 12.000,00 | | | | | | | | 32.000,00 |
| 42 | PETANCA | | | | | | | | | | | 23.200,00 |
| 43 | PIRAGüISMO | 18.000,00 | | | | | | | 30.000,00 | | | 316.342,00 |
| 44 | REMO | | | | | | | | | | | 151.525,00 |
| 45 | RUGBY | | | | | | | | | | | 58.910,00 |
| 46 | SALVAMENTO E SOC. | | | | | | | | | | | 23.807,00 |
| 47 | SQUASH | | 5.100,00 | | | | | | | | | 49.400,00 |
| 48 | SURF | | | | | | | | | | | 35.745,00 |
| 49 | TAEKWONDO | | | | | | | | | 6.000,00 | | 105.329,00 |
| 50 | TENIS | | | | | | | | | | | 196.105,00 |
| 51 | TENIS DE MESA | | | | | | | | | | | 69.940,00 |
| 52 | TIRO CON ARCO | | | | | | | | | | | 52.740,00 |
| 53 | TIRO OLÍMPICO | | | | | | | | | | | 58.200,00 |
| 54 | VELA | | | | | | | | 24.000,00 | | | 227.490,00 |
| 55 | VOLEIBOL | | | | | | | | | | | 129.734,00 |
| 56 | XADREZ | | | | | | | | | 3.000,00 | | 108.310,00 |
| 57 | XIMNASIA | | 5.000,00 | | | | | | | 4.000,00 | | 94.955,00 |
| | **TOTAL** | **18.000,00** | **16.188,00** | **12.000,00** | **43.000,00** | **2.000,00** | **5.000,00** | **670,00** | **54.000,00** | **30.830,00** | **3.700,00** | **5.685.388,00** |

# ANEXO V – AXUDAS A CLUBS DE FÚTBOL E S.A.D. EXERCICIO 2005

| Resolución do 27-07-05 | | |
|---|---|---|
| **Modalidade** | **Club** | **Importe** |
| Atletismo | Ourense Atletismo-Academia Postal | 21.000,00 |
| Atletismo | R.C. Celta de atletismo | 12.000,00 |
| Atletismo | Soc. Ginnastica Pontevedra | 8.118,00 |
| Atletismo | Club atletismo feminino Celta | 6.000,00 |
| Automobilismo | Escudaría Rías Baixas | 30.000,00 |
| Automobilismo | Escudaría Ourense | 24.000,00 |
| Baloncesto | C.D. Bosco (R.C. Celta Vigourban) | 47.460,00 |
| Baloncesto | C.D. Ensino (Yaya Mª Breogán) | 46.710,00 |
| Baloncesto | Agrupación Depor. Cortegada (Extrugasa) | 46.620,00 |
| Baloncesto | Club Baloncesto Arxil (Comervia) | 42.010,00 |
| Baloncesto | C.B. Pontevedra (C.M. Procor) | 36.710,00 |
| Baloncesto | C.B. Feminino Ourense (Pavillón Ourense) | 34.710,00 |
| Baloncesto | Club Universitario de Ferrol | 32.010,00 |
| Baloncesto | Club Baloncesto Pío XII (vidrogal-Alumisan) | 30.000,00 |
| Baloncesto | Club Estudantes de Lugo (Rio Froita-Estud. | 16.780,00 |
| Baloncesto | Club baloncesto Sarria (Cremosita) | 13.360,00 |
| Baloncesto | Club de Baloncesto cluny | 12.610,00 |
| Baloncesto | C.B. Chantada Río Calcio | 12.310,00 |
| Baloncesto | Basket Base Club (Inelga-Cefrico) | 12.070,00 |
| Baloncesto | Agrupación Deportiva Calasancias | 11.410,00 |
| Baloncesto | Club Baloncesto Carballiño (Frigor. Florindo) | 9.000,00 |
| Baloncesto | Club Deportivo Universidade Santiago | 9.000,00 |
| Baloncesto | Club Carmelitas Vedruna (Controlp.com) | 9.000,00 |
| Balonmán | Club Balonmán Cangas (Frigorif. Morrazo) | 72.885,00 |
| Balonmán | Sociedade Deportiva Teucro | 72.160,00 |
| Balonmán | S.D. Octavio Vigo (Estacas Pousada) | 35.645,00 |
| Balonmán | O.A.R. Cidade 1952 (Fadesa Oar La Coruña) | 35.160,00 |
| Balonmán | Club balonmán Porriño | 17.645,00 |
| Balonmán | Club balonman Lalín (Portadeza-Lalín) | 8.795,00 |
| Balonmán | C.D. Balonman Chapela | 8.395,00 |
| Balonmán | Sociedade Atlét. Redondela (Peguform) | 7.910,00 |
| Balonmán | Asoc. Deportiva Xiria | 7.645,00 |
| Balonmán | Club Cisne de Balonman (G. Pirsa) | 7.160,00 |
| Balonmán | Club Balonmán Riveira (Congalsa Vidal ) | 7.000,00 |
| Birlos | Club Bowling Celta | 2.000,00 |
| Dep. M. Físicos | Club Amfiv (vital Vigo) | 20.500,00 |
| Dep. M. Físicos | Club Basketmi Ferrol | 5.000,00 |
| Fútbol | Arosa S.C. | 16.280,00 |
| Fútbol | C.D. Lugo | 15.210,00 |
| Fútbol | Coruxo F.C. | 14.980,00 |
| Fútbol | Labercas C.F. | 14.380,00 |
| Fútbol | S.D. Val de Narón | 13.430,00 |
| Fútbol | Betanzos c.f. | 12.960,00 |
| Fútbol | S.D. Xuventú Aguiño | 12.960,00 |
| Fútbol | Portonovo S.D. | 12.960,00 |
| Fútbol | C.D. Grove | 12.840,00 |
| Fútbol | Villalonga C.F. | 12.600,00 |
| Fútbol | Viveiro C.F. | 12.360,00 |
| Fútbol | Verín C.F. | 12.360,00 |
| Fútbol | S.D. Feirano Negreira | 12.000,00 |
| Fútbol | Atletico Arousana | 12.000,00 |
| Fútbol | C.D. Conxo | 11.760,00 |
| Fútbol | Pontevedra C.F. | 10.040,00 |
| Fútbol | C.C. Cerceda | 9.300,00 |
| Fútbol | C.D. Areosa | 9.015,00 |
| Fútbol | Prone Lugo A.D. (Azkar Lugo) | 40.450,00 |
| Fútbol sala | Escolas dep. mun. Láncara (Caloto Triacqua) | 36.000,00 |
| Fútbol sala | C.A.D. Ou Loureiro | 20.450,00 |
| Fútbol sala | Ourense F.S. | 20.000,00 |
| Fútbol sala | P. Celeiro- Viveiro F.S. | 20.000,00 |

| Resolución do 27-07-05 | | |
|---|---|---|
| **Modalidade** | **Club** | **Importe** |
| Fútbol sala | C.D. Burela F.S. ( Peixes Ruben) | 15.614,18 |
| Fútbol sala | Valdetires Ferrol | 9.600,00 |
| Fútbol sala | Mera F.S. | 6.900,00 |
| Fútbol sala | Carballiño F.S. | 6.000,00 |
| Fútbol sala | Enredo A Estrada F.S. | 6.000,00 |
| Hóckey | Agrupación Deportiva Adaxe | 26.325,76 |
| Hóckey | Asoc. Depor. Ourense H.C.(Our. Bule Bule) | 20.347,70 |
| Hóckey | C.H. Barrocas (Caldaria-barrocas) | 19.822,92 |
| Hóckey | C.H. Santiago Apostol (Apostol Bule Bule) | 18.718,12 |
| Hóckey | Club Hóckey Albor | 9.762,00 |
| Hóckey | C.H. Pavillón | 8.684,82 |
| Hóckey | Júniors H.C. De Vigo (Vigo Hóckey) | 7.497,16 |
| Hóckey | Club Hóckey Cidade de Ourense | 7.000,00 |
| Hóckey | Club Gimnastico Cudeiro | 6.600,00 |
| Hóckey patíns | H.C. Liceo dá Coruña (Liceo Vodafone) | 62.700,00 |
| Hóckey patíns | Vigo Stick C.H. 2001 | 61.950,00 |
| Hóckey patíns | Club Hóckey Cee (E. Mun. Hóckey Cee) | 24.750,00 |
| Hóckey P. Linea | Club Hóckey Liña Cabuxos | 3.000,00 |
| Hóckey P. Linea | Club Patín Lostregos Lucus | 3.000,00 |
| Remo | C.R. Mecos | 24.000,00 |
| Remo | C.R. Cabo de Cruz | 24.000,00 |
| Rugby | Vigo Rugby Club (Universidade Vigo) | 12.000,00 |
| Rugby | Club Rugby Lalín | 7.000,00 |
| Tenis de mesa | Arteal - Cubertas Orballo | 15.763,00 |
| Tríatlon | C.T. Cidade de Lugo Fluvial | 12.000,00 |
| Voleibol | Club de Vigo de Voleibol (Valery Karpin) | 46.305,00 |
| Voleibol | A.D. A Pinguela | 35.520,00 |
| Voleibol | C.D. Xuvenil Teis (Froitas Neves Voley) | 15.130,00 |
| Voleibol | Club Instituto Zalaeta (Optica la Torre) | 14.960,00 |
| Voleibol | Club Emeve - Muralla Lugo | 13.480,00 |
| Voleibol | C.V. Millenium (Millenium Cermel) | 12.520,00 |
| Voleibol | Asociación Voleibol Cangas | 12.000,00 |
| Voleibol | C.V. Rianxo (Arqo Rianxo) | 10.294,15 |
| Voleibol | C.V. Ourense | 8.700,00 |
| Voleibol | C.V. Noia (Fisioterapia Cinesia) | 7.825,00 |
| Voleibol | C.V. Marineda (Auto Avión Marineda) | 7.650,00 |
| Voleibol | C.V. San Martiño (Dompa Gestión) | 6.345,00 |
| **Total resolución de 27-07-05** | | **1.804.887,81** |
| | | |
| **Resolución de 14-10-05** | | |
| Atletismo | Club atletismo Ría de Ferrol | 13.668,00 |
| Baloncesto | Club Instituto Rosalía de Castro | 37.910,00 |
| Balonmán | S.D.C. Atlético Novas | 7.485,00 |
| Balonmán | Bueu Atlético Balonmán | 8.395,00 |
| Fútbol | Bergantiños C.F. | 16.160,00 |
| Fútbol | Rápido de Bouzas | 18.000,00 |
| Fútbol sala | Leis 26 F.S. (Leis s. Constucuatro) | 20.935,00 |
| Fútbol sala | A.D. Estreliña - Verín | 6.000,00 |
| Hóckey | Atlántico H.C.(Atlántico -Caixanova) | 8.050,00 |
| Rugby | Club de Arquitectura Técnica (Crat) | 7.380,00 |
| **Total resolución 14-10-05** | | **143.983,00** |
| | | |
| **SAD - Resolución de 27-07-05** | | |
| Baloncesto | Leite Río Breogán SAD | 90.000,00 |
| Fútbol | C.D. Ourense SAD | 55.000,00 |
| Fútbol | R.C. Celta de Vigo SAD | 50.000,00 |
| Fútbol | Racing C. Ferrol SAD | 30.000,00 |
| Fútbol | Ponte Ourense SAD | 20.000,00 |
| Fútbol | R.C. Deportivo SAD | 0,00 |
| **Total resolución de 27-07-05** | | **245.000,00** |

# ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA
Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Admtvo. San Caetano, Bloque 3
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 41 71 - Fax 981 54 41 73

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA
INTERVENCIÓN XERAL da C. A.
10 MAR. 2009
ENTRADA N.º
SAÍDA N.º 960

CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA
REXISTRO XERAL
N.º 563
DATA: 11-03-09
ENTRADA

**Asunto:** *Alegacións ao Anteproxecto de Informe de Fiscalización de Federacións e Clubs Deportivos, exercicios 2002-2005.*

Achégolle as alegacións formuladas pola Consellería de Cultura e Deporte que tiveron entrada nesta Intervención Xeral con data 10 de marzo de 2009 respecto ao Anteproxecto de Informe de Fiscalización de Federacións e Clubs Deportivos correspondente aos exercicios 2002-2005.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2009
O interventor xeral da Comunidade Autónoma

COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA
INTERVENCIÓN XERAL

Germán Ferreiro Vilariño

**SR. CONSELLEIRO DA ÁREA DE CONTA XERAL**
**CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Secretaría Xeral

Edificio Administrativo San Caetano - Bloque 3 -2º
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA
INTERVENCIÓN XERAL da C. A.
10 MAR. 2009
ENTRADA Nº 1060
SAÍDA Nº

Remítense alegacións desta Consellería de Cultura e Deporte ao informe do Consello de Contas relativo á fiscalización de federacións e clubs deportivos 2002-2005, aos efectos oportunos

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2009.

O Secretario Xeral

José Carlos Sierra Rodríguez

INTERVENCIÓN XERAL
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA
INTERVENCIÓN XERAL da C. A.
10 MAR. 2009
ENTRADA N.º 1060
SAÍDA N.º

# Alegacións da Consellería de Cultura e Deporte ao informe de fiscalización de federacións e clubs deportivos 2002-2005

marzo 2009

# SUMARIO


PRESENTACIÓN ....... 3

**Contextualización do período fiscalizado** ....... 3

**Realidade do sector deportivo e medidas adoptadas a partir de 2006** ....... 3

**Alegacións propostas** ....... 6

ALEGACIÓNS ....... 9

I. Introdución ....... 9

**I.0 Fiscalización** ....... 9

**I.1 Ambitos de actuación** ....... 9

**I.2 Obxectivos** ....... 10

**I.4 Limitacións** ....... 11

II. Ordes reguladoras de subvencións a federacións e clubs ....... 13

**II.0 Ordes** ....... 13

**II.1 Incidencias en contidos e tramitación das ordes** ....... 13

**II.3 Incidencias na execución das ordes** ....... 15

III. Control interno sobre as axudas concedidas a federacións e clubs ....... 17

**III.1 Organización Administrativa** ....... 17

**III.3 Plan de auditorías** ....... 17

IV. Fiscalización das axudas outorgadas pola administración ás federacións e aos clubs ....... 18

**IV.1 Mostra seleccionada e criterios de fiscalización** ....... 18

**IV.2 Requirimentos de documentación xustificativa efectuados a través da DXD** ....... 20

IV.2.1 Axudas a federacións 2002 e 2003 ....... 20

IV.2.2 Axudas a federacións 2005 ....... 20

IV.2.3 Axudas a federacións 2005 e 2002-03 ....... 21

**IV.3 Incidencias detectadas na fiscalización das federacións deportivas** ....... 21

V. Fiscalización das axudas outorgadas directamente a clubs e Sociedades Anónimas Deportivas (SAD) ....... 22

**V.1 Incidencias en contidos e tramitación da orde do 29 de abril de 2005** ....... 22

**V.2 Incidencias na execución da orde do 29 de abril de 2005** ....... 22

**V.3 Incidencias na fiscalización das axudas outorgadas aos clubs** ....... 23

VI. Conclusións e recomendacións ....... 23

**VI.1 Conclusións** ....... 23

VI.1.1 Ordes reguladoras das axudas outorgadas ás federacións e clubs (2002-2005) ....... 23

VI.1.2 Requirimentos de xustificación a instancia do equipo fiscalizador ....... 25

VI.1.3 Fiscalización das axudas outorgadas ás federacións deportivas (2002-2005) ....... 26

VI.1.4 Fiscalización das axudas outorgadas a clubs deportivos e SAD (2005) ....... 27

VI.1.5 Actuación dos intervintes na concesión das axudas públicas ao deporte ....... 27

**VI.2 Recomendacións** ....... 28

# PRESENTACIÓN

**Contextualización do período fiscalizado**

Para contextualizar o exercicio realizado polo equipo fiscalizador hai que ter presente a inestabilidade normativa da lexislación reguladora das subvencións públicas no período 2002-2005, que dificulta coñecer para cada expediente fiscalizado –mesmo para profesionais do dereito– o réxime de obrigas legais aplicable a cada momento: a Lei xeral de subvencións, básica en moitos dos seus preceptos, entrou en vigor o 18 de febreiro de 2004, regulándose os procedementos xa iniciados pola anterior normativa (os artigos 80 e 81 da vella Lei Xeral Orzamentaria, os artigos 78 e 79 do TRLRFO, o Decreto 287/2000). A normalidade chegou coa aprobación da Lei galega de subvencións, 9/2007, que entrou en vigor o 26 de setembro de 2007, e co regulamento da Lei galega de subvencións, aprobado polo Decreto 11/2009, que entrou en vigor o 1 de marzo de 2009.

Noutra orde de cousas cómpre sinalar que, tal e como indica o informe fiscalizador no apartado III.1, durante o período fiscalizado foi reducida permanentemente a estrutura destinada ás competencias en materia de deporte. Isto deriva en que o persoal asignado á tramitación e control das axudas sexa escaso[1] e tivera en todo momento que buscar o equilibrio entre o cumprimento da normativa vixente e lograr os obxectivos de promoción deportiva.

Resulta satisfactorio comprobar como este equilibrio vai sendo cada vez mais estable, pero, dadas as características do sector deportivo galego e dada a estrutura da administración deportiva galega, ten que ser a base de flexibilidade e gradualidade para que o sector se adapte ao importante cambio no marco normativo -en termos contable, fiscal, laboral e de axudas, entre outros- e que lle resulta altamente dificultoso. Do contrario axfiriaríase e produciríase unha desmotivación de tal calibre sobre as persoas que voluntariamente dinamizan a maioría do sector que dificilmente sería sostible o nivel de actividade deportiva de base existente e, en consecuencia, provocaríase unha grave perda de benestar social.

**Realidade do sector deportivo e medidas adoptadas a partir de 2006**

Compre sinalar que os responsables da Consellería de Cultura e Deporte, no momento da súa incorporación en setembro de 2005, tomaron contacto coa realidade do sector obxecto de análise e, vista as particularidades da mesma e a metodoloxía de xestión das axudas ao sector deportivo, decidiron introducir unha serie de cambios que se relatan.

[1] Esta escaseza púxose en evidencia ao longo de todo o proceso de fiscalización e particularmente en certos momentos nos que a urxencia da tramitación de expedientes de axudas coincidía con importantes demandas do equipo fiscalizador.

Realidade do sector deportivo galego: breves apuntes

Aos efectos de contextualizar o sector obxecto de análise, o persoal técnico da DXD informou ao equipo fiscalizador das características do mesmo e mesmo recolleu algunhas destas reflexións no escrito remitido con data 22 de febreiro de 2008. En resume cómpre subliñar:

a) O sector deportivo galego organizase sobre as 57 federacións deportivas galegas operativas –unha por modalidade deportiva- e os aproximadamente 4.000 clubs federados as mesmas, que aglutinan aproximadamente 250.000 persoas federadas. De entre estes na actualidade teñen a consideración de clubs profesionais unicamente dez, ou sexa, aqueles que participan en ligas profesionais[2].

b) As federacións deportivas galegas teñen a consideración de "axentes colaboradores da Comunidade autónoma galega"[3] para cada modalidade deportiva, entre outros motivos porque teñen a encomenda de organizar as competicións oficiais e expender as licenzas deportivas, representar a Galicia nas competicións estatais e internacionais, cooperar na formación de técnicos deportivos, exercer o control das subvencións oficiais que se lle asignen aos clubs deportivos que delas dependan ou executar por delegación programas de promoción da súa modalidade deportiva, entre outros[4]. Tamén teñen a consideración de entidades de utilidade pública (art. 30.2).

c) As modalidades deportivas manifestan diferenzas considerables tanto en termos cuantitativos como cualitativos. Hai modalidades de tamaño grande -entre 10.000 e 45.000 licenzas-, de tamaño intermedio –entre 2.000 e 10.000- e de tamaño pequeno –menos de 2.000-. Hai modalidades implantadas en todo o territorio e outras concentradas en localidades onde hai instalacións axeitadas. Hainas que sendo medianas ou pequenas teñen moitos clubs federados e hainas que sendo medianas ou grandes relativamente están moi concentradas. A competición oficial nunhas modalidades desenvólvese con calendario escolar (setembro-agosto) e noutras con calendario administrativo (xaneiro-decembro), xerándose distorsións importantes cando non coincide co ritmo do proceso administrativo da DXD.

d) O limitado número de clubs profesionais teñen a forma xurídica de Sociedade Anónima Deportiva, combinando na mesma organización competición en ligas profesionais con categorías inferiores, nas que se traballa en moitos casos

[2] A Lei Xeral do Deporte de Galicia, no seu artigo 37.2 establece: "Os clubs deportivos integrantes dunha liga profesional deberán adopta-la forma xurídica de sociedade anónima deportiva, nos termos establecidos na lexislación vixente". A súa vez, a Ley 10/1990, do Deporte a nivel estatal establece no seu artigo 19.3 "Las Sociedades Anónimas Deportivas tendrán como objeto social la participación en competiciones deportivas de carácter profesional y, en su caso, la promoción y el desarrollo de actividades deportivas así como otras actividades relacionadas o derivadas de dicha práctica".

[3] O estatus das federacións recóllese no artigo 28.3 da Lei xeral do deporte de Galícia: "As federacións deportivas galegas exercen, ademais das súas propias atribucións, por delegación funcións públicas de carácter administrativo, actuando en tal caso como axentes colaboradores da Comunidade Autónoma galega."

[4] Ver artigo 32 da Lei xeral do deporte de Galicia.

promoción deportiva. A natureza destas SAD fai que con elas sexa preciso un tratamento diferenciado dos clubs non profesionais.

e) Derivado das particularidades de cada modalidade deportiva e da natureza de entidade colaboradora das federacións deportivas, a DXD establece con cadansúa un programa de traballo específico. A relación establecida supón acordar as actuacións a realizar en programas de interese xeral: programa de competicións oficiais, programa de docencia e tecnificación, programa de axudas a clubs e programa de gastos xerais. Esta foi a xustificación que deu pe á que a partir de 2006 se asinasen convenios directos de colaboración con cada federación, que non conculcan os principios de concorrencia e publicidade e, ao mesmo tempo, permiten mellorar a eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración[5].

f) A estrutura organizativa da gran maioría das federacións e dos clubs é moi limitada, pivotando fundamentalmente sobre o traballo desinteresado dos directivos e das familias dos deportistas. Unicamente as federacións medianas-grandes e os clubs grandes posúen recursos humanos contratados, fundamentalmente técnicos deportivos, e aínda así polo xeral insuficientes para atender a programación deportiva e a xestión ordinaria –cada vez mais esixente e con mais trámite administrativo-. Precisamente unha das características do sector é a falla de profesionalización e, no caso das entidades soportadas por persoal voluntario, a non inclusión deste na dinámica da lei de voluntariado de Galicia.

g) As importantes debilidades na xestión interna foron postas de manifesto no programa de auditorías ás federacións deportivas galegas (2006-2008)[6]. Esta situación aínda é mais acusada nos clubs, que ao dispor normalmente dun recurso humano mínimo, concentran o seu esforzo na actividade deportiva mais que na xestión. Froito desta diagnose, a partir de 2006, adoutáronse medidas correctoras que gradualmente están a xerar os efectos pretendidos.

h) Unha debilidade particularmente destacada é a que se refire á disponibilidade de recursos propios e autofinanciamento por parte das entidades deportivas –clubs e federacións-. En tanto que son entidades sen ánimo de lucro, que cando nacen dispoñen dunha dotación fundacional mínima e que ao longo da súa traxectoria malamente dan casado ingresos con gastos, normalmente non dispoñen de fondos suficientes para poder realizar adiantos de fondos que permitan cobrar as subvencións. Esta realidade forza a moitos directivos a ter que adiantar fondos particulares ou solicitar créditos cos avais dos directivos, o que entre outras acarrea un "sentimento de posesión" que nada facilita a vida democrática e a transparencia.

[5] Estes principios quedan recollidos no artigo 184 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia

[6] Ver conclusións do apartado III.3 Plan de Auditorías.

Medidas adoptadas a partir de 2006

1. Modificar o sistema de concesión de axudas as federacións deportivas galegas, pasando de ser unha convocatoria a un sistema de concesión directa materializado a través dun convenio-programa.

   Desaparece dos convenios coas federacións a fórmula de promoción da competición deportiva por medio do "programa de axudas a clubs". Búscase ampliar a acción de promoción a todas as modalidades deportivas e reducir carga de xestión ás federacións deportivas.

   Nos convenios resulta destacado o feito de adaptarse á periodicidade da competición, de xeito que nuns casos son por ano natural e noutros son plurianuais. Coincide esta actuación coa proposta recollida no informe: "... adaptar o ámbito temporal das axudas a períodos coincidentes cos do ciclo de actividade das entidades deportivas"[7].

   Tamén é relevante o feito de que a partir de 2008 se implanta un sistema de pagamento anticipado do convenio no momento de sinatura, que permite rebaixar os problemas de tesourería propios de entidades sen ánimo de lucro.

2. Facer unha convocatoria pública de axudas para a participación de clubs en competicións oficiais. Esta convocatoria está aberta a todos os clubs de Galicia, permitindo así que se inclúan modalidades deportivas que ata o momento non dispuñan de recursos para promover a participación dos seus clubs.

3. Realizar un programa de auditorías das contas anuais e de legalidade as federacións deportivas galegas, que se implementou no período 2006-2008. O obxecto desta iniciativa, planificada con criterio sistemático e para a totalidade das mesmas, era dobre: chequear a xestión e cumprimento da legalidade e facer recomendacións de mellora que permitan corrixir as deficiencias existentes. Como consecuencia destas auditorías percibiuse que bo aparte das federacións auditadas procederon a incorporar as recomendacións que os equipos auditores realizaron en cada caso. Mesmo algunhas das federacións incorporaron na súa programación anual as auditorías de contas.

4. Implementar un programa de formación para a xestión das entidades deportivas de Galicia, incorporando accións relativas a: xestión integral de federacións deportivas, xestión contable, fiscalidade, xestión de recursos humanos e xestión de axudas públicas.

**Alegacións propostas**

Visto o Anteproxecto do Informe de fiscalización de federacións e clubs deportivos para os exercicios 2002 a 2005 remitido por parte do Consello de Contas de Galicia con data 3 de febreiro de 2009, xúntase neste documento as alegacións que a Consellería de Cultura e Deporte formula ao citado anteproxecto de informe.

[7] Ver páxina 19 do informe.

Debe sinalarse que, con carácter xeral, as alegacións formuladas sopórtanse sobre os antecedentes administrativos que existen nos arquivos da Dirección Xeral para o Deporte (DXD), así como polas consideracións realizadas polo corpo técnico responsable da xestión do programa orzamentario "355A Fomento da actividade deportiva" neste momento. Este centro directivo, como se reflicte no apartado I.1.2 do informe fiscalizador, tivo adscrición a tres consellerías no período de análise.

As alegacións presentadas, dado o tempo dispoñible -30 dias naturais- e o prolixo do anteproxecto do informe -240 páxinas-, refírense aos temas xenéricos do mesmo. Lémbrese que o equipo fiscalizador que elaborou o anteproxecto do informe estivo composto por 4 técnicos auditores e empregaron dous anos de traballo. A casuística particular no caso das federacións resúmese nun cadro de temas que lle sería de aplicación a cada unha delas.

A modo de resume, os principais aspectos alegados ao anteproxecto de informe de fiscalización son:

a) As ordes de convocatoria e os sistemas de concesión de axudas son conforme á lexislación vixente no momento de publicación e conforme coas prácticas habituais nas administracións. Así o pon de manifesto os informes favorables da asesoría xurídica, da intervención delegada e da dirección xeral de calidade. Tamén recollen a realidade do sector e da materia que se subvenciona.

b) Os beneficiarios xustificaron coa documentación que se lle solicitou e na forma que estaba establecida. A posible documentación que logo no 2007 se solicitou – nalgún caso 5 anos despois- en xeral respóstase e, dadas as características e situación nos departamentos administrativos do sector, nalgúns casos aparecen problemas para achegar documentación orixinal que se solicitaba.

c) O informe excede o alcance do acordo adoptado pola Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, que abranguía a federacións deportivas galegas e clubs profesionais, e non a todos os clubs deportivos.

d) As federacións deportivas galegas no deben ser consideradas como entidades colaboradoras aos efectos da normativa de subvencións, senón como entidades subvencionadas que promoven competicións deportivas. O "Programa de axudas a clubs" enténdese nas ordes de convocatoria como un programa finalista ás federacións deportivas.

e) Os recibís débense considerar como xustificantes de gasto válidos na tramitación da xustificación do "Programa de axudas a clubs" e poden pagarse de diversas formas.

f) O emprego do sistema de concesión para as axudas ás federacións deportivas en 2002 e 2003 realizouse en termos de concorrencia e non en concorrencia competitiva. En 2004 e 2005 aplicouse o sistema de concorrencia competitiva. Vista a dificultade de aplicar este sistema en 2006 óptase pola concesión directa a través da sinatura de convenios-programa con cada unha destas entidades.

g) A xustificación das axudas á federacións durante os anos 2002 e 2003 sen necesidade de presentar facturas, pero coa obriga de conservalas, debe considerarse válido. En certa medida, anticípase ao sistema de conta xustificativa simplificada feito nas recomendacións e que se recolle no Regulamento de subvencións de Galicia para estas entidades.

h) A esixencia dos xustificantes de pagamentos non estaba recollido nas bases de convocatorias e, polo tanto, non se requiriron. A normativa non deixaba suficientemente claro este extremo ao longo do período de fiscalización.

i) A relevancia dada as axudas privadas debe relativizarse pois, se ben é certo que existen, por desgraza para o sector non supoñen unha fonte de xeración de ingresos destacada e rara vez xera excedentes nos programas financiados.

j) Considerase como regra xeral que as xustificacións das compensacións de gastos por parte de directivos, persoal técnico, adestradores, árbitros, delegados de equipos, etc, das federacións e dos clubs, as facturas de comidas e os gastos de telefonía respostan á realidade da competición e da actividade –que sí queda suficientemente acreditada nas memorias de actividades e na relación permanente coas entidades-. Certo é que estes tipos de gastos requiren un nivel de administración que polo xeral non dispoñen nin as federacións nin os clubs, atopándose nunha verdadeira trampa administrativa a hora de facer as xustificacións.

k) A falla de dilixencia por parte do centro directivo en ningún momento se produciu, si ben é certo que cando a información se requiriu en momentos de xestión complicados -10 de xullo ou 28 de decembro- o grao de resposta non puido ser todo o rápido que se desexaría.

# ALEGACIÓNS

## I. Introdución

### I.0 Fiscalización

A fiscalización acordada pola Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas establece "a fiscalización dunha mostra representativa das axudas concedidas ás federacións deportivas e aos clubs profesionais por parte da Xunta de Galicia".

En virtude deste acordo entendemos que:

- O título do informe debería ser "**Informe de fiscalización das axudas concedidas ás federacións deportiva e aos clubs profesionais por parte da Xunta de Galicia nos exercicios 2002-2005**", que reflicte dun xeito mais preciso o contido da fiscalización.
- As entidades fiscalizadas deberían limitarse **as federacións deportivas e aos clubs profesionais,** como así foi comunicado a este Centro directivo no escrito de 19 de xaneiro de 2007 por parte do auditor Juan José García Martínez. Este feito contrasta coa ampliación do alcance do anteproxecto do informe presentado no que non só se fiscalizan aos clubs profesionais, entendidas como Sociedades Anónimas Deportivas[8], senón tamén ao resto de clubs subvencionados en base á orde do 29 de abril de 2005.

Polo expresado, solicítase que as alusións aos destinatarios como "clubs deportivos" sexan substituídos por "clubs profesionais" ao longo de todo o informe.

### I.1 Ambitos de actuación

No apartado da páxina 4 do informe que indica "Conforme á execución... non se certificou..." compre sinalar que entregouse por parte do centro directivo a relación completa de todas a información sobre as axudas solicitadas con escritos dos días 14.2.07 e 22.2.08 e púxose a disposición do equipo fiscalizador toda a documentación administrativa dispoñible -154 carpetas AZ cos expedientes e 21 carpetas da tramitación administrativa-. Por tal motivo, solicítase a supresión do citado párrafo.

No apartado "Clubs deportivos e ligas profesionais" solicitamos que se indiquen "Clubs profesionais". Tamén suxerimos que se faga mención ao expresado na nota 1 da Presentación.

No tocante ao ámbito temporal da fiscalización deberá terse presente por parte do Consello de Contas que non poderá solicitar o reintegro das axudas indebidamente percibidas cando teña transcorrido o prazo legal previsto na normativa.

[8] Ver aclaración realizada na nota 2 do apartado de Presentación.

**I.2 Obxectivos**

Obxectivo 1.

Na Lei Xeral do Deporte de Galicia non se establece como unha atribución da Administración deportiva galega a de "tutela sobre as federacións deportivas"[9]. Por tal motivo, solicitase que este obxectivo sexa retirado.

Obxectivo 2.

Solicítase a retirada do mesmo na medida en que aos efectos das ordes de subvencións dirixidas a federacións deportivas galegas non operan como entidades colaboradoras senón como entidades promotoras. A xustificación é a seguinte:

- As federacións deportivas galegas, tal e como se indicou na introdución, teñen a consideración na lei xeral do deporte de Galicia de "axentes colaboradores da Comunidade autónoma galega" para cada modalidade deportiva. Desta consideración non se deriva que aos efectos da normativa reguladora de subvencións o sexan.
- Adicionalmente, no artigo 28 do Decreto 287/2000 exprésase: "Poderanse considerar entidades colaboradoras....", o cal non indica que necesariamente teñan que cumprir os requirimentos establecidos no articulado posterior do citado decreto. Isto é de aplicación ata a entrada en vigor do artigo 12 da lei xeral de subvencións.
- A partir dese momento, o que indica o citado artigo 12 é: "Será entidad colaboradora aquella que, actuando en nombre y por cuenta del órgano concedente a todos los efectos relacionados con la subvención, entregue y distribuya los fondos públicos a los beneficiarios cuando así se establezca en las bases reguladoras, o colabore en la gestión de la subvención sin que se produzca la previa entrega y distribución de los fondos recibidos. Estos fondos, en ningún caso, se considerarán integrantes de su patrimonio / Igualmente tendrán esta condición los que habiendo sido denominados beneficiarios conforme a la normativa comunitaria tengan encomendadas, exclusivamente, las funciones enumeradas en el párrafo anterior".

  Se se analiza o obxecto das bases de axudas a federacións deportivas, indícase que é "organización de actividade deportiva federada e doutras actividades de especial transcendencia social que contribúan á promoción deportiva". Neste marco, o "Programa Axudas a clubs" -dada o sintético do nome podería levar a confusión- habería que comprendelo como unha actuación por parte da respectiva federación para promover a competición federada. Por tanto non se está actuando como entidade colaboradora en canto "actuar en nome e por conta do órgano concedente...", senón como entidade promotora.

[9] No artigo 28.1 da Lei xeral do Deporte de Galicia establécese que as federacións deportivas galegas son entidades privadas con personalidade xurídica propia e plena capacidade para obrar.

- Outra proba de que as federacións non se consideran entidades colaboradoras é que os fondos recibidos son integrados no patrimonio das mesmas como ingresos e, a súa vez, leva asociado un gasto procedente dos clubs[10], que é acreditado posteriormente na xustificación.

Obxectivo 3.

Polo expresado no apartado "I.0 Fiscalización", solicitamos que se recolla "...clubs profesionais..." en vez de "clubs deportivos"

**I.4 Limitacións**

Limitación 1.

Solicítase a supresión desta limitación dado que, como xa se anticipou no apartado I.1:

- A totalidade dos extremos que se solicitaban no escrito do auditor Eloy Morán Méndez o 21 de novembro de 2007 estaban incluídos no informe presentado por este Centro directivo con data 14 de febreiro de 2007 en resposta á documentación solicitada o 19 de xaneiro de 2007 polo auditor Juan José García Martínez.
- Dito informe, e toda a documentación administrativa -154 carpetas AZ cos expedientes e 21 carpetas da tramitación administrativa-, obraba en poder dos auditores do Consello de Contas presentes nas instalacións da DXD dende a súa solicitude nos primeiros meses de 2007.

Limitación 2.

Solicítase a matización da expresión "...a maior parte..." e a supresión da consideración de "...non revestiu un carácter dilixente nin adecuado..." motivado por:

- O indicado nesta limitación contradíse co expresado no parágrafo introdutorio do apartado IV.2: "Ao longo das actuacións de comprobación solicitáronse da DXD os antecedentes e demais xustificantes precisos para a fiscalización das axudas concedidas ás entidades deportivas. Con respecto á documentación relativa a estas últimas que non se encontraba nos expedientes inicialmente facilitados, o anterior centro directivo procedeu ao seu requirimento formal ás federacións e, por medio destas, aos clubs deportivos. Os xustificantes obtidos, no seu caso, pola DXD, puxéronse a disposición do equipo de fiscalización".
- As actuacións realizadas que proban a dilixencia na resposta, tendo en conta que o limitado persoal dispoñible na DXD tiña que facer o trámite ordinario – sobre todo en momentos de peche de exercicio- e ao mesmo tempo atender as demandas do equipo fiscalizador, foron:
    - Solicitude de documentación do 24 de xaneiro de 2007. No apartado IV.2.1 indícase como se presentou a documentación de xustificación

[10] Ver as consideracións sobre estes gastos xustificados con recibis no apartado II.3.5

requirida ás federacións deportivas para os anos 2002 e 2003, agás aquelas que non deron resposta ou manifestaron a inexistencia da mesma.

- Solicitude de documentación do 10 de xullo de 2007. Ás entidades propostas solicítaselle documentación xustificativa por parte da DXD o 18 de xullo –período inhábil para a maioría das entidades deportivas-. Dos 36 clubs aos que se lle solicita a través de 18 federacións deportivas, contestaron 23, o cal queda reflectido no apartado IV.2.2.a. Asemade, da documentación ás 6 federacións contestaron 2, tal e como queda reflectido no apartado IV.2.2.b.
- Solicitude de documentación do 28 de decembro de 2007. Con data 22 de febreiro infórmase das actuacións realizadas por parte da DXD, unhas de resposta e outras de solicitude de información das federacións ou de clubs a través de federacións. Débese ter en conta que de 94 clubs estase a solicitar información en 2007 en relación a 2002 e 2003.
- Solicitude de documentación do 12 de febreiro de 2008. A documentación é entregada tal e como se comproba no capítulo V do informe.

Limitación 3.

O expresado nesta limitación é un adianto das conclusións derivadas do informe fiscalización, polo que solicítase a revisión á vista dos seguintes argumentos.

- Segundo o informado por asesoría xurídica e a intervención delegada, en todo momento a regulación establecida nas ordes suxeitábase á normativa vixente e, por tanto, os beneficiarios de axudas debíanse limitar a cumprir o descrito nas mesmas. En particular:
  - 2002-2003. A orde establece como suficiente a memoria da actividade realizada e unha certificación expedida polos órganos competentes das federacións da aplicación efectiva dos fondos, na que se especifican os perceptores co CIF/NIF, contía e motivo do gasto. Ademais prevé a obriga da custodia dos xustificantes orixinais destes gastos para posibles comprobacións. Agás as 6 federacións que non a entregaron, o resto cumpriron cos requisitos da orde.
  - 2004-2005. A partir da entrada en vigor da Lei xeral de subvencións incorporouse o requisito de entrega de facturas ou xustificantes de gasto coa conta xustificativa e así se incorpora nos textos da orde. En ningún momento se esixiu o requisito de acreditación fehaciente de pago, dado que esta obriga incorpórase no Regulamento Xeral de subvencións publicado en 2006, sendo inaplicable no ámbito da Comunidade Autónoma.
- A referencia ás 6 federacións que non presentaron xustificación é derivada das actuacións, polo tanto unha conclusión do proceso fiscalizador. Solicítase a retirada desta mención.

Limitación 4.

Considérase que debe retirarse como limitación dado que as institucións citadas respostaron e as consecuencias da resposta sobre o proceso fiscalizador non son particularmente destacadas nin diferentes das que se derivan da non incorporación doutras axudas de concellos ou entes privados, tal y como se reitera en distintos momentos do informe.

## II. Ordes reguladoras de subvencións a federacións e clubs

### II.0 Ordes

Orde 12 marzo 2002. Solicítase suprimir o texto "En relación co programa III.... xestión dos fondos públicos" en coherencia coa non consideración das federacións deportivas como entidades colaboradoras (ver apartado I.2 obxectivo 2)

Orde 30 decembro 2002. Solicítase suprimir o texto "Non obstante...colaboradoras" en coherencia coa non consideración das federacións deportivas como entidades colaboradoras (ver apartado I.2 obxectivo 2)

Orde 21 decembro 2003. Solicítase suprimir ou matizar o texto "Non obstante, non inclúen ... ordes". Os convenios aos que se refire foron tramitados segundo o procedemento de concesión directa recollido no artigo 14 do Decreto 287/2000.

### II.1 Incidencias en contidos e tramitación das ordes

1) Federacións como entidades colaboradoras.

Solicítase a retirada deste apartado en coherencia coa non consideración das federacións deportivas como entidades colaboradoras (ver apartado I.2 obxectivo 2)

2) Cumprimento das obrigas.

Solicítase a retirada deste apartado dado que se considera que o expresado non se trata dunha incidencia no contido e tramitación das ordes, senón a xustificación do motivo polo que nas ordes non se solicitan acreditacións das obrigas de estar ao corrente (parágrafo primeiro) e unha recomendación de alternativas de actuación (parágrafos segundo a cuarto) que no semella necesario realizar neste apartado.

Ademais, en todo caso, a conclusión obtida resulta claro que non procede recollela neste apartado de "Incidencias en contidos e tramitación"

3) Criterios de concesión

O artigo de aplicación do Decreto 287/2000 é o 4.2.c e non o 2 recollido no informe.

Ordes 2002-2003. Solicítase a supresión ou revisión do parágrafo e, en todo caso, a frase "Desta forma, vulnérase ... convocatoria". Os motivos son:

- No Decreto Lexislativo 1/1999, artigo 78.6.c, indicase: "criterios obxectivos de adxudicación da subvención ou axuda pública". A súa vez, o Decreto 287/2000 establece no seu artigo 4º.2 "Cando, por se formular con vixencia indefinida, ...c) Criterios obxectivos de adxudicación, graduados segundo a súa importancia en relación coa finalidade da axuda ou subvención". Por tanto, de ambas normas se deriva que as ordes de 2002 e 2003 non teñen vixencia indefinida, polo que seu contido non contradí o mandato contido no artigo 4.2 do Decreto 287/2000.
- Ademais a expresión "unicamente" non procede dado que non lle corresponde ao equipo fiscalizador realizar unha valoración dos criterios de concesión.
- Tampouco procede a frase "Idéntica conclusión ... exercicio 2003" porque non tiveron lugar axudas a clubs de forma directa.

Orde 2004. Sería de aplicación o citado para 2002-2003 dado que a entrada en vigor da Lei 28/2003, xeral de subvencións (disposición transitoria segunda), é posterior á publicación da orde de 31 de decembro de 2003 (axudas a federacións 2004).

Orde 2005. Xa se aplican os criterios.

Como complemento ao indicado, sinalar que a definición de criterios de concesión realizada correspondía coa práctica habitual nas ordes de axudas dos distintos departamentos da Xunta de Galicia.

5) Medios e prazo de xustificación

Solicítase a supresión ou revisión dos parágrafos relativos ás ordes 2002-2003 (parágrafos 1 a 4) dado que non se pode prestar conformidade coa interpretación efectuada no informe en relación co artigo 15 do Decreto 287/2000, na medida en que limite o carácter preferente, non único e exclusivo, da enumeración dos medios xustificativos. Resulta de interese citar que o sistema empregado nas citadas ordes denomínase "conta xustificativa simplificada" no Regulamento das subvencións de Galicia publicado en 2009.

Solicítase a supresión ou revisión dos parágrafos 6 a 8 ("En relación coas .... revisión que nos ocupa". O motivo é que non se trata dunha incidencia senón dunha recomendación que non é de obrigado cumprimento e que non supón, por tanto, "unha notoria limitación".

Solicítase a supresión do parágrafo 9 ("A orde reguladora ... autorización"). O motivo é que non se trata dunha incidencia senón dun criterio de oportunidade que non é de obrigado cumprimento.

Solicítase a supresión do parágrafo 10 ("Nas ordes correspondentes ... deportivas"). O motivo é que non se trata dunha incidencia senón dunha recomendación que non é de obrigado cumprimento.

6) Publicidade na concesión de axudas

Solicítase a matización da expresión "concorrencia competitiva" no cuarto parágrafo toda vez que as bases da convocatoria de axudas outorgadas ás federacións deportivas nos anos 2002 e 2003 non contemplan esta circunstancia tal e como admite o artigo 3 do Decreto 287/2000.

Solicítase suprimir a consideración de entidades colaboradoras no 6° parágrafo, en coherencia coa non consideración das federacións deportivas como entidades colaboradoras (ver apartado I.2 obxectivo 2)

7) Conclusións

Solicítase que a conclusión "O contido das bases aprobadas das axudas para os exercicios 2002 a 2005 non se efectuou conforme á legalidade" sexa retirada ou, no seu defecto, matizada. As bases das axudas foron aprobadas conforme á legalidade vixente no momento da súa publicación tal e como proban os informes favorables dos órganos de asesoramento e control intervintes no procedemento.

Solicítase a revisión do parágrafo que indica "... a mención dos criterios obxectivos de adxudicación, debidamente graduados..." dado que debe especificar que, tal como se apuntou na sección 4) deste apartado, neste caso só lle é de aplicación ás ordes publicadas logo da entrada en vigor das lei xeral de subvencións.

Solicítase a retirada ou matización do último parágrafo desa páxina ("A excepción...") toda vez que do seu contido se deduce claramente, a senso contrario, que os informe citados foron emitidos de conformidade cos termos nos que se atopaban redactadas as respectivas ordes e así debe quedar constancia no informe.

**II.3 Incidencias na execución das ordes**

1) Motivación das contías outorgadas ás federacións e clubs

Solicítase revisión do primeiro parágrafo e seguintes na medida en que nos expedientes administrativos recóllense valoracións realizadas tendo en conta os criterios que se especifican nas respectivas ordes de convocatoria. Deste modo nas actas das comisións de valoración son aplicados criterios obxectivos con valoración cuantitativa que son completados con criterios que precisan dunha previa valoración cualitativa soportada sobre o criterio dos técnicos especialistas da comisión de valoración.

Solicítase revisión do parágrafo "Con respecto..." dado que non existe na documentación criterios empregados para a distribución individual das axudas a cada

club porque isto non era o pretendido pola orde. Como xa se indicou, o que se pretendía subvencionar era a promoción deportiva a través da competición oficial. Isto susténtase nas solicitudes de axudas por parte das federacións e o control do destino dos fondos públicos nos sistemas de fomento que estes facían cos clubs, cada unha cun sistema diferente, normalmente aprobados pola propias asembleas ou comisións técnicas das federacións.

2) Procedemento de concorrencia competitiva.

Solicítase a corrección da consideración do procedemento de concorrencia competitiva no caso das ordes dirixidas a federacións deportivas galegas en 2002 e 2003. Polo expresado na Presentación (parágrafo: "Derivado das particularidades...") e dado que a regulación das axudas o permitía, o réxime das ordes dirixidas ás federacións deportivas non contempla a aplicación da concorrencia competitiva senón unicamente de concorrencia.

4) Sistema de xustificación 2002-2003

Solicítase a supresión ou revisión do apartado dado que, tal e como se indicou no apartado II.1.5, o artigo 15 do Decreto 287/2000 establece o carácter preferente, non único e exclusivo, do sistema de achega de facturas e demais documentos orixinais probatorios.

Asemade, os órganos xestores realizaban un seguimento dos programas de actividades das federacións, que ademais quedaba reflectido nas memorias presentadas. Deste xeito tense constancia da realidade de que o obxecto perseguido coa acción subvencionadora fose satisfeito.

5) Sistema de xustificación 2004-2005

Solicítase a revisión do apartado dado que por parte do centro directivo considerase que os "recibís" presentados polos clubs nos programas de apoio ás federacións para a promoción das competicións deportivas cabe consideralos como documentos substitutivos de factura na medida en que representa a contrapartida por participar nunha competición oficial organizada pola federación e que, dadas as características da actividade estaría exento de ive. Así foi considerado pola intervención e, por tal motivo, non se considerou nin se considera preciso solicitar unha factura aos clubs polo importe do ingreso recibido.

Ademais o propio "recibí" pode exercer como acreditación do pago por caixa por parte da federación ou como acreditación da disposición dun dereito de cobro diante a mesma que pemite facer compensacións posteriores.

Solicitamos téñase en conta esta consideración para dar por válido o "recibí" correctamente presentado como xustificante de gasto, sen necesidade polo tanto de que as federacións teñan que acreditar dos clubs o "xustificante de gasto" asociado á suposta "axuda" concedida. Iso si, ten que quedar demostrado a participación na

competición oficial e, polo tanto o cumprimento da promoción pretendida, para que sexa admitido o gasto.

6) Notificación aos beneficiarios

Solicítase a matización desta afirmación do informe dado que tal e como se pon de manifesto na documentación que se puxo a disposición do equipo fiscalizador sempre houbo comunicación escrita das respectivas resolucións de concesión, anque non tivera a configuración específica de notificación.

7) Publicación das axudas

Solicítase a matización deste parágrafo na medida en que a normativa establecida no artigo 11 do Decreto 287/2000 establece que só cando se superen 300.000 euros ou se recolla nas bases reguladoras é preceptivo publicar as concesións no DOG. No apartado II.1.6 do propio informe aclara que esta situación debería corresponderlle a 15 casos no período.

## III. Control interno sobre as axudas concedidas a federacións e clubs

### III.1 Organización Administrativa

Resultan axeitadas as conclusións indicadas neste apartado, o que sen lugar a dúbidas explican que o persoal asignado á tramitación e control das axudas se atopasen con dificultades para unha operativa normalizada e axeitada aos requirimentos dunha normativa cambiante e cada vez mais esixente.

### III.3 Plan de auditorías

Solicitase matizar a expresión "obriga de someter os seus estados económicos a unha auditoría" dado que a Lei xeral do deporte de Galicia establece no seu artigo 19 que "As asociacións deportivas de Galicia ... deben someter anualmente a súa contabilidade e mailo seu estado económico a unha auditoría ou verificación contable, nos casos en que así o dispoña a Administración autonómica" e, evidentemente, isto non ten que ser permanente nin imperativo.

En todo caso, tal como se sinalou na presentación, foi en 2006 cando se iniciou un programa de auditoría para a totalidade das federacións deportivas, que rematou en 2008. Ademais o citado programa respostou a unha programación recollida nos contratos realizados cos respectivos auditores no que quedaba recollido o alcance do informe de auditoría e o plan de traballo. Dado que foron varios os auditores que realizaron o traballo, a materialización dos informes non coinciden na

materialización pero sí no alcance. Por tal motivo solicítase a supresión do expresado na páxina 27 do informe "...os informes de legalidade non presentan o mesmo alcance nin unha estrutura homoxénea, o que evidencia unha deficiente programación destes por parte da administración".

A conclusión expresada na páxina 28 pon en evidencia a hipótese de partida que a DXD mantiña no momento de programación das auditorías e xustifica as actuacións indicadas na Presentación destas alegacións. En todo caso, consideramos que sería necesario matizar a expresión "non garante un axeitado control dos fondos" na medida en que como regra xeral existe unha fonda preocupación nas federacións por administrar correctamente os fondos e, en todo caso, nos fondos públicos faíselle un seguimento exhaustivo.

## IV. Fiscalización das axudas outorgadas pola administración ás federacións e aos clubs

En coherencia coa non consideración das federacións deportivas como entidades colaboradoras (ver apartado I.2 obxectivo 2), solicítase modificar o título do apartado, substituíndo "... aos clubs deportivos a través destas entidades colaboradoras" por "...aos clubs", así como as referencias a entidades colaboradoras en:

- Parágrafo 1º: suprimir "...por medio destas últimas"
- Parágrafo 2º: suprimir "... en calidade de entidades colaboradoras"

### IV.1 Mostra seleccionada e criterios de fiscalización

Axudas a clubs materializadas en recibís.

Solicítase a revisión do apartado en base aos seguintes argumentos:

- Tal e como se recolle no apartado II.3.5 das alegacións, considerase que os "recibís" son xustificantes válidos do destino dos fondos no caso de que veñan correctamente tramitados toda vez que, como se leva indicado ao longo deste documento, as federacións son entidades promotoras e non entidades colaboradoras aos efectos da normativa de axudas. Tamén se indicou naquel momento que o "recibí", ademais de por banco, pódese cobrar por caixa ou dispór dun dereito de cobro diante da federación.
- Ademais, como reflicten as correspondentes memorias das federacións, a actividade dos clubs queda acreditada en tanto que consiste na participación na competición. Na medida en que está tramitada a xustificación por parte do centro directivo queda en evidencia que a actividade esta realizada e que non se

adica a outros fins –lémbrese que polo xeral as axudas públicas nunca cobren o financiamento da actividade ordinaria dos clubs-.

- Non se considera necesario a aportación de xustificantes de gasto por parte dos clubs para este caso, sendo os recibís o xustificante axeitado.

Remuneracións, compensacións de gastos (axudas de custo e locomoción) dos membros dos órganos das federacións e do persoal ao seu servizo.

Solicítase introducir como un suposto a contemplar no apartado "Órganos representativos" o caso de que a federación reembolse os gastos no que os órganos representativos xustifiquen a realidade do gasto, en cuxo caso non se trata de retribución.

Solicítase que se matice o expresado no parágrafo "O artigo 21..." na medida en que o citado regulamento de federacións indica "Tódolos cargos son honoríficos e, en caso extraordinario, cando se estableza unha compensación económica xustificada a favor dalgún dos membros da xunta directiva, ten que ser expresamente acordada por maioría absoluta da asemblea xeral e constar de maneira diferenciada no orzamento. En ningún caso a compensación económica poderá ser satisfeita con cargo ás subvencións públicas que reciba a federación". Resulta evidente que a expresión compensación económica nesta norma do ano 1995 refírese a remuneracións laborais ou contractuais, pero considerase que non se estende ao concepto de "compensación de gastos" entendido na lexislación fiscal.

No tocante á conclusión reflectida na páxina 33 ("Nas 17 federacións....percepción de subvencións"), e con independencia das incidencias de índole fiscal ou laboral que poideran producirse en casos concretos, considerase que por regra xeral queda probado que os xustificantes librados polos interesados teñen o ánimo de acreditar gastos xerados na realización das actividades e que posiblemente non estean suficiente detallados ou desglosados. O certo é que foron xustificantes de gasto aceptados polos órganos de control como suficientes e demostrativos da aplicación dos fondos públicos á acción subvencionada.

Facturas de comidas por causa de xuntanzas da xunta directiva ou do presidente con persoas alleas ou non á organización federada.

Solicítase a supresión ou matización do primeiro e segundo parágrafo do apartado por realizarse unha consideración que ten carácter puntual e que non ten presente a dinámica de traballo dun sector, que ten ámbito galego e mesmo estatal e internacional, onde predomina a labor voluntaria -mesmo en ocasións moitos dos gastos son asumidos polos propios participantes- e onde é habitual ter xuntanzas de traballo da xunta directiva, das comisións de traballo ou dos compoñentes dos distintos equipos de competición.

Particularmente estase en desacordo que se poña en dúbida o traballo dun sector que mobiliza a 4000 clubs e 250.000 persoas ao cuestionar que moitas das accións realizadas non sexan dirixidas para a promoción do deporte federado e polo tanto de

utilidade pública -de feito, por lei, as federacións deportivas galegas son de utilidade pública-. É posible que na xestión administrativa se cometan erros, ou simplemente non se lle adique o tempo e a atención axeitada, pero tamén é certo que dende a administración debese ser moi respetuosos coa realidade da actividade deportiva galega desenvolvida na súa meirande parte por persoas a titulo voluntario.

Gastos de telefonía fixa e móbil.

Solicítase a matización do apartado na medida en que a telefonía é unha ferramenta de traballo habitual das federacións e non semella razoable, se os titulares dos contratos son as propias entidades, cuestionar que non ser adiquen ao fin de utilidade público que administran. No caso de que non sexan titulares, semella preciso admitilos como gastos se se demostra que as chamadas realizadas foron para fins dos programas realizados -competicións oficiais, etc-. A alternativa de proporcionar comunicacións a todos os axentes implicados na federación resultaría a todas luces inasumible.

Indicar que o último parágrafo da páxina 25 coincide co anterior.

**IV.2 Requirimentos de documentación xustificativa efectuados a través da DXD**

IV.2.1 Axudas a federacións 2002 e 2003

Solicitamos que se teña en conta que a imposibilidade de presentar a documentación por parte da Federación galega de Salvamento e Socorrismo está relacionado co feito de non dispola, tal e como se reflicte na acta notarial de D. Fermando Maiz Cal (protocolo notarial 146/2005) na que se pon de manifesto que a actual xunta directiva "requeriu ao anterior representante legal da mesma para que, entre outros, fixera entrega dos libros e demais documentación cuxa tenencia é esixida polos estatutos da Federación". Tamén consta que existe un procedemento xudicial aberto con tal motivo.

IV.2.2 Axudas a federacións 2005

**A) Xustificación do gasto efectuado polos clubs con cargo ás axudas do 2005**

En coherencia co expresado no apartado I.2 obxectivo 2, considérase que as federacións deportivas galegas non operan como entidades colaboradoras senón como entidades promotoras e por tanto:

- A DXD a quen se ten que dirixir para a xustificación das axudas ás federacións é a estas.
- A forma de xustificación do programa de axudas a clubs por parte das federacións non debe levar asociado a presentación de facturas a nome do club (ver apartado II.3.5).

- A forma de pago asociada co programa de axudas pode ser por caixa, por banco ou por disposición dun dereito de cobro que se pode compensar con pagos que os clubs teñan que facer ás federacións (ver apartado II.3.5).

Polo expresado, solicítase a revisión das consideracións recollidas neste apartado, así como a revisión da aplicación do criterio empregado para cada un dos clubs en tanto non sería necesario que presentasen facturas de gasto propias e existen fórmulas alternativas de xustificación do pago.

IV.2.3 Axudas a federacións 2005 e 2002-03

**C) Documentación xustificativa da aplicación polos clubs da axuda obtida en 2002 e 2003**

En coherencia co expresado no apartado I.2 obxectivo 2, considérase que as federacións deportivas galegas non operan como entidades colaboradoras senón como entidades promotoras e por tanto:

- A forma de xustificación do programa de axudas a clubs por parte das federacións non debe levar asociado a presentación de facturas a nome do club (ver apartado II.3.5).
- A forma de pago asociada co programa de axudas pode ser por caixa, por banco ou por disposición dun dereito de cobro que se pode compensar con pagos que os clubs teñan que facer ás federacións (ver apartado II.3.5).

Polo expresado, solicítase a revisión da aplicación do criterio empregado para cada un dos clubs en tanto non sería necesario que presentasen facturas de gasto propias e existen fórmulas alternativas de xustificación do pago.

**IV.3 Incidencias detectadas na fiscalización das federacións deportivas**

No tocante ás limitacións recollidas na páxina 68, compre remitir ás alegacións citadas no apartado II -en particular os apartados II.2.1, II.2.5, II.3.4 e II.3.5- e as relacionadas no apartado IV.1

En todo caso sí que resulta relevante que as Federacións atenderan o requirimento dos xustificantes de gasto relacionados na conta xustificativa presentada, así como os correspondentes pagos.

Mentres que na orde de 2002 non se establecía prazo de xustificación, podéndose polo tanto realizara ata o final do exercicio, na orde de 2003 e seguintes sí se establecía que o prazo de xustificación.

Polo expresado, solicítase a revisión da aplicación do criterio empregado para cada unha das federacións, particularmente no tocante ao "programa de axudas a clubs" en tanto non sería necesario que presentasen facturas de gasto propias dos clubs e existen fórmulas alternativas de xustificación do pago.

No seguinte cadro indícase cun "X" aqueles programas nos que se considera de aplicación a revisión solicitada:

| Nº | FEDERACIÓN | 2002 | | | | 2003 | | | | 2004 | | | | | | 2005 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | I | II | III | IV | I | II | III | IV | I | II | III | IV | V | VI | I | II | III | IV | V | VI |
| 1 | Aeronáutica | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 2 | Atletismo | b | a,b | c | a,b | b | b,d | c | b | b,e | e | | b | c | b | b,e | b,e | | b | c | b |
| 3 | Automobilismo | | e | c | e | | b | c | b | | | | | c | | | | | | c | |
| 4 | Boxeo | | | | | | | | | e | d | | | c | | b | | | | c | |
| 5 | Ciclismo | | | c | | | | c | | | | | | c | | | | | | c | |
| 6 | Fútbol | | | c | | | | c | | | | | | c | | | | | | c | |
| 7 | Hockei | | b,e | c | b,e | b | b,e | c | b,e | b,e | b,e | | b | c | | b,e | b,e | | b | c | |
| 8 | Patinaxe | | | c | | | | c | | | | | | c | | | | | | c | |
| 9 | Rugby | | | | | | | | | b | b | | b,e | c | | b,e | b | | b,e | c | e |
| 10 | Tenis de Mesa | | | | | | | | | b,e | b,e | e | b | c | e | b,e | b,e | e | b | c | e |

En cor amarelo, federacións que non respostaron aos requirimentos realizados do Consello de contas.
En cor azul, federacións as que só se fiscalizou o programa de axuda a clubs.
Temas de revisión:
a. Xustificación en prazo
b. Compensación de gastos
c. Recibís de clubs como xustificante de gasto suficiente
d. Xustificante de desprazamentos a considerar
e. Gastos de actividade real a considerar

# V. Fiscalización das axudas outorgadas directamente a clubs e Sociedades Anónimas Deportivas (SAD)

### V.1 Incidencias en contidos e tramitación da orde do 29 de abril de 2005

A vista da entrada en vigor da Lei Xeral de Subvencións e a adaptación do TRLRFP na lei de orzamentos de 2005, queda claro como centro directivo –ao igual que os restantes centros directivos- non dan adaptado as ordes reguladoras de axudas aos mesmos. Esta circunstancia enmarcase no citado na presentación sobre a gradualidade na implantación da normativa de subvencións.

### V.2 Incidencias na execución da orde do 29 de abril de 2005

1) Motivación das contías outorgadas

Solicitamos a supresión do apartado "a) Clubs que participan en competicións nacionais e clubs de fútbol de 3ª división" na medida en que, tal e como se indicou no apartado "I.0 Fiscalización" deste documento, non se trata de clubs profesionais.

6) Notificación fóra de prazo

Solicítase incorporar o feito de que no exercicio 2005 tiveron lugar eleccións en Galicia e por tanto houbo un cambio nos órganos reitores do centro directivo, que se produciu entre os meses de agosto e setembro. Dado que na resolución de 27 de xullo

-unha semana antes do cambio de goberno- non se pechou o proceso, foi materialmente imposible facer a segunda resolución antes do 14 de outubro.

Tamén este feito xustifica que os novos responsables da xestión das subvencións –que tamén tiñan que asumir as responsabilidades dos restantes programas de actividade-, xunto co persoal da DXD, puideran atender a todas as esixencias da nova normativa durante o proceso de tramitación.

**V.3 Incidencias na fiscalización das axudas outorgadas aos clubs**

A mostra seleccionada inclúe 10 clubs, todas as SAD e a ADE que mais axuda recibiu. Polo expresado no apartado "I.0 Fiscalización", solicitase que a fiscalización se limite ás SAD, que son os únicos clubs profesionais de todos os seleccionados. Isto afectaría á fiscalización recollida entre as páxinas 159 e 176.

Solicítase retirar o relativo ao Regulamento Xeral de Subvencións recollido na páxina 157 por non ser de aplicación.

Solicítase retirar o relativo á cesión de datos para comprobar os certificados de estar ao corrente na páxina 158 por non estar recollido nas bases.

# VI. Conclusións e recomendacións

Na medida en que o recollido neste apartado do anteproxecto de informe de fiscalización é o recopilatorio do expresado ata ese momento, a alegacións ou matizacións que se propoñen manteñen a liña argumental anticipada na "Presentación" e nos distintos capítulos.

**VI.1 Conclusións**

VI.1.1 Ordes reguladoras das axudas outorgadas ás federacións e clubs (2002-2005)

Solicítase a consideración de "concorrencia" en vez de "concorrencia competitiva" (primeiro parágrafo p.187) para as ordes de axudas a federacións deportivas de 2002 e 2003, segundo o motivado no apartado II.3.2 das alegacións.

O Centro directivo, segundo o expresado no apartado I.2 "Obxectivo 2" das alegacións, considera que as federacións deportivas galegas operan como entidades promotoras e non entidades colaboradoras no tocante ás ordes de axudas suxeitas a fiscalización. Por tal motivo solicitan a revisión das seguintes conclusións:

- "b) A contía restante, con destino aos clubs integrados na federación, que sería obxecto de repartición en virtude dos baremos propostos, suxeitos á aprobación da Administración deportiva" (p.187). Lémbrese neste caso que os baremos propostos non están recollidos como criterios nas ordes de 2002 e

2003, e nas de 2004 e 2005 teñen a consideración de aspectos a valorar non a ser sometidos a aprobación.

- "... e intermedios (para a súa transmisión ulterior aos clubs). Neste último suposto actuaban a título de entidades colaboradoras" (p.187). Convén incidir en que a administración pretende a promoción deportiva a través das competicións oficiais que as federacións deportivas galegas organizan cos seus clubs. Cada federación organiza esta acción promocional do seu xeito e, mesmo algunhas federacións nin empregan este mecanismo.
- "... Por outra banda, a distribución material dos fondos aos clubs non se efectúa na súa totalidade polas federacións, encargándose directamente a Secretaría Xeral para o Deporte ..." (p.187). A precisión realizada neste apartado debería aclarar que a promoción deportiva separa a "competición nacional de carácter oficial" da demais, sendo no primeiro caso destinatarios directamente os clubs e no segundo as federacións.
- "... Non obstante, as federacións seguiron exercendo (en contía netamente inferior aos exercicios 2002 e 2003) as funcións de entidade colaboradora" (p.188).

No tocante ao contido das bases das convocatorias, solicítase revisar ou matizar as seguintes afirmacións:

- "...ao longo dos exercicios 2002 a 2005 non se axustou á legalidade vixente" (p.188). Quedou posto de manifesto no apartado II.2.7 das alegacións que as bases das axudas foron aprobadas conformes á legalidade vixente no momento da súa publicación. De feito, isto tamén se deriva, a senso contrario, do expresado na páxina 189: "Os informes emitidos con carácter previo á aprobación das bases pola Dirección Xeral de Planificación e Fondos Comunitarios, a Asesoría Xurídica e a Intervención Delegada dos respectivos departamentos autonómicos non se pronunciaron en relación coas deficiencias expresadas".
- "1) A pesar de que as federacións actuaron como entidades colaboradoras....dos fondos recibidos". Recoller o expresado previamente no tocante a entidades colaboradoras e indicar que resulta claro que se non son entidades colaboradoras, non teñen que acreditar requisitos de eficacia e solvencia. Lémbrese que como entidades sen ánimo de lucro non son entidades capitalizadas e contan con problemas importantes de liquidez (ver na "Presentación" o apartado que indica: "Unha debilidade particularmente ....")
- "2) As bases correspondentes aos exercicios 2002 e 2003 non establecían graduación dos criterios obxectivos de adxudicación das axudas". Ver alegacións no apartado II.1.3, no tocante ao período 2002-2003.
- "4) Para o cobramento das axudas outorgadas en 2002 e 2003 unicamente se esixía unha certificación do gasto expedida polo secretario, co visto e bo do presidente da federación. Esta regulación vulnera o artigo 15 do Decreto 287/2000...". Ver alegacións no apartado II.2.5 e II.3.4, no tocante ao período 2002-2003.

- "...Nas convocatorias 2004 e 2005... non se incluíron previsións relativas á acreditación dos pagamentos efectuados...". Nas respectivas ordes reguladoras non estaba recollida esta condición e tampouco na regulación de axudas vixente no momento de publicación das ordes.
- "5. As subvencións... concorrencia competitiva...". Para as federacións deportivas, segundo o motivado no apartado II.3.2 das alegacións, considerase que sería "concorrencia".

No tocante á execución das convocatorias, solicítase revisar ou matizar as seguintes afirmacións:

- "A asignación das contías concedidas ás federacións efectuouse á marxe dos criterios contidos nas bases reguladora. As axudas ás federacións deportivas non se outorgan no marco dun verdadeiro procedemento administrativo de concorrencia competitiva" (p.189). Vólvese a insistir o expresado no apartado II.3.2 das alegacións, onde se xustifica que se trata dun sistema de "concorrencia".
- "Nos exercicios 2002 e 2003 outorgáronse axudas a federacións e clubs...sen que se esixise a achega de facturas e demais documentos orixinais probatorios, en infracción da propia norma autonómica. ...". Ver alegacións no apartado II.2.5 e II.3.4, no tocante ao período 2002-2003.
- "Nos exercicios 2004 e 2005... aceptou... recibís (dos clubs)...". O centro directivo considera os recibís como xustificantes válidos segundo o expresado no apartado II.3.5 e IV.1.

VI.1.2 Requirimentos de xustificación a instancia do equipo fiscalizador

Solicítase a matización no relativo á non entrega da documentación por parte da Federación Galega de Salvamento e Socorrismo. Ver alegación IV.2.1

No tocante á solicitude de documentación relativa ao programa de axuda a clubs das federacións deportivas recollida no apartado "II.A" do informe fiscalizador (pp. 190-191), solicítase a revisión a teor de:

- Dado que se considera que as federacións deportivas son as destinatarias finais da axuda –non actúan como entidades colaboradoras a efectos da normativa de subvencións-, correspóndelle a elas a xustificación correspondente e, por outra banda, considérase que abonda co "recibí" ou, de ser o caso, o gasto directo da federación no citado programa (arbitraxes, licenzas, mutualidades, etc). De feito foron admitidos polas intervencións delegadas.
- Tamén queda argumentado no apartado II.3.5 das alegacións que, ademais da transferencia bancaria, pode haber formas alternativas de pago como pode ser por caixa ou por disposición dun dereito de cobro que permita facer compensacións posteriores.

Polo que corresponde ao recollido no apartado "II.B" do informe fiscalizador (pp. 191-192), solicítase a revisión a teor do expresado no apartado IV.1 das alegacións

("Remuneracións..."). Considerase que por regra xeral queda probado que os xustificantes librados polos interesados teñen o ánimo de acreditar gastos xerados na realización das actividades, tal e como interpretou tamén a intervención. Isto non quita que poida haber casos que teñan repercusións fiscais.

VI.1.3 <u>Fiscalización das axudas outorgadas ás federacións deportivas (2002-2005)</u>

1. Falta de declaración doutros ingresos obtidos.

Tal e como quedou expresado na "Presentación", as federacións e os clubs non profesionais son entidades sen ánimo de lucro e que apenas teñen capitalización inicial. A obtención de beneficios –mellor dito, excedentes- non soe ser unha prioridade e, de producirse, precisamente serve para dotarse dun fondo de rotación co que facer fronte a pagos.

Por outra banda, os programas financiados pola DXD non teñen porque abranguer o 100% da súa actividade; de feito na meirande parte dos casos así o é. Ademais, por exemplo, as cotas dos asociados ou servizos que presten proporcionan un financiamento que non ten porqué colisionar coas axudas percibidas. Por tal motivo, obter excedentes nas contas xerais da entidade, aparte de ser recomendable, non ten porque supor que houbo sobrefinanciamento público.

Por último é palpable que nas ordes de axudas quedaba recollida a obriga de comunicar a percepción doutras axudas públicas para os mesmos programas, non quedando de manifesto as privadas -por certo escasas ou en moitos casos non colisionantes-. Resulta, pois, necesario que só se faga mención a aqueles casos que manifestamente se percibe un sobrefinanciamento.

Polo citado, solicitamos que se matice o expresado neste apartado e, en todo caso, se limite a aquelas federacións nas que se produza o incumprimento.

2. Axudas a clubs materializadas en recibís.

Solicítase a retirada deste apartado polo motivos expostos recollidos no apartado II.3.5 e IV.1 das alegacións.

3. Remuneracións, compensacións de gastos (axudas de custo e locomoción) dos membros dos órganos das federacións e do persoal ao seu servizo.

Solicitase a revisión do expresado neste apartado en virtude do recollido no apartado IV.1 "Remuneracións..." das alegacións.

4. Gastos de telefonía e facturas de comidas

Solicítase a matización do apartado en virtude no recollido no apartado IV.1 "Factura de comidas..." e "Gastos de telefonía".

5. Incumprimento do principio de anualidade, gastos en bens de inmobilizado e presentación de facturación non axustadas a dereito.

Dado os limitados casos nos que se ten dado o incumprimento do principio de anualidade e de gastos en bens de inmobilizado, solicítase que se retire do título deste apartado. Queda suficientemente recollido no termo restante.

O cadro exposto neste apartado resulta elocuente da magnitude do problema que supostamente o equipo fiscalizador detectou. Semella razoable pensar que nin os beneficiarios das axudas, nin o centro directivo, nin os órganos fiscalizadores puideron realizar tan mal o seu traballo: o 95% das axudas concedidas son susceptibles de solicitar o reintegro.

Consideramos que, se se teñen en conta as alegacións expostas, este cadro proporcionaría outra imaxe do problema e, sobre todo, non levaría a unha situación de alarma social que pode levar á práctica desaparición do sector deportivo galego e, con ilo, se veña abaixo o servizo público que está prestando.

VI.1.4 Fiscalización das axudas outorgadas a clubs deportivos e SAD (2005)

Aos efectos de fiscalización reiterase o argumento descrito no apartado I.0 "Fiscalización", no que se se sinala que o informe estaba dirixido aos "clubs profesionais" e incorporáronse os restantes clubs a posteriori sen que fose acordado na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas.

VI.1.5 Actuación dos intervintes na concesión das axudas públicas ao deporte

1) Administración deportiva

Á vista das alegacións realizadas, solicitamos que se revise ou matice:

- A expresión "graves deficiencias"
- "A regulación das bases non é conforme a dereito".
- "a presentación de meras certificacións de gasto"
- "...sen que a súa adxudicación se axustara á concorrencia competitiva"
- "... aceptáronse recibís como xustificación válida dos pagamentos realizados ao persoal directivo e colaborador das Federacións, así como dos pagamentos das axudas aos clubs".
- "Non se verificou a esixencia de rendición dunha conta xustificativa da actividade global de federacións e clubs deportivos"
- "Non se efectuou a publicación das axudas concedidas..."
- "A participación do órgano xestor na fase de xustificación das axudas vaise reducida á mera tramitación dos pagamentos"

2) Federacións como entidades colaboradoras.

Solicítase a revisión deste apartado dado que, tal e como se ten indicado no apartado I.2 "Obxectivo 2", non se consideran ás federacións como entidades colaboradoras conforme ao disposto na normativa de subvencións. Ademais non se comparte a afirmación de que "... non permitiron obter evidencia, na maior parte dos casos, de que os fondos públicos foran obxecto de entrega aos seus destinatarios".

3) Federacións e clubs como beneficiarios.

Solicítase a retirada da expresión "xustificación deficiente das súas actividades", dado que polo xeral están axeitadamente xustificadas. Outra cousa é que non se teña xustificado coa fomalidade convinte os desprazamentos e gastos asociados á organización da actividade deportiva por parte dos directivos e colaboradores.

Solicítase matizar a afirmación de que as federacións deportivas non colaboraran, porque unha gran maioría respostou as demandas realizadas.

**VI.2 Recomendacións**

- Evitar sobrefinaciamento. Os sistemas de declaración doutras axudas están implantados, se ben só é posible lograr efectividade na supervisión no caso de control posterior.
- Concorrencia competitiva. Está introducida nas ordes de axudas, quedando excluída deste sistema as federacións deportivas galegas ao terse implantado un sistema de convenio-programa con cada unha delas.
- Publicación das axudas. Está implantado e publícanse no DOG
- Federacións como entidades colaboradoras na concesión de axudas. Non procede no sistema de financiamento a clubs existente actualmente.
- Control posterior. Tense implantado un programa de auditorías polo que foron revisadas a totalidade das federacións. A partir do mesmo realizáronse recomendacións e estase facendo seguimento dos mesmos. Algunhas federacións realizan auditorías anuais.
- Xustificación das axudas. Está implantado de forma xeral o sistema de xustificación con facturas e con acreditacións de pagos. No caso das federacións, estase plantexando o sistema de conta xustificativa auditada. No caso dos clubs, estase plantexando o sistema de conta xustificativa simplificada.
- Gastos xustificables. Está implantado o sistema de definir cales son xustificables.

En todo caso, resultan de interese as recomendacións realizadas tanto para o centro directivo como para o sector deportivo galego. Tal e como se indicou na "Presentación", o camiño está iniciado por parte de todos e só queda tempo para que se asente.

# RÉPLICAS ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

***ALEGACIÓN***

## I.0 Fiscalización

*A fiscalización acordada pola Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas establece a fiscalización dunha mostra representativa das axudas concedidas ás federacións deportivas e aos clubs profesionais por parte da Xunta de Galicia. En virtude deste acordo entendemos que:*

*- O título do informe debería ser (...)*

*- As entidades fiscalizadas deberían limitarse ás federacións deportiva e aos clubs profesionais (..) Este feito contrasta coa ampliación do alcance do anteproxecto do informe presentado no que non só se fiscalizan aos clubs profesionais, entendidos como Sociedades Anónimas Deportivas, senón tamén ao resto de clubs subvencionados en base á orde do 29 de abril de 2005.*

## V.3 Incidencias na fiscalización das axudas outorgadas aos clubs

*A mostra seleccionada inclúe 10 clubs, todas as SAD e a ADE que máis axuda recibiu. Polo expresado no apartado "I.O.Fiscalización", solicítase que a fiscalización se limite ás SAD, que son os únicos clubs profesionais seleccionados. Isto afectaría á fiscalización recollida entre as páxinas 159 e 176.*

**RÉPLICA**

A Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas adoptou, en sesión do día 5 de decembro de 2006, o acordo de aprobación de 11 recomendacións entre as que se atopaba (9ª recomendación) a de *instar ao Consello de Contas á fiscalización selectiva dunha mostra representativa das axudas concedidas ás federacións deportivas e aos clubs deportivos profesionais por parte de la Xunta de Galicia e das entidades locais.*

Ao amparo do disposto polos artigos 24.1 de la Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas e 2.1 do seu Regulamento de Réxime interior, habida conta de que a fiscalización *das subvencións, los créditos e as axudas con cargo aos orzamentos dos entes públicos galegos* atópanse entre as funcións atribuídas a este órgano fiscalizador (artigo 4, apartado b) da Lei 6/1985, de 24 de xuño), procedeuse á adopción da citada recomendación, incorporando a

presente fiscalización ás que figuraban no seu plan anual de traballo.

A competencia deste órgano para o exercicio da función fiscalizadora, así como para a definición e concreción exacta dos seus obxectivos e alcance resulta da iniciativa que lle atribúen os preceptos citados anteriormente, a cuxo tenor, *os procedementos de fiscalización impulsaranse de oficio en todos os seus trámites. A iniciativa corresponde ao propio Consello e ao Parlamento de Galicia* (art. 24.1); o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización, poderá actuar de oficio ou a petición do Parlamento de Galicia (art. 2.1). Non cabe, polo tanto, entender o esgotamento da referida competencia a expensas da interpretación efectuada polo suxeito fiscalizado, por canto nin o seu fundamento descansa no tenor literal da recomendación transcrita nin da mesma pode inferirse matiz de carácter restritivo algún.

A maior abundamento, deben efectuarse as seguintes precisións:

- Con carácter análogo ao expresado na totalidade das ordes reguladoras das axudas que foron obxecto de fiscalización, o artigo 10 c) da Orden de 29 de abril de 2005 dispón o sometemento dos beneficiarios destas axudas (clubs deportivos galegos que participan en competicións oficiais, agrupacións deportivas escolares e SAD) ás actuacións previstas na lexislación do Consello de Contas de Galicia.

- Procedeuse á fiscalización dunha mostra das axudas outorgadas a clubs a través das federacións nos exercicios 2002 e 2003 (apartado IV.2.3 c), entre os que se atopaban tanto os participantes en campionatos oficiais de liga en ámbitos que excedían a CA como os clubs de fútbol pertencentes á 3ª división. A súa fiscalización non é obxecto de cuestión pola entidade fiscalizada, pese a tratarse de clubs de idéntica natureza aos que establece a Orden de 29 de abril de 2005. Máis aún, entre os dez clubs fiscalizados ao amparo desta última disposición, figuran respectivamente 5 e 2 dos analizados nos exercicios 2002 e 2003. A diferenza na forma de percepción das axudas por parte dos clubs, ora través das federacións, ora de maneira directa -habida conta que o seu financiamento efectúase con cargo aos créditos da Administración autonómica- non condiciona a súa suxeición a fiscalización.

De acordo coas motivacións expostas, non se acepta a alegación efectuada, nin, por canto supón repetición da argumentación alegada, a contida no punto 4 do epígrafe ***VI.1.Conclusións.***

***ALEGACIÓN***

## I.0 Fiscalización

*Polo expresado, solicítase que as alusións aos destinatarios como "clubs deportivos" sexan substituídos por "clubs profesionais" ao longo de todo o informe.*

## I.1 Ámbitos de actuación

*No apartado" clubs deportivos e ligas profesionais ", solicitamos que se indiquen clubs profesionais.*

**RÉPLICA**

A categoría de clubs deportivos profesionais carece de previsión legal no ordenamento xurídico deportivo estatal e autonómico, sen que tampouco resulte posible asimilar exclusivamente ás SAD á aludida categoría, habida conta das excepcións contempladas nas disposicións adicionais 7ª e 8º da Lei 10/1990, de 15 de outubro, do Deporte. O artigo 37 da Lei 11/1997, de 22 de agosto, do deporte de Galicia, de xeito análogo ao artigo 41 da lei estatal, define exclusivamente como profesionais ás ligas constituídas ao efecto de organizar as competicións de idéntico carácter. Non téndose creado competicións profesionais de ámbito galego, as únicas existentes no estatal son, de acordo coa Disposición Adicional 6ª do RD 1251/1999, de 16 de xullo, as relativas á primeira e segunda división A de fútbol así como a primeira división masculina de baloncesto, denominada liga ACB.

Nos exercicios fiscalizados verificouse a existencia de clubs deportivos con forma xurídica de SAD que non competían en ligas profesionais (p.e. Ponte Ourense SAD) así como clubs que sen revestir a devandita forma xurídica participaban en ligas profesionais (p.e. Pontevedra C.F. na tempada 2004/05).

Sen prexuízo do anterior, a alegación formulada debe interpretarse no sentido de que a fiscalización se limite ás SAD, retirando o relativo ás restantes asociacións deportivas. Non obstante, polas razóns xa indicadas na anterior réplica, non resulta posible acceder a devandita pretensión. Por incorporar idénticas explicacións ás expostas, non se aceptan as alegacións correspondentes aos apartados ***I.2.Obxectivos (Obxectivo 3).***

***ALEGACIÓN***

## I.1 Ámbitos de actuación

*No apartado da páxina 4 que indica "Conforme á execución...non se certificou.."compre sinalar que entregouse por parte do centro directivo a relación completa de toda a información sobre as axudas solicitadas con escritos dos días 14.02.07 e 22.2.08 e púxose a disposición do equipo fiscalizador toda a documentación administrativa dispoñible –154 carpetas AZ cos expedientes e 21 carpetas da tramitación administrativa-. Por tal motivo, solicítase a supresión do citado parágrafo.*

## I.4 Limitacións

***Limitación 1.*** *Solicítase a supresión desta limitación dado que, como xa se anticipou no apartado I.1(...)*

**RÉPLICA**

A achega dunha relación de axudas carente de sinatura por parte da autoridade ou responsable administrativo da súa confección, así como da totalidade dos extremos obxecto de requirimento, non reúne os requisitos esixibles á certificación administrativa. A solicitude de certificación, efectuada en formal verbal e escrita por parte do equipo fiscalizador, responde ás necesidades prácticas de proba, confrontación e contradición da información dispoñible, a cuxos efectos ofrece maior veracidade a certificación subscrita por responsable que a relación sen sinatura de aquel.

Por tanto, non se aceptan as alegacións efectuadas.

***ALEGACIÓN***

## I.1 Ámbitos de actuación

*No tocante ao ámbito temporal da fiscalización deberá terse presente por parte do Consello de Contas que non poderá solicitar o reintegro das axudas indebidamente percibidas cando teña transcorrido o prazo legal previsto na normativa.*

**RÉPLICA**

Tal e como expresa o artigo 20 do Decreto 287/2000, o órgano competente para a tramitación e resolución do procedemento declarativo e de procedencia do reintegro *será aquel que ditou o acto administrativo de concesión da axuda ou subvención*. Así mesmo, en relación co procedemento sancionador, o artigo 34 da anterior disposición atribúe a competencia para a súa incoación ao titular da consellería concedente, nos supostos de infraccións leves e graves, e ao Consello da Xunta nos supostos de infraccións moi graves. O anterior debe entenderse sen prexuízo das competencias atribuídas ao Tribunal de Cuentas en materia de responsabilidade contable.

***ALEGACIÓN***

## I.1. Obxectivos

### Obxectivo 1

> *Na Lei Xeral do Deporte de Galicia non se establece como unha atribución da Administración deportiva galega a de "tutela sobre as federacións deportivas". Por tal motivo, solicítase que ese obxectivo sexa retirado.*

**RÉPLICA**

A exposición de motivos da mencionada Lei sinala que con respecto ás *competencias das administracións públicas galegas e funcións das entidades deportivas, a Administración autonómica asume a súa responsabilidade e tutela sobre o deporte*. A concreción da referida tutela plásmase nas facultades que, entre outros, os artigos 18, 19, 33 e 44 da Lei Xeral do Deporte atribúen á Administración autonómica, referidos á inspección dos seus libros; á necesidade da súa autorización expresa para a aprobación dos orzamentos deficitarios das federacións; ao establecemento dos mecanismos de control para a efectiva aplicación das axudas aos seus fins; á posibilidade de dispoñer a suxeición das súas contas a auditoría así como, nos supostos taxados, a proceder á suspensión dos acordos dos seus órganos de goberno -e dos seus integrantes mesmos- e a convocatoria dos seus órganos colexiados.

En consecuencia, non se acepta a alegación exposta.

***ALEGACIÓN***

## Presentación. Alegacións propostas.

*As federacións deportivas galegas non deben ser consideradas como entidades colaboradoras aos efectos da normativa de subvencións, senón como entidades subvencionadas que promoven competicións deportivas. O "Programa de axudas a clubs" enténdese nas ordes de convocatoria como un programa finalista ás federacións deportivas.*

A alegación exposta reitérase, a diversos efectos, nos seguintes epígrafes do escrito de alegacións:

### a) I.2. Obxectivos

### *Obxectivo 2*

*Solicítase a retirada do mesmo na medida en que aos efectos das ordes de subvencións dirixidas a federacións deportivas galegas non operan como entidades colaboradoras senón como entidades promotoras.*

*Outra proba de que as federacións non se consideran entidades colaboradoras é que os fondos recibidos son integrados no patrimonio das mesmas como ingresos e, a súa vez, leva asociado un gasto procedente dos clubs, que é acreditado posteriormente na xustificación.*

### b) II. Ordes reguladoras de subvenciones a federacións e clubs

II.0. Ordes

II.1. Incidencias en contidos e tramitación das ordes (apartados 1 e 6)

*1. Federacións como entidades colaboradoras*

*6.Publicidade na concesión das axudas (segundo parágrafo)*

## c) IV. Fiscalización das axudas outorgadas pola administración ás federacións e aos clubs.

> *En coherencia coa non consideración das federacións deportivas como entidades colaboradoras (... ) solicitase modificar o título do apartado (...)*

Idéntico fundamento se recolle no Primeiro parágrafo dos epígrafes IV.2.2. A) e IV.2.3. C)

## d) V. Conclusións e recomendacións

### RÉPLICA

A alegación exposta fundaméntase na consideración das federacións deportivas como entidades promotoras, entendendo o programa autonómico de axudas a clubs como un programa finalista ás federacións deportivas. Pois ben:

1) O fundamento legal para a consideración das federacións deportivas como entidades colaboradoras atópase no artigo 32 da Lei de Deporte de Galicia, así como o apartado f) do artigo 6 do Decreto 228/1994, regulador das federacións deportivas galegas. Os citados preceptos atribúen á competencia exclusiva das mesmas a función de exercer o control das subvencións oficiais que se asignen aos clubs deportivos que dependan das mesmas na forma e condicións que regulamentariamente se establezan. Non obstante, a Administración deportiva non instituíu ás federacións deportivas como entidades colaboradoras, para o que debeu esixirlles a acreditación dos requisitos de eficacia e solvencia esixibles ós que interveñen na distribución de fondos públicos; tampouco regulou o réxime dos dereitos e obrigas aplicable á colaboración.

2) Con anterioridade á aprobación da Lei Xeral de Subvencións dispoñía xa o artigo 78.4 TRLRFPG que *Terá a consideración de beneficiario da subvención o destinatario dos fondos públicos que teña que realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento...*, engadindo os seus apartados a) e b) como obrigas do beneficiario *Realizar a actividade e Acreditar ante a entidade concedente ou, no seu caso, ante a entidade colaboradora, a realización da actividade.* Desta forma, as federacións deben ser consideradas beneficiarias das subvencións nos supostos en que se cumpren os requisitos mencionados: realizar as actividades subvencionadas e ser destinatarias de fondos públicos, o que ocorre nos programas de gasto de *docencia e tecnificación, competicións e actividades e gastos xerais* (exercicios 2002 e 2003) e *gastos xerais, actividade ordinaria, docencia, tecnificación e outros proxectos de especial relevancia* (exercicios

2004 e 2005). Sen embargo, en relación cos programas de *Axudas a clubs* fiscalizados, as federacións non realizan a actividade subvencionada, senón que a mesma é levada a cabo por outros axentes con personalidade xurídica propia, os clubs, sendo estes os destinatarios dos fondos e as federacións meras intermediarias na súa xestión, isto é, recibíndoos da administración deportiva e transmitíndoos ós seus destinatarios.

O criterio anterior é coincidente co expresado polo Tribunal de Cuentas no Informe Nº 719 de *fiscalización do financiamento público da Real Federación Española de Fútbol e control do destino de devanditos fondos por parte do Consejo Superior de Deportes,* que no seu parágrafo 1.17 ilustra a distinción entre beneficiarios intermedios e finais*, correspondendo a estes últimos os deberes atribuídos por ou TRLGP aos beneficiarios (recibir os fondos públicos, realizar a actividade e xustificar a aplicación da subvención conforme aos requisitos establecidos), mentres que aos beneficiarios intermedios corresponde unha acción en dobre sentido: transmitir os fondos recibidos da entidade concedente aos beneficiarios finais e recibir destes e transmitir a aquela as xustificacións oportunas, ademais do establecemento dun sistema de control interno adecuado para garantir a correcta xestión destes fondos públicos.*

De acordo co expresado, non se acepta a alegación exposta.

***ALEGACIÓN***

## Limitación 2

Solicítase a matización da expresión "...a maior parte..." e a supresión da consideración de "...non revestiu un carácter dilixente nin adecuado..." motivado por:

- O indicado nesta limitación contradice co expresado no parágrafo introdutorio do apartado IV.2 (...)

- As actuacións realizadas que proban a dilixencia na resposta, tendo en conta que o limitado persoal dispoñible na DXD tiña que facer o trámite ordinario, sobre todo en momentos de peche do exercicio e ao mesmo tempo atender as demandas do equipo fiscalizador (...)

**RÉPLICA**

Non se produce a contradición indicada dado que ou parágrafo transcrito unicamente detalla, con carácter descritivo, o procedemento utilizado polo equipo de fiscalización para a obtención dos xustificantes documentais. A falta de resposta á maior parte dos requirimentos correspondentes a federacións e clubs, como se aprecia no epígrafe IV.2 e de forma resumida no dedicado ás *Conclusións*, non resulta imputable á Administración deportiva, senón ás entidades requiridas; todo iso sen prexuízo da adopción das medidas que, a tenor das ordes reguladoras das axudas, proceda adoptar pola DXD á luz dos anteriores incumprimentos.

Con respecto á falta de dilixencia padecida na colaboración prestada pola DXD ao particular da solicitude de información efectuada polo equipo de fiscalización o 28 de decembro de 2007, o seu alcance queda perfectamente determinado no epígrafe IV.2.2.A do presente informe, a cuxo tenor:

- Se ben se establecía un prazo máximo de 15 días hábiles para a achega da documentación, que finalizaba o 17 de xaneiro de 2008, a DXD non procedeu á práctica de requirimentos a clubs e federacións ata ou 22 de xaneiro de 2008, recibíndose información ao longo do primeiro semestre do mesmo exercicio. Así mesmo, os atrasos estendéronse á documentación que se atopaba a disposición da propia Administración deportiva, como é o caso do expediente incoado polo Comité Galego de Disciplina Deportiva en relación coa FG de Fútbol.

- A pretensión do equipo auditor de que a DXD practicase requirimentos separados a federacións e clubs viuse frustrada pola actuación do organismo autonómico, quen requiriu exclusivamente ás federacións, asignándolles á súa vez o trámite de requirir aos clubs. O requirimento separado resultaba preciso aos efectos de obter evidencia da recepción por parte da totalidade dos clubs de información requirida, así como, no seu caso, aos de permitir a detección de contradicións derivadas da confrontación das declaracións obtidas das anteriores entidades.

Polo tanto, non se acepta a alegación exposta.

***ALEGACIÓN***

## Limitación 3

*O expresado nesta limitación é un adianto das conclusións derivadas do informe de fiscalización, polo que solicítase a revisión á vista dos seguintes argumentos.*

*- Segundo o informado por asesoría xurídica e a intervención delgada, en todo momento a regulación establecida nas ordes suxeitábase á normativa vixente, e por tanto, os beneficiarios de axudas debíanse limitar a cumprir o descrito nas mesmas. En particular:*

- *2002-2003. A orde establece como suficiente a memoria de actividade realizada e unha certificación expedida polos órganos competentes das federacións (...) Ademais prevé a obriga de custodia dos xustificantes orixinais destes gastos para posibles comprobacións.*
- *2004-2005. (...) En ningún momento se esixiu o requisito de acreditación fehaciente de pago, dado que esta obriga incorpórase no Regulamento Xeral de Subvencións publicado en 2006, sendo inaplicable no ámbito da CA.*

**RÉPLICA**

O expresado na referida limitación pon unicamente de manifesto as circunstancias que motivan a súa formulación mesma, concretando en forma somera as carencias e deficiencias das ordes reguladoras que serán obxecto de revisión detallada nos posteriores epígrafes. Neste sentido, non merece reproche aos beneficiarios que estes se limiten a cumprir coas ordes reguladoras; antes ben, a limitación derívase de que o contido das bases reguladoras aprobadas non se axusta a dereito, sen que a Asesoría Xurídica e Intervención Delegada se pronunciaran sobre as deficiencias que se indican no epígrafe II.1 do presente informe.

A obriga de acreditar por parte do beneficiario o pago das facturas con carácter anterior á percepción da subvención (salvo disposición contraria das bases) introdúcese na normativa autonómica a través da lei 14/2004, de 29 de decembro, que modifica o artigo 78 do TRLRFP, adecuando así o preceptuado polo artigo 31.2 da LGS (básico). Contrariamente ao exposto na alegación, a anterior obriga xa viña establecida pola LGS (cuxos preceptos básicos, á luz da DT 1ª, terían entrado en vigor na CA o 18 de febreiro de 2005, de non mediar a referida interposición normativa) sen que fose preciso a estes efectos o desenvolvemento regulamentario. En todo caso, a anterior modificación adquiriu vixencia o 1 de xaneiro de 2005. Por este motivo, o presente informe recolle unicamente a infracción deste precepto na fiscalización da orde reguladora de 29 de abril de 2005 (epígrafe V.1, apartado 5º ), e non, por contra, na revisión das publicadas en data anterior.

Cuestión distinta é a expresada limitación da ausencia de xustificantes de pago nos expedientes na totalidade das axudas fiscalizadas, resultasen ou non esixibles de acordo co anterior. Non impoñendo a normativa xeral, ata ou 1 de xaneiro de 2005, a obriga de esixir a acreditación do pago ao beneficiario, non impedía, tampouco, a inclusión nas ordes reguladoras da súa

esixencia, de haberse estimado a súa procedencia. Máis aínda, as ordes prevían a realización de comprobacións posteriores, aínda que estas non se verificaron. A ausencia de xustificantes de pago nos expedientes, ao que se engade a falta de resposta padecida no seu requirimento formal limitou considerablemente a emisión dunha opinión en relación á corrección das xustificacións aportadas polos beneficiarios, por canto non constitúe requisito suficiente a presentación de facturacións conformes a dereito, debendo quedar así mesmo acreditado o seu pago no momento procesal oportuno.

Polo tanto, non se acepta a alegación exposta.

### *ALEGACIÓN*

## II.1. Incidencias en contidos e tramitación das ordes.

### 3) Cumprimento das obrigas

> *Solicítase a retirada deste apartado dado que se considera que o expresado non se trata dunha incidencia no contido e tramitación das ordes, senón a xustificación do motivo polo que nas ordes non se solicitan acreditacións das obrigas de estaría corrente (parágrafo primeiro) e unha recomendación de alternativas de actuación (parágrafos segundo a cuarto) que non semella necesario realizar neste apartado.*
>
> *Ademais, en todo caso, a conclusión obtida resulta claro que non procede recollela neste apartado de "Incidencias en contidos e tramitación".*

### RÉPLICA

A incidencia obxecto de cuestión polo departamento autonómico non é outra que a calificada erroneamente de *conclusión* no escrito de alegacións. A Administración deportiva outorgou axudas a federacións e clubs aínda carecendo da evidencia do cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social e sen que a exención establecida nas leis de orzamentos excepcione o cumprimento de aquelas. A deficiencia descrita alcanza maior relevancia a tenor dos resultados expostos no epígrafe V.3, relativo á fiscalización das axudas outorgadas a clubs ao amparo da Orde de 29 de abril de 2005, que constitúe a única das bases fiscalizadas na que se esixiu a achega de certificacións de cumprimento aos beneficiarios; como consecuencia da

análise efectuada se evidenciou a falta de acreditación da inexistencia de débedas fiscais e de seguridade social de 9 clubs e 1 SAD.

Por outra banda, carecendo a achega de certificacións de previsión nas ordes fiscalizadas, optouse pola inclusión desta incidencia no apartado que refire a alegación e non no de *Incidencias detectadas na execución das ordes*. Así mesmo, o penúltimo parágrafo do epígrafe de *recomendacións* recolle as pertinentes ao caso que nos ocupa.

En consecuencia, non se acepta a alegación exposta.

***ALEGACIÓN***

## II.1. Incidencias en contidos e tramitación das ordes.

### 3) Criterios de concesión

*O artigo de aplicación do Decreto 287/2000 é o 4.2.c. e non o 2 recollido no informe.*

*Ordes 2002-2003. Solicítase a supresión ou revisión do parágrafo e, en todo caso, a frase "Desta forma, vulnérase...convocatoria". Os motivos son:*

*- No Decreto Lexislativo 1/1999, artigo 78,6.c, indicase: "criterios obxectivos de adxudicación da subvención ou axuda pública". A súa vez, o Decreto 287/2000 establece no seu artigo 4º .2 "Cando, por se formular con vixencia indefinida,...c) Criterios obxectivos de adxudicación, graduados segundo a súa importancia en relación coa finalidade da axuda ou subvención". Por tanto, de ambas normas se deriva que as ordes de 2002 e 2003 non teñen vixencia indefinida, polo que seu contido non contradí o mandato contido no artigo 4.2 do Decreto 287/2000.*

*- Ademais a expresión "unicamente" non procede dado que non lle corresponde ao equipo fiscalizador realizar unha valoración dos criterios de concesión.(...)*

*Orde 2004. Sería de aplicación o citado para 2002-2003(...)*

*Orde 2005. Xa se aplican os criterios.*

*Idéntico fundamento recóllese no apartado 7 ) Conclusións do epígrafe II.1 do escrito de alegacións.*

## RÉPLICA

Verificándose o erro padecido na numeración, incorpórase ao texto definitivo a correcta, 4.2 c), onde se preceptúa: *As bases reguladoras da concesión das axudas ou subvencións deberán conter os extremos esixidos no artigo 78.6º do TRFRFP. Cando por formularse con vixencia indefinida, parte do seu contido se difira ás correspondentes convocatorias periódicas, as bases reguladoras deberán incluír os seguintes extremos: (...)*

*c) Criterios obxectivos de adxudicación, graduados segundo a súa importancia en relación coa finalidade da axuda ou subvención*.

Ordes de axudas a federacións relativas aos exercicios 2002, 2003 e 2004:

A sensu contrario do disposto no precepto transcrito non debe interpretarse a inesixencia do requisito de publicidade da graduación dos criterios de adxudicación. Isto é, nos supostos en que se produza a aprobación simultánea de bases e convocatoria (como son a totalidade das ordes fiscalizadas) as bases deben conter obrigatoriamente os criterios de adxudicación, debidamente graduados. A finalidade perseguida polo precepto é a de evitar que, por efectuarse a convocatoria das axudas nun momento posterior ao da aprobación das súas bases reguladoras, non sexa obxecto de publicidade a graduación dos criterios de adxudicación recollidos nas mesmas. A interpretación literal do precepto non pode ter como consecuencia o efecto non desexado de reducir a transparencia na concesión de axudas tendo por causa o momento temporal de publicación de bases e convocatoria.

Orde de axudas a federacións correspondente a 2005:

Atribúense puntuacións máximas aos criterios individuais contidos nos bloques xeral e proxecto de actividades; non obstante, non se concreta os criterios a aplicar na ponderación dos méritos acreditados polos beneficiarios.

Non podemos compartir a afirmación contida no último parágrafo da alegación transcrita, tendo en conta de que *velar polo axuste da actividade económica financeira ao ordenamento xurídico* (artigo 4 Lei 6/1985, de 24 de xuño) atópase dentro das funcións deste órgano de fiscalización, particularmente en relación coa contratación e as subvencións emanados da administración autonómica (artigo 4, letras b) e c)-. Por outra banda, a valoración efectuada resulta procedente na medida en que a orde fiscalizada non contén a totalidade dos criterios detallados no artigo 45 da Lei 11/1997, do Deporte.

De acordo co anterior, non se acepta a alegación exposta.

***ALEGACIÓN***

## II.1. Incidencias en contidos e tramitación das ordes.

### 5) Medios e prazo de xustificación

*Solicítase a supresión ou revisión dos parágrafos relativos ás ordes 2002-2003 (parágrafos 1 a 4) dado que non se pode prestar conformidade coa interpretación efectuada no informe en relación co artigo 15 do Decreto 287/2000, na medida en que limite o carácter preferente, non único e exclusivo, da enumeración dos medios xustificativos. Resulta de interese citar que o sistema empregado nas citadas ordes denomínase "conta xustificativa simplificada" no Regulamento das subvencións de Galicia publicado en 2009.*

Idéntica argumentación se reitera no apartado 4) do epígrafe II.3 do escrito de alegacións.

**RÉPLICA**

O establecemento de medios de xustificación alternativos aos que o artigo 15.2 (nos seus apartados a) e b), posto que o recollido en c) se aplica exclusivamente ás Administracións Públicas e as súas entidades vinculadas e dependentes, así como ás Corporacións de Dereito Público e Universidades) dispón como preferentes debe permitir en todo caso a acreditación dos seguintes extremos:

-Que os fondos entregados destináronse á actividade obxecto de subvención e non a outra.

-Que obedece realmente ao pago das adquisicións ou servizos que constitúen a razón de ser da actividade subvencionada (salarios, subministros...)

-Que a totalidade dos fondos obtidos polos conceptos de ingresos propios e achegas públicas e privadas axústanse aos previstos no orzamento tomado en consideración para o outorgamento da axuda e non se produce sobrefinanciamento da actividade.

A forma de xustificación esixida pola Administración nos exercicios 2002 e 2003, consistente na presentación de certificacións de gastos expedidas e conformadas, respectivamente, polo secretario e presidente da federación, non permite acreditar o destino e a aplicación das subvencións recibidas nos termos expresados.

Non podemos compartir a apreciación contida no documento de *Presentación das alegacións*, onde se afirma que o sistema de xustificación empregado nos exercicios 2002 e 2003 *anticípase, en certa medida ao sistema de conta xustificativa simplificada* (artigo 51 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro), por canto:

1) A utilización do sistema de conta xustificativa simplificada ten carácter excepcional, podendo acollerse á mesma as subvencións de importe inferior a 30.000 euros. Atendendo ás contías outorgadas (excluídas as destinadas a clubs) ás 57 federacións beneficiarias nos exercicios 2002 e 2003, só 24 e 23, respectivamente, cumprirían esta restrición, representando unicamente o 13 e o 12% do total outorgado. En relación á mostra seleccionada no epígrafe IV.1, unicamente 2 federacións recibiron axudas por debaixo da anterior contía polos seus gastos de funcionamento, representando o 5 % da cantidade mostreada.

2) O sistema esixe a comprobación por parte do órgano concedente, a través de técnicas de mostreo (artigo 51.3), dos xustificantes que se consideren oportunos. Se ben o artigo 97.4 TRLRFP xa prevía a existencia dunha fiscalización complementaria á limitada previa sobre unha mostra representativa dos expedientes, non consta a realización de actuacións desta natureza en relación cos exercicios 2002 e 2003.

3) A conta xustificativa debe precisar o importe e a procedencia doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada. Polo contrario, as ordes reguladoras correspondentes a exercicios 2002 e 2003 non establecían a obrigatoriedade de comunicar as axudas obtidas de entidades privadas.

De acordo co anterior, non se aceptan as alegacións expostas.

***ALEGACIÓN***

## II.1. Incidencias en contidos e tramitación das ordes.

## 6) Publicidade na concesión de axudas

> *Solicítase a matización da expresión "concorrencia competitiva" no cuarto parágrafo toda vez que as bases da convocatoria de axudas outorgadas ás federacións deportivas nos anos 2002 e 2003 non contemplan esta circunstancia tal e como admite o artigo 3 do Decreto 287/2000.*
>
> Idéntico argumento se reitera no apartado 2 (Procedemento de concorrencia competitiva) epígrafe II.3 do escrito de alegacións.

## RÉPLICA

*O mencionado artigo 3 dispón no seu apartado primeiro que As bases reguladoras poderán establecer que a concesión se realice en réxime de concorrencia competitiva entendendo pola mesma a forma de concesión de aquelas subvencións que, imputadas a un mesmo crédito orzamentario, implican a existencia dunha pluralidade de solicitudes e a súa comparación nun único procedemento, de acordo cos criterios establecidos nas bases reguladoras para resolver sobre a concesión e, no seu caso, establecer a contía. Como excepción á concorrencia, forma normal de concesión que dá cumprimento aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade,* o apartado segundo do artigo 3 contempla a asignación directa, para aqueles supostos en que se verifique a asignación nominativa nos Orzamentos ou *excepcionalmente* non resulte posible promover a concorrencia.

Aínda que as bases correspondentes ás convocatorias dos exercicios 2002 e 2003 non recollen de forma expresa a mención "concorrencia competitiva", resulta evidente que este é o procedemento elixido para a concesión por canto:

1) cúmprense, con carácter idéntico ás convocatorias de 2004 e 2005, os requisitos expresados no mencionado artigo 3.1 (existencia dunha pluralidade de solicitudes que se comparan, de acordo cos criterios establecidos nas bases, nun único procedemento e impútanse a un mesmo crédito orzamentario).

2) A administración non exerceu a opción pola asignación directa, posto que as subvencións carecen de asignación nominativa, escollendo a promoción da concorrencia.

De acordo cos motivos expostos, non se acepta a presente alegación.

***ALEGACIÓN***

## II.1. Incidencias en contidos e tramitación das ordes.

## 7) Conclusións

> *Solicítase que a conclusión "o contido das bases aprobadas das axudas para os exercicios 2002 a 2005 non se efectuou conforme a legalidade" sexa retirada ou, no seu defecto, matizada. As bases das axudas foron aprobadas conforme á legalidade vixente no momento da súa publicación tal e como proban os informes favorables dos órganos de asesoramento e control intervintes no procedemento.*

## RÉPLICA

Non tendo sido obxecto de estimación as alegacións efectuadas en relación coas incidencias detectadas no contido e a tramitación das ordes reguladoras, non procede acceder á pretensión expresada no parágrafo extractado.

## *ALEGACIÓN*

## II.3 Incidencias na execución das ordes

## 5) Sistema de xustificación 2004-2005

> *Solicítase a revisión do apartado dado que por parte do centro directivo considerase que os "recibís" presentados polos clubs nos programas de apoio ás federacións para a promoción das competicións deportivas cabe consideralos como documentos substitutivos de factura na medida en que representa a contrapartida por participar nunha competición oficial organizada pola federación e que, dadas as características da actividade estaría exento de IVE. Así foi considerado pola intervención e, por tal motivo, non se considerou nin se considera preciso solicitar unha factura aos clubs polo importe do ingreso recibido*
>
> *Ademais o propio recibí pode exercer como acreditación do pago por caixa por parte da federación ou como acreditación da disposición dun dereito de cobro diante a mesma que permite facer compensacións posteriores.*
>
> *Solicitamos téñase en conta esta consideración para dar por válido o "recibí" correctamente presentado como xustificante de gasto, sen necesidade polo tanto de que as federacións teñan que acreditar dos clubs o "xustificante de gasto"asociado á suposta axuda concedida (...)*

Idéntica argumentación se reitera nos epígrafes IV.1, IV.2 e IV.3 do escrito de alegacións.

## RÉPLICA

A maior abundamento da argumentación que se contén no anteproxecto debe expresarse que o criterio sostido por esta entidade fiscalizadora é coincidente co expresado polo Tribunal de Cuentas no citado informe Nº 719, cuyo parágrafo 1.17 e) reza literalmente *Por outro lado, tampouco se pode admitir que a acreditación do simple traslado de fondos dun beneficiario*

*intermedio ou final a un terceiro (sexa éste unha federación, un club ou unha empresa) poda constituír xustificación suficiente do destino e aplicación das subvenciones recibidas.* Resulta, en todo caso, necesario acreditar os extremos indicados na réplica á alegación referida aos *Medios e prazo de xustificación* correspondente ao epígrafe II.1 do escrito de alegacións.

De acordo co exposto, non se acepta a presente alegación.

***ALEGACIÓN***

## III.Control interno sobre as axudas concedidas a federacións e clubs.

## III.3. Plan de auditorías

> *Solicítase matizar a expresión "obriga de someter os seus estados económicos a unha auditoría" dado que a Lei xeral do deporte de Galicia establece no seu artigo 19 que "As asociacións deportivas de Galicia...deben someter anualmente a súa contabilidade e mailo seu estado económico a unha auditoría ou verificación contable, nos casos en que así o dispoña a Administración autonómica" e, evidentemente, isto non ten que ser permanente nin imperativo.*

**RÉPLICA**

Non resulta procedente matización algunha, achacando a erro a observación expresada, por canto o texto do anteproxecto recolle de forma expresa (antepenúltimo parágrafo da páxina 25) que a obriga de sometemento a auditoría circunscríbese *aos casos en que así o dispoña a administración*.

***ALEGACIÓN***

## IV. Fiscalización das axudas outorgadas pola administración ás federacións e aos clubs.

## IV.2 Requirimentos de documentación xustificativa efectuados a través da DXD

*IV.2.2 Axudas a federacións 2002 e 2003*

> *Solicitamos que se teña en conta que a imposibilidade de presentar a documentación por parte da Federación Galega de Salvamento e Socorrismo está*

*relacionado co feito de non dispola, tal e como se reflicte na acta notarial de D.Fernando Maiz Cal (protocolo notarial 146/2005) na que se pon de manifesto que a actual xunta directiva"requeriu ao anterior representante legal da mesma para que, entre outros, fixera entrega dos libros e demais documentación cuxa tenencia é esixida polos estatutos da federación". Tamén consta que existe un procedemento xudicial aberto con tal motivo.*

**RÉPLICA**

Non sendo obxecto de cuestión os extremos expresados, pese a non achegar neste trámite documentación algunha que os acredite, debe precisarse que as federacións deportivas atópanse obrigadas a responder dos actos e acordos adoptados polos responsables (persoas ou órganos) que válidamente exerceran a súa representación. Sen prexuízo do anterior, cabe a posibilidade de repetir contra aqueles responsables nos supostos en que as súas actuacións irrogara prexuízos a aquelas federacións.

As alegacións expresadas no epígrafe de *conclusións e recomendacións* reiteran os argumentos e exposicións efectuados nos precedentes do escrito de alegacións, polo que non son obxecto de réplica por esta entidade fiscalizadora.